

Glosario de termos de prevención, saúde e ambiente laborais

Edita:

© Gabinete Técnico de Saúde Laboral.
Confederación Intersindical Galega.

Autores:

Alfonso Tellado Sande.

Director do Gabinete Técnico de Saúde Laboral da CIG.

Agustín Souto Oruezabala.

Enxeñeiro Industrial. Técnico superior en prevención de riscos laborais.

Ignacio Fernández López.

Xeógrafo. Técnico superior en prevención de riscos laborais.

Colaboración:

María Deseada Cerqueiro López

Dulce María Neira Fraga

Sayaka Doldán García

Técnicas superiores de prevención de riscos laborais.

Eva Calvo Canizas

Técnica superior de prevención de riscos laborais de ASOAR-ARMEGA.

Dep. Legal:

C 4314-2008

Glosario Xeral

PÁX

A.....	013
B.....	021
C.....	023
D.....	031
E.....	037
F.....	047
G.....	051
H.....	053
I.....	055
L.....	061
M.....	065
N.....	069
O.....	071
P.....	073
Q.....	079
R.....	081
S.....	085
T.....	089
U.....	093
V.....	095
X.....	097
Z.....	099

Glosario Medio Ambiente

PÁX

A.....	103
B.....	107
C.....	111
D.....	117
E.....	121
F.....	125
G.....	127
H.....	129
I.....	131
L.....	133
M.....	135
N.....	137
O.....	139
P.....	141
Q.....	147
R.....	149
S.....	155
T.....	157
U.....	159
V.....	161
W.....	163
X.....	165
Z.....	167

Glosario do Mar

PÁX

A.....	171
B.....	183
C.....	191
D.....	205
E.....	209
F.....	217
G.....	221
H.....	225
I.....	227
J.....	231
K.....	233
L.....	235
M.....	241
N.....	247
O.....	251
P.....	253
Q.....	263
R.....	265
S.....	269
T.....	275
U.....	279
V.....	281
W.....	285
X.....	287
Y.....	289
Z.....	291

Calquera idioma que, coma o noso, está en proceso de normalización dos seus usos sociais, é obvio que precisa non só dunha serie de actuacións que contribúan a fomentar o seu emprego, senón tamén de ferramentas lingüísticas (gramáticas, dicionarios...) que garantan novos usos sociais, sobre todo naquelas áreas en que a lingua galega nin tivo nin ten aínda a vitalidade que todas as persoas que nos preocupamos polo idioma desexaríamos.

Nese sentido, é de suma importancia a elaboración de terminoloxía propia que dea conta das diferentes disciplinas técnicas e/ou científicas coas que estamos en contacto, por seren estes ámbitos nos que o desenvolvemento da lingua galega é menor ca noutros. De feito, nos últimos tempos véñense acometendo pequenos traballos destinados a paliar este déficit e a mellorar notabelmente a calidade lingüística do galego empregado nas disciplinas técnicas e/ou científicas.

Case sempre estes traballos son debidos a impulsos de determinadas institucións, ás veces universitarias, ás veces doutro tipo, que comprenden a necesidade de abordar novos instrumentos lingüísticos para avanzar decididamente no proceso de normalización e dignificación do noso idioma.

Neste caso, a iniciativa parte desde outro ámbito, ben diferente, como o sindical. A proposta que se presenta faise desde o Gabinete de Saúde Laboral da CIG, central sindical que desde o seu nacemento vén amosando o seu compromiso coa lingua de Galiza, impulsando o seu emprego no mundo sociolaboral e no conxunto da sociedade galega. Este compromiso é, ademais, un compromiso consciente do sindicalismo nacionalista que sabe que o idioma galego é un dos trazos máis definitorios da nosa identidade nacional e que, polo tanto, como pobo non podemos nin debemos renunciar a el, por moito que desde determinados sectores se comece a cuestionar os tímidos avances do galego en eidos como o ensino ou a administración.

Estamos aínda lonxe, demasiado lonxe, de ver a completa normalización da lingua galega, o seu pleno desenvolvemento como idioma nacional de Galiza, e é preciso manter activos os resortes sociais que fagan posíbel que a nosa lingua avance e ocupe novos espazos na sociedade galega. E tan necesaria será a mobilización social en defensa da nosa lingua, como a implementación de lexislación que promova o uso do galego ou a elaboración de novas ferramentas lingüísticas que faciliten a expansión da lingua galega en todos os ámbitos sociais.

Este *Glosario de termos de prevención, saúde e ambiente laborais* é unha desas novas ferramentas lingüísticas que, dito sexa de paso, vén cubrir un oco existente no eido da prevención e a saúde laboral. Así, a realización e edición do Glosario, por parte do Gabinete de Saúde laboral da CIG, é un contributo inestimábel á tarefa da normalización e dignificación do noso idioma, alén de significar unha achega fundamental para a clase traballadora galega no que ten que ver coa prevención e a saúde laboral no traballo.

Polo tanto, son dúas as virtualidades desta publicación; unha, a que se refire propiamente ao contido, á saúde laboral e á prevención; e a outra, motivada polo feito de que se elaborase conscientemente na lingua propia do noso país, en galego, o que en si é un valor engadido a este Glosario.

Agardamos que os destinatarios da publicación, os traballadores e traballadoras, vexan nela un instrumento útil na súa formación como tales, así como no desenvolvemento do seu traballo, e que tamén aprecien o esforzo sincero da CIG por lles ofrecer este *Glosario de termos de prevención, saúde e ambiente laborais* na lingua de noso.

Rafa Villar

Responsábel técnico do Departamento de Normalización Lingüística da CIG

Este traballo que tedes nas mans é un glosario, isto é, unha recompilación terminolóxica, que parte dunha listaxe de termos que fan referencia á seguridade e á saúde laboral. Trátase, pois, dunha ferramenta de traballo que contribúa a unha mellor xestión e aplicación do labor preventivo que temos que levar a cabo os delegados e delegadas de prevención e os sindicalistas en xeral nos centros de traballo do noso país.

Cando nos propuxemos realizar este traballo, formulámonos achegar o máis posible aos nosos delegados e delegadas dunha maneira clara e concisa o compendio lexislativo que é extenso e de difícil lectura para quen ten que compaxinar o seu traballo diario, demasiadas veces precario, e de longas xornadas, coa necesidade de elevar o seu coñecemento para desenvolver mellor o seu traballo sindical.

Por outra banda, decatámonos despois de ler e reler a lexislación para elaborar esta listaxe que moitas das palabras clave podían ter e deberían ter unha definición paralela ou máis extensa co fin de dotar tamén os nosos delegados e delegadas do complemento reivindicativo necesario para facer valer os seus dereitos. Por exemplo, mentres que para a seguridade social e a Lei de Prevención un accidente de traballo é unha lesión corporal que o traballador sofre con ocasión ou por consecuencia do traballo que executa por conta allea, para a CIG, ademais disto, o accidente de traballo é aquilo non avaliado polo empresario que provoca un dano a un traballador ou traballadora. Intentamos ademais cubrir con esta modesta achega a alarmante carencia de medios cos que teñen que afrontar os delegados e delegadas de prevención o seu traballo.

O glosario consta de dúas partes; unha primeira, co máis relevante das normas de prevención de riscos; e unha segunda, coas referencias máis importantes do medio ambiente e sustentabilidade no traballo. Segunda parte que pretende achegar un pouco máis aos

nosos delegados e delegadas a necesidade de reclamar políticas ambientais no ámbito da empresa que consigan a posta en práctica da Lei 54/2003, que tería que posibilitar sistemas de xestión no que as políticas de prevención de riscos e ambientais tivesen carta de natureza en todos e cada un dos procesos produtivos. Ao remate atoparedes un anexo referido á terminoloxía mariña dos buques de pesca que servirá para familiarizar aos nosos delegados e delegadas coa profesión máis perigosa do mundo e onde tantas familias galegas perden a súa vida no exercicio da súa profesión. Os traballadores e traballadoras e a nosa representación sindical temos como obxectivo que os lugares de traballo contén cunhas condicións que non produzan riscos sobre a nosa saúde e sobre o noso contorno. Non queremos quedar como simples observadores das imprudencias ambientais que realizan as empresas nas que traballamos, imprudencias que sufrimos na nosa saúde.

Esta é a nosa intención para, deste xeito, poñermos en práctica unha das nosas principais consignas: a saúde non se vende nin se delega, deféndese.

Alfonso Tellado Sande
Gabinete Técnico de Saúde Laboral
Confederación Intersindical Galega

Glosario Xeral

Aa

Aborrecemento Condición do ser humano na cal a monotonía do estímulo externo conduce á distracción mental e a un rendemento deteriorado semellante á condición de fatiga.

Absentismo Ausencia do centro de traballo cometida polo traballador/a realizada en horas durante as cales debería estar presente normalmente. Enténdese como normalmente o recollido nas relacións laborais pactadas ou no convenio colectivo.

Absorbedor de enerxía Resorte ou dispositivo mecánico elástico que absorbe momentaneamente parte da enerxía producida nunha caída, evitando o efecto das sacudidas bruscas.

Accidente de traballo A Lei de Prevención de Riscos Laborais (LPRL) na súa disposición adicional 1ª, mantén a definición de accidente de traballo que recolle a normativa da Seguridade Social; isto é: “toda lesión corporal que o traballador/a sufra con ocasión ou por consecuencia do traballo que executa por conta allea”. Sen embargo, o concepto de *danos derivados do traballo*, a efectos das obrigacións de carácter preventivo do empresario, vai máis alá do que se considera como accidente. O Accidente de Traballo comprendido no ámbito da Seguridade Social limitáase a recalcar acentos mera-

mente reparadores. A LPRL supera o ánimo meramente asistencial comprendido na LXSS (Lei Xeral da Seguridade Social), considerando *o accidente de traballo como a continxencia a eliminar prevendo a súa aparición*. Presuponse, salvo proba en contrario, que son **accidentes de traballo** as lesións que sufra o traballador/a durante o tempo e no lugar de traballo.

Accidente de traballo en misión Son aqueles accidentes que non ocorren nin no centro de traballo nin ao ir ou voltar do mesmo, senón que se producen durante o cumprimento de traballos ou encargos ordenados pola empresa. Tamén se consideran accidentes de traballo en misión aqueles que sofre o traballador/a como consecuencia de traballos propios do desempeño de cargos electos de tipo sindical, así como os acontecidos ao ir ou voltar do lugar no que se exerciten as funcións propias do seu cargo.

Accidente de traballo In Itinere Lesión corporal que sofre o traballador/a ao ir ou voltar do lugar de traballo. Require proba fidedigna por parte do traballador/a afectado de que o accidente se produce cando se regresa do posto do traballo ao domicilio (ou viceversa) sen interrupcións voluntarias e polo camiño habitual.

Accidente maior Un feito tal como unha emisión, un incendio ou unha explosión resultante do desenvolvemento incontrolado dunha actividade industrial, que entrañe un grave perigo, inmediato ou diferido, para o ser humano, dentro ou fóra do establecemento e/ou para o medio ambiente e no que interveñan unha ou varias substancias perigosas. O risco de accidente maior ben delimitado é regulado pola lexislación sobre prevención e control dos riscos de accidentes maiores (CORAG).

Acción correctora Conxunto de medidas e actuacións de obrigada adopción por parte do empresariado destinadas a corrixir os erros que levaron a materialización dun risco laboral.

Acción formativa Acción encamiñada a mellorar a aptitude do persoal con respecto á seguridade e a saúde laborais. Inclúese desde a reunión de grupo até a información no seu sentido clásico.

Acción preventiva É a acción tomada para eliminar a causa dunha non conformidade potencial ou doutra situación potencialmente indesexábel. A acción preventiva tómase para previr que algo suceda, mentres que a acción correctiva se toma para previr que volte a se producir.

Accionador Mecanismo de potencia empregado para producir o movemento dunha máquina.

Acoso moral O acoso moral no traballo defínese como toda conduta abusiva (ademán, palabra, comportamento, actitude...) que atenta pola súa frecuencia ou sistematización contra a dignidade ou integridade psíquica ou física dun traballador/a, pondo en perigo o seu posto de traballo ou degradando o ambiente laboral.

Acoso sexual Enténdese por acoso sexual calquera achegamento de contido sexual, non desexado por parte do traballador/a que o recibe, podendo ser expresado de maneira verbal e/ou non verbal, no que se utilizan presións físicas e/ou psíquicas para obter favores sexuais do traballador/a acosado/a no lugar de traballo.

Acreditación como servizos de prevención das mutuas Requisitos esixidos pola Autoridade Laboral para actuar como Servizos de Prevención.

Acreditación da formación Condicións mínimas recollidas no art. 35 do RSP (Regulamento dos Servizos de Prevención) para desenvolver funcións de nivel básico, de nivel intermedio e de nivel superior en formación de PRL.

Acreditación para empresas, entidades auidoras ou servizos de prevención alleos Requisitos esixidos pola Autoridade Laboral para actuar como tal.

Acta de infracción Documento escrito a través do cal a Inspección de Traballo e Seguridade Social inician o procedemento sancionador por incumprimento de disposicións relativas á seguridade e saúde no traballo. As actas de infracción son documentos públicos.

Acta de obstrución As accións ou omisións que perturben, retrasen ou impidan o exercicio das funcións encomendadas á Inspección de Traballo, son consideradas obstrución. Provocarán Acta de Obstrución que pola súa natureza con carácter xeral serán consideradas infraccións graves, sen menoscabo da súa consideración como leves ou moi graves.

Actividade especialmente perigosa Traballo ou tarefa de gran exposición con risco para as persoas (o Regulamento dos

Servizos de Prevención recolle, no seu Anexo I, unha listaxe de actividades especialmente perigosas).

Actividade industrial Dedicación principal que se leva a cabo nunha instalación na que se desenvolven procesos produtivos ou de almacenamento.

Actividade mineira Labor relativo á investigación e aproveitamento dos xacementos minerais e demais recursos xeolóxicos, calquera que sexa a súa orixe e estado físico, que existan no territorio nacional, mar territorial, plataforma continental e fondos mariños sometidos á xurisdición ou soberanía nacional. As normas de seguridade mineira pretenden facer fronte aos riscos en xeral que para os seus traballadores/as representan as actividades das empresas adicadas á explotación dos recursos minerais e, en particular, os riscos derivados da aplicación das técnicas mineiras. A actividade mineira réxese pola seguinte lexislación específica sen menoscabo da LPRL e o RSP:

-Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira, R.D. 863/1985, do 2 de abril.

-Estatuto do Mineiro/a aprobado por R.D. 3255/1983, o 21 de decembro.

-R.D. 1389/1997, relativo a disposicións mínimas destinadas a mellorar a protección en materia de seguridade e saúde dos traballadores/as nas industrias extractivas a ceo aberto ou subterráneas.

Actividade potencialmente contaminante

Actividade que pola súa propia natureza ou polos procesos utilizados pode ser un foco de contaminación sistemática.

Actividade preventiva Conxunto de actividades que debe levar a cabo o empresario/a para xestionar adecuadamente

a prevención de riscos na empresa. Son as que seguen: Elaboración e mantemento ao día do Plan de Prevención, a Avaliación de Riscos, a determinación, planificación, seguimento e valoración das Medidas Preventivas, Información e Formación, elaboración e actualización do Plan ou Medidas de Emerxencia e Vixilancia da Saúde.

Actividade sanitaria dos servizos de prevención É aquela que desenvolve o servizo de prevención propio con estrutura e medios adecuados debendo cumprir os requisitos establecidos na normativa sanitaria de aplicación. A actividade sanitaria deberá incluír as actividades atribuídas pola Lei Xeral de Sanidade e aquelas outras que en materia de Prevención de Riscos Laborais lle correspondan, para facer a función de vixilancia e control da saúde dos traballadores/as e que teñen de ser desenvolvidos por persoal sanitario con competencia técnica, formación e capacidade acreditada.

-Ver vixilancia da saúde.

Actividades preventivas levadas a cabo polas mutuas Conxunto de medidas e actuacións por parte das Mutuas para protexeren aos seus traballadores/as fronte aos riscos laborais.

Cada Mutua debe elaborar un plan de actividades preventivas cos obxectivos, recursos e o contido de tales actividades. O plan de actividades preventivas elabórase de acordo coas directrices que en cada momento estableza o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

Dentro das actividades preventivas comprendidas na cobertura de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social as MATEPSS

(Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social) poden desenvolver:

- Actividades de alcance xeral, non dirixidas a empresas concretas, tales como estudos, enquisas e estatísticas.
- Análise e investigación das causas e factores determinantes dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais.
- Promoción de accións preventivas nas empresas asociadas mediante a realización de campañas de sensibilización e educación preventiva.
- Asesoramento en materia preventiva.
- Orientacións e contribución á formación e á actualización de coñecementos en materia preventiva.
- Realización de xornadas e seminarios sobre actualización e posta ao día dos coñecementos en materia preventiva.
- Acapitación dos empresarios/as coa fin de poderen asumir eles mesmos a actividade preventiva.
- A divulgación da prevención mediante accións axeitadas, dirixidas principalmente aos directivos e responsábeis da actividade preventiva da empresa.
- Actividades de carácter sanitario, tales como campañas de educación sanitaria.
- Realización de recoñecementos médicos de carácter xeral orientados á prevención de enfermidades relacionadas co traballo e cos riscos de accidentes de traballo.

Actividades subacuáticas As actividades subacuáticas réxense polas disposicións mínimas de seguridade das Obras de Construción. A consideración destas actividades como perigosas conleva a necesidade da figura do recurso preventivo, non podendo o propio empresario/a asu-

mir persoalmente a xestión da prevención. O xefe ou xefa de equipo de mergullo ten a responsabilidade da seguridade do traballo a realizar.

Acto inseguro Toda acción humana que, ao incumprir un método ou norma de seguridade, pode provocar un accidente.

Actuación en orixe Conxunto e medidas dispostas para o combate ou eliminación da contaminación do Medio Ambiente no mesmo foco onde se orixina.

Acústica Rama da ciencia dedicada ao estudo do son.

Aditivo Compoñente de características específicas que mellora algunha das características do produto ao que se engade.

Aditivos, efectos Efectos causados por exposición simultánea a diferentes axentes físicos e químicos que producen un efecto combinado, e que pode diferir da simple suma dos efectos de ditos axentes aplicados independentemente.

Administración pública Conxunto de organismos responsábeis de ordenar e xestionar os intereses públicos.

Administración sanitaria A Administración Pública competente en materia sanitaria exerce as competencias para a proposta da lexislación sanitaria da carácter básico, podendo as Comunidades Autónomas adoptar normas de desenvolvemento para a súa aplicación no territorio correspondente.

Encoméndase especificamente ás Administracións sanitarias as seguintes actuacións:

- O establecemento de medios axeitados para a evacuación e control das actuacións en materia sanitaria que se realicen nas empresas polos servizos de prevención.

- A implantación de sistemas de información axeitados, que permitan a elaboración, xuntamente coas Administracións Laborais competentes, de mapas de riscos laborais, así como a realización de estudos epidemiolóxicos.

- A supervisión da formación que, en materia de prevención e promoción da saúde laboral, deba recibir o persoal sanitario, encadrado nos servizos de prevención.

- A elaboración e divulgación de estudos, investigacións e estatísticas relacionadas coa saúde dos traballadores/as.

Administracións autonómicas Existe un proceso da transferencia de competencias en materia de seguridade e saúde no traballo desde a Administración Xeral do Estado cara as Administracións das Comunidades Autónomas. Así, estas teñen plena autonomía para organizaren os seus medios técnicos na forma e maneira que consideraren máis conveniente, de acordo coas características e necesidades propias. Os Reais Decretos de transferencia destas competencias en materia de seguridade e saúde no Traballo en Galiza son o RD 2381/1982 e o RD 2969/1983.

- Ver ISSGA.

Adr Siglas en inglés do Acordo Europeo referente ao transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada.

Aenor Asociación Española de Normalización e Certificación.

Entidade privada na que participan empresas, organizacións empresariais de distintos sectores, organizacións de consumidores e usuarios, as administracións estatal, autonómica e local, organismos de investigación e algunhas organizacións sindicais. No Estado Español é o único or-

ganismo encargado de desenvolver a normalización das normas técnicas.

Aerosol Conxunto de partículas sólidas ou líquidas en suspensión no ar que poden ser de orixe natural ou provocada.

Agavida Asociación Galega de Vítimas do Amianto, con sede en Ferrol, creada no ano 2004. Esta asociación está a desenvolver un importante papel na defensa dos dereitos das persoas afectadas polo amianto. Actualmente, esta asociación atópase integrada a nivel estatal en AVIDA (Asociación de vítimas do amianto).

Alarma Sinal sonoro codificado, emitido e difundido por medio dun dispositivo axeitado, sen a intervención de voz humana ou sintética.

É un tipo de sinalización que serve para decatarse que pode existir un risco, actuando unicamente sobre o factor humano. Non é, polo tanto, un medio de prevención, nin tampouco de protección.

- Ver sinalización.

Alérxeno Substancia con capacidade para producir unha reacción alérxica e con dúas características: a primeira, é que non afecta á totalidade dos individuos, xa que se require unha predisposición fisiolóxica. A segunda, é que só se presenta en individuos previamente sensibilizados.

Alfombra sensíbel Usualmente se empregan para detectar a presenza dunha persoa nunha zona perigosa dunha máquina, tanto nas operacións de carga ou descarga como en traballos de regulamentación, posta a punto ou mantemento.

Alimentador Elemento ou dispositivo de alimentación de máquinas que evita que o operario/a teña que acceder directamente ao punto ou zona de risco. Tamén costuma denominarse “empurrador”.

Alta tensión Considérase como instalación eléctrica de alta tensión todo o conxunto de aparatos e circuitos asociados en previsión dunha finalidade particular: produción, conversión, transformación, transmisión, distribución ou emprego da enerxía eléctrica, de tensións nominais de seu, que sexan superiores a 1000 voltios para corrente alterna, e 1500 voltios para corrente continua.

Aluminose Forma de pneumoconiose caracterizada pola presenza nos pulmóns de po que contén aluminio, especialmente po de alúmina e bauxita.

Amat Asociación de Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social. Organización representativa do sector das MATEPSS na que se integran con carácter voluntario todas as existentes.

Ambiente controlado É aquel no que as condicións ambientais como temperatura, humidade, partículas de po e presión, son controladas dentro duns límites determinados, fóra dos cales a variación das ditas magnitudes afectan negativamente ás funcións dos instrumentos.

Ambiente de traballo Conxunto de factores e condicionantes circunstanciais que rodean e determinan o desenvolvemento dunha actividade laboral.

Ámbito audíbel Rango de frecuencias dentro do cal o oído normal oe, aproximadamente entre 20 a 20.000 Hz.

Amianto Con este termo désígnase a unha serie de silicatos fibrosos que teñen a particularidade de seren uns materiais illantes, incombustíbeis e moi resistentes á fricción. Debido á súa presentación en fibras é susceptible de provocar diversas patoloxías respiratorias pola súa inhalación: Meso-

teliooma, cancro de pulmón, asbestose... É prohibida a utilización, produción e comercialización das fibras de amianto e dos produtos que as conteñan. Todos os traballadores/as en postos de traballo expostos a amianto, deben someterse a control médico preventivo de acordo con pautas establecidas (OM-22-12-1987) e RD 396/2006 entre outras.

Análise de accidentes Estudo das causas e consecuencias dun accidente e das medidas correctoras que eviten a súa repetición.

Andaimes Plataforma provisional usada na construción, na modificación ou demolición dun edificio para soste e permitir a elevación e descenso do persoal obreiro, das ferramentas e materiais.

Aparato de elevación e manutención Combinación de elementos que serven para transportar persoas ou obxectos para a realización dun determinado traballo. Emprégase xeralmente na construción. O propietario/a destes aparatos debe cooidar de que se manteña en perfecto estado de funcionamento, así como impedir o seu emprego cando non ofrezca as debidas garantías de seguridade para as persoas ou as cousas .

Aparato de iluminación antideflagrante Sistema de iluminación deseñado para evitar a iniciación ou propagación dunha combustión en atmosferas inflamábeis.

Apartamáns Dispositivo ou resguardo móbil que conectado aos mecanismos da máquina, despraza as mans da zona de risco potencial, anticipándose deste xeito ao movemento dos mecanismos que transforman tal risco en inminente.

Aptitude profesional Suficiencia ou idoneidade para obter e exercer un emprego ou cargo.

Arnés anticaída Sistema de suxeición consistente en varias bandas flexíbeis unidas entre si. Xuntamente coa conexión para unir o arnés a un punto de ancoraxe segura, forman o chamado Sistema Anticaídas.

Asbestose Enfermidade dos pulmóns producida pola inhalación de po ou partículas de asbesto (amianto). É unha pneumoconiose considerada unha enfermidade profesional e caracterizada por unha fibrose pulmonar. Está asociada ao mesotelioma e ao carcinoma broncoxénico.

Atmosfera explosiva Mestura de gases, vapores, néboas ou pos procedentes de substancias inflamábeis, con ar con suficiente osíxeno, e que en presenza dunha fonte de ignición pode dar lugar a unha explosión.

Atmosfera inerte Atmosfera cuxos gases compoñentes non reaccionan entre si nin cos que están en contacto.

Audiometría É un exame da agudeza auditiva dun individuo, que se leva a cabo coa axuda dun aparello denominado audiómetro.

Auditoría de prevención de riscos laborais Avaliación sistemática, documentada, periódica e obxectiva que verifica a eficacia, efectividade e fiabilidade do sistema de xestión de prevención instaurado, así como se este é axeitado para alcanzar os obxectivos da organización en materia de Prevención de Riscos Laborais.

Autoridade laboral A Comunidade Autónoma ten a competencia en materia laboral e desenvolve funcións de promoción da prevención, asesoramento técnico, vixilancia e control do cumprimento da normativa de Prevención de Riscos Laborais, sancionando as infraccións a dita normativa. A actividade transferida en materia de Seguridade e Saúde laboral, é

recollida nos RD 2381/1982 e o RD 2969/1983.

En Galiza a Autoridade Laboral exercea a Consellaría de Traballo, segundo o disposto no RD 536/2005 do 6 de Outubro polo que se establece a estrutura orgánica da Consellaría de Traballo. As competencias máis relevantes son:

- Ter coñecemento dos plans de prevención de riscos das empresas.

- Acreditación dos Servizos de Prevención Alleos.

- Acreditación así mesmo da formación de nivel superior ás entidades formativas que así o solicitaren, así como as entidades auditoras.

- Ademais da competencia sancionadora que corresponda.

Autoridade sanitaria En Galiza é exercida pola Consellaría de Sanidade, que ten como actuacións máis relevantes:

- Establecemento dos medios adecuados para a avaliación e control das actuacións de carácter sanitario que realicen nas empresas os servizos de prevención.

- A implantación de sistemas de información adecuados que permitan a elaboración xuntamente coa autoridade laboral de mapas de riscos laborais, así como a realización de estudos epidemiolóxicos para a identificación e prevención das patoloxías que poidan afectar á saúde dos traballadores/as.

- A supervisión da formación que en materia de prevención e promoción da saúde laboral teña que recibir o persoal sanitario encadrado nos Servizos de Prevención.

- Elaboración e divulgación de estudos, investigacións e estatísticas relacionadas coa saúde dos traballadores/as.

Aviación de riscos É o proceso dirixido a estimar a magnitude daqueles riscos que non se puideron evitar, obtendo a información necesaria para que a organización estea en condicións de tomar unha decisión apropiada sobre a necesidade de acometer medidas preventivas e, en tal caso, sobre o tipo de medidas que deben adoptarse. Ten que estar documentada.

Axencia Europea de Seguridade e Saúde no Traballo Organismo comunitario que ten por obxecto proporcionar aos Estados membros da Unión Europea toda a información técnica, científica e económica útil no ámbito da seguridade e saúde no traballo.

Axente asfíxiante Substancia que actúa sobre o exercicio normal da función respiratoria pola súa capacidade de impedir ou dificultar o transporte de osíxeno. Pódese dividir en:

-Axente asfíxiante simple: É calquera contaminante químico que, sendo xeralmente substancias inertes, polo simple feito de estaren presentes no ambiente, reducen a concentración de osíxeno no ar.

-Axente asfíxiante químico: Son substancias que impiden a chegada de osíxeno ás células, bloqueando algún dos mecanismos do organismo. Poden actuar ben a nivel do sangue, das células ou por outros mecanismos.

Axente biolóxico Micro-organismos, con inclusión dos xeneticamente modificados, cultivos celulares e endoparasitos humanos, susceptíbeis de orixinar calquera tipo de infección, alerxia e toxicidade.

Axente carcinoxénico Substancia que por inhalación, ingestión ou penetración cutánea pode producir cancro ou aumentar a súa frecuencia.

Axente extintor Produto cuxa acción realizada ao ser proxectado sobre o lume provoca o control e a extinción do mesmo.

Axente físico Manifestación enerxética que pode producir, en supostos de exposición non debidamente controlados, accidentes ou enfermidades de diversa consideración. Os máis significativos a estes efectos son o ruído, as vibracións, as radiacións, a iluminación e a calor.

Axente impulsor Produto que proporciona a presión necesaria para a proxección do axente extintor. Ten de ser non inflamábel e axeitado para o axente extintor e o envase.

Axente pneumoconiótico Substancia que afecta por inhalación directamente aos pulmóns.

Axente químico Elemento ou composto, só ou mesturado con outros, tal e como se presenta en estado natural ou por produción para calquera actividade laboral, que sexa producido intencionadamente ou non, ao que poden estar expostos os traballadores/as.

Axente teratoxénico Substancia que pode provocar malformacións ou anomalías no feto.

Bb

Bacteria Nome xeral dado a un tipo de organismos celulares simples. Son capaces de viviren por si mesmos, sen se valeren doutros organismos.

Baixa médica Situación de incapacidade temporal do traballador/a certificada polo facultativo que realizou o recoñecemento médico do seu estado de saúde.

Baixa por accidente Baixa ocasionada por un accidente que se avalía polo número de días naturais perdidos (laborábeis ou non) pola súa causa.

Baixa tensión Califícase como instalación eléctrica de baixa tensión, todo o conxunto de aparellos e de circuítos asociados en previsión dunha fin particular: produción, conversión, transformación, transmisión, distribución ou utilización da enerxía eléctrica, onde as súas tensións nominais sexan iguais ou inferiores a 1000 V para corrente alterna, e de 1500 V para corrente continua.

Balance térmico Diferenza entre a cantidade de calor producida e perdida por un corpo.

Barra sensíbel É un dispositivo de protección mecánico. Cando a barra tropeza cun obstáculo ou concretamente co operario/a, desvíase e acciona un ou varios detectores de posición que paran a máquina e inverte o movemento do elemento móbil.

Barreira fotoeléctrica É un tipo de protección das máquinas que consiste nunha barreira inmaterial formada por fotocélulas. Cando unha parte do corpo do operario/a, ou outro elemento penetra no seu campo de protección, este é alterado e a barreira actúa impedindo o movemento da máquina que orixina o risco a evitar.

Barreno Carga explosiva destinada á voadura de grandes rochas.

Benceno Hidrocarburo cíclico aromático de fórmula: C_6H_6 .

A acumulación de benceno no organismo é a causa dun tipo de intoxicación denominada benzolismo, na que predominan os trastornos hematopoiéticos.

O benceno está considerado un axente canceríxeno.

Biomecánica Disciplina ergonómica relacionada coa función anatómica e a resposta fisiolóxica aos esforzos de traballo. O seu cometido é a redución da fatiga fisiolóxica orixinada en actividades laborais ou doutro tipo, mediante a acomodación ou acoplamento do sistema biomecánico (muscular-esquelético) e do sistema mecánico exterior correspondente ao posto de traballo, logrando unha conxunción ser humano-equipamento-tarefa.

Bleve Siglas en inglés de “Expansión explosiva dun líquido en ebulición”.

ABLEVE é un caso especial de estoupido catastrófico dun recipiente a presión no que ocorre un escape súbito á atmosfera dunha grande masa de líquido ou gas licuado a presión sobrequecidas.

Blindaxe Conxunto estrutural que se utiliza para protexer locais, equipamentos ou persoas de ataques externos, xa sexan campos magnéticos, eléctricos ou radiación.

Blqueo Sistema, condición ou dispositivo que impide a actuación dun aparello ou sistema.

Boca a boca Técnica de respiración artificial.
- Ver primeiros auxilios.

Boca de incendio equipada (BIE) Unha boca de incendio equipada consiste nunha tomada de auga, provista dunha serie de elementos que permiten lanzar a auga desde un punto até o lugar do incendio. Estes elementos son: embocadura, lanza, manguera, racor, válvula e manómetro. Todos estes elementos deben atoparse debidamente acoplados entre si, conectados permanentemente a unha rede de auga sempre en carga e convenientemente aloxados.

Boca hidrante Racor simple de conexión a unha tubaxe de abastecemento de auga.

Botella Recipiente que contén gases comprimidos licuados e disoltos sometidos a presión, cunha capacidade igual ou inferior a 150 litros.

Botellón Recipiente que contén gases comprimidos licuados e disoltos sometidos a presión, cunha capacidade superior a 100 litros e inferior a 1000 litros que polas súas dimensións ou peso require de elementos adicionais para facilitar o seu manexo.

Botequín (caixa de urxencias) Todo lugar de traballo ha de dispor dunha caixa de urxencias portátil para primeiros auxilios

que conteña: desinfectantes, antisépticos, gasas estériles, algodón hidrófilo, vendas, esparadrapo, apósitos adhesivos, tesoiras, pinzas e luvas descartábeis.

Brigada contra incendios Conxunto de persoas que, alén de desenvolveren o seu traballo normal, realizan actividades en grupo para combater incendios.

Bromo e compostos O bromo preséntase en forma de líquido de cor castaña-vermella escura, volátil e de cheiro sufocante. Ataca a todos os metais e aos tecidos orgánicos (pode causar ignición de materias orgánicas). É moi corrosivo, e os vapores causan forte irritación de ollos, pel e mucosas. O contacto prolongado coa pel causa queimaduras profundas de tipo químico, que deixan grandes cicatrices. Ten propiedades acumulativas e depositase nos tecidos do organismo en forma de bromuros.

Burn-out Proceso gradual polo cal un traballador/a, en resposta ao estrés prolongado e a tensión física, mental e emocional é abocado a un estado de ánimo deprimido, unha diminución da produtividade e a unha sensación física de esgotamento. Tamén se coñece como a “síndrome de estar (alguén) queimado”.

Cc

C.I.G Siglas da Confederación Intersindical Galega. A CIG é un sindicato de clase que defende a identidade nacional de Galiza e a auto-organización dos traballadores e traballadoras, que practica a solidariedade e o internacionalismo, que considera un principio fundamental a democracia e a participación, que respecta o pluralismo, que mantén a independencia respecto de calquera outra organización ou institución, que se expresa en galego e impulsa a nosa cultura e o noso idioma. A CIG ten como obxectivos básicos a mellora progresiva e xeral, individual e colectiva, dos traballadores e traballadoras; o impulso do Marco Galego de Relacións Laborais e a construción da Central Sindical Única Galega.

Cabina de seguridade biolóxica Cabina proxectada para ofrecer protección ao usuario e ao ambiente dos riscos asociados ao manexo de material infeccioso e outros materiais biolóxicos perigosos, excluindo materiais radioactivos, tóxicos e corrosivos.

Cabo Elemento de suxeición que se compón de diversos cordóns metálicos dispostos helicoidalmente en redor dunha alma interna que pode ser téxtil, metálica ou mixta. Á súa vez o cordón está composto por diversos arames metálicos dispostos helicoidalmente nunha ou varias capas.

Cabo de parada de emerxencia É un dispositivo de protección mecánico e emprégase como parada de emerxencia en cintas transportadoras cubrindo toda a súa lonxitude. Un tirón do cabo en calquera dirección, ou a rotura deste, provoca a detención da cinta. Para iso, o cabo debe dispor dun interruptor en cada extremo.

Cabrestante É un dispositivo mecánico, impulsado manualmente ou por un motor eléctrico, destinado a levantar e desprazar grandes cargas. Consiste nun rodete xiratorio, ao redor do cal se enrola un cabo, provocando o movemento na carga suxeita ao outro lado do mesmo.

Cadmio O cadmio é un metal pesado que posúe gran resistencia á corrosión, e úsase para a electrodeposición noutros metais como o aceiro. Tamén ten un uso común nas baterías para aparellos eléctricos.

Produce efectos tóxicos nos organismos vivos aínda en concentracións moi pequenas (cancros, lesións respiratorias...).

Cadro de distribución Taboleiro de material illante no que se dispoñen interruptores, conmutadores e demais dispositivos de protección, con obxecto de manobrar sobre os aparellos conectados ao cadro.

Caída de altura Perda do equilibrio dun corpo até dar coa terra ou obxecto firme que o deteña. Asociaranse dispositivos de

protección en traballos a máis de dous metros sobre o chan, ou en traballos soterrados cando exista risco de caída a máis de dous metros.

Caldeiras Son aparellos a presión onde o calor procede de calquera fonte de enerxía e transfórmase en enerxía utilizábel a través dun medio de transporte en fase líquida ou vapor.

Calibración Conxunto de operacións que teñen por obxecto determinar os valores que caracterizan os erros dun padrón, instrumento ou equipamento de medida.

Calidade Conxunto das propiedades e características dun produto, proceso ou servizo que lle confire a súa aptitude para satisfacer necesidades establecidas ou implícitas.

Calzado de seguridade Zapato de construción forte e sólida, con protección de aceiro destinado a protexer ao traballador/a fronte a golpes ou a caída de obxectos. Está incluído nos Equipamentos de Protección Individual (EPI's).

Campá de fumes Cuberta protectora que proporciona ventilación especial para levar ao exterior vapores, pos e gases perigosos, co que se poden manexar sen perigo materiais químicos, biolóxicos e radiactivos.

Cancro O cancro é unha enfermidade na que o organismo produce un exceso de células malignas e estas producen trazos dun crecemento incontrolado (crecemento e división máis aló dos límites, invasión e ás veces metástases), cando se espalla por todo o corpo vía linfática ou sanguínea.

Capacitación Acción técnica de preparación das persoas para a realización dun traballo ou operación determinada.

Caplan, síndrome A síndrome de Caplan é un tipo especial de pneumoconiose (pneumoconiose reumatoide) debida á exposición a po, e ademais con enfermidade reumatoide (parecida a un reumatismo). Na exploración médica por radioloxía, obsérvanse: opacidades redondas, múltiples e ben definidas (de 0,5-5 cm de diámetro) distribuídas por ambos os campos pulmonares.

Captación Acción de aplicación de medidas para a recollida de materiais e produtos que poden ser danos para as persoas, os bens e o medio ambiente.

Para esta acción empréganse os captadores.

Caracterización de residuos Estudo e determinación das propiedades dos mesmos para a avaliación das condicións de seguridade do seu almacenamento temporal ou definitivo.

Carbonizar Conversión dun material orgánico en carbón por acción dunha combustión incompleta.

Carbúnculo (anthrax) O carbúnculo ou *anthrax* é unha enfermidade infecciosa padecida polos animais (sobre todo herbívoros: ovellas, reses, cabalos, porcos, cabras,...), mais que se pode transmitir ás persoas.

Carga contaminante Cantidade de materia contaminante existente nun medio.

Carga de lume Cantidade de calor por unidade de superficie que se emite na combustión completa de todos os materiais e produtos que se encontran nun recinto.

Carga de traballo Conxunto de requerimentos psíquicos (carga mental) e físicos (carga física) aos que se ve sometido o traballador/a ao longo da súa xornada laboral. Cando a carga é excesiva aparece a fatiga que pode ser física ou mental.

- Carga nominal ou útil** Valor da carga garantida polo construtor dun aparello elevador para o seu funcionamento normal.
- Carretillas** Son máquinas que funcionan con enerxía térmica ou eléctrica, e son conducidas coa persoa sentada, a pé ou de pé. Serven para o levantamento e transporte de cargas.
- Casco anti-barullo** Elemento de protección do oído que cobre parte da cabeza ademais do pavillón externo do oído.
- Casco de protección** Elemento utilizado para a protección da cabeza.
- Causalidade** Termo empregado ao falar dos accidentes de traballo onde se establece unha análise dos motivos e factores concorrentes ou desencadeantes do feito. Obedece ao criterio de que todo accidente podía terse evitado, e que moitas veces non existe unha causa única, senón un conxunto de circunstancias desenvolvidas en cadea (multicausalidade), polo que ao intervir sobre algún deles non seguise a mesma sucesión (desenvolvemento da árbore de causas).
- Central receptora de alarmas** Lugar no que se leva a cabo a recepción, selección e aviso das alarmas que proveñen dos distintos centros conectados.
- Certificacion** Actividade consistente na emisión de documentos que mostren que un produto ou servizo se axusta a normas técnicas determinadas.
- Cervico-braquiais, lesións** Son lesións de evolución crónica, e xeralmente en relación coas novas tecnoloxías, tensións e ritmos de traballo. Poden aparecer até en traballos lixeiros mais con inadecuación postural, ou ben por ser altamente repetitivos ou monótonos.
- Chaleco salvavidas** Prenda de lona ou outro material, provista de placas de cortiza ou plástico, utilizado en caso de naufraxio para o salvamento das persoas.
- Cifose** Curvatura da columna vertebral, con convexidade posterior.
- Cinco regras de ouro, as** Expresión usada no entorno das empresas eléctricas, que marca a secuencia de operacións sucesivas necesarias para realizar un traballo nunha instalación eléctrica sen tensión. Ditas operacións son:
Abrir todas as fontes de tensión.
Encravamento ou bloqueo dos aparellos de corte.
Recoñecemento da ausencia da tensión.
Pór a terra e en cortocircuíto todas as fontes de tensión.
Delimitar a zona de traballo mediante sinalización ou pantallas illantes.
- Cinto de seguridade** Prenda de protección que suxeita ao traballador/a e impide a súa caída.
- Circuíto de protección** Conxunto de elementos condutores utilizado como protección contra as consecuencias dos defectos á terra.
- Clasificación dos riscos de incendio** Escala de clasificación de edificios, locais ou recintos en función das actividades que desenvolven neles e o perigo que estas conlevan.
- Cloro** É un gas de cheiro picante e de cor amarela-verde. Úsase en forma de po ou en gas en gran cantidade de procesos industriais. A exposición a este gas provoca irritacións do aparello respiratorio chegando en casos de exposición aguda a causar a morte.
- Código “imdg”** Código Marítimo Internacional para o transporte de mercadorías perigosas.

Coeficiente de expansión Cociente entre o volume de espuma e o volume de espumante (auga máis espumóxeno) necesario para produci-la.

Columna hidrante Tubaxe-columna que emerxe do chan e na que está incorporada o racor de conexión.

Columna húmida Tubaxe vertical fixa e ríxida provista dun abastecemento permanente de auga destinada á conexión de manguerías.

Columna seca Tubaxe vertical fixa e ríxida e valeira destinada á conexión de manguerías e alimentada por auga a presión no momento do seu emprego.

Comburente É toda aquela mestura de gases onde o osíxeno está en proporción suficiente para se realizar a combustión. O comburente é a substancia que oxida o combustíbel.

Combustíbel Defínese como calquera elemento sólido, líquido ou gasoso que pode ser oxidado.

Combustion Reacción química entre un combustíbel e un comburente, relativamente rápida e con gran desprendemento de enerxía.

Combustión espontánea Tipo de combustión que se inicia por xeración de enerxía térmica no propio material combustíbel (p. ex. nos depósitos de carbón).

Comité de empresa Denomínase comité de empresa ao corpo representativo dos traballadores e traballadoras nunha empresa. O Comité de Empresa está integrado por traballadores/as elixidos libremente polos seus compañeiros e compañeiras de traballo. Estes traballadores/as adoitan denominarse “delegados/as” do persoal, ou representantes sindicais na empresa. Desempeñan un papel esencial na orga-

nización sindical, tanto porque son quen están en contacto directo cos traballadores/as, como porque están situados no interior das empresas con pleno coñecemento do proceso produtivo.

Comité de seguridade e saúde É o órgano paritario e colexiado de participación destinado á consulta regular e periódica das actuacións da empresa en materia de prevención de riscos laborais.

Constituirase un Comité de Seguridade e Saúde en todas as empresas ou centros de traballo que conten con 50 ou máis traballadores/as.

O Comité estará formado polos Delegados/as de Prevención, dunha parte, e polo empresario/a e/ou os seus representantes en número igual ao dos Delegados/as de Prevención, doutra.

O Comité de Seguridade e Saúde reunirse trimestralmente e sempre que o solicite algunha das representacións no mesmo. O Comité adoptará as súas propias normas de funcionamento.

As empresas que conten con varios centros de traballo dotados de Comité de Seguridade e Saúde poderán acordar cos seus traballadores/as a creación dun Comité Intercentros, coas funcións que o acordo lle atribúa.

Compartimentación Conxunto de actividades dirixidas á separación de espazos para evitar a propagación dun incendio, por medio de elementos resistentes ao lume.

Concentración letal 50% Concentración de contaminante que segundo o estudo realizado matará ao 50% dos animais empregados no mesmo.

Concentración límite Dose máxima dun contaminante no medio ambiente, que non se estima sexa prexudicial para or-

ganismos específicos (pode ser obrigatoria ou aconsellada).

Concentración máxima admisíbel Máxima concentración de substancia no ar á que un traballador/a pode estar exposto durante un tempo determinado sen que se produzan efectos adversos.

Concentración máxima de uso Produto do factor de protección e a exposición límite permisíbel.

Concentración máxima permisíbel Concentración máxima promedio recomendada á que pode ser exposto un traballador/a a un axente contaminante, e supondo 8 horas por xornada, 5 días por semana e 50 semanas por ano.

Concentración promedio admisíbel Concentración de contaminantes considerada inofensiva para a saúde dos traballadores/as durante as súas horas de traballo, supondo que o resto do tempo fica en atmosferas non contaminadas.

Condicións de traballo Calquera característica do mesmo que poida ter unha influencia significativa na xeración de riscos para a saúde e seguridade do traballador/a, comprende as condicións dos locais, instalacións, equipamentos, axentes físicos en definitiva todo aquilo que inflúe no equilibrio físico, mental e social do traballador/a.

Condución térmica Mecanismo de transmisión de calor a través dun sólido baixo a influencia dun gradiente de temperatura.

Condutor térmico Elemento ou material que ofrece poca resistencia á condución da enerxía en calquera das súas formas (calor, electricidade).

Confinamento Conxunto de accións dirixidas á reclusión, en espazos controlados, de materiais, produtos, procesos ou efec-

tos que poden ser danos para as persoas, os bens materiais e o medio ambiente.

Conmoción acústica Vertixe, dor física e algunhas veces náuseas orixinadas por un son intenso repentino.

Contacto eléctrico directo Contacto de persoas con partes activas dos condutores, materiais e equipamentos eléctricos.

Contacto eléctrico indirecto Contacto de persoas con masas postas accidentalmente baixo tensión eléctrica.

Contador Geiger Instrumento para medir a presenza de radiacións ionizantes.

Contaminación Liberación artificial no medio ambiente de substancias ou enerxía, que causa efectos adversos sobre o ser humano ou o medio.

Contaminante Produto químico, enerxía ou ser vivo presente nun medio laboral, que en cantidade ou concentración suficiente poden afectar a saúde das persoas que entren en contacto con el.

Definiremos entón contaminantes físicos, químicos e biolóxicos.

Contaxio Transmisión dunha enfermidade infecciosa dunha persoa enferma a unha persoa sá, mediante a difusión dos microbios patóxenos responsábeis de tal infección.

Continxencia Situación da alteración do funcionamento normal dunha actividade que se crea durante e preferentemente despois dun accidente.

Contratante Aquela empresa que encarga a outra a planificación, deseño ou execución de diversos traballos (p.ex. instalación, mantemento, conservación...).

Contratista e subcontratista homologado Aquela empresa á que se lle encarga baixo contrato e habitualmente a realización de calquera tipo de traballo e que es-

tea catalogada como homologada de acordo cos criterios establecidos pola empresa contratante.

Contrato de traballo Acordo a través do cal dous suxeitos, empresario/a e traballador/a, celebran un pacto, no que se obrigan a un intercambio continuado entre unha prestación de traballo dependente e por conta allea e a unha retribución salarial.

Control de calidade Conxunto de actividades e técnicas que permiten asegurar que un determinado produto ou servizo satisfai unhas necesidades dadas. Este termo tamén emprégase para designar a aplicación de tales técnicas e actividades.

Contusión Lesión que se produce por un golpe violento cun obxecto contundente que, ao carecer de arestas e de ángulos cortantes non provoca ferida na pel.

Convección Movemento dentro dun fluído que produce transporte de calor por medio das correntes ascendente e descendente debido á diferenza de temperatura.

Convenio colectivo Acordo sobre as condicións xerais de traballo entre traballadores/as ou seus representantes e o empresario/a ou os seus representantes.

O convenio colectivo de traballo pode regular todos os aspectos da relación laboral (salarios, xornada, descansos, vacacións, réxime de despedimentos, definición de categorías profesionais...), así como determinar regras para a relación entre os sindicatos e o empresariado (representantes nos lugares de traballo, información e consulta, licenzas e permisos para os dirixentes sindicais...)

Este tipo de convenio de traballo aplícase a todos os traballadores/as do ámbito (empresa ou actividade), aínda que non estean afiliados aos sindicatos asinantes.

As condicións do convenio considéranse como un mínimo, o contrato individual que asine cada traballador/a pode melloralas, porén non se poden establecer condicións máis desfavorábeis para o traballador/a que o establecido no convenio. O Convenio Colectivo está precedido e é o resultado dunha actividade de negociación colectiva entre as partes.

Como fonte de dereito, o convenio é inferior á lei xa que en caso ningún poden ser contrarios ás normas imperativas establecidas.

Coordinación de actividades empresariais

1. Cando nun mesmo centro de traballo desenvolvan actividades traballadores de dúas ou máis empresas, estas deberán cooperar na aplicación da normativa sobre prevención de riscos laborais. Para tal fin, establecerán os medios de coordinación que sexan necesarios en canto á protección e prevención de riscos laborais e a información sobre estes aos seus respectivos traballadores, nos termos previstos na alínea 1 do artigo 18 da LPR.

2. O empresario titular do centro de traballo adoptará as medidas necesarias para que aqueles outros empresarios que desenvolvan actividades no seu centro de traballo reciban a información e as instrucións axeitadas, en relación cos riscos existentes no centro de traballo e coas medidas de protección e prevención correspondentes, así como sobre as medidas de emerxencia a aplicar, para o seu traslado aos seus respectivos traballadores.

3. As empresas que contraten ou subcontraten con outras a realización de obras ou servizos correspondentes á propia actividade daquelas e que se desenvolvan nos

seus propios centros de traballo deberán vi-xiar o cumprimento polos devanditos con-tratistas e subcontratistas da normativa de prevención de riscos laborais.

4. As obrigas consignadas no derradeiro parágrafo da alínea 1 do artigo 41 desta Lei serán tamén de aplicación, respecto das operacións contratadas, nos supostos en que os traballadores da empresa contra-tista ou subcontratista non presten ser-vizos nos centros de traballo da empresa principal, sempre que tales traballado-res deban operar con maquinaria, equipos, produtos, materias primas ou utensilios proporcionados pola empresa principal.

5. Os deberes de cooperación e de infor-mación e instrucción recollidos nas alíneas 1 e 2 aplicaranse respecto dos traballa-dores autónomos que desenvolvan acti-vidades nos devanditos centros de traballo.

6. As obrigas previstas neste artigo se-rán desenvoltas regulamentariamente.

Coordinador de seguridade e saúde Figura presente nas obras de construción de-signado polo promotor cando na obra hai varios contratistas. As súas funcións serán as seguintes:

Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde que elabore o contratista.

Coordinar as actividades da obra para que todos os integrantes da mesma (con-tratista, subcontratista, traballadores/as, autónomos) apliquen os principios da acción preventiva.

Organizar a coordinación das actividades das empresas que concorran.

Controlar o acceso á obra.

Paralisar os traballos en caso que se pro-duza un risco grave e inminente.

Manter no seu poder o libro de incidencias.

Cor de contraste Unha cor que, contrastada coa cor de seguridade, proporcione indi-cacións suplementarias.

Cor de seguridade Unha cor á cal se lle atri-buíra un determinado significado que se refira á seguridade.

Corrente de defecto Corrente eléctrica que circula debido a un defecto de illamento do cableado ou instalación eléctrica.

Corrosivos Substancias e preparados que en contacto cos tecidos vivos poidan exer-cer sobre eles unha acción destrutiva.

Cortalumes Zona de terreo con vexeta-ción escasa e dun ancho suficiente que impide o cruzamento do lume dun lado para outro.

Cortina de auga Sistema de proxección de auga que ao caer pola parede dunha cabi-na elimina o exceso de pintura por arras-tre ou polo ar de ventiladores.

Crédito horario Número de horas mensuais retribuídas de cada un dos membros do co-mité de empresa ou delegados/as de per-soal para o exercicio das súas funcións de representación.

Crema e aerosol de protección Preparado cuxo obxectivo é asegurar a protección da pel fronte a substancias irritantes e/ou alerxizantes que se usan para previr as dermatites profesionais.

Cromo É un metal duro e brillante, de cor cin-za e resistente á corrosión moi utilizado na industria como anticorrosivo. A exposi-ción laboral por inhalación pode causar efectos nocivos na pel e mucosas, así como dermatite de contacto en profe-sións nas que é necesario un contacto fí-sico co elemento (fabricación de auto-móbil, traballos con petróleo...).

Os compostos de cromo, especialmente o cromo hexavalente, son irritantes e corro-

sivos, podendo causar cancro por inxestión continuada (augas contaminadas...).

Cubeta de retención Sistema de contención de derramamentos de tanques de almacenamento de líquidos e gases licuados.

Curtocircuíto Circuíto eléctrico que se produce accidentalmente por contacto entre dous condutores dando lugar a unha descarga de alta enerxía.

Custo do accidente Conxunto dos custos, directos e indirectos que serven para valoraren os danos ocorridos como consecuencia dun accidente.

Dd

Dano Materialización do risco, que se pode transformar en accidente laboral ou enfermidade profesional.

Dano directo Conxunto de efectos danos que son consecuencia inmediata dun accidente.

Dano indirecto Conxunto de efectos danos, de difícil percepción, normalmente intanxíbeis que son consecuencia dun accidente.

Danos derivados do traballo Enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.

Danos psicosociais Desequilibrios, patoloxías e enfermidades que poden provocar as condicións de traballo na persoa, na súa vertente máis persoal, o psíquico, e no seu mundo relacional, o social.

Db Decibel, unidade adimensional que designa niveis sonoros.

Declaración de conformidade Acto polo cal, unha persoa autorizada para representar ao fabricante, ou o seu mandatario establecido na Unión Europea, declara que a máquina comercializada respecta todas as esixencias básicas de seguridade. A declaración ten de ir acompañada dun expediente técnico e, no caso de fabricación en serie, das disposicións internas que se apliquen para manter á conformidade das máquinas coa normativa

legal (Directiva). Isto dá dereito ao fabricante, ou ao seu representante establecido na comunidade, a colocar nas máquinas as siglas CE.

Decúbito prono Posición deitado cara abaixo.

Decúbito supino Posición deitado cara riba.

Defecto Carencia ou falla das cualidades propias e naturais dun produto, que fan que este último non ofrezca a seguridade que se podía agardar lexítimamente.

Defecto á terra Defecto de illamento entre o condutor eléctrico e a terra.

Defensa Obra, dispositivo ou medida usada como protección contra un risco.

Deficiencia de osíxeno Atmosfera que ten unha porcentaxe de osíxeno (perto do 16%) menor que o 21% presente no ar normal, e que pode producir vertixes, taquicardias e zunido de oídos.

Deflagración É un fenómeno de combustión (combustión deflagrante), que se diferencia da combustión simple porque a súa velocidade de propagación é superior a 1 m/sg, e inferior á velocidade do son no medio, producindo un aumento de presión que pode chegar a ser de dez veces a presión inicial.

Delegados/as de persoal Representantes elixidos polos traballadores/as nas empresas ou centros de traballo que teñan menos de 50 e máis de 10 traballado-

res/as, dacordo coa normativa legal. Nas empresas ou centros que contén entre 6 e 10 traballadores/as, poderá elixirse un delegado/a de persoal, se así o decidiren aqueles por maioría.

Delegados/as de prevención Delegados/as de Prevención son os representantes dos traballadores/as con funcións específicas en materia de prevención de riscos no traballo (artigo 35.1 LPRL).

O número e forma de designación dos Delegados/as de Prevención responde ao principio fundamental de que os mesmos serán designados por e entre os representantes do persoal.

Contodo, poden ser Delegados/as de Prevención outros traballadores/as da empresa se estes son designados nos convenios colectivos, sempre que se garanta que a facultade de designación corresponde aos representantes do persoal ou aos propios traballadores/as (art. 35.4 LPRL).

O número de Delegados/as de Prevención varía segundo o número de traballadores/as censados nas empresas ou centros de traballo.

Até 30 traballadores/as, 1 Delegado/a de Persoal

De 31 a 49 traballadores/as, 1 elixido entre os Delegados/as de Persoal.

De 50 a 100 traballadores/as, 2 Delegados/as de Prevención.

De 101 a 500 traballadores/as, 3 Delegados/as de Prevención.

De 501 a 1.000 traballadores/as, 4 Delegados/as de Prevención.

De 1.001 a 2.000 traballadores/as, 5 Delegados/as de Prevención.

De 2.001 a 3.000 traballadores/as, 6 Delegados/as de Prevención.

De 3.001 a 4.000 traballadores/as, 7 Delegados/as de Prevención.

De 4.001 en diante, 8 Delegados/as de Prevención.

- Ver Lei de Prevención de Riscos Laborais, artigos 35, 36 e 37.

Densidade de ocupación Número previsíbel de persoas por unidade de superficie nun recinto.

Depósito crioxénico É o conxunto formado por un recipiente interior, illamento, soportes, manómetros... que forman un sistema para almacenar materiais compactados por conxelación a unha temperatura inferior a -40°C ou menos. Por exemplo, o gás natural que, após purificado, é condensando ao estado líquido –licuado– por medio da redución da súa temperatura a -163° graos Celsius.

Depósito de seguridade Instalación deseñada e operada para asegurar de forma total o illamento dos residuos tóxicos e perigosos.

Depresión Estado patolóxico no que costuman coincidir unha inhibición mental (diminución das capacidades nos procesos de ideación, consciencia, memoria, atención,...) e unha inhibición motora (inexpressión, hipotonía muscular, insomnio,...).

Depuración Eliminación de compoñentes perigosos ou desagradábeis presentes nos produtos descartábeis.

Dermatite O termo de eccema ou dermatite é un termo descritivo co que se denominan aquelas erupcións cutáneas inflamatorias, superficiais, que inicialmente son eritematosas e papulo-vesiculares con exsudación e formación de crostas e que na súa evolución acompañanse de graos variábeis de engrosamento e liquenificación cutánea. Os eccemas poden ser de causa en-

dóxena (dermatite atópica, dermatite seborreica) ou de causa exóxena (Dermatite de contacto irritativa e alérxica).

Derramo Saída involuntaria dun líquido ou outra substancia contaminante do depósito que o contén, por rotura ou desbordamento. Aplícase tamén á cantidade de líquido derramado.

Descarte Calquera substancia, sólida, líquida ou gasosa que xa non pode utilizarse para o seu uso orixinal, debendo deseñar métodos para a súa eliminación.

Descolorantes e axentes branqueadores Os descolorantes e branqueadores úsanse para eliminar quimicamente (por oxidación) a tinguidura ou os pigmentos dun material, por exemplo: no tratamento da celulosa, na industria papeleira, téxtil, etc. - Os axentes activos que se usan poden ser cloro: cal clorada, hipoclorito sódico, hipoclorito potásico, dióxido de cloro.

Descrición da tarefa Relación de actividades a realizar para efectuar unha tarefa determinada, en termos de percepcións, discriminacións e decisións, e tamén de técnicas e métodos a seguir.

Deseño do posto de traballo Estruturación de empregos, que contempla os obxectivos industriais e os factores sociais, psicolóxicos e ergonómicos involucrados na realización destes obxectivos.

Desenvolvemento do incendio Evolución canto á extensión, velocidade, efectos e outras circunstancias nas que se desenvolve un incendio.

Desenvolvemento organizativo O desenvolvemento organizativo pode definirse como a aplicación da psicoloxía social e outras ciencias da conduta para aumentar os beneficios das empresas a través da potenciación das persoas.

Desinfección Conxunto de actuacións destinadas á destrución e eliminación de organismos patóxenos, especialmente por medio de substancias químicas.

Deslumbramento Perturbación visual producida por estimulación excesiva. Segundo o estímulo proceda da fonte ou dunha superficie de reflexión, o deslumbramento denomínase directo ou indirecto.

Desulfuración de gases Técnica de eliminación do dióxido de xofre dos efluentes gasosos que proceden de plantas incineradoras ou centrais térmicas.

Detector automático de incendios Elemento sensible a algún dos catro fenómenos físico-químicos fundamentais que acompañan o fogo, chamas, fume visíbel, gases de combustión ou aumento de temperatura, que descobre e avisa dun incendio.

Detonación Fenómeno de combustión detonante que se distingue doutras combustións porque a velocidade de propagación é superior á do son no medio. As ondas de presión que se orixinan sofren unha descontinuidade que provoca a aparición dunha onda de choque que pode chegar a alcanzar un valor 100 veces superior á presión inicial, o que conleva un efecto calorífugo; isto é, que na detonación, a chama acompaña á onda de choque.

Devanadeira Soporte xiratorio no que se enrola a manguera de loita contra incendios para facilitar a súa posterior extensión e utilización.

Diagrama de fluxo Diagrama ou modelo a escala que mostra a situación de actividades específicas e as rotas seguidas polos traballadores/as, as materias ou os equipos no desenvolvemento das mesmas.

Dieléctrico Material que pode servir como illante debido á súa escasa condutividade eléctrica.

Diferencial Dispositivo de protección contra contactos eléctricos indirectos, onde o seu funcionamento está baseado na detección da intensidade de defecto, provocando automaticamente, cando tal intensidade acada un valor pre-establecido, o corte ou desconexión da instalación ou do aparello que provoca a corrente de defecto.

Difusión Dilución, diseminación ou dispersión de materiais gasosos, líquidos ou sólidos nun medio fluído.

Dilución Método de extinción que actúa eliminando o combustíbel ou diminuíndo a súa concentración para reducir a velocidade de reacción a un valor que non manteña a auto-alimentación.

Dinamómetro Instrumento para medir a forza exercida pola actividade muscular nas distintas actividades laborais.

Dióxido de carbono Prodúcese na combustión de substancias que conteñen carbono, a principal fonte deste contaminante é a respiración humana e o tabaco. É un asfixiante simple onde a súa presenza a concentracións elevadas provoca a falta de osíxeno.

Dirección facultativa Díse do técnico/a ou técnicos/as competentes designados polo promotor/a, encargados da dirección e control da execución da obra.

Directiva da Union Europea É unha decisión colectiva obrigatoria aprobada polos Estados membros da Union Europea. Obriga a todos ou parte dos Estados membros no que respecta ao obxectivo a alcanzar, mais que lles permite escoller a forma e os medios para conseguir eses obxectivos.

Disacusia Calquera alteración do oído que non implique a perda da capacidade para percibir o son, mais sí para a comprensión racional das palabras.

Discapacidade Dise que unha persoa ten unha discapacidade se, física o mentalmente, ten unha función básica limitada respecto da media ou anulada por completo. Existen os seguintes tipos de discapacidade:

Motriz.

Sensorial (Auditiva ou Visual).

Mental ou de aprendizaxe.

De fala ou linguaxe.

Viscerais.

Discriminación laboral A Organización Internacional do Traballo (OIT) define o termo discriminación laboral como: calquera distinción, exclusión ou preferencia baseada en motivos de raza, cor, sexo, relixión, opinión política, ascendencia nacional ou orixe social que teña por efecto anular ou alterar a igualdade de oportunidades ou de trato no emprego e a ocupación. O Estatuto dos Traballadores/as garante a non discriminación nas relacións laborais.

Dispnea Respiración difícil, fatigosa e incómoda, debido a condicións inadecuadas do traballo ou problemas fisiolóxicos.

Dispositivo de alarma Elemento do sistema de detección capaz de dar alarmas (acústicas, ópticas...) que non está incluído na central de sinalización e mando.

Dispositivo de bloqueo Dispositivo destinado a inmovilizar un resguardo en posición de pechado, e asociado ao sistema de mando da máquina. Deste xeito, o sistema de mando non pode funcionar até que o resguardo estea pechado e bloqueado, como tamén a que o resguardo permaneza bloqueado até que o risco desapareza.

Dispositivo de control Columna, panca, botón ou calquera outra instalación que permite ao individuo controlar unha máquina ou un conxunto de máquinas.

Dispositivo de corte por intensidade de defecto e posta a neutro das masas

Sistema de protección contra contactos eléctricos indirectos. Consiste en unir as masas da instalación ao condutor neutro, de tal forma que os defectos francos de illamento se transformen en cortocircuitos entre fase e neutro, provocando o funcionamento do dispositivo de corte automático e, en consecuencia, a desconexión da instalación defectuosa.

Dispositivo de corte por tensión de defecto

É un sistema de protección contra contactos eléctricos indirectos. A súa acción, consiste no corte automático da instalación, no tempo máis rápido posíbel, a partir do momento no que aparece unha tensión perigosa entre a masa e o punto de terra que está a potencial cero.

Dispositivo de encravamento Dispositivo de protección mecánico, eléctrico ou de calquera outra tecnoloxía destinado a impedir o funcionamento de certos elementos dunha máquina baixo determinadas condicións.

Dispositivo de final de carreira Elemento capaz de activar un freo de emerxencia cando a carga elevada se despraza máis aló dun punto determinado dentro da zona de perigo.

Dispositivo de home morto Mecanismo que unicamente permite o movemento dunha máquina cando o operario a acciona mantendo o mando nunha certa posición, de maneira que se pára cando se solta o mando.

Dispositivo de mando a dúas mans Dispositivo que require ambas mans para accionar a máquina.

Dispositivo de protección Medio de protección de máquinas, distinto do resguardo, que elimina ou reduce o perigo antes de que poida ser alcanzado o punto ou zona de perigo.

Dispositivo protector de sobretensión Mecanismo que impide que a tensión eléctrica dun equipamento sobrepase un nivel predeterminado.

Distancia de seguranza en máquinas Distancia mínima entre un dispositivo detector de presenza e a liña de perigo.

Distracción Redución da atención prestada a unha tarefa, sobre todo de vixilancia, debido ás influencias externas.

Dobre illamento eléctrico Medio de seguridade contra contactos eléctricos indirectos. Comprende á vez un illamento funcional e un illamento de protección ou suplementario. A súa función é establecer unha separación entre as partes electricamente activas e as masas accesíbeis.

Documentación O empresario/a deberá elaborar e conservar á disposición da autoridade laboral a seguinte documentación relativa ás obrigas en materia de PRL:

- a) Plan de prevención de riscos laborais.
- b) Avaliación dos riscos para a seguridade e a saúde no traballo, incluído o resultado dos controis periódicos das condicións de traballo e da actividade dos traballadores/as.
- c) Planificación da actividade preventiva, incluídas as medidas de protección e de prevención a adoptar e, no seu caso, material de protección que deba utilizarse.

d) Práctica dos controis do estado de saúde dos traballadores/as e conclusións obtidas deses.

e) Relación de accidentes de traballo e enfermidades profesionais que causaran ao traballador/a unha incapacidade laboral superior a un día de traballo.

-No momento do cesamento da súa actividade, as empresas deberán achegar á autoridade laboral a documentación sinalada na alínea anterior.

-O empresario/a estará na obriga de notificar por escrito á autoridade laboral os danos para a saúde dos traballadores/as ao seu servizo que se producen por mor do desenvolvemento do seu traballo, conforme ao procedemento que se determine regulamentariamente.

-A documentación a que fai referencia este artigo deberá tamén ser posta a disposición das autoridades sanitarias.

Dor Sensación desagradábel causada por unha estimulación de carácter nocivo das terminacións nerviosas sensoriais.

Dorsalxia Dor de costas. Dor na zona dorsal da columna vertebral.

Dose Cantidade dunha substancia incorporada ao organismo por calquera vía de exposición, normalmente referida á unidade de masa do organismo receptor (mg de substancias/kg de peso corporal).

Dose = Concentración de contaminante.

Tempo de exposición

Dose resposta Relación entre a dose administrada aos organismos e a porcentaxe dos que amosan unha resposta activa.

Dosímetro Dispositivo, portado polo suxeito, que determina a exposición a un determinado contaminante respecto a niveis e a tempo.

Ducha de emerxencia Instalación de descontaminación para casos de urxencia que proxecta auga ou outros produtos neutralizadores.

Dupuitren, enfermidade de É unha enfermidade dos tendóns da man (aponeurose palmar) que causa unha esclerose retráctil, e pode avanzar até producir unha flexión permanente dos dedos (“man en garra”).

Está causada polo tipo de traballo, en relación a esforzos, microtraumatismos repetitivos, traballos manuais, exposición a vibracións das ferramentas, e outros factores. Ocorre en profesións tan variadas como: condutores/as, mineiros/as, cerralleiros/as, oficinistas (estampación de selos, ...).

Ee

Ecuación de balance térmico Para realizar un estudo ergonómico do ambiente térmico é imprescindible analizar o intercambio térmico que se efectúa entre a persoa e o medio onde esta realiza as súas actividades.

A ecuación xeral de balance térmico vén dada pola seguinte expresión:

$$M \pm W \pm R \pm C - E \pm Cres \pm Es - Ed \pm Ccond = Ccond.clo = A$$

sendo:

M: enerxía calórica producida polo organismo. W: traballo mecánico desenvolvido. R: intercambio de calor por radiación. C: intercambio de calor por convección. E: perda de calor por evaporación da suor. Cres: intercambio de calor por convección respiratoria. Es: intercambio de calor por evaporación respiratoria. Ed: perda de calor por difusión do vapor. Ccond : intercambio de calor por conducción. Ccond.clo : conducción a través do vestido. A: gaño ou perda de calor polo corpo.

Edema Sufixo que significa inchazón por acumulación de líquido seroso nos tecidos dunha zona específica do corpo.

Efecto a curto, medio e longo prazo Repercusión dun efecto negativo cuxa incidencia pode manifestarse, respectivamente, dentro do tempo comprendido

nun ciclo anual, antes de cinco anos ou nun período superior.

Efecto de narcose Estado de estupor provocado por certas drogas podendo provocar parálise e insensibilidade.

Efecto dominó Concatenación de efectos que multiplica as consecuencias debido a que os fenómenos perigosos poden afectar, ademais dos elementos vulnerábeis exteriores, outros recipientes, tubaxes ou equipos do mesmo establecemento ou doutros establecementos próximos, de tal maneira que se produza unha nova fuga, incendio ou estalido dos mesmos, que á súa vez provoque novos efectos perigosos.

Efecto Hawthorne Resultado dunha experiencia levada a termo nunha fábrica de Hawthorne, que demostra que un traballador/a ao sentirse obxecto de atención por parte da dirección da empresa motiva máis a este/a que incentivos externos.

Efecto medio ambiental É calquera acción transformadora (ou cambio) ocasionada directa ou indirectamente polas actividades, produtos e servizos dunha organización no medio ambiente, sexa prexudicial ou beneficiosa.

Efectos combinados Os efectos combinados ocorren como resultado da exposición a diferentes axentes de risco (físicos, quí-

micos, biolóxicos, psico-sociais, ...) que coinciden nun mesmo posto de traballo. Por exemplo: unha exposición a po ambiental, xuntamente con respirar gases tóxicos, incrementa o risco respiratorio.

Efectos estocásticos Efectos diferidos onde a súa manifestación na poboación afectada por unha mesma dose non é determinista, presentando unha certa probabilidade de aparición, xa sexa en dita poboación ou nos seus descendentes, e que non estea definida a dose limiar que os provoca.

Efectos non estocásticos Prodúcese cando existe unha relación directa entre a dose do tóxico incorporada e os efectos adversos esperados, xa sexan inmediatos ou diferidos.

Eficacia dun extintor Magnitude indicativa do tamaño e clase de lume que a carga contida nun extintor portátil é capaz de extinguir, o cal debe estar avalado polos ensaios regulamentarios.

Eficacia luminosa Termo que describe a sensación visual en función da cantidade de luz emitida por unha superficie dada. É o cociente entre o fluxo luminoso emitido por unha fonte de luz e a potencia eléctrica absorbida. Exprésase en lúmenes/vatio (lm/w).

Efluente Vertido deliberado de produtos sólidos ou líquidos en masas ou correntes de auga.

Ekatrin (Praguicida organofosforado) É altamente tóxico, e pódese absorber a través da pel intacta. Cando é inhalado, ten propiedades acumulativas moderadas. É importante manter estritamente todas as recomendacións de prevención para os pesticidas organofosforados.

Electricidade A orixe da electricidade son as cargas eléctricas, estáticas ou en movemento, e a súa interacción. Unha carga eléctrica en repouso produce forzas sobre outras cargas. Se a carga eléctrica está en movemento, produce tamén forzas magnéticas. Hai só dous tipos de carga eléctrica, as positivas e as negativas. As cargas eléctricas elementais son os protóns e os electróns, responsábeis da formación dos átomos e moléculas, mais tamén hai outras partículas elementais cargadas.

Electricidade estática A palabra “estática” emprégase na industria para referirse ás cargas eléctricas retidas por illadores. Estas cargas poden estar repartidas por toda a superficie ou no volume dun elemento illante, ou concentrados nun elemento condutor posto a terra.

O campo eléctrico que causan as cargas no ar causa molestias e atrae o po e a sucidade. Isto ocorre coa maioría dos plásticos, e o campo eléctrico pode sentirse no dorso da man (“erízase o pelo”).

O perigo fundamental é a descarga eléctrica, co conseguinte risco de ignición por faíscas en atmosferas inflamábeis, por exemplo, risco de explosión nos tanques dos petroleiros.

Electrocución Posibilidade de circulación dunha corrente eléctrica a través do corpo humano. A súa maior ou menor gravidade dependen do tipo de corrente, da intensidade, do tempo de paso desa intensidade polo corpo, así como do percorrido que fai polo noso corpo.

Elemento de medida Inclúense neste termo xeral os aparellos, instrumentos, equipamentos, cadeas, lazos de medida e sistemas, que se empreguen para realizar

unha medición e/ou obter un resultado, sexan ou non padróns.

Elemento fusíbel Compoñente dun sistema de detección ou extinción de incendios que se activa por efecto do calor.

Elevadores de obra Son instalacións provisionais empregadas en obras de construción para transporte de persoas e materiais. Dispoñen dunha cabina guiada e poden ser manexados por un operador dentro da cabina.

Eli Índice de perda auditiva. *Early loss index*.

Eliminación do combustíbel Método de extinción de incendios que actúa eliminando o combustíbel ou diminuíndo a súa concentración.

Emanación Aerosol que se produce en reaccións químicas ou por operacións de sublimación ou destilación seguidas de condensación.

Embarazadas Situación das mulleres na espera dun fillo/a. A condición de embarazada supón certas condicións laborais relacionadas coa exposición a un risco específico. Tanto durante o embarazo coma durante a xestación ou a lactación, o empresario/a debe adoptar as medidas necesarias para que nin a nai nin o fillo/a sufran alteracións na saúde.

Considéranse traballadoras sensíbeis segundo a Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Emerxencia Situación perigosa que require unha acción ou unha intervención inmediata e urxente para previr, paliar ou neutralizar as consecuencias que poídesen sufrir as persoas.

Emerxencia Médica Situación dun accidentado na que a falta de asistencia médica pode producirlle a morte en poucos minutos (4-6 minutos).

Emisión Lanzamento de materiais ao ar.

Emisividade Relación entre a enerxía irradiada pola superficie dun corpo e a enerxía dun corpo negro coa mesma temperatura.

Emprego Ten tres significados:

a) Todo traballo ou actividade realizados para levar a cabo unha tarefa asignada ou encargada polo contratante, incluíndo as actividades incidentais mais relacionadas con dita tarefa, aínda cando non estean especificamente estipuladas. b) Calquera traballo ou actividade voluntaria desenvolvidos durante as horas de traballo, coa intención de beneficiar á persoa contratante.

c) Calquera tipo de actividade desenvolvida durante o tempo de traballo e co consentimento ou aprobación da persoa contratante.

Empresa A empresa é unha institución ou axente económico que toma as decisións sobre a utilización de factores de produción para obter os bens e servizos que se ofrecen no mercado. A actividade produtiva consiste na transformación de bens intermedios (materias primas e produtos semielaborados) en bens finais, mediante o emprego de factores produtivos (básicamente traballo e capital).

Empresario/A Aquela persoa que de forma individual ou tamén aqueles órganos de carácter colexiado, que toman as decisións oportunas para a consecución de obxectivos previamente fixados. Nas empresas privadas estes grupos estarán formados polos propietarios ou accionistas, os directivos e os traballadores/as.

Enac Siglas de Ente Nacional de Acreditación. É un organismo designado pola Administración para establecer e manter o sistema de acreditación a nivel nacional,

de acordo a normas internacionais, seguindo en todo o momento as políticas e recomendacións establecidas pola Unión Europea.

Encravamento Efecto que producen os dispositivos eléctricos ou mecánicos que ao actuaren sobre algún elemento da instalación, impiden o movemento do aparello.

Enerxía de activación Enerxía necesaria para o inicio da reacción química de combustión

Enerxía, transmisións As transmisións son os elementos mecánicos que levan a enerxía desde un motor á maquinaria: engranaxes, mecanismos de biela-manivela...

Enerxías electromagnéticas Son aquelas transmitidas por ondas electromagnéticas no vacuo e a través de materia non opaca. Constitúen o espectro electromagnético de enerxía. Costúmase dividilas en radiacións ionizantes e non ionizantes.

Enerxías mecánicas Son as transmitidas a través de medios elásticos, nunca a través do vacuo, por movementos ou ondas vibratorias, destacamos entre elas sons e vibracións.

Enfermidade aguda É aquela na que aparecen de pronto síntomas severos que poden chegar a ser incapacitantes; unhas ceden por sí mesmas (p.ex. intoxicación aguda), e outras necesitan unha intervención de urxencia (p.ex. apendicite aguda).

Enfermidade crónica Enfermidade ou proceso que se desenvolve lentamente e persiste durante un longo período de tempo.

Enfermidade de Raynaud Reacción patolóxica dos vasos sanguíneos da man baixo o frío.

Enfermidade derivada do traballo Patoloxía ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.

Enfermidade infecciosa Enfermidade causada pola invasión dun organismo patógeno que posteriormente crece e se multiplica no corpo.

Enfermidade profesional Deterioración lenta e paulatina da saúde do traballador/a, producida por unha exposición crónica a situacións adversas relacionadas co ambiente en que se desenvolve o traballo ou pola forma en que este está organizado.

É a doenza contraída a consecuencia do traballo executado por conta allea nas actividades que se especifiquen no cadro aprobado polas disposicións de aplicación e desenvolvemento da Lei Xeral da Seguridade Social, e que estea provocada por acción dos elementos ou substancias que no devandito cadro se indicaren para cada doenza profesional. (Art. 116 do RDL 1/1994, de 20 de Xuño).

É unha doenza exclusiva dun determinado oficio/s.

Enfermidades profesionais, listaxe de Listaxe de enfermidades profesionais aprobada pola U.E.

- Ver RD 1299/2006, de 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de doenzas profesionais no sistema da Seguridade Social e establécense criterios para a súa notificación e rexistro.

Enfriamento Método de extinción de incendios que actúa eliminando ou diminuíndo a enerxía de activación da reacción de combustión.

Ensaio Exame ou comprobación dunha ou máis propiedades ou características dun material, produto, conxunto de observa-

cións, etc. que serven para formar un xuízo sobre ditas características ou propiedades.

Ensaio de fogo Procedemento deseñado para medir ou determinar a resposta dun material, produto, estrutura ou sistema ante un ou máis factores dun incendio.

Ensaio de homologación Ensaio ou serie de ensaios directamente orientados a comprobar a aptitude técnica dun fabricante para producir un elemento determinado.

Ensaio de tipo Ensaio ou serie de ensaios onde o seu obxecto é a aprobación dun modelo, e determinan se un elemento é capaz de cumprir os requisitos da especificación do produto.

Entibado Conxunto de soportes dispostos para apuntalar as marxes das excavacións que teñen risco de desmoronamento.

Envase Todo produto fabricado con calquera material de calquera natureza que se empregue para conter, protexer, manipular, distribuír e presentar mercadorías, desde materias primas até artigos rematados, e desde o fabricante até o usuario ou o consumidor.

Envolvente Elemento que asegura a protección dos materiais contra influencias externas e a protección ante contactos eléctricos directos en calquera dirección.

Envolvente eléctrica Medio de protección dos receptores ou equipamentos eléctricos. Con ela conséguese eliminar o risco de contactos eléctricos directos, mais sobre todo vai dirixida a servir de autoprotección contra os axentes ambientais sólidos, líquidos e mecánicos.

Ademais, para cada concepto existen uns índices de protección que definen o nivel de estanquidade e robustez chamados índices IP.

Epicondilita lateral Reacción inflamatoria dos tecidos da rexión lateral do cóbado. É un tipo de tendinite tamén coñecida como “cóbado de tenista”.

Epidemioloxía laboral A epidemioloxía laboral baséase no estudo da distribución dos casos de doenza, lesión, ou calquera outra característica que poida ter relación coa saúde da poboación en xeral, e na que poida existir algunha relación co traballo. Utiliza os coñecementos e métodos epidemiolóxicos e estatísticos. Inclúe métodos diagnósticos de investigación das condicións de saúde na poboación traballadora. No campo da Medicina do Traballo, desempeña un importante papel para a prevención de riscos, a modo de ferramenta útil para analizar as condicións de traballo e/ou as súas consecuencias. Do mesmo modo, serve para avaliar os resultados dun programa ou Plan de Prevención establecido, reforza os métodos de enfoques diagnósticos, intervén na elaboración dun *screening*, etc.

Epilepsia A epilepsia é unha doenza neurolóxica que varía fundamentalmente en dous tipos:

- O chamado “gran mal” caracterizado por ataques con convulsións (con emisión de escuma pola boca, relaxación de esfínteres,...), que van precedidos dunha sensación de malestar chamada “aura”, e a seguir, dun estado de amnesia e confusión. Adoitan acompañar esta doenza o estado característico de mal humor e certa agresividade. Nos casos graves, complicados con outras doenzas, ou sen tratamento, pode evolucionar con deterioración mental.

- O “pequeno mal”: preséntase sen convulsións, e coas chamadas “ausencias” de duración variábel (incluso apenas uns segundos), das que a persoa non é consciente.

Equipo de primeira intervención Equipo humano de autoprotección distribuído por todas as zonas dun edificio cuxa misión é dar o sinal de alarma e asegurar unha evacuación total e ordenada do seu sector, avisar do incendio e atacalo cos medios de primeira intervención (extintores portátiles e mangueras pequenas).

Equipos de primeiros auxilios Equipo humano de autoprotección cuxa misión consiste en prestar os primeiros auxilios aos lesionados durante unha emerxencia e a canalización e control do posíbel tratamento médico posterior.

Equipo de segunda intervención Equipo humano de autoprotección cuxos compoñentes teñen a misión de actuaren, cando a emerxencia así o requira, cos medios máis potentes do establecemento ou edificio e apoiaren aos Servizos Públicos de Extinción.

Equipamento autónomo o semiautónomo de respiración Equipamento de protección persoal destinada a preservar á persoa usuaria da acción agresiva de substancias contaminantes que poidan penetrar no organismo por vía respiratoria. A súa protección consiste en que o ar que respira o individuo provén dun sistema subministrador de ar transportado polo propio usuario. Cando o ar que respira o traballador/a provén directamente do exterior pasando a través dun filtro, este equipamento denomínase como semiautónomo.

Equipamento de Protección Individual (Epi) Calquera equipamento destinado a ser levado ou suxeitado polo traballa-

dor/a para que o protexa dun ou varios riscos que poidan ameazar a súa seguridade ou a súa saúde no traballo, así como calquera complemento ou accesorio destinado a tal fin.

Respecto aos criterios de comercialización e segundo a regulamentación vixente, os EPI’s clasifícanse en tres categorías:

Categoría I: Son os EPI’s destinados a protexer contra riscos mínimos

Categoría II: Son os EPI’s destinados a protexer contra riscos de grao medio ou elevado, mais non de consecuencias mortais ou irreversíbeis. Pertencen a esta categoría todos os que non se achán incluídos nin na categoría I, nin na III.

Categoría III: Son os EPI’s destinados a protexer contra riscos de consecuencias mortais ou irreversíbeis.

Equipamento de traballo Calquera máquina, aparello, instrumento ou instalación empregado no traballo.

Equipos de probas e medida Inclúen todos os dispositivos ou sistemas empregados para calibrar, medir, probar ou inspeccionar con vistas a controlar ou adquirir datos para verificar o funcionamento de acordo a requirimento das especificacións dos equipos ou procesos.

Ergómetro Instrumento que permite calcular o traballo producido por un músculo o grupo de músculos durante un período de tempo

Ergómetro Instrumento que calcula o traballo efectuado por un ou varios músculos nun período dado.

Ergonomía Actividade multidisciplinar que ten por obxecto a adaptación dos medios á mellora das condicións de traballo do ser humano nos seus aspectos físico, psíquico e social.

Eritemas Son as denominadas queimaduras de primeiro grao. Son superficiais, hai dor mais non alteración da circulación.

Erro Interrupción da aptitude dun elemento para realizar unha función prevista.

Escada de incendios Escada especialmente protexida, deseñada para a súa utilización en caso de incendio.

Escada protexida Escada interior ou exterior dun edificio cun grao adecuado de protección contra o lume e que forma un compoñente vertical dunha rota de escapada protexida.

Escadas de emerxencia Escadas deseñadas para actuar como medio de evacuación en caso de emerxencia que posúe unha determinada resistencia ao lume e uns elementos de seguranza adecuados.

Escoliose Curvatura lateral da columna vertebral que pode ser ou non patolóxica.

Esfigomanómetro Dispositivo para determinar a presión arterial.

Esfuerzo Exercicio físico ou mental efectuado polo operario/a.

Espazo de traballo Volume asignado a unha ou varias persoas no sistema de traballo, para realizar a tarefa.

Espazos confinados Calquer espazo con aberturas limitadas de entrada e saída e ventilación natural desfavorábel, no que se poden acumular contaminantes tóxicos ou inflamábeis, ou ter unha atmosfera deficiente de osíxeno e que non está concibido para unha ocupación continuada por parte dos traballadores/as

Calquera operación que se realiza nun espazo confinado, nunca pode considerarse como “segura”.

Especificación técnica Especificación que figura nun documento no que se definen as características requiridas dun produto,

tales como os niveis de calidade, o uso específico, a seguridade ou as dimensións, incluídas as prescricións aplicábeis ao produto no referente á terminoloxía, os símbolos, os ensaios e métodos de ensaio, o marcado, etiquetaxe, etc.

Espirometría dinámica Avaliación da capacidade respiratoria por unidade de tempo.

Espirómetro Aparello que serve para medir directamente a cantidade de osíxeno respirado por unha persoa durante un tempo determinado.

Espondilose Degradación dun segmento vertebral; especificamente, artrose vertebral.

Espuma Aiff Espuma obtida a partir de axentes espumantes de tipo sintético, combinados con elementos fluorados. Forma unha película que se espalla rapidamente sobre a superficie dos combustíbeis.

Espuma extintora Agregado estábel de auga, espumóxeno e ar que forma pequenas burbullas, usado na loita contra o lume.

Estabilidade ao lume Característica e condición dun elemento de ficar inalterado na súa función mecánica baixo a acción do lume por un determinado período de tempo.

Estaño É un elemento metálico brando, con cor branca prateada.

É moi maleábel a temperatura ambiente, mestúrase con facilidade, e ademais é resistente aos ácidos e á intemperie.

- Toxicidade: lesións dixestivas, de fígado (vías biliares) e riles, efectos de depresión do sistema inmunitario e de hemólise (destrución de globulos vermello do sangue).

Redución da fertilidade (detectado en animais).

Estibar Acción de colocar adecuadamente un conxunto de mercadorías para o seu máis correcto almacenamento.

Estimación de riscos O proceso mediante o cal se determina a frecuencia ou probabilidade dun risco e as consecuencias que deste poda derivarse a materialización dun perigo.

Estireno É un líquido incoloro, con cheiro doce a concentracións baixas. Debe ser estabilizado por un inhibidor para evitar a polimerización exotérmica, un proceso que pode causar explosión. Úsase na fabricación de plástico de poliestireno entre outros usos.

Está considerado como un posíbel carcinóxeno para o ser humano.

Estrés Conxunto de cambios reversíbeis ou irreversíbeis no corpo humano que son debidos a factores externos ou a influencias sociais ou psicolóxicas moi esixentes.

Estrés laboral É un estado persoal onde conflúen ansiedades, medos, emocións, fatiga, etc., producido por un desequilibrio entre a demanda das esixencias laborais e a capacidade de resposta do individuo. É normalmente condicionado polo feito de que o fracaso perante esa demanda concreta supón importantes consecuencias para a estabilidade persoal, laboral e social do traballador/a. *Tensión laboral.*

Estrés prexudicial ou “distrés” A tensión prexudicial ou distrés é toda activación do organismo orientada a tratar de adaptarse a unha situación interpretada como ameaza e que non vai seguida de desactivación e percepción de logro. A falta de desactivación propia dos estados de tensión prexudicial asóciase a un desgaste orgánico por hiperfunción e a unha experiencia emocional de falta de control, irritabili-

dade e fracaso. Manter cronicamente un sobre-esfuerzo por encima dos propios recursos de control constitúe un fracaso adaptativo que conleva unha maior vulnerabilidade a padecer enfermidades como a ansiedade, a depresión, o infarto de miocardio, a úlcera de estómago, ou enfermidades de base inmunolóxica.

Estrés san ou “austrés” A tensión sá é toda activación do organismo orientada a adaptarse a unha situación interpretada como desafío e que vai seguido de percepción de logro e desactivación. Este proceso de activación/desactivación depende da percepción de equilibrio entre as demandas da situación e os recursos de control das mesmas, e asóciase a unha experiencia emocional de benestar e éxito. Os esforzos de adaptación vividos como retos positivos para alcanzar obxectivos atractivos poden chegar a mobilizar recursos adaptativos insospitados, producindo máis ben activación positiva que tensión prexudicial.

Estrés térmico Risco laboral provocado por un desequilibrio extremo entre as condicións de temperatura e humidade exteriores e a capacidade do organismo de asimilar ditas condicións.

Estudo do posto de traballo Trátase da análise de todas as condicións de traballo en todos os seus contextos, e que intervéñ sobre a saúde física e psicolóxica da persoa. É unha ferramenta moi común que se usa para coñecer todos os factores de risco sobre os cales debe exporse a prevención. No estudo intervéñ a identificación dos factores de risco como: exposición a axentes de risco físicos (radiacións, ruído, ...), químicos (tóxicos, substancias cáusticas, ...), e biolóxicos (risco de infeccións

por bacterias, fungos,...), etc. Así como as condicións ergonómicas relacionadas con aspectos como a iluminación, temperatura e humidade, análise de posturas e movementos, ritmos, horarios, organización do traballo, etc.

Exame “Ce” de tipo Procedemento polo que un organismo de control designado comproba e certifica que o modelo dunha máquina cumpre as disposicións marcadas pola Comunidade Europea.

Explosímetro Aparello que detecta a presenza dun gas e a súa concentración no ar.

Explosión Descomposición explosiva á velocidade supersónica mais que non sempre vai acompañada de onda expansiva de alta intensidade.

É a que afecta instantaneamente a toda a masa do explosivo que estea no lugar da explosión.

Explosivo Substancia que pode estourar liberando bruscamente unha gran cantidade de enerxía, a cal produce un incremento violento da presión, con desprendemento de calor, luz e gases. A orixe da enerxía pode ser térmica, química ou nuclear.

Exposición Presenza dun axente químico ou biolóxico no ambiente da zona de respiración do traballador/a. Defínense dous tipos de exposición:

“Exposición diaria (ED)”: Concentración media do axente químico na zona de respiración do traballador/a medida ou calculada de forma ponderada con respecto ao tempo para a xornada laboral real e referida a unha xornada estándar de 8 horas diarias.

“Exposición de curta duración (EC)”: Concentración media do axente químico na zona de respiración do traballador/a, media ou calculada para calquera

período de 15 minutos ao longo da xornada laboral, excepto para aqueles axentes químicos para os que se especifique un período de referencia inferior na lista de Valores Límite.

Extintor manual Extintor que se transporta mediante unha asa coa man. O seu peso non debe exceder dos 20 Kg.

Extintor móbil Extintor de peso total superior aos 20 Kg que pode estar montado sobre rodas para facilitar o seu transporte.

Extintor portátil Un extintor é un aparello autónomo que contén un axente extintor que pode ser proxectado e dirixido sobre o lume pola acción dunha presión interna. Existen varias clases de lume, e polo tanto, existen tamén distintos tipos de extintores dependendo do tipo de lume que teñen que apagar. Así temos:

Extintores para lume clase “A” (sólidos).
Extintores para lume clase “B”. (líquidos).
Extintores para lume clase “C”. (gases).
Extintores para lume clase “D”. (metais e compostos químicos reactivos).

Todas as categorías están indicadas na placa de identificación dos extintores. Algúns extintores están marcados con categorías múltiples, como A, BC, e ABC. Tal significa que estes extintores poden apagar máis dunha clase de lume.

Extracción Termo polo que se designa a operación de extraer as partículas contaminantes ou o volume dun gas nocivo existente nun recinto.

Extracción forzada: A que se leva a cabo a través da instalación de medios mecánicos
Extracción localizada: Sistema particular de extracción forzada na que o contaminante que se desexa eliminar é captado na área máis perto posíbel do punto de emisión.

Extracción natural (ventilación): A que é realizada aproveitando os medios naturais de ventilación.

Ff

Fábrica Establecemento provisto da maquinaria, equipamentos e instalacións adecuados para producir materiais, obxectos ou enerxía destinados ao consumo.

Factor causal Condición de traballo deficiente que pode desencadear un accidente ou enfermidade profesional. Establécense catro grupos e factores causais:

Axentes materiais: Grupo de factores causais que poden ter unha influencia significativa na xeración de riscos derivados das características das instalacións, equipamentos, produtos e demais útiles existentes no centro de traballo.

Entorno ambiental: Grupo de factores causais que poden ter unha influencia significativa na xeración de riscos derivados da natureza dos axentes físicos, químicos e biolóxicos presentes no ambiente de traballo e as súas correspondentes intensidades, concentracións ou niveis de presenza.

Características persoais: Grupo de factores causais relacionados coas características físicas, psíquicas profesionais do traballador/a que podan ter unha influencia significativa na xeración dun accidente de traballo ou na súa magnitude.

Organización do traballo: Grupo de factores causais que poden ter unha influencia significativa na xeración de ris-

cos como consecuencia da inexistencia de procedementos de traballo, a planificación do traballo, etc. que influán na magnitude dos riscos a que estea exposto o traballador/a.

Factor de absorción acústica Relación entre a enerxía acústica absorbida e a enerxía acústica incidente por unidade de superficie.

Factor de ocupación Cantidade de superficie previsible que é ocupada por persoa nun recinto.

Factor de risco Elemento, persoa ou circunstancia, xeradora ou co-causante dunha situación de risco.

Factor de seguridade Cantidade de carga ou outra característica, por riba do valor nominal de funcionamento, co que un instrumento pode traballar sen avarías.

Fallo catastrófico Fallo repentino e completo dun elemento ou aparello con graves repercusións para os suxeitos existentes no medio.

Falta de conformidade Consiste na falta dunha característica para axustarse ou conformarse aos requisitos especificados no contrato ou nos planos, especificacións e demais documentación aprobada do produto.

Fatiga Efecto do exceso de traballo sobre a mente e o corpo do individuo, que tende a

rebaixar a cantidade ou calidade da súa produción, acompañada dunha sensación xenérica de malestar.

Fatiga crónica A Síndrome de fatiga crónica (SFC) é unha enfermidade complexa e crónica que se caracteriza por unha fatiga profunda e insuperábel que non diminúe co descanso e que pode empeorar coa actividade física e mental.

É acompañada doutros síntomas que a converten nunha grave enfermidade multisistémica e discapacitante debido aos trastornos inmuno-lóxicos, neurolóxicos, neuro-musculares e neuro-endócrinos que comporta.

Nestes momentos o SFC non se pode curar, porén, pódense mellorar moitos dos seus síntomas.

Febre dos metais É unha enfermidade causada pola inhalación dos fumes e vapores de metais. Os síntomas aparecen logo dunhas 48 horas da exposición (xeralmente ao regreso a casa), e comezan con mal sabor de boca, seguido de irritación respiratoria con tose e sequidade de garganta, xuntamente con calafríos, dores musculares, febre e malestar xeral. Se se realiza unha análise de sangue, detectárase un aumento de glóbulos brancos (leucocitoses).

Se non se diagnostica a tempo, pode ir seguida de complicacións pulmonares graves (bronquite, pneumonite,...).

Febre Q É unha enfermidade infecciosa causada por un microorganismo.

Transmítese ás persoas polo contacto con animais como: vacas, cabras, ovellas. A forma de infección é a través da inhalación de gotiñas ou pos contaminados en: matadoiros, currais, celeiros, granxas... A enfermidade caracterízase porque logo dun período de incubación duns 11-28

días, xorde febre de 39-40°C con dor de cabeza e tose (e, ás veces, tamén hai afectación do pulmón e do fígado).

Ferida É toda perda de continuidade na pel, secundaria a un traumatismo. Como consecuencia da agresión deste tecido, existe o risco de infección e posibilidade de lesións en órganos e tecidos adxacentes: músculos, nervios, vasos sanguíneos.

Ferramentas Calquera instrumento ou accesorio de uso manual ou mecánico empregado no traballo.

Ferramentas manuais Son utensilios de traballo empregados xeralmente de forma individual, que requiren para o seu accionamento a forza motriz humana.

Férula Obxecto ou instrumento que serve para inmovilizar un membro.

Fiabilidade Aptitude dun elemento para realizar unha función prevista baixo unhas condicións determinadas e durante un período de tempo establecido.

Fibras Partícula maior de 5 micras de lonxitude e cunha relación lonxitude-díámetro maior de 3.

Cando as fibras se achan no ambiente en forma dun tamaño respirábel, existen riscos para a saúde (de intensidade dependente da súa concentración, tempo de exposición, tipo,...), daí o risco de fibrose pulmonar, cancro, mesotelioma, etc. (asbesto).

Fibrilación ventricular Denomínase fibrilación ventricular ou FV ao trastorno do ritmo cardíaco que presenta un ritmo ventricular rápido (>250 latidos por minuto), irregular, de morfoloxía caótica e que leva irremediabelmente á perda total da contracción cardíaca, cunha falta total da bombaxe sanguínea e polo tanto á morte do paciente. É unha das causas principais de morte en caso de electrocución.

Fibromialxia A Fibromialxia (FM) é unha enfermidade crónica do Sistema Nervioso Central que ocasiona a quen a padece unha dor xeneralizada, principalmente de localización músculo-esquelética e un cansazo persistente en grao variábel.

Nestes momentos a Fibromialxia non se pode curar mais se poden mellorar moitos dos seus síntomas.

Ficha de produto Documento que recolle os datos de seguridade dos produtos perigosos de acordo co establecido na normativa.

Ficha de seguridade Instrucións por escrito, proporcionadas polos fabricantes nas que se especifica a natureza do risco presentado polas substancias perigosas presentes así coma as medidas de seguridade necesarias para afrontar un posíbel accidente.

Fisioloxía Rama da bioloxía que estuda o funcionamento das diversas partes, estruturas e órganos dun organismo vivo.

Flictenas Son queimaduras de segundo grao. Presentan bochas e poden ser leves ou graves dependendo da extensión.

Fluxo cardíaco Fluxo de sangue bombeada polo ventrículo á arteria principal (l/min.).

Fluxo luminoso É a cantidade de luz emitida por unha fonte de radiación visíbel. Exprésase en lúmenes (lm).

Fonte de calor Proceso, instalación ou produto que, polas condicións nas que se atopa, emite calor.

Frases R Riscos específicos atribuídos ás substancias e preparados perigosos.

Frases S Consellos de prudencia relativos ás substancias e preparados perigosos.

Fronte de lapas Liña, plano ou área esférica máis avanzada dunha masa ou volume dun produto en combustión.

Frustración Estado psicolóxico persoal ou colectivo que pode sobrevivir ao non se atinxir

os obxectivos pretendidos, podendo desencadear comportamentos negativos.

Fumar, tabaco O hábito de fumar causa efectos combinados cos axentes de risco no lugar de traballo, por exemplo a exposición a tóxicos, etc.

Ante a polución ambiental do lugar de traballo (exemplo: por po de carbón) ten efectos aditivos, causando obstrución das vías aéreas do pulmón.

Nos fumadores/as agrávanse as enfermidades respiratorias e pulmonares, e tamén se predispoñen a risco cardiovascular.

A progresión incapacitante de lesións profesionais e das que son derivadas do traballo, pode ser superior nas persoas fumadoras.

Tamén parece incrementarse a incidencia de cancro en persoal exposto a axentes canceríxenos (por exemplo: asbesto).

Fume É unha suspensión no ar de pequenas partículas sólidas que resultan da combustión incompleta dun combustíbel.

Gg

Garantías dos delegados/as de prevención Os Delegados/as de Prevención terán as mesmas garantías previstas no artigo 68 do Estatuto dos Traballadores e Traballadoras para os Delegados/as de Comités de Empresa:

- a) Abertura de expediente contradictorio no suposto de sancións por faltas graves ou moi graves, no que serán oídos, alén do interesado/a, o Comité de Empresa.
- b) Prioridade de permanencia na empresa ou centro de traballo, respecto dos demais traballadores/as, nos supostos de suspensión ou extinción por causas tecnolóxicas ou económicas.
- c) Non ser despedido nin sancionado durante o exercicio das súas funcións nin dentro do ano seguinte á expiración do seu mandato, salvo no caso de que esta se produza por revogación ou dimisión.
- d) Non poderá ser discriminado na súa promoción económica ou profesional por razón precisamente do desempeño da súa representación.
- e) Dispor dun crédito de horas mensuais retribuídas para o exercicio das súas funcións, de acordo coa seguinte escala:

Até 100 traballadores/as	15 horas/mes
De 101 a 250	20 horas/mes
De 251 a 500	30 horas/mes
De 501 a 700	35 horas/mes
De 751 en diante	40 horas/mes

O tempo utilizado polos Delegados/as de Prevención para o desempeño das funcións previstas na LPRL será considerado como de exercicio de funcións de representación a efectos da utilización do crédito de horas mensuais retribuídas previstas no ET. No entanto, será considerado, en todo o caso, como tempo de traballo efectivo, sen imputación ao citado crédito horario, o correspondente ás reunións do Comité de Seguridade e Saúde e calquera outras convocadas polo empresario/a en materia de prevención de riscos, así como o utilizado nas visitas previstas no artigo 36.2.a) e c).

Aos Delegados/as de Prevención seralles de aplicación o disposto no artigo 65.2 do ET no que atinxe ao sixilo profesional debido respecto das informacións a que tivese acceso como consecuencia da súa actuación na empresa. En todo o caso, ningún tipo de documento entregado pola empresa poderá ser utilizado fora do estricto ámbito daquela e para distintas fins dos que motivaron a entrega.

Gas Estado no que se presentan algunhas materias. Este distínguese porque entre as moléculas que o compoñen existe unha cohesión que non impide que podan moverse libremente en todas as direccións. Caracterízase porque non se condensa ao ser comprimido isotermicamente, ao contrario do que sucede cos vapores.

Gas inflamábel Substancia que, en estado gasoso a presión normal e mesturado co ar, se converte en inflamábel.

Gas letal Substancia gasosa de carácter tóxico que pode causar a morte.

Gas licuado do petróleo (Glp) Termo que designa aos hidrocarburos que á temperatura e á presión atmosférica ordinarias se encontran en estado gasoso e que pasan a estado líquido a unha presión relativamente baixa.

Gasto enerxético Cantidade de enerxía que se gasta ao efectuar unha tarefa.

Golpe de calor Efecto provocado nun ser exposto a unha alta temperatura cando a cantidade de calor recibida é moi grande e a capacidade de disipación do organismo non é suficiente para compensala. É o efecto máis grave do estrés térmico.

Goníofotómetro Instrumento para medir a intensidade luminosa (I) en candelas (cd).

Grande invalidez Estado no que a persoa en situación de incapacidade permanente precisa da asistencia de terceiras persoas para realizar as tarefas da vida diaria. A prestación consiste nunha pensión vitalicia igual á correspondente á Incapacidade Permanente Absoluta, incrementada nun 50% para remunerar á persoa que o asiste.

Grao de contaminación Medida da cantidade ou grao de concentración de contaminantes que contén unha substancia ou sistema.

Grao do dano Alcance ou extensión dos efectos negativos producidos por un accidente sobre un elemento determinado.

Grupos de risco Reunión ou agrupación metodolóxica dos riscos que poden estar presentes nas condicións de traballo, co propósito de que estes poidan abranxer todas as circunstancias nas que pode desenvolverse calquer labor.

Guía técnica Guías orientativas (non vinculantes), elaboradas polo *Instituto Nacional de Seguridade e Higiene en el Trabajo*, para facilitar a aplicación dos regulamentos que emanan da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Guindastre Máquina elevadora cun brazo inclinado ou horizontal accionado mecánicamente e usada para mover as cargas vertical e horizontalmente.

Guindastre torre O guindastre torre é un aparello de elevación de funcionamento descontinuo destinado a elevar e distribuír, no espazo, as cargas suspendidas dun gancho ou de calquera outro accesorio de aprehensión.

O gancho está suspendido dunha pluma ou dun carro que se despraza ao longo dela, a pluma é orientábel por medio dun soporte xiratorio unido á base do guindastre.

Hh

- Halon** Hidrocarburo haloxenado que contén flúor, cloro e bromo, usado como axente extintor de incendios. Actualmente este elemento está prohibido debido a que contribúe á destrución da capa de ozono.
- Helmintiase** Son enfermidades parasitarias producidas por helmintos (lombrigas, tenias, filarias ou vermes, etc.). (Esquistosomiase).
- Hematoma** Derrama de sangue provocado por un golpe.
- Hemeralopia** Defecto conxénito ou adquirido da visión que provoca diminución da adaptación á escuridade.
- Hemorraxia** Saída intensa e continuada de sangue dos condutos ou vasos nos que circula.
- Hepatite** A hepatite é unha afección ou doenza inflamatoria que afecta ao fígado. A súa causa pode ser infecciosa (viral, bacteriana, etc.), inmunolóxica (por auto-anticorpos) ou tóxica (por exemplo, por alcohol, venenos ou fármacos).
- Hernia discal** A hernia discal prodúcese cando unha parte ou toda a porción central dun disco intervertebral (núcleo pulposo) se despraza a través dunha parte debilitada do disco como consecuencia de esforzos importantes, bruscos ou repetitivos. Cando comprime unha terminación nerviosa causa dores das costas e pernas.
- Hertz (Hz)** Unidade de medida da frecuencia (ciclo/seg).
- Hidrante** Conexión para mangureira contra incendios practicada nunha tubaxe de abastecemento de auga.
- Higrómetro** Instrumento que mede a humidade.
- Hipoacusia** Diminución do nivel de audición por debaixo do normal
- Hipoxia** Diminución da cantidade de osíxeno no sangue.
- Histoplasmose** É unha infección por fungos (*Histoplasma capsulatum*) que se transmite ao inhalar as súas esporas.
- Historial médico** Conxunto dos datos médicos de carácter privado e personalizado no que se recollen os resultados da vixilancia da saúde e accidentabilidade dos traballadores/as e que o empresario/a deberá conservar e enviar á autoridade laboral sanitaria en caso de cesamento de actividade.
- Hixiene** Actuación preventiva mediante a cal a empresa identifica e protéxese contra os contaminantes físicos, químicos e biolóxicos presentes no medio de traballo que poden ocasionar doenzas profesionais.
- Hixiene industrial** Ciencia e arte adicadas ao recoñecemento, avaliación e control dos factores ambientais ou tensións emanadas ou provocadas polo lugar de traballo e

que poden ocasionar doenzas, destruír a saúde e o benestar, ou crear algún malestar entre os traballadores/as ou cidadáns da comunidade.

Homologacion É a aprobación oficial dun produto, proceso ou servizo realizado por un organismo que ten esta facultade por disposición regulamentaria.

Hostigamento psicolóxico Situación na que unha persoa, ou grupo de persoas, exercen unha violencia psicolóxica extrema, de forma sistemática, durante un tempo prolongado sobre outra persoa no lugar de traballo.

Li

Identificación de riscos Conxunto de procedementos cualitativos destinados a pór de manifesto situacións potencialmente capaces de orixinar sucesos non desexábeis.

Ignifugar Acción de someter a un tratamento polo cal se modifica a composición ou acabado dun material coa fin de mellorar a súa reacción ante o lume.

Illamento de protección eléctrica É un illamento suplementario ou reforzado entre as partes activas e masas accesíbeis, ademais do illamento funcional.

Illamento eléctrico Material illante empregado para garantir a protección contra contactos eléctricos (directos ou indirectos).

Illamento térmico Emprego dun material illante térmico para reducir a transmisión do calor, ben por motivos de seguridade (illamento dunha superficie quente), ou de confort (illamento da parede dun edificio).

Iluminación Densidade do fluxo luminoso que ilumina unha superficie. A unidade é o fotón.

A iluminación dos lugares de traballo deberá permitir que os traballadores/as dispoñan de condicións de visibilidade adecuadas para poder circular polos mesmos e desenvolver neles as súas actividades sen risco para a súa seguridade e saúde.

A iluminación dos lugares de traballo deberá cumprir, en particular, as disposicións seguintes:

- A iluminación de cada zona ou parte dun lugar de traballo deberá adaptarse ás características da actividade que se efectúe nela, tendo en conta:

a. Os riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores/as dependentes das condicións de visibilidade.

b. As esixencias visuais das tarefas desenvolvidas.

- Sempre que sexa posíbel os lugares de traballo terán unha iluminación natural.

Iluminación de emerxencia Instalación fixa destinada a proporcionar automaticamente a iluminación necesaria para a seguridade dos traballadores/as.

Iluminancia Indica a intensidade de iluminación que recibe a superficie dun obxecto. A unidade denomínase lux.

Imprudencia Puníbel e inescusábel negligencia con esquecemento das precaucións que se deberían adoptar.

Inadaptación Estado de non acomodación, de non axuste, de non amoldamento da persoa a situacións ou circunstancias dadas. Pode constituír un primeiro paso cara á marxinación.

Incapacidade laboral Situación de invalidez, transitoria ou permanente, para o traballo

habitual da persoa, orixinada por accidente ou enfermidade profesional.

Incapacidade permanente É aquela incapacidade que queda para sempre como resultado das lesións sufridas en accidente de traballo.

Incapacidade permanente absoluta Grao de invalidez permanente que inhabilita por completo a unha persoa para toda profesión ou oficio.

Incapacidade permanente parcial Grao de invalidez permanente que diminúe o rendemento do traballador/a en polo menos un 33%.

Incapacidade permanente total para a profesión habitual É toda lesión que, logo de curada, deixa unha inutilidade absoluta para todos os traballos da mesma profesión, arte ou oficio do accidentado, aínda que poida dedicarse a outra profesión ou oficio.

Incapacidade temporal É a resultante de calquera lesión que non orixina morte ou incapacidade permanente, mais que imposibilita completamente a unha persoa para desenvolver calquera traballo normalmente establecido durante un período de tempo superior a toda unha quenda normal de traballo.

Incendio Combustión dun material ou substancia combustíbel pola súa combinación con osíxeno (ou con calquera elemento que favoreza a combustión).

Incidencia Suceso inesperado, non planeado que non implica nin danos persoais nin danos físicos aparentes á propiedade. É unha situación previa ao incidente.

Incidente Calquera suceso non esperado nin desexado que non dando lugar a perdas de saúde ou lesións ás persoas, poida ocasionar danos á propiedade, equipa-

mentos, produtos ou ao medio ambiente, perdas da produción ou aumento das responsabilidades legais.

Incinerador Dise da instalación ou aparello destinados a reducir algo a cinzas.

- Ver RD 664/1997.

Incumprimento Falta de cumprimento. Falta de obediencia con respecto a unha normas establecidas. Na orde social moitos incumprimentos están tipificados como infraccións e son sancionados.

Indicador de sobrecarga Dispositivo que detecta unha sobrecarga nun equipamento por riba dun valor predeterminado considerado como seguro.

Índice de explosividade Produto da gravidade da explosión e a sensibilidade da ignición.

Índice de frecuencia Índice estatístico de accidentalidade que representa en número de accidentes ocorridos por cada millón de horas traballadas.

Índice de gravidade Índice estatístico de accidentalidade que representa o número de xornadas perdidas por cada mil horas-traballador/a efectuadas.

Índice de illamento acústico Medida da redución da enerxía acústica que consegue un determinado material cando é atravesado polo ruído.

Índice de incidencia Expresión que relaciona o número de accidentes rexistrados nun período de tempo co número promedio de persoas expostas ao risco considerado.

Índice de risco Parámetro de medida do risco, xeralmente obtido a partir do produto da probabilidade de que ocorra un determinado risco pola intensidade dos danos, se este chegar a se producir

Índice de severidade Valoración da posíbel

gravidade dunha situación (acción ou condición) perigosa. Na avaliación téñense en conta os seguintes parámetros: * gravidade da lesión potencial, * posibilidade de que o suceso ocorra, * grao de ocupación da área, e, * número de persoas afectadas.

Índices Biolóxicos de Exposición (I.B.E ou B.E.I.) Son valores de referencia propostos como guía para a avaliación do risco potencial para a saúde na práctica da hixiene industrial.

Industria extractiva Actividade destinada á extracción dalgún material aproveitábel, tal como a minaría do carbón, etc. Estes tipos de actividades poden ser ao descuberto ou subterráneas, sendo neste segundo caso cando se producen maiores riscos, e polo tanto, hai máis accidentes de maior gravidade.

Inflamábel Que prende con facilidade e desprende chamas inmediatamente.

Inflamación Resposta defensiva do organismo fronte a un axente irritante ou infeccioso caracterizado por edema.

Información aos traballadores/as O empresario/a adoptará as medidas adecuadas para que os traballadores/as reciban todas as informacións necesarias en relación con:

a. Os riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores/as no traballo, tanto aqueles que afecten á empresa no seu conxunto como a cada tipo de posto de traballo ou función.

b. As medidas e actividades de protección e prevención aplicábeis aos riscos sinalados na alínea anterior.

Nas empresas que contén con representantes dos traballadores/as, a información facilitarase polo empresario/a aos tra-

balladores/as a través de devanditos representantes. Aínda así, deberá informarse directamente a cada traballador/a dos riscos específicos que afecten ao seu posto de traballo ou función e das medidas de protección e prevención aplicábeis a devanditos riscos. O empresario/a deberá consultar aos traballadores/as, e permitir a súa participación, no marco de todas as cuestións que afecten á seguridade e á saúde no traballo.

Os traballadores/as terán dereito a efectuar propostas ao empresario/a, así como aos órganos de participación e representación, dirixidas á mellora dos niveis de protección da seguridade e a saúde na empresa.

Informe ambiental É un informe que describe, para un determinado período:

- A política ambiental da organización.
- As actividades da organización.
- O nivel de funcionamento e efectividade do sistema de xestión ambiental da organización.
- O comportamento ambiental da organización, prestando especial interese aos seus obxectivos ambientais.

Informe do accidente Estudo que se realiza despois de producirse un accidente para determinar as posíbeis causas e outros aspectos de interese para o seu mellor coñecemento.

Infracción laboral I. Son infraccións laborais as accións ou omisións dos empresarios/as contrarias ás normas legais, regulamentarias e cláusulas normativas dos convenios colectivos en materia de relacións laborais, tanto individuais como colectivas, de colocación, emprego, formación profesional ocupacional e formación profesional continua e de

traballo temporal, tipificadas e sancionadas de conformidade co Real Decreto legislativo 5/2000. Así mesmo, terán dita consideración as demais accións ou omisións dos suxeitos responsábeis e nas materias que se regulan no citado Real Decreto.

2. Son infraccións laborais en materia de prevención de riscos laborais as accións ou omisións dos diferentes suxeitos responsábeis que incumpran as normas legais, regulamentarias e cláusulas normativas dos convenios colectivos en materia de seguridade e saúde no traballo suxeitas a responsabilidade conforme co RD legislativo 5/2000.

3. Son infraccións laborais en materia de dereitos de implicación dos traballadores/as nas sociedades europeas as accións ou omisións dos distintos suxeitos responsábeis contrarias á Lei sobre implicación dos traballadores/as nas sociedades anónimas e cooperativas europeas, ou ás súas normas regulamentarias de desenvolvemento, ás disposicións doutros Estados membros con eficacia no Estado español, aos acordos celebrados conforme á Lei ou ás disposicións citadas, e ás cláusulas normativas dos convenios colectivos que complementan os dereitos recoñecidos nas mesmas tipificadas e sancionadas de conformidade co RD legislativo 5/2000.

Inhalación A inhalación é a vía de exposición a gases, vapores de líquidos volátiles, aerosois e partículas suspendidas no ar.

A absorción é feita a través do nariz e os pulmóns.

Inmision Concentración de contaminantes na atmosfera a nivel do chan, de modo temporal ou permanente.

Insatisfacción laboral Actitude xeral do individuo cara o seu traballo, descontento coa actividade laboral que habitualmente desenrola.

Inspección Acción de examinar atentamente algunha cousa para determinar se é tal e como convén ou é obrigatorio que sexa ou para informar de como é. Exame dun lugar ou dunha cousa para facer constatar en acta ou dilixencia os resultados das súas observacións.

Inspección de seguridade É unha técnica analítica de seguridade que consiste na análise detallada, realizado mediante a observación directa, das instalacións, equipamentos e procesos produtivos, para identificar os perigos existentes e avaliar os riscos dos postos de traballo.

Inspección de traballo e seguridade social

A ITSS ten asignada a función de vixilancia e control da normativa de prevención de riscos laborais, así como das normas xurídico-técnicas que incidan nas condicións de traballo en materia de prevención, aínda que non teñan a cualificación directa de normativa laboral.

No que respecta a estas actuacións, os Inspectores e Inspectoras de Traballo dependen funcionalmente da Autoridade Administrativa que determine cada Comunidade Autónoma, tanto no que se refere á planificación da actuación inspectora coma na resolución de expedientes ligados a tal materia. A inspección pode informar ás empresas e traballadores/as sobre a maneira máis efectiva de cumprir as disposicións que lles afecten en materia de prevención de riscos.

A Inspección debe tamén:

Elaborar os informes que lle sexan solicitados polo Xulgados do Social nos pro-

cedementos derivados de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Informar á Autoridade Laboral sobre os accidentes de traballo ou enfermidades profesionais mortais, graves ou moi graves ou cando considere necesario. Esta función leva aparelhada a capacidade de ordenar unilateralmente a paralización da actividade se durante a súa visita comproba a existencia dun risco grave e inminente. Ademais, o Inspector/a pode requerir á empresa a que subsane as deficiencias que son obxecto de infracción á normativa.

Poden requerir a colaboración dos órganos técnicos das Administracións Laborais. Na relación entre a ITSS e os traballadores/as e os seus representantes cabe destacar:

Os traballadores/as e os seus representantes poden dirixirse á Inspección de Traballo ao considerar insuficiente ou non adecuada as actuacións preventivas da empresa.

A Inspección terá que comunicarlles a súa visita ao centro de traballo para a comprobación das normas de prevención.

As/Os representantes, en particular os delegados/as de prevención en caso que existan, poden acompañar ao inspector/a e formularlle as observacións que consideren oportunas.

O inspector terá que informalos dos resultados da inspección e das propostas que realizase á empresa.

Instalación de auga pulverizada Conxunto de tubaxes e outros accesorios, instalados para a aplicación de auga pulverizada a un elemento de construción ou instalación co obxecto de enfrialo en caso de incendio.

Instalación eléctrica Conxunto de materiais e equipamentos dun lugar de traballo mediante os que se xera, converte, transforma, transporta, distribúe ou utiliza a enerxía eléctrica; incluíndo as baterías, os condensadores e calquera outro equipamento que almacene a corrente eléctrica.

Instalación radiactiva Instalación que contén unha fonte de radiación ionizante, aparellos produtores de radiacións, locais, laboratorios, fábricas que producen, almacenen e manipulen materiais radiactivos.

Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT) O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo é o órgano científico técnico especializado da Administración Xeral do Estado que ten como misión a análise e estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo, así como a promoción e apoio á mellora das mesmas. Para iso establecerá a cooperación necesaria cos órganos das Comunidades Autónomas con competencias nesta materia.

Instrución de traballo Documento que describe, baixo o punto de vista de calidade e seguridade, as secuencias operacionais dun proceso.

Interruptor de alta sensibilidade Interruptor diferencial cuxo valor de sensibilidade é igual ou inferior a 30 miliamperes.

Intoxicación aguda Alteración grave nun curto período de exposición, producida xeralmente por unha rápida absorción dun tóxico no organismo.

Intoxicación crónica Alteración producida por unha exposición repetida durante longos períodos de tempo a pequenas doses de substancia tóxica

Investigación de accidentes A Investigación de Accidentes, desde o punto de vista da prevención, defínese como: “A técnica utilizada para a análise en profundidade dun accidente laboral acaecido, a fin de coñecer o desenvolvemento dos acontecementos, determinar o porqué do sucedido e implantar as medidas correctoras para eliminar as causas e evitar a repetición do mesmo accidente ou similares”. A Lei de Prevención de Riscos Laborais establece no seu art. 16.3: “Cando se produciu un dano para a saúde dos traballadores/as ou cando, con ocasión da vixilancia da saúde, aparezan indicios de que as medidas de prevención resultan insuficientes, o empresario/a levará a cabo unha investigación respecto diso, a fin de detectar as causas destes feitos”.

Polo tanto, a investigación de accidentes é unha ferramenta fundamental no control das condicións de traballo, e permite obter á empresa unha información valiosísima para evitar accidentes posteriores. En ningún caso, esta investigación servirá para buscar culpábeis senón solucións.

Irritantes Substancias e preparados que, por contacto inmediato, prolongado ou repetido coa pel ou mucosas poidan provocar unha reacción inflamatoria.

Isótopo radiactivo Isótopo dos elementos naturais ou artificiais que emite radiacións ionizantes.

ISSGA Siglas de Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, é un Organismo Autónomo da Xunta de Galiza, adscrito organicamente á Consellaría de Traballo, con orzamento e capacidade xurídica de seu, que ten como misión, a coordinación das políticas que en prevención de riscos la-

borais establezan os poderes públicos da Xunta de Galiza, realizando tarefas de información, formación, divulgación, asesoramento e control técnico preventivo en materia de seguridade e saúde laboral. Asemade propiciará colaboracións coas autoridades laboral e xudicial, Inspección de Traballo e Seguridade Social, sindicatos, empresarios, e calquera outra en materia de prevención de riscos laborais.

Ll

Laboratorio Local acondicionado para realizar investigacións científicas, análises químicas diversas, así como a preparación de medicinas ou outras funcións de traballos concretos e probas varias.

Lambert Unidade de luminancia equivalente á luminancia dunha superficie plana que emite un fluxo luminoso de 1lm/cm^2 .

Lanza Térmica Soprete de cana longa utilizado para perforar formigón ou outros materiais resistentes.

Láseres Son dispositivos que producen e amplifican un feixe de radiación electromagnética no intervalo das lonxitudes de onda de 200 nanómetros a 1 milímetro, como resultado dunha emisión estimulada e controlada.

Lavaollos de emerxencia Instalación de descontaminación para a limpeza dos ollos en caso de exposición a substancias tóxicas, mediante a proxección de auga ou líquido neutralizante.

Lei Regra e norma constante e invariábel das cousas, nacida da causa primeira ou das cualidades e condicións das mesmas. / Precepto ditado pola suprema autoridade, en que se manda ou prohibe algo en consonancia coa xustiza e para o ben dos gobernados. Fonte oficial de todas as normas.

Lentes de seguridade Anteollos especiais para a protección dos órganos visuais.

Lentes de seguridade Equipamento de Protección Individual (EPI) que se utilizará cando exista perigo para os ollos, por proxeccións ou salpicaduras, fundamentalmente no uso de máquinas, ferramentas, líquidos e equipamentos de ar comprimido e soldadura. Os lentes de seguridade deben levar marcado o selo CE que ficará colocado de xeito visíbel, lexíbel e indelébel, durante o período de duración previsíbel ou de vida útil do equipamento.

Leptospirose É unha doenza infecciosa, causada por unhas bacterias chamadas leptospiras.

- Trátase dunha doenza zoonótica, transmitida por animais (domésticos ou selvaxes), en actividades de traballo relacionadas cos animais como cría de gando, ou por contacto con terra ou auga contaminada (coa urina dos animais infectados) ou por ingestión de comidas ou bebidas contaminadas. É moi raro que a transmitan ás persoas.

Lesión Dano, prexuízo ou detrimento producido xeralmente sobre as persoas como resultado dun accidente ou enfermidade.

Lesión permanente non invalidante Lesión, mutilación ou deformación de carácter definitivo, causada por accidentes de traballo ou enfermidades profesionais, que non repercuten sobre a capacidade de traballo do operario/a mais que supoñen unha diminución ou alteración da súa integridade física.

Lesións traumáticas As lesións traumáticas poden ter lugar por motivos moi variados causando:

- Cortes: con ferramentas, máquinas, etc. Adoitan sangrar moito, e poden estar acompañados de lesións en tendóns, articulacións e ósos.
- Pícadras: con agullas, cravos, etc. Causan feridas profundas, ás veces con complicacións como introdución de corpo extraño, afectar a cavidades internas, ou causar perigosas infeccións (desde unha supuración, até o tétano ou gangrena gasosa,...).
- Laceracións e contusións: por caídas de cargas, impactos de pezas, fragmentos, atropelos, aprisionamentos coa maquinaria, etc.
- Esgazaduras: por caídas, atropelo, explosións, etc. Xeralmente afectan a órganos internos.
- Amputacións, desarticulacións, etc.: por aprixeamentos, esgazaduras de membros, etc., con maquinarias.
- Lesións múltiples: como os politraumatismos resultantes de accidentes.
- As consecuencias ou secuelas dependerán da natureza da lesión e gravidade da mesma, sendo variadas: fracturas, luxacións, hemorraxias, infeccións, trastornos funcionais (de órganos, de articulacións,...), limitación de movementos (das articulacións), lesións en diferentes estruturas

(cabeza, tórax, extremidades) conmoción, embolismo, etc. Podendo causar síndrome postraumáticas variadas como secuelas. (Neuroses pós-traumática, sistema neuro-endócrino).

Legionelose Trátase dunha pneumonía causada pola bacteria *legionella*, o seu tempo de incubación é de cinco a seis días, aínda que só unha pequena parte da poboación exposta desenvolve os síntomas da doenza, que ademais pode afectar ao tracto intestinal, riles e sistema nervioso central. Os casos epidémicos asóciase cos edificios, e en concreto cos aerosois xerados nas torres de refrixeración, condensadores de evaporación, bañeiras con chorros de auga a presión e cabezais de ducha.

Lexislación laboral Conxunto de leis e disposicións de distinto rango, ditadas polos organismos competentes, que regulan e rexen todos os aspectos relacionados coa seguridade.

Libro de incidencias Libro empregado no sector da construción para comunicar á Autoridade Laboral os incumprimentos do Plan de Seguridade e Saúde previstos para as obras.

Libro de visitas Libro usado pola Inspección de Traballo no que anota as incidencias observadas nas visitas realizadas e no que se reflicten os requerimentos feitos ás empresas.

Limiar audíbel Intensidade sonora por debaixo da cal o son non chega a impresionar o nervio acústico e, polo tanto, non é audíbel.

Limitador de explosión Elemento construtivo capaz de absorber e resistir a presión producida por unha explosión até que aquela é aliviada polos elementos liberadores.

Límite de exposición Parámetro que determina a separación do tolerábel co non admisíbel.

Os límites de exposición están asociados aos riscos hixiénicos: físicos (como o barullo), químicos (como o cloruro de vinilo monómero) ou biolóxicos (como as bacterias). Estes límites de exposición están relacionados co tempo de exposición e coa concentración do produto no ambiente de traballo.

Os límites de exposición permitidos son elaborados e presentados por institucións de recoñecido prestixio en Hixiene Industrial tales como a ACGIH ou en INSHT. Estes límites son referenciais e só de obrigado cumprimento cando están incorporados aos textos legais como ocorre, por exemplo, co amianto ou o chumbo inorgánico.

Límite de exposición de curta duración Límite de exposición para períodos curtos que reflicten a máxima concentración á que poden se expor os traballadores/as, de forma continua durante períodos de quince minutos sempre que non existan máis de catro deses períodos ao día, e que os intervalos entre os mesmos sexan polo menos de sesenta minutos, e cuidando sempre que o VLA para a xornada diaria non se sobrepease.

Límite de exposición permisíbel Nivel máximo de exposición permitida aos traballadores/as a calquera material contaminante.

Límite inferior de inflamabilidade Concentración mínima de vapor dun líquido inflamábel mesturado co ar, por debaixo do cal non se produce ignición.

Límite superior de inflamabilidade Concentración máxima de vapor dun líquido

inflamábel mesturado co ar, porriba do cal non se produce ignición.

Linga Elementos de corda sintética, de cabo de aceiro ou cadeas que serven para suxeitar e suspender as cargas nos aparellos de elevación.

Liña aérea Instalación elevada que se emprega para a comunicación, para a transmisión ou para o transporte de enerxía.

Líquido corrosivo Substancia cun volume constante e que se adapta á forma da cavidade que as contén e con capacidade para a destrución de forma paulatina dos corpos metálicos cos que entren en contacto.

Líquido crioxénico Líquido cuxa temperatura de ebulición á presión atmosférica é inferior a -40°C.

Líquido de corte Aceite ou emulsión de aceite-auga empregado para arrefriar e lubrificar unha ferramenta de corte.

Locais de descanso Instalación de repouso para os traballadores/as, de dotación obrigatoria cando as condicións de seguridade e saúde da actividade ou o número de traballadores/as así o esixan (comedores, dormitorios...).

Locais provisionais Instalación para os traballadores/as que se fai, que se atopa ou que se ten de modo temporal.

Lordose Curvatura da columna vertebral, escoliose, con concavidade posterior.

Lugar de traballo Área do centro de traballo, edificado ou non, na que os traballadores/as deben ficar ou á que poden acceder en razón da súa actividade profesional. Consideraranse incluídos nesta definición os servizos hixiénicos e locais de descanso, os locais de primeiros auxilios e os comedores. As instalacións de servizo ou protección alleas aos lugares de traballo consideraranse como parte integrante dos mesmos.

Lumbalxia Reumatismo muscular, localizado nos músculos sacrolumbares, que pode estar provocado por un golpe de frío, humidade ou un esforzo prolongado de flexión.

Lúmen Unidade de fluxo luminoso (ϕ), utilizada para describir a cantidade de luz emitida ou recibida por unha superficie. É o fluxo luminoso emitido nun ángulo sólido unidade (1 estereoradian) por unha fonte puntual uniforme de intensidade luminosa.

Luminancia Cociente do fluxo luminoso que sae, chega ou atravesa un elemento de superficie e propágase en direccións determinadas por un cono elemental, polo produto do ángulo sólido do cono e da área da proxección ortogonal do elemento de superficie.

Luminaria Aparello que serve para repartir, filtrar ou transformar a luz das lámpadas, e que inclúe todas as pezas necesarias para fixar e protexer as lámpadas e conectalas ao circuíto eléctrico de alimentación.

Luvas de protección Protección que cobre como mínimo a man e o pulso e na que o polegar deberá poder moverse libre e independentemente do resto dos dedos.

Lux Unidade de iluminancia (E): cantidade de iluminación producida por un fluxo luminoso de 1 lúmen uniformemente distribuído nunha superficie de 1 m^2 .

Luxómetro Instrumento que mide a iluminancia (E) lux.

Luz de emerxencia Axente físico que se fai visíbel en situacións de perigo ou desastre que require unha acción inmediata. Actúa ante o erro dos sistemas normais de iluminación, a súa función consiste en achegar o nivel mínimo necesario de iluminación á zona que atende para que se poi-

da evacuar a zona ou actuar en consecuencia. Deben estar situadas en zonas estratéxicas e sobre todo nas zonas de paso.

Luz Zona do espectro electromagnético, que vai dos 400 a 700 milimicróns e que contén todas as cores visíbeis. Os seus efectos direccionais poden influír no estado de ánimo das persoas.

Mm

Mandil de protección Elemento de protección cuxa misión é illar o tronco e as extremidades inferiores do traballador/a de calquera agresión externa.

Mangueira Tubo flexíbel ou semirrígido provisto nos seus extremos de racores que permiten a súa conexión á lanza ou a outra mangueira.

Manipulación manual de cargas Calquera operación de transporte ou suxeición dunha carga por parte de un ou varios traballadores/as, así como o levantamento, a colocación, a tracción ou o desprazamento que polas súas características ou condicións ergonómicas inadecuadas, entrañe riscos, en particular dorso-lumbares, para os traballadores/as.

Por carga enténdese calquera obxecto susceptible de ser movido.

Mantemento Procedemento de inspección, proba e reacondicionamento a intervalos regulares dos elementos dun equipamento ou unha instalación.

Máquina protexida Máquina na cal os dispositivos para a ventilación están obturados, as partes baixo tensión están dispostas para evitar o contacto involuntario e os corpos sólidos non poden penetrar.

Maquinillo Máquina elevadora de cargas accionada mediante un motor e cun tambor ao redor do cal se enrola a cadea ou

corda a medida que se iza a carga. Usada frecuentemente en obras de construción. Cabrestante.

Marcado CE Símbolo “CE” inscrito de maneira visíbel, lexíbel e indelével sobre o produto en cuestión, que denota a súa conformidade coas normas nacionais que incorporan as normas harmonizadas correspondentes da Comunidade Europea e, polo tanto, coas esixencias esenciais de seguridade.

Masa de aparellos eléctricos Conxunto das partes metálicas dun aparello que, en condicións normais, están illadas das partes electricamente activas.

Máscara antigás Dispositivo para protexer os ollos e os condutos respiratorios contra gases, vapores e aerosois prexudiciais.

Máscara autofiltrante para partículas Son equipamentos nos que a compoñente filtrante é parte inseparábel do respirador. Deben usarse para concentracións coñecidas de contaminantes e contenido en O₂ > 17%.

Materia perigosa Substancia daniña ou prexudicial que durante a súa fabricación, transporte, almacenamento e uso pode danar a saúde das persoas que entren en contacto con elas.

Material anti-estático Elemento ou substancia que impide a formación de electricidade estática.

Media ponderada no tempo Concentración media de contaminante ponderada no tempo, para unha xornada normal de traballo de oito horas diarias e corenta horas semanais, á que poden estar expostos os traballadores/as repetidamente, día após día, sen efectos adversos.

Medicina do traballo Rama da medicina que se ocupa do estudo das enfermidades cuxa patoloxía se relaciona con todo o tipo de condicións non desexábeis do posto de traballo.

Medida de seguridade Actuación encamiñada a evitar a ocorrencia dun risco e a reducir a gravidade dos danos en caso de que este chegase a acontecer.

Medida organizativa Actuación de seguridade que corresponde á aplicación dos sistemas, métodos e procedementos establecidos

Medidor de contaminación Aparello electrónico destinado a subministrar unha medida da contaminación dunha superficie ou un volume.

Medio de evacuación Elemento arquitectónico destinado a que os ocupantes dun edificio ou recinto poidan desaloxalo en caso dunha emerxencia, saíndo ao exterior ou accedendo a un lugar suficientemente seguro.

Mercadoría perigosa Material que pola súas características ou natureza pode dar lugar a algún tipo de accidente (incendio, explosión, emisión radiactiva...), polo que o seu transporte e almacenamento requiren medidas de seguridade especiais.

Mercurio Metal pesado moi utilizado na industria para a fabricación de lámpadas,

medidores, explosivos... É moi prexudicial por inhalación, inxestión e contacto. A UE aprobou a prohibición do mercurio nos termómetros.

Microondas Radiación electromagnética de frecuencias entre 300GHz e 300MHz. Os efectos das microondas son térmicos e non térmicos, estes últimos non están suficientemente dilucidados polo estado actual da ciencia. Os efectos térmicos poden producir lesións localizadas, sendo os ollos e os testículos os máis susceptibles a este tipo de dano.

Minimización do dano Conxunto de accións dirixidas a reducir o alcance das perdas producidas por un accidente.

Mobbing O *mobbing* non é unha psicopatoloxía senón unha práctica (a práctica de acosar ou hostigar), que como risco psicossocial pode desembocar nun dano para a saúde.

Defínese como a “acción e efecto de acosar”, e considérase que é acoso psicolóxico a práctica exercida nas relacións persoais, especialmente no ámbito laboral, consistente nun trato vexatorio e descalificador cara unha persoa, co fin de desestabilizala psiquicamente.

Monotonía Realización repetitiva dunha acción ou operación que resulta pouco interesante.

Montacargas Aparello elevador instalado de forma permanente, que serve a niveis definidos e que consta dunha cabina inaccesíbel para as persoas que se despraza ao longo de guías verticais cunha inclinación de menos de 15 graos.

Montante Tubaxe vertical, con fluxo de auga en sentido ascendente, que alimenta un sistema completo de rociadores automáticos.

Mutuas de Accidentes de Trabajo e Enfermedades Profesionais da Seguridade Social (MATEPSS) Entidade colaboradora do Ministerio de Trabajo, na xestión da Seguridade Social, cuxa misión é a cobertura do risco de accidentes do traballo e enfermidades profesionais dos traballadores/as das súas empresas asociadas.

Defínense as MATEPSS como aquelas asociacións privadas de empresarios/as, con personalidade xurídica propia que debidamente autorizadas polo Ministerio de Trabajo e con tal denominación se constitúen, sen ánimo de lucro e con responsabilidade mancomunada dos seus membros, co principal obxecto de colaborar na xestión da Seguridade Social, sen prexuízo da realización doutras prestacións, servizos e actividades que lles sexan legalmente atribuídas.

Nn

NBE-CA Norma Básica de Edificación / Condiciones Acústicas nos edificios.

Neglixencia Descoido, falta de dilixencia, omisión da atención e coidado debidos que corresponde a unha determinada actividade.

Negociación colectiva A negociación colectiva é aquela que se realiza entre os traballadores/as dunha empresa ou sector, normalmente reunidos a través dun sindicato ou grupo de sindicatos e a empresa ou representantes de empresas do sector. A finalidade da negociación é chegar a un acordo canto ás condicións laborais aplicábeis á xeneralidade dos traballadores/as do ámbito no que se circunscribe a negociación.

A negociación colectiva é unha manifestación particular do diálogo social e está considerado coma un dereito fundamental básico integrante da liberdade sindical. Mundialmente encóntrase garantido no Convenio 98 e 154 da OIT.

Neoplasia Formación, nalgunhas partes do corpo, dun tecido onde os seus elementos substitúen os tecidos normais. Principalmente tumores canceríxenos.

NIOSH National Institute for Occupational Safety and Health (EE.UU.) (Instituto Nacional que se ocupa da Seguridade e Saúde).

Níquel e compostos É un elemento metálico de cor branco-prateada, brillante e resistente á corrosión. Ademais é dúctil, maleábel, duro e ferromagnético.

Por exposición ao níquel e os seus compostos poden producirse dermatite, conxuntivite, asma, cancro nas cavidades nasais, de pulmón e outros órganos.

Nivel de audición Audición para unha frecuencia específica expresado en dB, comparado a un nivel de audición estándar.

Nivel de calidade ambiental Límite ou concentración máxima de contaminantes permitidos nun medio concreto.

Nivel de contención Referido ao risco biolóxico defínense catro niveis de contención en laboratorios dependendo da natureza das actividades, a avaliación de riscos para os traballadores/as e as características do elemento biolóxico que se manipula.

Nivel de inmisión Cantidade de contaminantes sólidos, líquidos ou gasosos, por unidade de volume de ar, existente entre cero e dous metros de altura sobre o chan.

Nivel de pico Utilízase para medir ruídos de moi curta duración. Médese sen ningunha ponderación en frecuencia.

Nivel de presión acústica Expresado en dB, é equivalente a 20 veces o logaritmo decimal da relación entre a presión debida a unha onda e a presión de referencia.

Nivel de presión acústica continuo equivalente Permite asignar, a un ruído variábel no tempo, un único valor que reflecta o nivel dun ruído constante que tivese a mesma enerxía que o ruído variábel no período de tempo estudado.

Nivel de risco Grao cuantitativo que alcanza o risco ao que está exposto un traballador/a.

Norma Regra para a execución dalgunha cousa á que todo o mundo suxeitarase. / Especificación técnica, de aplicación voluntaria, que ten por obxecto o beneficio óptimo da comunidade e que foi aprobado por un organismo cualificado a nivel nacional, rexional ou internacional.

Norma harmonizada Especificación técnica aprobada polo CEN (Organismo Europeo de Normalización), por mandado da Comisión Europea, de carácter voluntaria aínda que constitúe a proba de presunción de conformidade respecto dos requisitos esenciais das directivas de harmonización técnica.

Norma regulamentaria Conxunto ordenado de regras, disposicións e preceptos, ditados pola autoridade competente para a execución dunha lei, para o funcionamento dunha corporación, dunha dependencia ou dun servizo ou para calquera outra actividade.

Norma UNE As UNE, Una Norma Española, son un conxunto de normas tecnológicas creadas polos Comités Técnicos de Normalización, por regra xeral, os comités están formados por Aenor, único organismo encargado da normalización, fabricantes, consumidores e usuarios, administración, laboratorios, centros de investigación e organizacións sindicais.

Normalización Sistema estrutural que fornece solucións para aplicacións repetiti-

vas que se desenvolven, fundamentalmente no ámbito da ciencia e a tecnoloxía, coa fin de conseguir unha ordenación óptima nun determinado contexto.

Normativa de seguridade Conxunto de disposicións técnicas que estipulan os requisitos que deben reunir os distintos factores relacionados coa seguridade.

Normativa sanitaria Conxunto de normas que regulan o sector sanitario e todos os aspectos relativos á saúde. ALPRL regula a coordinación con diferentes normativas (en especial a sanitaria e a de seguridade industrial).

Número ONU Número de catro cifras asignado oficialmente polo Comité de Expertos das Nacións Unidas que identifica as materias perigosas.

Oo

Obriga xeral de seguridade Sometemento á regra xeral de que os produtos sexan conformes ás regulamentacións técnicas específicas que fixan as esixencias en materia de seguridade e saúde ás que os produtos deben responder para poderen ser comercializados.

OCA Siglas de Organismo de Control Autorizado. Son axentes colaboradores da Administración para comprobar as esixencias regulamentarias en materia de seguridade industrial. As súas funcións están reguladas, baseándose fundamentalmente na verificación de que as instalacións, produtos e equipamentos industriais cumpran as condicións de seguridade fixadas nos Regulamentos Técnicos.

Onda electromagnética Combinación dun campo magnético e outro eléctrico oscilantes, que se propagan a través do espazo transportando enerxía dun lugar a outro.

Operación Execución dunha acción ou manobra que forma parte dun proceso.

Operador/a Persoa que executa unha operación ou manipula algún dispositivo que require un coñecemento específico.

Orde Disposición adecuada dos medios organizativos e materiais para a consecución dun fin.

Orelleira Equipamento de protección persoal do oído que envolve totalmente o pavillón auditivo.

Organización da prevención Organización específica na empresa que ten como fin adoptar as medidas necesarias para que a acción preventiva sexa realizada de maneira eficaz, como parte do deber do empresario/a de protexer ao seu traballador/a. A organización da prevención deberá estar integrada na súa actuación xeral ao mesmo nivel e coa mesma importancia que poda dispensarse a calquera outro tema relacionado coa empresa.

Organización da seguridade Conxunto de medios organizativos dispostos para a aplicación adecuada das actuacións previstas dun programa de seguridade.

Organización Internacional do Traballo (OIT) A OIT é a axencia tripartita da ONU que convoca a gobernos, empregadores e sindicatos dos seus estados membros coa fin de emprender accións conxuntas destinadas a promover o traballo digno no mundo.

Organización sindical Asociación integrada por traballadores/as, xa sexa de empresas públicas ou privadas, que se agrupan en defensa e promoción dos seus intereses sociais, económicos e profesionais relacionados coa súa actividade laboral.

Os sindicatos polo xeral negocian en nome dos seus afiliados/as os salarios e condicións de traballo.

O sindicato ten como obxectivo o benestar dos seus membros e xerar mediante a unidade a suficiente forza e capacidade de negociación como para establecer unha dinámica de diálogo social entre o empregador/a e os traballadores/as.

O dereito á liberdade sindical está recollido no artigo 28 da Constitución Española.

Organo paritario Dito especialmente dun organismo de carácter social que é constituído por representantes dos empresarios/as e obreiros nun número igual e cos mesmos dereitos.

Organo tripartito Organismo dividido en tres partes de representación, administración, empresariado e traballadores/as.

Orixe do accidente Feito ou elemento orixinador dun accidente.

Osteoartrite Proceso inflamatorio que se localiza, simultaneamente, nos elementos propios da articulación e no tecido óseo da mesma; esta enfermidade é típica dos traballos en ambientes nos que a presión é superior á atmosférica.

Pp

Panca de seguridade Barra ríxida que permite controlar o funcionamento seguro dunha máquina.

Panel de identificación Placa de dimensións establecidas de cor laranxa e reflectante, que leva impresos dous números, un, na parte superior que fai referencia ao perigo da materia transportada, e outro na parte inferior, normalmente o número ONU que identifica á materia.

Pantalla acústica Barreira ou muro continuo constituído por elementos con distinto grao de absorción do son e que ofrece gran resistencia á transmisión do mesmo.

Pantalla de Visualización de Datos (PVD) Defínese como unha pantalla alfanumérica ou gráfica, independentemente do método de representación visual utilizado. O posto de traballo está constituído por un equipamento con pantalla de visualización, provisto no seu caso dun teclado ou dispositivo de adquisición de datos, dun programa para a interconexión ser humano/máquina, de accesorios ofimáticos, dun asento, da mesa, así como o entorno laboral inmediato.

Pantalla facial Protector de ollos que cobre a totalidade ou unha parte importante da cara.

Paracaídas de elevadores Dispositivo mecánico que se destina a parar e inmovilizar

a cabina, en caso de exceso de velocidade ou de ruptura dos elementos de suspensión.

Paralapas Característica e condición dun elemento de construción pola que cumpre simultaneamente os criterios de estabilidade, estanquidade e non emisión de gases inflamábeis.

Paro de emerxencia Interruptor ou outro dispositivo similar instalado nun aparello eléctrico mediante o cal se corta a corrente ao equipamento motor ao detectar unha anomalía.

Parte activa Conductor e pezas condutoras baixo tensión en servizo normal. Inclúe o conductor neutro e as partes a el conectado.

Parte de accidente de traballo Documento a cubrir polo empresario/a ou traballador/a autónomo en todos aqueles accidentes de traballo ou recaídas que conleven a ausencia do accidentado do lugar de traballo durante polo menos un día (salvidade feita do día na que aconteceu o accidente), previa baixa médica.

O empresario/a é o primeiro obrigado á hora de cumprimentar o parte, que deberá ser remitido á entidade xestora nun prazo máximo de 5 días contados desde a data do accidente ou da baixa médica.

Parte de enfermidade profesional Documento que se deberá cubrir cando por parte do facultativo competente se lle

teña diagnosticado a enfermidade profesional ao traballador/a, produza ou non a baixa do mesmo ou a súa morte.

Este parte provoca a actuación obrigatoria da Inspección de Traballo e Seguridade Social en todos aqueles casos graves ou xeneralizados, e unha actuación discrecional da ITSS nos demais casos.

Están obrigados a cumprimentar o parte, por unha banda a empresa e pola outra as empresas autorizadas a colaborar na xestión das incapacidades temporais.

Partícula respirábel Partícula que está presente na zona de respiración dun individuo e ten un tamaño capaz de alcanzar as áreas do tracto respiratorio, inducendo a respostas tóxicas.

Patoxenia Forma na que unha determinada enfermidade provoca dano ao corpo

Pausa de descanso Pausa introducida dentro dun período de traballo co propósito de eliminar ou reducir a fatiga, que xeralmente forma parte da organización normal do traballo.

Pavimento antideslizante Pavimento especial en cuxa superficie se incorpora un material ou un acabamento que reduce o escorregamento.

Película dosimétrica Película fotográfica que se envolve nun sobre opaco á luz visible e que se utiliza para a medida da dose de radiación recibida polo persoal.

Pena Castigo ou sanción que impón a autoridade xudicial en sentenza a que cometeu unha falta ou un delito.

Pequeno produtor de residuos Entidade ou persoa que xera ou importa menos de 10 Tn. ao ano de residuos tóxicos e perigosos, e está inscrito no rexistro que a tal efecto levan os órganos das administracións públicas.

Perda Efecto daniño resultante da ocorrencia dun accidente, normalmente medido en valor económico.

Perda de audición Diminución do nivel normal de audición debido á exposición continuada a un ruído.

Perigo Feito ou fenómeno que pode ser causante de dano.

Perigo biolóxico Conxunto de axentes infecciosos que representan un risco real ou potencial para o benestar do ser humano ou outros animais, xa sexa directamente por infección ou por desequilibrio do ambiente.

Perigosidade Calificación do grao de perigo que comporta un elemento.

Permiso de traballo Procedemento administrativo establecido para a autorización de traballos que comportan un risco notábel.

Persoal profesionalmente exposto Persoa que está sometida a unha exposición a axentes agresivos susceptíbel de entrañar doses anuais superiores a un décimo dos límites de doses anuais fixado para os traballadores/as.

Pértega illante Elemento alongado non condutor da electricidade provista dun gancho e elemento illante que serve para manipular condutores e elementos sometidos a tensión eléctrica.

Plan de actuación Definición sistemática e planificada das actuacións a desenvolver para alcanzar un fin propio da seguridade.

Plan de continxencia Conxunto de medidas encamiñadas a restaurar o funcionamento normal dunha actividade despois da alteración producida por un accidente.

Plan de emerxencia Definición sistemática e planificada das actuacións a desenvolver para resolver unha situación de emerxencia e reducir as súas consecuencias.

Plan de emerxencia exterior Marco orgánico e funcional para previr ou, no seu caso, mitigar as consecuencias dos accidentes maiores que establece as medidas de protección máis idóneas, os recursos humanos e materiais necesarios e o esquema de coordinación das entidades que terán que intervir.

Plan de emerxencia interior Organización e conxunto de medios e procedementos de actuación, previstos nunha instalación industrial, co fin de previr os accidentes de calquera tipo, e no seu caso, mitigar os seus efectos no interior de dita instalación.

Plan de prevención Definición sistemática e planificada das actuacións a desenvolver para evitar a ocorrencia de accidentes e reducir o alcance dos danos se aqueles chegaran a se producir.

Plan de prevención de riscos laborais O Plan de Prevención é o instrumento a través do cal a actividade preventiva da empresa se integra no seu sistema xeral de xestión e se establece a súa política de prevención.

Debe ser aprobado pola dirección da empresa, asumido por toda a estrutura organizativa, e coñecido por todos os seus traballadores/as.

O incumprimento da obriga de integración anteriormente citada por parte do empresario/a considérase infracción grave segundo o RD 5/2000.

Plan de seguridade Conxunto de medidas establecidas para a implantación e alcance dos niveis de seguridade fixados.

Planificación da prevención Sistematización dun conxunto de actuacións preventivas que deben desenvolverse nun tempo determinado segundo unha orde de prioridades previamente disposto coa fin

de evitar os accidentes e incidentes ou reducir o alcance dos seus efectos.

O incumprimento da obriga da planificación da prevención por parte do empresario/a considérase infracción grave segundo o RD 5/2000.

Plano de traballo Plano normal da execución do traballo, sobre o cal se especifica e mede a iluminación.

Pneumoconiose É unha enfermidade profesional causada pola acumulación de po nos pulmóns, e a reacción tisular que provoca.

- Soamente as partículas cun diámetro inferior a 0,003 mm alcanzan os espazos aéreos pulmonares en cantidades significativas, e a gran maioría destas teñen un tamaño inferior a 0,001 mm.

- A acumulación deste po, vai colapsando o bronquíolo respiratorio (última unidade funcional da estrutura xunto cos alvéolos), e vai evoluíndo con exposicións sucesivas fusionando uns focos con outros, pasando a pneumoconiose de ser multifocal a difusa.

Ao estaren os alvéolos colapsados, o tecido pulmonar non pode cumprir a súa función, reaccionando coa formación de fibras (como cicatrices), dependendo do po.

Pneumoconiótico Substancia química sólida, que se deposita nos pulmóns e que se acumula, producindo unha pneumopatía e dexeneración fibrótica do tecido pulmonar.

POABC Axente extintor, adecuado para combater lumes de sólidos, líquidos e gases.

PO Extintor Axente extintor constituído por unha substancia sólida en estado pulverulento.

Poder calorífico Cantidade de calor que se emite na combustión total dunha unidade de masa dun material ou produto combustíbel.

Polaina Prenda de protección persoal utilizada para ofrecer unha cobertura completa da perna.

Polipasto Sistema de poleas, composto por dous grupos, un fixo e outro móbil, utilizado para o levantamento de pesos.

Política de seguridade Conxunto de planxamentos e liñas xerais de actuación que definen os criterios de seguridade nunha empresa.

Ponderación do risco Análise e medida dun risco en comparación con escalas de valoración existentes.

Ponte de andaimaxe Sistema de andaimaxe utilizado na construción, reparación e limpeza de edificios, que está suspendido da propia estrutura na que é utilizado.

Porta corta-lume Porta que cumpre os criterios de estabilidade, estanquidade, non emisión de gases inflamábeis e illamento térmico durante un período de tempo determinado.

Pórtico Aparello de elevación cuxos elementos portadores se apoian sobre patas dispostas fixas ou nun camiño de rodadura.

Posta á terra de protección Conexión directa á terra das partes condutoras dos elementos dunha instalación non sometidos normalmente a tensión eléctrica, mais que puideran ser postos en tensión por avarías ou contactos accidentais, a fin de protexer ás persoas contra contactos con tensións perigosas.

Posta en alerta Tempo que transcorre desde a activación dunha alarma até que o sinal alcanza o centro responsábel de prestar axuda.

Potencia acústica Cantidade de enerxía acústica que emite unha fonte sonora por unidade de tempo.

Potencial calorífico Enerxía calorífica que é capaz de desprender a unidade de masa do material durante a súa combustión completa.

Precaución Actitude de cautela para evitar ou prever os inconvenientes ou danos que poidan terse ao executar unha acción.

Presbiacusia Perda normal de audición, sobre todo para tons agudos, a causa do envellecemento.

Presión de deseño Máxima presión de traballo á temperatura de deseño, utilizada para o cálculo resistente das partes sometidas a presión do aparello.

Presión de proba Presión á que se somete o aparello ou sistema, para comprobar a súa resistencia nas condicións estáticas para as que foi deseñado.

Presión máxima de servizo Presión límite á que quedará sometido o aparello unha vez conectado á instalación receptora.

Prevención de riscos laborais Conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases de actividade da empresa coa finalidade de evitar ou diminuír os riscos derivados do traballo.

Previsión de risco Conxunto de medidas dispostas para facer fronte a situacións derivadas dun accidente.

Primeiros auxilios Tratamento de urxencia que se proporciona a un accidentado antes que se lle poida dar coidado médico ou cirúrxico por persoal capacitado.

Probabilidade do risco Medida estatística da posíbel ocorrencia dun risco derivado do desenvolvemento dunha acción.

Procedemento operativo Estipulación detallada das accións parciais a realizar para a correcta execución dunha operación de seguridade.

Produtor de residuos Titular da industria ou actividade xeradora ou importadora de residuos tóxicos e perigosos.

Profiláctico Acción, sistema ou equipamento utilizado no tratamento preventivo das enfermidades profesionais.

Programa de seguridade Definición detallada das liñas xerais e actuacións concretas para a aplicación da seguridade aos niveis fixados.

Protección Conxunto de actuacións tendentes a evitar ou reducir a probabilidade e intensidade dun risco con respecto a un suxeito: persoa, ben material, función...

Protección Conxunto de actividades adoptadas ou previstas, tendentes a eliminar, minimizar ou diminuír as posíbeis consecuencias que sobre os traballadores/as poderían ocasionar os diferentes riscos adoptados.

Protección civil Organización de carácter estatal ou local que ten como finalidade protexer aos individuos, bens ou instalacións fronte aos accidentes de extrema gravidade e repercusión cidadá.

Protección contra incendios Conxunto de actuacións encamiñadas a protexer, coas medidas e os medios necesarios, a persoas e bens materiais contra os danos que poidan derivarse dun incendio.

Protección radiolóxica Protección do persoal fronte aos efectos nocivos de radiacións ionizantes por medios tales como servizos de rutina, instrución do persoal, vixilancia do mesmo e dos locais e equipamentos protectores.

Protector auditivo Equipamento de protección persoal do oído utilizado por unha persoa para previrse dos efectos non desexados, consecuencia de estímulos acústicos.

Protocolo de actuación Estipulación detallada de accións parciais a seguir para a correcta execución dunha actuación de seguridade.

Protocolo de vixilancia da saúde A vixilancia da saúde terá que axustarse a protocolos específicos con respecto os factores de risco aos que estea exposto o traballador/a. Os contidos e periodicidade destes protocolos son establecidos polo Ministerio de Sanidade e Consumo e as Comunidades Autónomas, oídas as sociedades científicas e consultados os axentes sociais.

Froito da necesidade de dotar de elementos de apoio á vixilancia da saúde así como das esixencias das leis, xurdiu dentro de Grupo de Traballo de Saúde Laboral da Comisión Pública do Consello Inter-territorial a decisión de elaborar protocolos de vixilancia sanitaria específica dos traballadores/as expostos a riscos no lugar de traballo.

Psicosocioloxía da prevención Estudo científico-técnico da relación psicolóxica do traballador/a coas condicións de traballo e a súa repercusión na saúde, física e mental e o rendemento laboral.

Pulsador de alarma Pulsador eléctrico que activa de forma manual o sistema de alarma dunha instalación de detección de incendios.

Punto de inflamación Temperatura mínima á cal, baixo condicións de ensaio determinadas, un material desprende a cantidade suficiente de gases inflamábeis para producir a súa inflamación en presenza dunha fonte de acendido.

Qq

Queimadura Conxunto de trastornos tisulares producido polo contacto máis ou menos prolongado, con lapas ou corpos de temperatura elevada.

Queimadura de primeiro grao Queimadura leve caracterizada pola dor e avermellamento da pel.

Queimadura de segundo grao Queimadura máis severa que a de primeiro grao, caracterizada por vesículas, edema e destrución da capa superficial dos tecidos subxacentes.

Queimadura de terceiro grao Queimadura máis grave que a de segundo grao, caracterizada porque o tecido queimado se necrotiza, separándose do tecido contiguo e formando unha escama seca escura.

Quendas, traballo Toda forma de organización do traballo en equipo segundo a cal os traballadores/as ocupan sucesivamente os mesmos postos de traballo, segundo un certo ritmo, continuo ou discontinuo, implicando para o traballador/a a necesidade de prestar os seus servizos en horas diferentes nun período determinado de días ou de semanas.

Rr

Racor Peza metálica normalizada que posibilita o acoplamento rápido entre mangueiras, lanzas e válvulas. Ligación.

Radiación Mecanismo de transmisión da enerxía mediante un movemento ondulatorio electromagnético que se propaga en todas as direccións á velocidade da luz.

Radiación ionizante Radiación con enerxía suficiente para ionizar a materia, extraendo os electróns dos seus estados ligados ao átomo. As radiacións ionizantes interaccionan coa materia viva provocando diversos efectos. Exemplos deste tipo de radiacións son os raios X, raios gamma, partículas alfa e beta.

Radiación non ionizante Aquela onda ou partícula que non é capaz de arrincar electróns da materia que irradia, tendo polo tanto menos riscos que a ionizante. Exemplos deste tipo de radiacións son as microondas, as ondas de radio, a radiación infravermella...

Radiodermatite Cambios dexenerativos cutáneos como consecuencia dunha exposición excesiva a radiacións ionizantes.

Radiografía Rexistro fotográfico da imaxe de órganos internos do corpo humano, obtido mediante raios X.

Radioterapia Tratamento físico de dolencias no ser humano que actúa mediante a

aplicación de doses relativamente altas de radiacións ionizantes.

Reacción ao lume Contribución dun material ao inicio, desenvolvemento e propagación dun lume.

Reacción en cadea Etapas intermedias da reacción de combustión nas que se xeran radicais libres, reaccións parciais e oxidación final.

Reactividade Susceptibilidade dos materiais ou produtos para reaccionar por sí mesmos con outros, con emisión de enerxía.

Rearmar Acción de pór de novo en servizo un sistema ou elemento despois de se ter producido unha alarma.

Recargo na prestación da seguridade social Todas as prestacións económicas que teñan a súa causa nun accidente de traballo ou enfermidade profesional aumentaranse, segundo a gravidade da falta, dun 30 a un 50%, cando a lesión se produza por máquinas, artefactos ou instalacións, centros ou lugares de traballo que carezan dos dispositivos de precaución regulamentarios, que os teñan inutilizados ou en máis condicións, ou cando non se observasen as medidas xerais ou particulares de seguridade e hixiene no traballo ou as de adecuación persoal a cada traballo, tendo en conta as características da idade, sexo e demais condicións do traballador/a.

Recoñecemento médico Conxunto de probas do estado de saúde dun traballador/a. O recoñecemento médico deberá ser específico para cada posto de traballo. Os recoñecementos terán que ser feitos cando se necesite, en función dos riscos e das condicións de saúde do traballador/a. Os recursos deben orientarse cara unha vixilancia específica da saúde coa periodicidade necesaria en cada caso.

Recurso preventivo Traballadores/as designadas polo empresario/a para vixiar o cumprimento das actividades preventivas, debendo permanecer no centro de traballo durante o tempo en que se mantéña a situación que determine a súa presenza. Deberán acreditar como mínimo, formación en Prevención de Riscos de nivel básico.

Rede de protección contra caídas Malla de seguridade colocada a unha determinada altura que serve para frear a caída accidental dun traballador/a.

Rede xeral de incendios Conxunto de tubaxes, válvulas e accesorios que permiten a condución da auga desde as fontes de alimentación até os puntos de conexión de cada sistema de protección contra incendios.

Redución do risco Conxunto de accións dirixidas a diminuír a probabilidade de ocorrencia dun accidente e tamén a intensidade das perdas se se chegase a producirse.

Reflectancia Relación entre a iluminación que reflicte unha superficie, luminancia, e a que recibe, iluminancia.

Regulamentación de seguridade Conxunto de disposicións legais que estipulan os requisitos que deben cumprir os distintos factores relacionados coa seguridade.

Regulamento Norma Xurídica ditada pola Administración para a execución, desenvolvemento ou complemento das leis preexistentes.

Reparación do dano Conxunto de accións dirixidas a repor material e economicamente as perdas ocasionadas por un accidente.

Requerimento Comunicación escrita realizada pola Inspección de Traballo cando comprobases a existencia dunha infracción da normativa de prevención, para a conseguinte subsanación das deficiencias observadas. O requerimento realizarase sen prexuízo de que ademais disto a inspección poida propor a sanción correspondente facendo a acta de infracción.

Resguardo Medio de protección que impide ou dificulta o acceso de persoas ou das súas extremidades ao punto ou zona de perigo dunha máquina.

Resguardo de axuste automático Resguardo móbil que evita o acceso accidental dunha persoa a un punto ou zona de perigo, mais que permite a introdución da peza a traballar.

Resguardo de encravamento Resguardo con determinadas partes móbiles conectadas aos mecanismos de mando da máquina de maneira que esta non se poida pór en marcha até que os resgardos estean en posición de peche e non poida accederse ao punto de perigo.

Resguardo distanciador Resguardo fixo que non cobre completamente a zona ou punto de perigo, mais que o coloca fóra do alcance normal.

Residuo perigoso Material que presenta un perigo, actual ou potencial, sobre a saúde humana e a seguridade de calquera organismo do entorno.

Resistente ao lume Característica dun elemento ou conxunto de elementos de construción de resistir a acción dun incendio durante un tempo determinado.

Retardador de combustión Substancia engadida ou tratamento aplicado co fin de suprimir, reducir sensibelmente, ou retrasar a combustión do mesmo.

Rexistro de accidentes Sistema administrativo onde se anotan os accidentes e as circunstancias en que se producen, para a súa análise estatística posterior.

Risco laboral Posibilidade de que un traballador/a sufra un determinado dano derivado do traballo e orixinado por el incluído o risco *in itinere*, concorrendo na súa calificación dous factores:

- A probabilidade de que se produza o dano.
- A severidade do mesmo.

Risco laboral grave e inminente Aquel que resulte probábel racionalmente, que se materialice nun futuro inmediato, e poida supor un dano grave para a saúde dos traballadores/as, aínda que estes danos non se manifesten de forma inmediata.

Rociador automático de auga (Sprinkler)

Elemento deseñado para proxectar auga, dotado dun dispositivo termosensíbel, que actúa automaticamente a unha temperatura determinada e que, instalado adecuadamente, pode controlar ou sufo-car un incendio.

ROPS Siglas de Estrutura de Protección Antienvorcamento. Estrutura metálica utilizada para protexer ao condutor/a en caso de envorcamento de maquinaria de construción ou agrícola.

Rota de saída Vía ou camiño de saída que representa maior facilidade para o escape dunha situación de emerxencia.

Rotación de tarefas Técnica laboral que implica o cambio de actividades dentro dun grupo de traballadores/as que realizan tarefas distintas, trasladándoos cada certo tempo dunha tarefa a outra.

Ruído Calquer son non desexado, que orixina sinais que dificultan a recepción doutros sons.

Ss

Saída de emerxencia Parte dunha vía de evacuación que permite a saída segura ao exterior

Sanción Castigo que se establece por incumprimento das obrigas contraídas en materia de seguridade.

Satisfacción laboral Característica do traballo que proporciona niveis adecuados de competencia, variedade, desenvolvemento de destrezas, comodidade e contacto social.

Saturnismo Enfermidade profesional adquirida por intoxicación crónica por chumbo.

Saúde Estado de completo benestar tanto físico como mental ou social, isto é, non é só concibido como a ausencia de afeccións ou enfermidade.

A saúde laboral constrúese nun medio ambiente de traballo adecuado, con condicións de traballo xustas, onde os traballadores/as poidan desenvolver unha actividade con dignidade e onde sexa posíbel a súa participación para a mellora das condicións de seguridade e saúde.

Sector de incendio Espazo fisicamente delimitado respecto ao resto dun edificio suficientemente seguro en caso de incendio.

Sectorización Disposición de elementos construtivos portantes ou separadores, distribuídos nun edificio en función do

uso, ocupación, carga de lume e distribución en planta para resistir e conter o lume no recinto no que se orixinar.

Secuela Incapacidade ou invalidez en maior ou menor grao que deriva de calquera accidente ou lesión.

Segregación de risco Conxunto de accións encamiñadas a establecer unha separación física entre elementos que poden verse afectados por unha mesma causa de risco.

Seguridade no traballo Conxunto de sistemas organizativos, medios humanos e materiais así coma actuacións dispostas para eliminar, reducir e controlar os riscos propios da actividade laboral.

Seguridade social Sistema que, arbitrado polo estado, está dirixido ao benestar e protección dos cidadáns, mediante medidas de previsión exercidas por determinados organismos e institucións.

Seguridade Social, Instituto Nacional da (INSS) Entidade Xestora adscrita ao Ministerio de Traballo e Inmigración, con personalidade xurídica propia, que ten encomendada a xestión e administración das prestacións económicas do sistema público de Seguridade Social e o recoñecemento do dereito á asistencia sanitaria, con independencia de que a lexislación aplicábel teña natureza nacional ou internacional.

Seguro de accidentes de traballo Seguro que ten por obxecto a prestación de asistencia médica e indemnizacións derivadas de lesións corporais sufridas por un traballador/a con ocasión ou como consecuencia do traballo realizado por conta allea.

Seguro de asistencia sanitaria Seguro que cobre o risco de enfermidade ou accidente da persoa asegurada, proporcionándolle servizos médicos.

Seguro de enfermidade Seguro que ten por obxecto a prestación de indemnización en caso de enfermidade do traballador/a asegurada.

Seguro de invalidez Seguro que cobre o risco de imposibilidade de realizar calquera tipo de traballo.

Sensibilidade Característica e capacidade dun instrumento de medida para detectar repetidamente unha cantidade mínima dun determinado contaminante.

Senso Cada unha das facultades que ten o ser humano para percibir as impresións do mundo exterior.

Sensor Dispositivo formado por células sensíbeis que detecta variacións nunha magnitude física e as converte en sinais útiles para un sistema de medida ou control.

Separación de riscos Conxunto de accións encamiñadas a establecer barreiras físicas entre elementos que se poidan ver afectados por unha mesma causa de risco.

Servizo de prevención Conxunto de medios humanos e materiais necesarios para realizar as actividades preventivas a fin de garantir a adecuada protección da seguridade e a saúde dos traballadores/as, asesorando e asistindo para iso:
Ao empresario/a

Aos traballadores/as e aos seus representantes

Aos órganos de representación especializados

Servizo de prevención alleo É o prestado por unha entidade especializada allea á empresa que concerta con ela a realización de actividades de prevención, o asesoramento e apoio que precisa en función dos tipos de risco ou ambas as actuacións conxuntamente.

Servizo de prevención mancomunado Tendo en conta os preceptos esixidos para calquera servizo de prevención está previsto a posibilidade de mancomunar os servizos de prevención para a racionalización dos recursos, tanto humanos como materiais nos seguintes casos:

Aquelas empresas que desenvolvan simultaneamente actividades nun mesmo centro de traballo, edificio ou centro comercial sempre que fiquen garantida a operatividade e eficacia do servizo.

Aquelas empresas pertencentes a un mesmo sector produtivo ou grupo empresarial ou que desenvolvan a súa actividade nun polígono industrial ou área xeográfica limitada a través da negociación colectiva ou mediante acordos, ou no seu defecto, por decisión das empresas afectadas.

Servizo de prevención propio Conxunto de medios humanos e materiais da empresa necesarios para realizar as actividades preventivas.

Siderose Pneumoconiose especial, orixinada polo po de ferro cando se inhala en cantidades suficientes.

Silicose Fibrose pulmonar causada por inhalación de po que contén sílice libre.

Silicotuberculose Infección tuberculosa do pulmón afectado pola silicose.

Simulacro Ensaio preconcebido dunha situación de emerxencia na que se pon en práctica a implantación das distintas actuacións previstas no plan de emerxencia.

Sinal de seguridade Mensaxe relacionado coa seguridade que é captado a través dos sentidos, fundamentalmente a vista e o oído, a través da combinación dunha forma xeométrica, unha cor e un símbolo.

Sinalización Calquera tipo de elemento que poida dar información a unha persoa. A sinalización pode ser acústica, visual, táctil, olfactiva ou gustativa.

Síncope Accidente patolóxico grave con repercusións de detención brusca, e ás veces prolongada, das funcións vitais cardiovasculares e respiratorias, coa perda inmediata da consciencia por falta de irrigación sanguínea do cerebro.

Síndrome de radiación Conxunto de síntomas que caracterizan a enfermidade coñecida como lesión por radiación, e que é o resultado dunha exposición excesiva á radiación ionizante.

Síndrome do tunel carpiano Afección moi común de traballadores/as da montaxe e de usuarios de PVD, causada por compresión do nervio mediano no túnel carpiano, asociado con comichón, dor e entumecemento do dedo polegar.

Sirena Dispositivo que produce un son potente que se emprega como sinal acústico de alarma.

Sistema de protección contra incendios Conxunto de instalacións de protección contra incendios específicas que empregan auga como axente extintor e son alimentadas desde a rede xeral de incendios.

Sistema de traballo Combinación de persoas e medios de traballo que actúan en conxunto, para levar a cabo unha actividade laboral, nun espazo de traballo e baixo unhas condicións impostas pola tarefa a desenvolver

Sistema músculo-esquelético Sistema combinado de músculos e osos que integra o medio biomecánico interno do corpo.

Situación de emerxencia Período de tempo que media entre o a descuberta dun accidente e o momento no que a causa do mesmo está baixo control.

Sobrecarga O que se lle engade a unha carga regular, que pode provocar a deformación, rotura ou deterioramento dos materiais, co conseguinte risco para as persoas.

Sobretensión Tensión anormal existente entre dous puntos dunha instalación eléctrica, superior ao valor máximo que pode existir entre eles en servizo normal.

Son audíbel Son cuxa frecuencia se atopa entre 20 e 20.000 Hz.

Sonómetro Instrumento para a medida do son que consta dun micrófono, un amplificador, un circuíto eléctrico e un instrumento de lectura.

Sprinkler Vexa: Rociador automático de auga.

Sufocación Método de extinción consistente en eliminar ou diminuír a concentración de comburente ou en separar o comburente do combustíbel.

Supervisión Conxunto de accións dirixidas a comprobar o cumprimento das actuacións de seguridade establecidas nunha empresa.

Tt

Tapón Equipo de protección persoal que se utiliza inserido no conduto auditivo externo ou colocado na concha, obturando o canal auditivo externo.

Teclado Terminal que actúa como elemento de interacción ser humano-máquina nun posto de traballo con PVD.

Técnica de seguridade Conxunto de actuacións dirixidas á detección e corrección dos distintos factores que interveñen nos riscos de accidentes e ao control das súas posibles consecuencias.

Técnico/a de prevención habilitado nas comunidades autónomas Funcionarios/as das Comunidades Autónomas habilitados para vixiar o cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais xunto cos inspectores/as de Traballo e Seguridade Social. Teñen publicado decretos de habilitación as Comunidades de Aragón, Cataluña, Extremadura e Madrid.

Técnico/a de seguridade Profesional que posúe os coñecementos específicos do campo da seguridade e os aplica no ámbito público ou privado.

Telurómetro Aparello usado para medir a resistencia eléctrica das tomadas de terra.

Temperatura de autoignición Temperatura mínima á que unha substancia combustible é capaz de inflamarse e manter

unha combustión, sen necesidade dunha fonte de ignición.

Tempo de exposición Período de tempo despois do cal un estímulo determinado actúa, ou é considerado efectivo para actuar, sobre o ser humano.

Tempo de exposición ao lume Período de tempo durante o cal se expón un edificio, elemento ou material a unha chama ou fonte de calor.

Tempo de propagación da chama Tempo que tarda un fronte de chamas para propagarse unha distancia determinada sobre un material en combustión, baixo condicións de ensaio determinadas.

Tendinite Inflamación do tendón dun músculo que sempre se acompaña de inflamación da baaína sinovial que o reveste.

Tensión á terra Tensión entre unha instalación e un punto a potencial cero, cando pasa por dita instalación unha corrente eléctrica de defecto.

Tensión admisíbel Tensión eléctrica máxima á que pode facerse traballar un material sen rebasar a marxe de seguranza.

Tensión de contacto Diferenza de potencial que durante un defecto pode resultar aplicada entre a man e o pé dunha persoa, que toque con aquela unha masa ou elemento metálico, normalmente sen tensión eléctrica.

Tensión de defecto Tensión que aparece a causa dun defecto de illamento, entre unha masa e un elemento condutor eléctrico, ou entre unha masa e terra.

Tensión de seguridade Tensión eléctrica inferior a 50 V para ambientes secos e non condutores, ou ben 24 V, en ambientes mollados, húmidos ou moi condutores

Tensión laboral Efecto da presión exercida polo traballo sobre unha persoa, que depende así mesmo das características e aptitudes individuais de cada traballador/a.

Tensión nominal Valor convencional da tensión eléctrica co que se denomina un sistema ou instalación e para os que se previu o seu funcionamento ou illamento.

TLV Vexa Valor Límite Ambiental.

Toxicidade Propiedade dunha substancia ou produto de causar danos ao corpo humano por acción química.

Toxicidade aguda Efecto venenoso producido por un tempo curto de exposición que ocasiona un dano biolóxico severo ou a morte.

Toxicidade crónica Efecto venenoso producido por un longo período de exposición e que pode dar lugar a un dano biolóxico ou á morte.

Tóxico Calquera substancia ou materia que, introducida no organismo por calquera vía, e capaz de causar un dano biolóxico importante ou a morte.

Toxicocinética Ciencia interdisciplinaria que se ocupa da natureza e os mecanismos dos efectos tóxicos producidos polas substancias químicas no ambiente laboral.

TPA Siglas da denominación do Regulamento Estatal de Transporte de Mercadorías Perigosas por Vía Aérea.

TPC Siglas da denominación do Regulamento Estatal de Transporte de Mercadorías Perigosas por Estrada.

TPF Siglas da denominación do Regulamento Estatal de Transporte de Mercadorías Perigosas polo camiño de ferro.

Traballador/a Persoa que executa calquera exercicio, obra ou función por conta allea, de xeito retribuído e dentro do ámbito de organización e dirección doutra entidade, física ou xurídica.

Traballador/a designado Persoa á que a empresa lle encomenda os labores de Prevención de Riscos Laborais.

Traballador/a especialmente sensíbel Son aqueles que polas súas características persoais, estado biolóxico ou pola súa discapacidade física, psíquica ou sensorial, debidamente recoñecidas, teñan unha susceptibilidade superior ao resto dos traballadores/as, fronte a un risco determinado.

Traballo Acción humana aplicada á produción de bens, prestacións de servizos e outras funcións necesarias.

Traballo a ritmo imposto Traballo cíclico cuxo ritmo se controla por un mecanismo externo ao traballador/a.

Traballo de campo Acción relacionada coa seguridade que se leva a cabo no lugar onde está situado o elemento sobre o que se quere actuar.

Traballo de laboratorio Acción relacionada coa seguridade que se leva a cabo nun laboratorio, distinto do lugar onde está situado o elemento sobre o que se quere actuar.

Traballo dinámico Traballo físico que consiste no movemento do corpo ou dos membros, e no que se alternan a tensión e a relaxación muscular de forma rítmica.

Traballo estático Traballo manual efectuado sen movemento significativo e no cal un músculo pode ficar durante un longo período de tempo nun estado de contracción.

Traballo isométrico Traballo que require un estado de contracción muscular sen movemento, mais que produce traballo fisiolóxico con utilización de enerxía e produción de calor

Traballo repetitivo Actividade cuxos compoñentes parciais son dunha duración relativamente curta e que se repiten sucesiva e continuamente durante un período prolongado de tempo.

Traballos en altura Defínese con nome de traballos en altura a calquera actividade que se realice de forma que haxa unha diferenza determinada de nivel entre o punto de apoio do traballador/a e o seu entorno, xa sexa esta total ou parcial.

Trastornos musculo-esqueléticos Por trastornos musculo-esqueléticos enténdense os problemas de saúde do aparello locomotor, isto é, de músculos, tendóns, esqueleto óseo, cartilaxes, ligamentos e nervios. Isto abarca todo o tipo de doenzas, desde as molestias leves e pasaxeirás até as lesións irreversíbeis e discapacitantes.

Transporte de mercadorías perigosas Transporte de materias que, debido á súa perigosidade, está suxeito a normas específicas e requiren a adopción de medidas de seguridade espaciais para previr os riscos que conlevan as materias.

Tratamento de urxencia Atención terapéutica médica ou cirúrxica urxente para o tratamento de estados patolóxicos de desenvolvemento súbito, a causa dun accidente ou enfermidade.

Trauma acústico Perda de audición debida a explosións, voaduras, golpes na cabeza ou breve exposición a un ruído intenso.

Traxe anti-radiación Equipamento de protección persoal do conxunto do corpo

humano, fabricado con materiais impermeábeis á radiación.

Traxe con subministro de ar Traxe de unha ou dúas pezas, impermeábel para a maioría dos contaminantes particulados ou gasosos, provisto dun subministro adecuado de ar respirábel.

Traxe protector Traxe fabricado en material incombustíbel e illante do calor que permite efectuar nun medio sobreaquecido, recoñecementos de curta duración, salvamentos e extincións rápidas de focos de incendio.

Uu

Unidade extintora Conxunto de dous ou máis extintores de diferentes axentes e situados nun mesmo punto do recinto a protexer, destinados a usos alternativos, segundo as características dos lumes a combater.

Urxencia Situación causada con motivo dun accidente que precisa dunha pronta actuación ou remedio.

Uso Exercicio ou práctica que se lle dá a un determinado ben.

Usuario Persoa que utiliza ou disfruta dun produto ou servizo como destinatario final.

Vv

Valor Límite Ambiental (VLA) Son valores de referencia para as concentracións dos axentes químicos no ar, e representan condicións nas que se considera, baseándose nos coñecementos actuais, que a maioría dos traballadores poden estar expostos día após día, durante toda a súa vida laboral, sen sufrir efectos adversos para a súa saúde.

Valor Límite Ambiental de Exposición de Curta Duración (VLA-CD) Valor límite de referencia para exposicións de curta duración a axentes químicos, non debe ser superado para calquera período de quince minutos ao longo da xornada de traballo.

Valor Límite Ambiental de Exposición Diaria (VLA-ED) Máxima concentración no ar dun axente químico ao cal se poden expor os traballadores/as no seu entorno laboral sen sufrir efectos nocivos durante o seu traballo diario de oito horas.

Valor Límite Biolóxico Valores de referencia para os indicadores biolóxicos asociados á exposición global aos axentes químicos.

Valor Teito Concentración no ar dunha substancia que non se debe sobrepasar en momento ningún durante a exposición no traballo.

Válvula de retención Elemento de peche, non accionábel manualmente, dos siste-

mas de auga contra incendios que se activa por presión da auga.

Válvula de seguridade Válvula destinada a protexer un circuíto ou equipamento contra o exceso de presión do fluído que circula por el.

Varanda Barreira colocada para evitar a pasaxe ou o deslizamento por baixo da mesma así como a caída de obxectos sobre as persoas.

Veleno Substancia que, en doses relativamente pequenas, deteriora gravemente as funcións de órganos ou tecidos e pode chegar a causar a morte.

Velocidade de incremento de presión Relación entre o incremento da presión de explosión e o tempo en que esta ten lugar.

Velocidade de propagación da chama Para gases: Velocidade de propagación dunha fronte de chamas no gas. Para sólidos e líquidos: Velocidade de propagación da chama sobre a superficie dun sólido ou un líquido.

Velocidade lineal de combustión Lonxitude queimada dun material por unidade de tempo, baixo unhas condicións de ensaio determinadas.

Ventilación Conxunto de actuacións destinadas a establecer o movemento, circulación e control da calidade do ar nun espazo pechado.

Ventilación forzada Ventilación que se produce mediante elementos mecánicos que requieran consumo de enerxía.

Ventilación natural Ventilación que se produce polas correntes naturais de movemento do ar.

Ventilador Elemento destinado a provocar circulación de ar, fume e outros gases.

Vertido Evacuación, inxección ou depósito de augas ou produtos residuais, efectuados deliberadamente de maneira directa ou indirecta, nos cauces, no subsolo ou sobre o terreo.

Vestuario laboral Prenda ou conxunto de prendas co que se cobre o corpo dos traballadores/as para a realización dunha actividade laboral

Vía de escape Vía de saída ou evacuación suficientemente protexida para a súa utilización en caso de emerxencia.

Vía de evacuación Camiño a percorrer para a evacuación de emerxencia desde un punto do edificio até un sitio suficientemente seguro.

Vía dérmica Vía de posíbel entrada de contaminantes químicos que comprende toda a superficie da pel.

Vía dixestiva Vía de penetración de contaminantes químicos, constituída por: boca, estómago e intestinos.

Vía parenteral Vía de posíbel entrada de contaminantes no organismo a través da pel: ferida, punción...

Vía respiratoria Vía de penetración do ar nos organismos vivos por onde poden ser inseridos contaminantes químicos, que está constituído por: boca, larinx, bronquios, bronquíolos e alvéolos pulmonares.

Vibracións Defínense como o movemento oscilante que fai unha partícula ao redor dun punto fixo. Este movemento pode

ser regular, en dirección, frecuencia e/ou intensidade, ou ben aleatorio.

As vías de ingreso ao organismo poden ser polo sistema man-brazo ou ao corpo enteiro.

Vibración man-brazo A vibración mecánica que, cando se transmite ao sistema humano de man e brazo, supón riscos para a saúde e a seguridade dos traballadores/as, en particular, problemas vasculares, de ósos ou de articulacións, nerviosos ou musculares.

Vibracións corpo enteiro A vibración mecánica que, cando se transmite a todo o corpo leva riscos para a saúde e a seguridade dos traballadores/as, en particular, lumbalxias e lesións da columna vertebral.

Vixilancia da saúde Verificación periódica do estado de saúde do traballador/a en función dos riscos inherentes ao seu traballo. A garantía da vixilancia da saúde é un deber para o empresario/a e un dereito para o traballador/a.

A vixilancia da saúde pode estenderse máis alá do período de vixencia do contrato laboral cando hai risco de enfermidade tempo despois da exposición, por tratar con produtos, circunstancias ou substancias. A vixilancia postocupacional se traslada ao Sistema Nacional de Saúde. Vexa “Recoñecemento Médico”.

Vixilancia radiolóxica Verificación periódica sistemática da dose de radiación recibida por cada persoa durante as horas de traballo.

Xx

Xordeira profesional Redución da capacidade auditiva dos traballadores/as debida á exposición constante aos ruídos existentes no seu lugar de traballo.

Zz

Zona controlada Espazo determinado onde existe unha fonte de radiación ionizante, o que propicia que haxa a posibilidade de recibir doses efectivas superiores a 6mSv por ano, ou unha dose equivalente superior a 3/10 dos límites de dose equivalentes para o cristalino, a pel e as extremidades establecidos para os traballadores/as expostos. Nesta zona é obrigatorio o uso de dosímetros individuais. Sinalízase cun trevo verde sobre fondo branco.

Zona de detección Conxunto de detectores ou pulsadores cuxo sinal de alarma, avaría ou estado, reflíctese na central de sinalización e control.

Zona de perigo Calquera zona situada no interior ou o redor dun equipo de traballo na que a presenza dun traballador/a exposto entraña un risco para a súa seguridade ou a súa saúde

Zona de perigo de radiación Zona dentro da cal se supera a dose máxima constante permisíbel de radiación.

Zona de permanencia limitada Espazo determinado no que, por existir unha fonte de radiación ionizante, existe a posibilidade de recibir doses efectivas superiores aos límites anuais. Sinalízase mediante un trevo amarelo sobre fondo branco

Zona de permanencia prohibida Espazo determinado no que, por existir unha fonte de radiación ionizante, existe a posibilidade de recibir doses efectivas superiores os límites anuais mais só nunha única exposición. Sinalízase mediante un trevo vermello sobre fondo branco

Zona de protección eléctrica Espazo comprendido entre os límites dos lugares accesíbeis, por unha parte, e os elementos que se encontran baixo tensión eléctrica, por outra.

Zona vixiada Espazo determinado no que, por existir unha fonte de radiación ionizante, existe a posibilidade de recibir doses efectivas superiores a 1mSv por ano oficial ou unha dose equivalente superior a 1/10 dos límites de dose equivalentes para o cristalino, a pel e as extremidades establecidos para os traballadores/as expostos. Sinalízase cun trevo gris azulado sobre fondo branco.

Glosario de Medio Ambiente

Aa

Abiótico/a Referido aos compoñentes do medio ambiente que carecen de vida.

Acidez Contido de ións de hidróxeno que posúe unha solución química, que se expresa por un valor na escala do pH. A solución é ácida cando a concentración de ións de hidróxeno (H^+) é meirande cá de ións hidroxilo (OH).

Acidificación Proceso químico que se manifesta como resultado dun incremento da concentración de ións hidróxeno (H^+) nas solucións do solo ou outros compoñentes do medio ambiente.

Adubo orgánico Produto formado por materia orgánica de orixe animal e/ou vexetal que se emprega para fertilizar a terra. Esterco.

Adubo químico Produto químico que se aplica nos terreos para mellorar ou incrementar a súa fertilidade, así como para axustar a súa acidez ou alcalinidade.

Aerobio Organismo que necesita de osíxeno para vivir.

Aerosol Suspensión coloidal de substancias líquidas ou sólidas, ou ambas as dúas, nun medio gasoso. Recipiente cun gas a presión, que permite proxectar un produto líquido incorporado, que pode ser insecticida, desodorizante, etc.

Agricultura ecolóxica Conxunto de técnicas e métodos de produción non químicos

que ten por finalidade a preservación das calidades agrícolas, a conservación dos recursos naturais e o establecemento do equilibrio entre a natureza e as necesidades do ser humano.

Agricultura orgánica Sistema de cultivo que pretende evitar o uso de agroquímicos, e mellorar a produtividade agraria a través da aplicación da rotación de cultivos, a adición de subprodutos agrícolas e o control biolóxico de pragas.

Álcali Base solúbel que neutraliza un ácido. Entre os álcalis figuran a sosa cáustica (hidróxido de sodio), amoníaco (hidróxido de amonio) e hidróxido de calcio.

Alcalinización Proceso químico que se manifesta como resultado da diminución da concentración de ións de hidróxeno en determinados elementos do medio ambiente.

Altermundialismo Movemento social heteroxéneo que critica o proceso de globalización e considera que outro mundo é posible. As súas propostas pasan polo respecto dos dereitos humanos, a equidade social e económica e o coidado do ambiente e dos recursos naturais.

Anaerobio Organismo que pode vivir en ausencia total de osíxeno libre, como acontece con certos microorganismos.

Análise Exame das partes constituíntes dunha cousa complexa, de cara a entender a súa natureza ou determinar os seus caracteres esenciais.

Antrópico Referido ao efecto, positivo ou negativo, provocado pola acción do ser humano sobre o contorno.

Ar Contido da capa atmosférica, en contacto co chan e cos océanos, composto por unha mestura de nitróxeno, osíxeno e outros gases. O ar cumpre numerosas funcións: ciclo da auga, transporte de especies, ventos, e proporciona osíxeno para a vida das especies aerobias.

Área protexida Parte determinada do territorio declarada, de acordo coa lexislación vixente, de relevancia ecolóxica, social e histórico-cultural, e que está destinada á protección, mantemento e conservación da diversidade biolóxica e os recursos naturais, históricos e culturais asociados.

Área natural Espazo onde un ou máis elementos naturais ou da natureza non foron alterados polas sociedades humanas.

Arquitectura bioclimática Conxunto de solucións arquitectónicas que toma en conta as condicións climáticas e naturais da localidade onde se asenta a construción, cos obxectivos de reducir o consumo de recursos e de aforrar enerxía.

Atmosfera É a envoltante gasosa que rodea a superficie da Terra até unha altura de 10.000 km, composta por nitróxeno (78%) e osíxeno (21%). O 1% restante fórmano o argon (0,9%), o dióxido de carbono ou CO₂ (0,03%), distintas proporcións de vapor de auga, e trazas de hidróxeno, ozono, metano, monóxido de carbono, helio, neon, cripton e xenon. É un medio indispensable para a

vida: para a respiración animal, para a fotosíntese, para a protección fronte as radiacións ultravioletas e para a determinación do clima.

Auditoría Ambiental Instrumento de xestión que avaliará sistemática, obxectiva, independente e periodicamente o comportamento dunha organización de acordo cun programa de xestión e uns obxectivos establecidos, así como o grao de cumprimento da normativa vixente. As auditorías poden ser realizadas por persoal da propia organización (auditorías internas) ou por persoal externo (auditorías externas), mais en todo o caso deben ser sempre imparciais.

Auditoría do sistema de xestión ambiental Avaliación sistemática para determinar se o sistema de xestión ambiental e o comportamento ambiental da organización cumpren coas disposicións planificadas, ademais de comprobar se o sistema é efectivo e axeitado á política e obxectivos ambientais da organización.

Auga Composto inodoro, incoloro e insípido, amplamente distribuído, tanto en estado líquido, como sólido ou gasoso, abranguendo o 70% da superficie terrestre. Ademais é un composto químico sinxelo (H₂O), esencial para o desenvolvemento da vida, e así os nosos corpos son nunha grande porcentaxe auga (50-90%). A pesar da extensión deste líquido polo Planeta, o certo é que a súa distribución é irregular, e menos do 1% é apto para ser consumido, polo que se está a converter nun recurso natural moi valioso.

Auga contaminada Auga á que se incorporaron elementos contaminantes que deterioraron a súa calidade orixinal, e polo tanto os usos previstos vense limitados.

Auga potábel Auga doce que pode ser bebida e empregada sen riscos para a saúde.

Augas residuais Augas resultantes dos usos domésticos, comerciais ou industriais cuxa calidade se degradou debido á incorporación de elementos contaminantes. Sinónimo de augas negras. Para evitar que estas augas contaminen os ecosistemas é preciso o seu tratamento e depuración.

Avaliación ambiental estratéxica A Directiva europea 2001/42, trasposta pola Lei 9/2006, introducen a avaliación ambiental estratéxica, que é un instrumento no que se terá que analizar, con carácter previo, os posibles efectos que poidan causar sobre o medio ambiente os plans e programas que emanen directamente das Administracións públicas.

Avaliación de impacto ambiental É un mecanismo administrativo de control preventivo dos efectos negativos que os proxectos, programas ou obras de certo tamaño poidan ter sobre o medio ambiente. Implantouse en Europa a raíz da publicación da Directiva europea 85/337.

Nas Avaliacións de impacto ambiental faise unha análise multidisciplinar dos posibles impactos que o proxecto poida causar, para así poder tomar as medidas preventivas e/ou paliativas precisas. Ademais, tamén é unha técnica participativa, que permite que os axentes interesados poidan presentar as súas alegacións.

Axencia Europea do Medio Ambiente (AEMA) Situada en Copenhague, foi creada en 1990. Este organismo, consultivo e independente, dedícase a facer estudos e recoller información ambiental e territorial ao longo da Unión Europea e mesmo doutros países veciños. Para tal fin, conta coa rede EIONET, que reúne a unha serie de centros nacionais e comunitarios, que son os encargados de recoller os datos. Así mesmo, a AEMA, con esta información, trata de avaliar o estado da saúde e da calidade de vida da poboación, e previr escenarios futuros para os pór a disposición dos responsábeis políticos e do conxunto da cidadanía.

Axenda 21 ou Programa 21 Trátase dun extenso documento, de 40 capítulos, máis de 100 ámbitos de actividade e 3.000 recomendacións, aprobado na Cimeira da Terra, de 1992, onde se recollen todas as grandes temáticas ambientais, incluíndo a dimensión social e económica. A pretensión era servir de guía mundial para resolver o problema da crise ambiental, e para iso achegaba as actuacións necesarias e as vías posibles de financiamento. Ademais, salientaba o papel esencial de grupos sociais desfavorecidos como son as mulleres, os nenos, os indíxenas, as ONG ou os traballadores/as.

Axenda 21 local A Axenda 21 aprobada na cimeira de Río de Xaneiro en 1992 pretendía dar solucións prácticas á meirande parte dos graves problemas da Humanidade. Alén destas recomendacións xerais, solicitaba que todos os estados e organismos públicos implantasen a súa propia Axenda 21. Isto sae do

concepto de pensa globalmente, actúa localmente. Isto é, os cambios globais só poderán chegar se primeiro hai mudanzas na base, no máis achegado á cidadanía. Daí xurdiron as Axendas 21 Locais (A21L), que son os documentos e as propostas de sustentabilidade desenvolvidas polos concellos ou outras entidades locais.

Bb

Balance ecolóxico Equilibrio dinámico que forman os diferentes compoñentes dunha comunidade natural como resposta diante da sucesión ecolóxica natural, as alteracións climáticas e outras influencias externas.

Balance hídrico Proceso de análise mediante o cal se realiza, na natureza ou nun territorio dado, un balance entre as dispoñibilidades de auga e os consumos ou necesidades existentes ou previstas.

Base Composto químico cuxa solución en auga ten un pH maior de 7 (nunha escala de 14) e é capaz de captar ións de hidróxeno (H^+). Así canto máis alto sexa o seu pH, máis potente é a base. As bases potentes teñen unha grande cantidade de ións de oxhidrilo (OH) en solución.

Benestar Estado acadado na satisfacción das necesidades básicas fundamentais da sociedade, que se expresa nos niveis de educación, saúde, alimentación, seguridade social, vivenda, desenvolvemento urbano e protección do ambiente. O benestar económico pódese definir en función do incremento do produto, do aumento na participación do gasto social respecto ao total de ingresos, da mellora na distribución dos ingresos, do aumento do emprego e do fortalecemento na balanza de pagamentos.

O benestar social mediríase polo incremento nos niveis de saúde, educación, vivenda, alimentación e pola erradicación da pobreza extrema.

E o benestar ambiental lógrase a través do combate ás diversas fontes de contaminación, coa reforestación de áreas verdes, co mantemento da diversidade biolóxica, e co coidado dos recursos non renovábeis.

Bioacumulación Retención progresiva dunha substancia nos tecidos dun organismo durante un período da súa vida. Os metais pesados adoitan ser algúns dos elementos que se acumulan no corpo e que, traspasado un determinado limiar, poden provocar enfermidades e doenzas. Ademais, esa acumulación pode transmitirse por medio da cadea trófica, e a concentración da substancia contaminante irá aumentando a medida que se ascenda no nivel da cadea.

Biocarburante Combustíbeis que se obtéñen, mediante procesos químicos, de aceites reciclados, ou de restos de cultivos ricos en azucres (trigo, millo...) ou doutros cultivos enerxéticos (colza, xirasol, pataca...). Estes carburantes poderán ser usados para xerar calor ou electricidade, mais sobre todo en motores, incluídos os dos automóviles.

Desta maneira, e en termos xerais, un quilogramo de biomasa permite obter 3.500 Kcal, mentres un litro de gasolina xera 10.000 Kcal.

Biocenose Parte dun ecosistema que está constituído polo conxunto dos seres vivos, xa sexan vexetais, animais ou microorganismos, que habitan nun espazo determinado, xa for terrestre ou acuático.

Biocida Composto químico capaz de extinguir a vida, que adoita ser empregado como bactericida, fungicida, herbicida, insecticida, nematocida ou praguicida, para eliminar aqueles organismos vivos que interferen negativamente nas actividades humanas.

Biodegradábel Substancia que se descompón ou desintegra con relativa rapidez en compostos simples por efecto dalgúñas formas de vida como as bacterias, fungos, vermes e insectos.

Biodegradación Proceso a través do cal unha substancia orgánica pode transformarse noutras máis sinxelas por mor da acción, principalmente, dos microorganismos.

Biodiversidade Variedade de xenes, especies, grupos tróficos e ecosistemas que existen nun lugar determinado. Sinónimo de diversidade biolóxica, é a variabilidade de organismos vivos de calquera clase, incluídos os ecosistemas terrestres e acuáticos. É froito da evolución natural e o seu potencial para o uso humano aínda é descoñecido (alimentos, medicinas...).

Biogás Conxunto de gases provenientes da dixestión anaerobia de residuos orgánicos, composto por unha mestura de metano, dióxido de carbono e outros

gases de elevado poder calorífico. É producido, por exemplo, en vertedoiros ou pozos negros, e úsase como combustible para obter calor ou producir electricidade.

Bioloxía Ciencia que estuda os seres vivos: a súa constitución, estrutura, función e relacións. Ten dúas pólas principais: a Zooloxía, que estuda a vida animal, e a Botánica, que estuda a vida vexetal.

Bioma Tamén chamada paisaxe bioclimática, é a comunidade de organismos interrelacionados que viven nunha área dada, xa for terrestre ou acuática. Ou sexa é unha área onde o clima, a fauna e a vexetación están relacionados, tales como poden ser os arrecifes tropicais ou os bosques atlánticos.

Biomasa É o peso vivo ou o peso total da materia viva nunha zona ou hábitat determinado, que adoita expresarse en unidades de superficie de terreo ou por volume de auga.

Biosfera Capa do planeta onde se concentra a vida. Está formada pola parte inferior da atmosfera, pola codia terrestre e máis polos océanos, que onde se desenvolven a maioría dos organismos vivos.

Bioteclonoloxía Aplicacións tecnolóxicas que utilizan os sistemas biolóxicos e/ou organismos vivos ou os seus derivados para a creación ou modificación de produtos variados. As súas aplicacións son usadas no eido da química, farmacia, medicina e agricultura. Un dos seus produtos máis coñecidos son os chamados transxénicos.

Biótico Relativo á vida e aos compoñentes vivos dun ecosistema.

Biótopo Espazo ocupado por unha bioce-nose, ou sexa a área xeográfica ocu-pada por unha comunidade de plantas e/ou animais que se caracteriza por un alto grao de uniformidade ambiental.

Bo goberno Tamén chamado “goberna-nanza”, é un concepto que esixe que o conxunto dunha organización, xa sexa empresarial ou da Administración, teña definido con claridade o seu modelo de xestión para que sexa eficaz, responsá-bel, honesta, transparente, racional e digna. Para logralo sería preciso rema-tar coas prácticas corruptas, coa xestión unilateral e personalista, coa busca do obxectivo único de incrementar benefi-cios, e pasar a ofrecer confianza e se-guridade aos usuarios/as, aos emprega-dos/as e a outras partes interesadas.

Segundo o Libro branco redactado pola Comisión Europea (COM 2001/421), a gobernanza debe seguir cinco princi-pios: franqueza (máis e mellor comu-nicación para mellorar a confianza do público xeral), participación (desde o deseño até a posta en práctica das dife-rentes políticas), responsabilidade (pro-cesos e responsabilidades claros), efi-cacia (políticas efectivas e oportunas, marcándose obxectivos claros e alcan-zábeis) e coherencia (dirección e lide-rado dentro dun sistema complexo).

Boas prácticas Conxunto de actividades desenvolvidas por un proxecto que, logo da necesaria divulgación, poden ser aproveitadas e aplicadas por outras en-tidades que non participasen no mesmo.

Brundtland, informe Informe presentado no 1987 por parte da Comisión Mun-dial de Medio Ambiente e Desenvolve-mento da Organización das Nacións

Unidas, que estaba dirixida pola Pri-meira Ministra de Noruega, Gro Har-lem Brundtland. Neste documento, que tiña por título “O noso futuro común”, é onde se utiliza por vez primeira o concepto de desenvolvemento susten-tábel como eixo de actuación para evi-tar o colapso xeral do Planeta.

Cc

Cadea trófica Serie de especies existentes en todo ecosistema a través do cal se transmite a enerxía. Son organismos que se nutren doutros.

O inicio de todas as cadeas está nos vexetais con fotosíntese ou autótrofos; estes crean materia viva a partir da inerte, e chámanse produtores. Logo os animais que se alimentan destes, fitófagos en xeral, son consumidores primarios. E á súa vez serven de alimento aos carnívoros ou consumidores secundarios, e que son o nivel máis alto da cadea, onde se sitúa tamén o ser humano.

Calidade A totalidade das características dunha entidade, que lle confiren a aptitude para satisfacer as necesidades establecidas ou implícitas.

Superioridade de algo polas súas características respecto a un grupo ou conxunto.

Calidade ambiental Conxunto de atributos e indicadores do grao de adecuación do medio ambiente coas necesidades básicas dos organismos vivos, en especial do ser humano.

Ou sexa é o estado físico, biolóxico e ecolóxico dunha zona determinada da biosfera, en termos relativos á súa unidade e saúde.

Calidade de vida Criterio de benestar humano considerado integralmente. Mentres o concepto de benestar está vinculado á posesión, principalmente, de elementos físicos e á prosperidade, a calidade de vida fai referencia á satisfacción persoal, aos aspectos inmateriais. É un concepto multidimensional que abrangue dispor duns ingresos mínimos para manter as necesidades cubertas, de tempo e de saúde para gozar deles, mais tamén poder ter a formación precisa, un traballo enriquecedor e autorrealizarse, ou gozar de seguridade emocional e sentimento de pertenza.

Calidade do ar Conxunto de indicadores do grao de adecuación do ar coas necesidades de vida dos organismos vivos. É unha medida que se aplica, en grande medida, aos espazos pechados ou ámbitos urbanos e/ou con elevada industrialización, para medir as repercusións das emisións de gases contaminantes.

Cambio climático Cambios notábeis do clima con transcendencia máis ou menos permanente e distintos aos que son de natureza cíclica ou incidental.

Este é un proceso que aconteceu de maneira permanente ao longo da historia da Terra, mais que na actualidade se ve acelerado como resultado da acu-

mulación na atmosfera de gases causantes do efecto invernadoiro.

O cambio climático actual maniféstase no incremento das temperaturas, o derretemento dos xeos, o incremento do nivel do mar, a desertificación, a perda da diversidade biolóxica, etc., que terán, á súa vez, graves consecuencias sobre as sociedades humanas máis vulnerábeis.

Capa de ozono Tamén chamada ozonoesfera, é a parte interior da estratosfera, entre os 15 e os 40 km de altitude, na cal existe unha concentración de case o 90% do ozono atmosférico e que absorbe o 97% da radiación ultravioleta de alta frecuencia, nociva para a vida na Terra.

Capacidade de carga Capacidade dun ecosistema para sustentar organismos sans e asimilar os seus efectos contaminantes e, asemade, manter a súa produtividade, adaptabilidade e condicións de renovación.

Desde o punto de vista das especies, sería o número máximo de animais que un territorio pode aturar nun período determinado sen se deteriorar.

No eido turístico, sería a cantidade de visitantes por día, mes e ano, que un espazo protexido pode soportar, en relación á súa tipoloxía, tamaño, topografía e outras condicións.

Carbono É un elemento químico simple, inodoro e insípido, cuxo símbolo químico é C, o número atómico 6 e o peso 12.01. Atópase en estado sólido e sometido a elevadísimas temperaturas convértese en vapor sen pasar polo estado líquido. Está presente en todas as substancias orgánicas, polo que é o elemento fundamental para a vida.

Carga contaminante Cantidade de contaminante que se atopa nos diferentes medios (solo, auga, atmosfera), ou que é liberada aos ditos medios nunha unidade dada de tempo.

Central hidroeléctrica Conxunto de instalacións que aproveitan a enerxía potencial da auga para xerar electricidade. Habitualmente levan parello a existencia de encoros, tubaxes, e turbinas para a xeración de electricidade.

Central nuclear Conxunto de instalacións onde a enerxía liberada a partir de reaccións nucleares transfórmase, por medio de turbinas, en enerxía eléctrica.

Central termoeléctrica Conxunto de instalacións onde se xera electricidade a partir do accionamento de turbinas de vapor ou motores de combustión interna, xa sexa empregando gasoleo, gas natural, carbón, biomasa ou outros combustíbeis semellantes.

Certificación Proceso polo cal un organismo independente, previamente acreditado, analiza, constata e certifica que un sistema de xestión determinado está implantado e que funciona correctamente, consonte as obrigas e determinacións definidas anteriormente.

Choiva ácida Denomínase así a aquelas precipitacións (choiva, neve, sarabia ou néboa) nas que a auga ten unha acidez elevada, cun pH menor a 5,65 (lembrémos que o pH neutro é 7). Isto prodúcese cando gases como o dióxido de xofre (S O₂) emitido, por exemplo, polas centrais térmicas, os óxidos de nitróxeno dos automóbiles, ou o amoníaco das actividades agrarias, ao mesturárense nas nubes co vapor de auga dan lugar a ácidos perigosos coma o sulfú-

rico (SO_4H_2) ou o nítrico (NO_3H), que caerán á Terra cando chova.

Esa auga aceda precipitará sobre os campos e as árbores, queimando as colleitas e debilitando as follas, o cal favorecerá a propagación de pragas. Tamén afectará ás masas de auga, sobre todo aos lagos e encoros, e mesmo á fauna. Ademais os ácidos son corrosivos nos metais e poden provocar graves danos en moitas construcións.

Ciclo Serie recorrente de fenómenos naturais, nos que a materia se transforma mediante procesos físicos ou químicos, degradándose a enerxía.

Ciclo do carbono Serie sucesiva de procesos de transición do carbono entre os organismos e o ambiente que contribúen ao mantemento das constantes atmosféricas e climáticas necesarias para a vida na Terra.

Deste xeito, o dióxido de carbono da atmosfera, procedente da respiración dos seres vivos, transfórmase, por efecto da fotosíntese das plantas verdes, en complexos orgánicos (carbohidratos), que novamente son degradados pola respiración metabólica dos organismos consumidores e polas propias plantas.

Ciclo do fósforo A proporción de fósforo (P) na materia viva é relativamente pequena, mais o papel que desempeña é vital, ao formar parte dos ácidos nucleicos como o ADN ou estar en moitas substancias intermedias da fotosíntese. O ciclo comeza cando os seres vivos toman fosfatos das rochas fosfatadas. Estes pasan aos vexetais polo chan e, a seguir, pasan aos animais. Cando estes excretan, os descompoñedores actúan volvendo a producir fosfatos. Unha parte é arras-

trada para o mar, onde o toman as algas, peixes e aves mariñas, as cales producen guano, que é un excelente fertilizante.

Ciclo do nitróxeno Certas bacterias poden cambiar o gas nitróxeno libre en compostos solúbeis de nitróxeno como os nitratos que poden usar as plantas para constituír tecidos vivos. Outras bacterias desintegran estes compostos nitróxenos en compostos máis simples ou en nitróxeno libre que son devoltos ao ar. Tales bacterias son a causa das perdas do nitróxeno na Terra e completan, así, o ciclo do nitróxeno.

Ciclo hidrolóxico Tamén chamado ciclo da auga, é o circuíto natural polo cal a auga móvese dos océanos á atmosfera, por mor da evaporación, e daí á superficie terrestre, por efecto das choivas, retornando, ben a lagos e océanos por escorrentía e redes fluviais, ou ben á atmosfera por evaporación ou transpiración.

Neste ciclo os lagos e ríos constitúen a maior fonte de auga doce, da que se aproveitan os humanos, e polo tanto son o punto máis feble e onde as actividades humanas inciden de maneira máis negativa.

Clima Conxunto de condicións atmosféricas (temperatura, humidade, nebulosidade, choiva, sol, dirección e velocidade dos ventos) que dominan e alternan continuamente nunha localidade determinada.

Modelo explicativo do conxunto de condicións atmosféricas e meteorolóxicas que se rexistran sobre un territorio nun período de tempo suficientemente longo (30 anos) como para poder considerar representativos os datos.

Clorofluorocarbonos Máis coñecidos como CFC, son gases inertes, non tóxicos, derivados do metano e do etano, nos que os átomos de hidróxeno foron substituídos por fluor e cloro. As súas fontes son os aerosois, os refrixerantes (frigoríficos) e os disolventes.

Os CFCs, inventados en 1928, son moi versátiles e baratos, mais contribúen de xeito importante á destrución da capa de ozono estratosférica. A súa acumulación fixo descender a porcentaxe de ozono nas capas altas da atmosfera, visualizándose a partir de 1985, cando se comproba a existencia dun burato da capa de ozono sobre a Antártida, con diminucións do 40-50%.

Coliforme Bacteria común do intestino dos animais vertebrados, entre eles o ser humano. A súa presenza nas augas, con índices altos, tómase como indicador de contaminación de orixe fecal. A bacteria máis coñecida é a *Escherichia coli*.

Combustíbel biolóxico Materia de orixe vexetal ou animal, procedente de recursos renovábeis que se emprega en caldeiras e motores de combustión.

Combustíbeis fósiles Son substancias minerais provenientes da descomposición lenta da materia orgánica, procesada de forma natural a través do tempo xeolóxico, e que dá como resultado a mestura de compostos orgánicos que se extraen do subsolo co obxectivo de producir enerxía ou outros produtos.

Deste xeito, considéranse combustíbeis fósiles o carbón, procedente de bosques do período carbonífero, ou o petróleo e o gas natural procedentes da acumulación doutros organismos mariños.

A súa combustión produce a emisión á atmosfera de millóns e millóns de toneladas de gases contaminantes, coma o CO₂, CO, SO₂ ou NO.

Combustíbel limpo Fonte de enerxía que non produce contaminación.

Comisión paritaria de medio ambiente

Órgano integrado, en igual número, por representantes dos traballadores/as, nomeadamente os delegados/as de medio ambiente, e representantes da empresa. As súas funcións serían as de definir a política medioambiental da empresa, aprobar o Plan de Xestión Ambiental, recibir información periódica e por escrito sobre todos os aspectos relacionados co comportamento ambiental da empresa, ser consultados de forma previa a calquera decisión ou cambio na que poida repercutir sobre a política ambiental e fomentar e garantir a formación e participación dos traballadores/as na xestión ambiental da empresa.

Compost Adubo rico e escuro, produto da descomposición en presenza de osíxeno de refugallos orgánicos por efecto da destrución e consumo dos amidóns, proteínas e graxas. Posúe un contido equilibrado de nutrientes, microorganismos e minerais.

Compostos orgánicos volátiles Tamén coñecidos pola súa abreviatura COV, son substancias que interveñen nas reaccións fotoquímicas da atmosfera e son emitidas pola utilización de disolventes, ou polas industrias petrolíferas e de gas natural, así como polos vehículos automóbiles.

Conferencias internacionais Reunións internacionais, a meirande parte das veces promovidas pola ONU ou os seus or-

ganismos, para tentar solucionar algunha problemática que abranga a dous ou máis estados.

Desde o punto de vista ambiental cómpre salientar a Conferencia da Biosfera, celebrada en 1968 en París, que foi a primeira na que se falou de temas ambientais. A Conferencia de Estocolmo, de 1972, que tratou sobre o Medio Ambiente Humano. A Cimeira da Terra, de Río de Xaneiro, celebrada en 1992, que foi o punto de partida do concepto de desenvolvemento sustentábel. Ou a Conferencia de Johannesburg, de 2002, na que se fixo unha avaliación e adaptación dos obxectivos de Río.

Conservación Xestión do uso, por parte dos seres humanos, de organismos ou ecosistemas co propósito de garantir a súa sustentabilidade. Inclúe, ademais, o uso controlado, a protección, o mantemento, o restablecemento e o incremento das poboacións, os ecosistemas e todos os recursos.

Conservacionismo Tendencia que, dentro da ecoloxía, alega como criterio de protección do medio ambiente o seu mantemento en forma natural, considerando o efecto da acción humana sobre os ecosistemas como un factor de alteración sempre indesexábel.

Conservacionistas Científicos e ilustrados que aparecerán a mediados do XIX ao observaren as consecuencias adversas orixinadas pola Revolución Industrial sobre o medio natural. Son os que fundan as primeiras organizacións de defensa da Natureza, e os que propician a creación dos primeiros Parques Nacionais.

Consumismo Comportamento social que tende a igualar a felicidade persoal coa adquisición de bens e servizos ou co consumo en xeral. Tamén se refire ao consumo desmedido de bens e servizos na sociedade contemporánea que impacta seriamente nos recursos naturais e o equilibrio ecolóxico.

Contaminación A introdución directa ou indirecta, mediante a actividade humana, de substancias, vibracións, calor ou ruído na atmosfera, a auga ou o solo, que poidan ter efectos prexudiciais para a saúde humana ou a calidade do medio ambiente, ou que poidan causar danos aos bens materiais ou deteriorar ou prexudicar o gozo ou outras utilizacións lícitas do ambiente.

Contaminación acústica A produción de ruído que poida xerar efectos prexudiciais na saúde ou no medio ambiente.

Contaminación atmosférica Segundo a Lei 38/1972, de protección do ambiente atmosférico, a contaminación atmosférica é a presenza no ar de substancias ou formas de enerxía que impliquen riscos, dano ou molestia grave para persoas ou bens de calquera natureza.

A forma máis característica desta contaminación é a emisión de gases indesexábeis por medio de chamineas ou tubos de escape.

Contaminación hídrica Sería unha modificación das características físicas, químicas e bacteriolóxicas que presenta a auga no seu estado natural provocada, directa ou indirectamente pola acción do ser humano, facéndoa impropia ou perigosa para o consumo directo, ou por parte da industria, a agricultura, a pesca, ou as actividades

recreativas, así como para os animais domésticos e a vida natural.

Contaminación mariña É aquela contaminación hídrica que afecta directamente ao medio mariño.

Neste caso os focos de contaminación poderán estar nas verteduras directas de orixe industrial ou urbana, das fábricas e núcleos de poboación que se atopan no litoral. Mais tamén dos vertidos dos ríos contaminados, e das verteduras realizadas no mar por parte de buques e instalacións flotantes, xa sexa voluntariamente ou por mor dun accidente, como acontece coas mareas negras.

Contaminación transfronteiriza Contaminación que se xera nun país, atravesada as fronteiras mediante o ar ou a auga e provoca un dano ambiental nun país ou países veciños.

Contaminante Substancia química, biolóxica ou radiolóxica, en calquera dos seus estados físicos e formas, que ao incorporarse ou encontrarse por riba das súas concentracións normais na atmosfera, auga, solo, fauna ou calquera elemento natural altera o equilibrio natural de forma sensíbel, por riba da capacidade de rexeneración a longo-medio prazo.

Control biolóxico Eliminación de pragas mediante o uso de organismos vivos, tales como parasitos, depredadores, bacterias e virus.

Convenio de Aarhus Documento asinado en 1998 para desenvolver o principio 10 da Declaración de Río de Xaneiro de 1992: o recoñecemento do dereito das persoas ao acceso á información ambiental; a aceptación do dereito a participar nos procesos de toma de de-

cisións; a garantía de acceso á xustiza para defender estes dereitos.

A UE ratificou o Convenio, e desenvolveuno coas Directivas 2003/4 e 2003/35. Pola súa parte as directivas comunitarias traspuxéronse no Estado español coa Lei 27/2006.

Cunca hidrográfica Área xeográfica e socioeconómica delimitada por un sistema hídrico onde as augas superficiais verten cara a un ou varios cursos fluviais e que poden desembocar nunha rede hidrográfica natural.

Crise ambiental Defínese desta maneira á actual situación que abrangue a todo o planeta por mor do exceso que impactos que está a sufrir o medio natural. O problema xorde cando as actividades humanas rachan de maneira fonda e rápida o equilibrio ambiental, e o sistema natural non ten tempo suficiente para adaptarse, o cal deriva irremediabelmente na aparición de fenómenos non desexados.

Dd

Dano ambiental Acción negativa ou prexudicial exercida por un ou varios factores, habitualmente antrópicos, alleos ao medio.

DDT Insecticida altamente tóxico, cuxas siglas significan Dicloro–Difenil–Tricloroetano. É cristalino, incoloro, inodoro e insolúbel na auga. O problema é que se insire na cadea alimenticia e produce cancro, polo que está prohibido o seu uso.

Débeda ecolóxica Acumulación de efectos ambientais do pasado en termos de diminución dos recursos e deterioración do medio ambiente, co consecuente dano para as xeracións futuras. Un exemplo claro poden ser os residuos nucleares, que manterán a súa perigosidade durante milleiros de anos.

Decibel O noso oído pode detectar variacións de presión sonora, medida en pascais (Pa), entre 2×10 Pa e 100 Pa. Debido a esta marxe tan ampla é polo que se recorre ao decibel (dB), unha argucia matemática que permite traballar con números máis doados de manexar. É unha escala logarítmica que utiliza o limiar auditivo de 20 μ Pa como nivel de referencia, ou sexa cero dB.

Con 10 dB o ruído apenas é perceptíbel, 60 dB é o nivel dunha conversa, e cos

140 dB do despegue dun avión estamos no límite do fisicamente soportábel.

Declaración de impacto ambiental É o documento fundamentado en estudos detallados que fixa as condicións que un proxecto debe seguir para asegurar a protección dos recursos e do medio natural durante toda a vida do proxecto, desde o seu deseño até o seu remate ou inactividade.

Defoliación Caída prematura das follas das árbores e plantas en xeral, provocada pola acción natural ou antrópica, como pode ser a choiva ácida.

Deforestación Eliminación ou diminución permanente, natural ou inducida pola acción antrópica, das áreas de vexetación boscosa. A causa da deforestación pode estar nos incendios ou na corta de árbores para producir madeira, pasta de papel, ou leña, así como para destinar o terreo a labores de cultivos e pastoreo.

Delegado/a de medio ambiente É unha figura nova dentro da participación dos traballadores/as nas súas empresas, complementaria da de delegado/a de persoal ou de seguridade.

Estes delegados/as serían designados/as polas organizacións sindicais con representación na empresa, e disporían de garantías e crédito horario

suficiente para desenvolveren as súas funcións. Os seus cometidos deberían atinxir a recepción de información periódica sobre a actuación ambiental da empresa, a participación na definición das políticas ou declaracións ambientais, o fomento da formación e participación dos traballadores/as na xestión ambiental, a consulta sobre calquera iniciativa, decisión ou cambio que puidese ter repercusións na política ambiental, e a vixilancia de que os mecanismos preventivos e as medidas correctoras funcionan adecuadamente.

Delito ambiental Acción que, en oposición ás leis e regulamentos protectores do medio ambiente, provoque danos de calquera tipo na atmosfera, solos, augas terrestres ou marítimas, que poñan en perigo a vida das persoas e/ou prexudiquen as condicións de vida óptimas dun ecosistema, e que se atopa sancionada cunha pena determinada.

Demanda bioquímica de osíxeno Tamén coñecida pola sigla DBO, é a medida indirecta da cantidade de osíxeno consumido polos microorganismos durante a degradación biolóxica da materia orgánica, ao longo dun período determinado. É un dos indicadores empregados para avaliar a calidade ambiental das augas, que indica a presenza de moitos microorganismos, e se expresa en mg O₂/litro.

Demanda química de osíxeno Tamén coñecida pola sigla DQO, é un parámetro que mide a cantidade de materia orgánica susceptible de ser oxidada por medios químicos que hai nunha mostra líquida. É empregada para medir o grao de contaminación das augas e se expresa en mg O₂/litro.

Depósito Área onde se acumulan contaminantes. Vertedoiro.

Depuración da auga Eliminación dos materiais en suspensión, partículas e microorganismos presentes na auga destinada ao consumo humano mediante a sedimentación, a filtración, a cloración, ou outros métodos de depuración.

Dereito ambiental É a parte do sistema normativo dirixida á preservación do contorno e á protección do dereito xeral a un ambiente san, mediante o control da contaminación e a garantía dun uso sustentábel dos recursos naturais. O dereito ambiental pode ser xenérico, onde englobaríamos ás normas de carácter ambiental xeral, ou sectorial, onde se sitúan as normas dedicadas a temas moi específicos e concretos (augas, incendios, urbanismo...).

Dereitos de emisión É un dos mecanismos xurdidos do Protocolo de Kioto.

O Real Decreto Lei 5/2004 regulou o réxime do comercio de gases de efecto invernadoiro. Segundo isto as empresas poderán emitir unha cantidade de toneladas equivalentes de CO₂, o cal se denomina dereitos de emisión. Esas cantidades veñen determinadas polo Estado, coa participación dos axentes sociais, por medio do Plan nacional de asignación de dereitos de emisión, aprobado polo Real Decreto 60/2005, para o período 2005-2007, e polo Real Decreto 1370/2006, para 2008-2012. En caso de que as empresas emitisen máis do permitido terían que pagar unha multa de 40 euros por tonelada incumplida, que a partir de 2008 será de 100 euros.

Desastre ambiental Alteración do ambiente, de orixe natural ou antrópica,

que pola súa gravidade e magnitude pode pór en perigo a vida ou as actividades humanas, ou xere un dano significativo para os recursos.

Descomposición Transformación de materiais orgánicos na que se pode levar a cabo a oxidación total e a liberación de dióxido de carbono máis auga e outros elementos; ou segundo niveis de osíxeno, a compostos acídicos, cetónicos, aldehidos ou alcohólicos.

Desenvolvemento sustentábel O Desenvolvemento Sustentábel é aquel que satisfai as necesidades actuais sen pór en perigo a capacidade das xeracións futuras de satisfaceren as súas propias necesidades.

Este concepto foise deseñando ao longo dos anos 80, nas múltiples reunións que os organismos internacionais organizaban para frear a deterioración ambiental. E faise público en 1987 no informe “O noso futuro común”, elaborado pola Comisión Brundtland.

Son tres os obxectivos interdependentes que busca o Desenvolvemento Sustentábel: o crecemento económico, a equidade social e a protección do medio ambiente.

Desequilibrio ecolóxico Alteración do equilibrio ecolóxico provocada xeralmente por un factor externo.

Desertificación Degradación dos ecosistemas en calquera área ecolóxica, como resultado das variacións climáticas e da acción antrópica, cuxas consecuencias son iguais ou equivalentes á perda de boa parte da auga dispoñíbel no medio: redución da vexetación superficial, instalación de hábitats áridos, incremento da erosión do solo...

Detrito Produto formado por restos orgánicos vexetais e/ou animais en forma de partículas pouco identificábeis con variado grao de descomposición.

Dioxinas Son os compostos químicos máis tóxicos que se coñecen. Son substancias organocloradas que proveñen das combustións das incineradoras de lixo, dos incendios ou dos erupcións volcánicas. Son tremendamente estábeis, permanecendo activos durante centos de anos, e poden acumularse nas follas das plantas e pasar así á cadea trófica. Teñen efectos directos sobre a pel e afectan tamén ao fígado.

Ee

Ecodesenvolvemento Forma de desenvolvemento, a nivel rexional ou local, no que se presta atención ao uso racional dos recursos, ás modalidades tecnolóxicas e ás estruturas sociais.

Ecoeficiencia É a capacidade dunha organización de satisfacer simultaneamente as metas de custo, calidade e rendemento, estando o seu obxectivo en reducir os impactos ambientais e conservar os recursos valiosos. Para lograr isto son necesarios procesos e produtos máis limpos e a utilización eficiente dos recursos materiais, humanos e enerxéticos. de modo que se incremente simultaneamente a produtividade e a competitividade.

Este concepto foi creado polo World Business Council for Sustainable Development (WBCSD) en 1992, e baséase no propósito de crear máis bens e servizos empregando menos recursos e xerando menos lixo e polución.

Ecoetiquetas As oficiais están certificadas por un organismo público ou de prestixio recoñecido, que acredita, despois dun proceso de avaliación, o cumprimento, por parte de determinados produtos, dos criterios ecolóxicos establecidos, e polo tanto ofrecen información contrastada. Polo xeral, aplícanse

a todo o ciclo de vida do produto: uso de recursos e enerxía, emisións contaminantes, eliminación de residuos e efecto sobre os ecosistemas.

Existen varios modelos como a Flor Europea, o Anxo Azul de Alemaña, a NF-Environnement de Francia, o Cisne Branco dos países escandinavos, a Árbore para a protección medioambiental de Austria, ou o Distintivo de garantía de calidade ambiental da Generalitat de Cataluña.

A Etiqueta Ecolóxica Europea, máis coñecida como a Flor, foi desenvolvida pola UE en 1992 para fomentar o consumo e a produción sustentábeis. Foi regulada polo Regulamento 880/92 (trasposto no Estado español co Real Decreto 598/94), aínda que posteriormente sería renovado e actualizado polo Regulamento 1980/2000.

O seu obxectivo era a creación dunha etiqueta ecolóxica única e eficaz para promover o deseño, a produción, a comercialización e a utilización de produtos que tivesen repercusións reducidas no ambiente durante todo o seu ciclo de vida. Asemade pretendía proporcionar aos consumidores unha mellor información sobre as repercusións ecolóxicas dos produtos, sen compro-

meter a seguridade dos produtos nin dos traballadores/as.

Ecoloxía Termo que provén da unión das palabras gregas *Oikos*: casa-lar, e *Logos*: coñecemento.

É a ciencia que estuda o funcionamento da Natureza, incluíndo nela a todos os seres vivos e o ambiente no que viven e as súas interrelacións. Ademais sería o estudo dos ecosistemas que conforman a Natureza, as súas condicións e interrelacións.

Ecoloxista Persoa, asociación ou partido político que defende a necesidade de protexer a natureza e a súa preservación fronte ás alteracións provocadas polas accións negativas orixinadas polas sociedades humanas.

Ecosfera Conxunto de todos os ecosistemas do planeta na súa interacción, integrado pola atmosfera, a litosfera, a hidrosfera e a biosfera como elementos inseparábeis e intercomunicados dinamicamente.

Ecosistema Complexo dinámico de comunidades vexetais, animais e de microorganismos (bióticos) e o seu medio non vivente (abióticos) que interactúan como unha unidade funcional, ocupando un determinado espazo, terrestre ou acuático, como pode ser a selva, o deserto, o océano, ou o bosque atlántico.

Edafoloxía Estudo da xénese, morfoloxía e distribución dos solos.

Edar Acrónimo de Estación Depuradora de Augas Residuais.

Nestas depuradoras empréganse varios procesos como os pretratamentos, que serven para eliminar os compoñentes máis grosos como os sólidos ou os aceites. Despois as augas pasan por uns tra-

tamentos primarios, que buscan a eliminación dos sólidos de menor tamaño, ademais dunha parte da materia orgánica contida na auga. Para iso utilízanse tratamentos de decantación, para que os sólidos contidos se acumulen no fondo; de flotación, cando os sólidos son recollidos na superficie do líquido; ou sistemas físico-químicos, cando por medio de reaccións químicas se consegue que os sólidos inorgánicos precipiten e se acumulen no fondo.

Despois estarían os tratamentos secundarios ou biolóxicos, que son os máis axeitados, xa que a súa eficacia é maior e conseguen mellores resultados, para reducir a materia orgánica. Para iso realízanse en condicións aerobias (con osíxeno), mediante o cal os microorganismos transforman os restos orgánicos en CO₂ e biomasa, e os anaerobios (sen osíxeno), que transforman o carbono orgánico en CO₂, biomasa e metano.

Recentemente as EDAR están incorporando tratamentos terciarios, que buscan eliminar ou reducir a contaminación que puidese ficar aínda na auga. Para iso emprégase a absorción mediante o carbono activo, os sistemas de osmose inversa, os procesos de oxidación ou de intercambio iónico, a desnitrificación, a introdución de ozono, o tratamento con raios ultravioletas ou a ultrafiltración.

Educación ambiental Parte das actividades de divulgación e conscienciación formais e non formais especializada en temas ambientais, cunha orientación sustentábel.

En principio a educación ambiental abrangue a toda a cidadanía, para con-

seguir avanzar na mudanza da percepción e a consciencia da sociedade con respecto ao ambiente e en desenvolver solucións que cómpre implementar para rematar coa Crise ambiental.

En xeral, a educación ambiental debe propiciar a comprensión adecuada das principais cuestións socio-ambientais e permitir ás persoas formarse opinións fundadas. Desta maneira debe contribuír a que sexan capaces de analizar, interpretar e valorar a información ambiental, promovendo un pensamento crítico e innovador, que cuestione, de forma construtiva, os hábitos e estruturas vixentes.

Efecto invernadoiro É un fenómeno natural polo cal o CO₂, o metano e outros gases semellantes acumulados nas partes altas da atmosfera forman unha barreira que impide a perda de calor da Terra. Funciona literalmente coma un invernadoiro: eses gases permiten que as radiacións solares cheguen á superficie terrestre quentándoa; contodo hai unha porción das radiacións (30%) que “rebota” e é reemitida ao espazo exterior. Mais, no seu camiño estas radiacións reemitidas atópanse coa capa de gases do Efecto Invernadoiro, que absorben unha parte da súa calor e quentan aínda máis as capas baixas da atmosfera.

En definitiva, a consecuencia máis directa é a elevación das temperaturas medias.

Efecto multiplicador Capacidade dun proceso de iniciar unha cadea de accións que multiplique o efecto no seu contorno e noutros relacionados.

Efluente Substancia líquida, gasosa ou volátil que se desprende ou se verte como

produto da actividade de transformación ou de produción, e que, as máis das veces, supón unha descarga de contaminantes ao ambiente, xeralmente nos solos ou diversos corpos de auga superficiais ou subterráneos.

Emas Sigla de Eco-Management and Audit Scheme, que podería ser traducido como sistema de xestión medioambiental.

Este é un sistema de carácter legal, que nace do Regulamento da UE 1.836/1993, reformado logo polo Regulamento 761/2001, polo que se permite que as organizacións se adhiran con carácter voluntario a un sistema comunitario de xestión e auditorías ambientais.

Emisión Descarga directa ou indirecta no contorno de enerxía ou de substancias ou materiais en calquera dos seus estados físicos.

Empresa sustentábel É o tipo de empresa que crea valor económico, ambiental e social a curto e longo prazo, contribuíndo ao aumento do benestar e o auténtico progreso das xeracións presentes e vindeiras. Polo tanto xera riqueza, mellora o ambiente, cre na xustiza social e na solidariedade, axuda a erradicar a pobreza e diminuír as diferenzas, defende os dereitos humanos e apoia aos poderes públicos.

Endemismo Situación na cal unha especie ou outro grupo taxonómico está restrinxida a unha rexión concreta, e polo tanto son organismos únicos, que cómpre protexer.

Equidade Calidade de quen ou do que é xusto e comedido.

Noción global que vincula as estruturas social, institucional e normativa, xurí-

dica, cultural e ideolóxica coa situación, condición, oportunidades e acceso dos suxeitos individuais ou colectivos.

En relación coa sustentabilidade este concepto propicia o reparto xusto tanto das riquezas, como dos efectos negativos da Crise ambiental.

Equilibrio biolóxico Estado de equilibrio dinámico dunha comunidade biótica ou ecosistema, pola cal a poboación que a constitúe tende a flutuar ou manterse ao redor dun valor medio.

Equilibrio ecolóxico Estado de equilibrio en que os parámetros ecolóxicos fundamentais flutúan dentro de límites con valores que tenden a garantir a permanencia de poboacións suficientemente grandes como para perpetuar as especies e os ecosistemas.

Erosión Desgaste, baixo a acción antrópica ou non, elevado e acelerado pola auga, do chan friábel, que pon en perigo a súa fertilidade e existencia como chan.

Perda da capa vexetal que cobre a terra, deixándoa sen capacidade para sustentar a vida.

Especie Grupo de organismos moi parecidos entre si da mesma forma que o foron os seus antepasados. O criterio xenético para distinguir dúas especies diferentes baséase na esterilidade entre eles ou na dos híbridos resultantes do seu cruzamento.

É a unidade taxonómica fundamental e ten nomenclatura binomial (dous nomes), e con base no latín: o primeiro é o nome xenérico e o segundo é o específico.

As especies similares e relacionadas agrúpanse dentro do mesmo xénero.

Estudo de impacto ambiental Documento de recompilación e valoración de informes sobre as características físicas, ecolóxicas, económicas e sociais dunha área ou rexión específica, así como dos plans e proxectos que se pretenden executar nesa zona, de forma tal que se prevexan e minimicen os impactos negativos sobre o medio ambiente.

Eutroficación Proceso mediante o cal se perturban as poboacións dalgunhas especies e cambia a composición da flora, nomeadamente das masas de auga, debido a unha fertilización excesiva.

A orixe deste proceso está no uso excesivo de fertilizantes agrícolas ou en vertidos de compostos nitroxenados.

Exposición Tempo en que un corpo ou organismo recibe directamente o efecto da radiación ou calquera outro tipo de influencia externa.

Externalidades negativas Efectos perniciosos do proceso económico que se xeran ao non ter asumido este todos os custos da súa actividade produtiva, especialmente os custos ambientais, por exemplo de reciclaxe de envases, de recuperación de canteiras...

Extinción Proceso que afecta a moitas especies animais e vexetais, ameazando a súa supervivencia, principalmente por mor da acción do home, que foi transformando e reducindo o seu medio natural.

Ff

Fertilizante Substancia natural ou elaborada que se engade aos solos para subministrar os elementos químicos necesarios, como o fósforo, o nitróxeno ou o potasio, e para mellorar ou aumentar os seus rendementos agrarios.

Foro social mundial É unha iniciativa social que nace no seo do movemento antiglobalización para servir como punto de encontro e artellar e coordinar os seus discursos desde unha perspectiva asemblearia e democrática. Pretende ser a contrapartida ás cimeiras dos grandes grupos políticos e económicos que controlan a Globalización.

O primeiro Foro Social Mundial celebrouse en Porto Alegre (Brasil) en xaneiro de 2001, coa participación de máis dun milleiro de movementos sociais, asociacións e organizacións non gobernamentais, a realización de máis de 200 seminarios e a mobilización dunhas 20.000 persoas de todo o mundo. A partir daí o foro celébrase anualmente en distintas cidades dos países en vías de desenvolvemento.

FSC Son as siglas en inglés do Consello da Administración Forestal. Este é un ente creado en 1993, de natureza independente, que pretende a xestión forestal viábel, socialmente beneficiosa e am-

bientalmente responsábel. Para iso acreditan a entidades de certificación por todo o mundo que, seguindo un proceso de avaliación, garanten ao consumidor/a que os produtos forestais certificados proceden dun bosque xestionado de xeito sustentábel.

Gg

Gaia Así se denomina a teoría desenvolvida por James Lovelock, segundo a cal o Planeta, a Nai Terra, a Pachamama dos incaicos, é un único ser vivo, dado que é capaz de auto-regularse, de cambiar e adaptarse ás circunstancias, aínda que tamén afirma que non o fai de forma consciente.

Gaia, ou a Terra, como prefiramos, é un enorme sistema complexo e dinámico. Complexo porque está composto por múltiples elementos (a flora, a fauna, o substrato xeolóxico, a atmosfera, a radiación solar...), e dinámico porque está en constante movemento, ao longo do tempo.

Gases de efecto de invernadoiro Gases que se producen en forma natural ou como resultado da acción antrópica e que contribúen a producir o quecemento atmosférico. Algúns destes gases son o dióxido de carbono, óxido nitroso, metano, ozono ou os clorofluorocarbonos.

Globalización Este termo fíxose popular durante o decenio de 1990, e que hoxe en día está totalmente implantado na linguaxe habitual.

Podemos ver a globalización como o modelo que pretende a supresión das barreiras fronteirizas para levar o sistema de mercado neoliberal a todo o

mundo. Caracterízase pola liberalización do comercio internacional, a expansión do investimento internacional e a aparición de fluxos financeiros masivos transfronteirizos. O efecto primeiro destas políticas foi o aumento da competencia nos mercados globais.

Hh

Hábitat É o lugar ou tipo de ambiente que reúne as características físicas e biológicas necesarias para a existencia, supervivencia e reprodución de maneira natural dun organismo ou unha poboación determinada.

Literalmente, é o lugar onde se atopa un organismo. Aínda que nun sentido máis amplo, é o conxunto da contorna (aspectos físicos, biolóxicos e sociais) dun organismo ou grupo de organismos.

Halóxeno Familia de elementos químicos que comprende o fluor, o cloro, o bromuro, o iodo e o astato. Déuselle este nome orixinalmente (formadores de sales) porque todos estes elementos se atopan na auga de mar.

Herbicida Tipo de biocida destinado á eliminación ou inhibición do crecemento de herbas más.

Hidrocarburos Compostos químicos formados unicamente por hidróxeno e carbono, en múltiples combinacións. Son o esqueleto da materia orgánica. Atópanse presentes nos produtos derivados do petróleo e do gas natural. Son substancias que se forman fundamentalmente cando a combustión é incompleta ou como resultado de reaccións secundarias.

Coñécense milleiros, desde os máis sinxelos que son gases a temperatura ordinaria, sendo os máis importantes desde o punto de vista da contaminación, xa que favorecen a formación das reaccións fotoquímicas e do efecto invernadoiro (caso do metano: CH₄), até os hidrocarburos aromáticos policíclicos (PAHs) orixinados por unha combustión deficiente de produtos petrolíferos, e cun elevado potencial canceríxeno, salientando o benzopireno.

Hidrosfera Conxunto de capas líquidas (océanos, mares, augas continentais, xeo e neve) que forman parte da superficie terrestre.

Humidal Área de lagoas, marismas, pantanos, turbeiras, naturais ou artificiais, permanentes ou temporais, con auga estática ou que flúe, fresca, salobre ou salgada que inclúen áreas de augas mariñas de pouca profundidade.

Son ecosistemas de elevado valor ambiental, porque funcionan como fonte de auga, lugar de alimentación e anidamento de aves, depuradora natural de augas residuais...

Humus Substancia orgánica que resulta da descomposición avanzada de seres vivos, en especial das plantas, que axuda a reter a auga e a mellorar as características físicas e agroprodutivas do solo.

Halóns Son elementos químicos que posúen unha estrutura semellante á dos CFCs, mais que conteñen átomos de bromo en vez de cloro.

Na atmosfera, son aínda máis danos para a capa de ozono, dado que as concentracións duplícanse na atmosfera cada cinco anos

Úsanse principalmente como extintores de incendios, e unha dose de exposición por curto tempo durante a evacuación dun edificio non é nociva para os seres humanos.

Li

Impacto ambiental Repercusión no medio ambiente provocada pola modificación dos seus factores por efecto da acción antrópica ou por un elemento alleo ao dito medio, que xera consecuencias notábeis nel, xa sexan positivas como negativas.

É un impacto negativo cando o seu efecto se traduce na perda de valor estético e cultural, paisaxístico, de produtividade ecolóxica ou no aumento dos prexuízos derivados da contaminación, da erosión ou colmatación e demais riscos ambientais en discordancia coa estrutura ecolóxico-xeográfica, o carácter e a personalidade dunha zona determinada.

E o impacto é positivo cando tanto a comunidade técnica e científica, como a poboación en xeral, no contexto dunha análise dos custos e beneficios considera que o impacto reporta beneficios para os ecosistemas ou para a sociedade.

Incineración Proceso de oxidación térmica controlada, consistente na eliminación de residuos a través da combustión a altas temperaturas. Os gases xerados son emitidos á atmosfera previa limpeza e as escouras e os residuos sólidos resultantes son depositados nun vertedoiro de seguridade.

Indicador ambiental Parámetro ou valor derivado de certos parámetros que proporciona información sobre o estado do medio ambiente, describe o dito estado ou refírese a este. É unha ferramenta para simplificar, medir e comunicar información, que é moi empregada nas avaliacións ambientais para ter datos cuantificábeis e comparábeis.

Iniciativa de traballadores para un legado duradeiro (Will) Trátase dunha entidade que xunta a organizacións sindicais de todo o mundo para introducir as temáticas ambientais nas empresas. Conta co apoio da ONU.

A Will mantivo a súa asemblea en 2006, co obxectivo principal de integrar o medio ambiente na política sindical, e loitar, asemade, en prol do Desenvolvemento Sustentábel.

Ademais ten como unha das súas principais prioridades o cambio dos actuais modelos de produción e consumo e a participación da maioría na toma de decisións.

Innovación É a introdución de novas solucións ou solucións diferentes ás que xa existían no territorio ou no sector de actuación, e que pretenden, entre outras cousas, a mellora da produtividade ou da calidade do produto ou servizo.

Inspección ambiental Actividade esencialmente preventiva de control, fiscalización e supervisión do cumprimento das disposicións e normas xurídicas vixentes en materia de protección do medio ambiente e o uso sustentábel dos recursos dun espazo dado, con vistas a avaliar e determinar as medidas necesarias para o seu cumprimento.

IPPC Son as siglas en inglés de control e prevención integrados da contaminación. A Lei 16/2002, que traspuxo a Directiva 1996/61, introduce este concepto no Estado español, tendo repercusión directa sobre as empresas susceptibles de provocar graves impactos no ambiente. Esta normativa obriga ás empresas contaminantes a solicitar unha única licenza, na que se recollerán as obrigas que terán que pór en marcha a empresas para reducir ou eliminaren as súas repercusións negativas sobre cada un dos elementos fundamentais do medio natural. A raíz da IPPC creouse o Rexistro Estatal de Emisións e Fontes Contaminantes ou EPER España, que forma parte do Rexistro Europeo de Emisións, que recompila os datos europeos de 50 substancias contaminantes procedentes de fontes industriais.

ISO 14.001:1996 Esta é unha norma internacional, que ten como título “Sistemas de Xestión Medioambiental. Especificacións e directrices para a súa utilización”.

A raíz da publicación do regulamento EMAS, e recollendo moitos dos seus elementos, as institucións estatais e internacionais de normalización comezaron a traballar na elaboración de normas de carácter voluntario para que todo o

tipo de empresas instalasen na súa estrutura un sistema de xestión ambiental. As distintas fases que marca esta norma son a de definición da política ambiental por parte da Dirección, a planificación do sistema (análise dos aspectos ambientais, requisitos legais, obxectivos e metas, programa de actuación e implantación) a implantación e seguimento do plan (estrutura e responsabilidades, formación e sensibilización do persoal, comunicación, control da documentación, control operacional, planos de urxencias, comprobación e acción correctora, seguimento continuo das variábeis máis destacadas, implementación e rexistro de accións correctoras), a auditoría do conxunto do Sistema e a revisión por parte da Dirección e propostas de cambios.

Ll

Legislación ambiental Conxunto, amplo e diverso, de leis, normas e disposicións xurídicas que permiten exercer unha acción legal para a protección do medio ambiente.

Licenza ambiental Documento oficial que contén a autorización sectorial para acometer unha obra ou proxecto, e onde se establecen os requisitos e condicións baixo os que se outorga, así como o período para o cal é válida, sen prexuízo doutras licenzas, permisos ou autorizacións emitidos polos organismos competentes.

Life Esta é a denominación do instrumento financeiro da EU relacionadas co medio ambiente.

Todos os anos publica convocatorias de axudas para toda a UE, cun orzamento de 300 millóns de euros, en tres ámbitos de financiamento: LIFE+ Natureza e Biodiversidade, destinado a proxectos sobre espazos naturais e especies protexidas; LIFE+ Política e Gobernanza Medioambiental, para proxectos de novas tecnoloxías, métodos e técnicas innovadoras, en áreas como o cambio climático, calidade de vida, recursos naturais ou redución de residuos; e LIFE+ Información e Comunicación, destinado a divulgar in-

formación e fomentar a sensibilización e a formación ó redor dos temas ambientais.

Limiar Concentración mínima dunha substancia dada ou condición necesaria para producir un efecto fisiolóxico ou psicolóxicamente medíbel ou ao valor a partir do cal empezan a ser perceptíbeis os efectos dun axente.

Límite de tolerancia Máxima concentración dunha materia prexudicial que pode soportarse no medio durante un período de tempo prolongado sen prexuízo para a saúde humana e/ou para o ambiente.

Litoloxía Póla da xeoloxía que estuda as características físico-químicas das rochas, así como as condicións baixo as que se formaron.

Litosfera Capa superior ríxida da Terra, que comprende a superficie terrestre e o manto superior.

Lixiviados Son líquidos altamente contaminantes que se producen nos vertedoiros de residuos como consecuencia dos líquidos internos do lixo ou por mor da infiltración da auga de choiva, e que moitas veces contaminan os regatos próximos ou as augas subterráneas.

Lodo Substancia que se forma coa mestura de auga e terra.

Ademais é a lama das estacións depuradoras, que posúe un elevado contido en bacterias e protozoos activos, e que pode ser empregada como fertilizante.

Mm

Marea negra Masa de petróleo ou outros hidrocarburos vertida ao mar que flota e é transportada polo vento, as ondas e as correntes e provoca serios danos ecolóxicos na flora e a fauna ao chegar ás costas.

Marea vermella Efecto xerado no mar pola alta concentración dalgunhas especies de plancto mariño.

Materia inerte Corpos inactivos incorporados ao medio ambiente, e polo tanto sen incidencia remarcábel sobre os ecosistemas naturais, como por exemplo, vidro, papel, cartón, tecidos, metais ferrosos, plásticos, terra, cinza, etc.

Materia inorgánica Substancias de orixe mineral cuxa estrutura non está constituída principalmente polo carbono.

Materia orgánica Conxunto de materiais vexetais e animais total ou parcialmente descompostos pola acción dos microorganismos presentes no chan.

Medio ambiente A auga, o ar, a terra e as especies da fauna e flora silvestres, e todas as súas interrelacións, así como as relacións entre todos eles e calquera organismo vivo (R.D. 2.163/1994).

Conxunto de circunstancias físicas, culturais, económicas e sociais que rodean ás persoas e aos seres vivos (*Diccionario da R.A.E.*).

Contorno no cal unha organización opera, incluíndo o ar, a auga, a terra, os recursos naturais, a flora, a fauna, os seres humanos e as súas interrelacións (ISO 14.001).

Conxunto de condicións ou circunstancias dun lugar que inflúen nas cousas e no desenvolvemento e comportamento dos seres vivos (*Diccionario da RAG-ILGA*).

O conxunto, nun momento dado, dos axentes físicos, químicos, biolóxicos e dos factores sociais susceptíbeis de causar un efecto directo ou indirecto, inmediato ou a prazo, sobre os seres vivos e as actividades humanas (Consello da Lingua Francesa).

En definitiva, o medio ambiente é o conxunto de elementos e circunstancias que nos rodean, ou sexa o noso “marco vital”.

Medio natural Sería a suma do medio físico ou inerte (ar, auga e terra) e do medio biótico que conforman o conxunto dos seres vivos (flora e fauna).

Medio socioeconómico É aquel que englobaría os diferentes condicionantes e estruturas de natureza social, económica, histórica e cultural. En definitiva, abrangue os diferentes elementos feitos e estruturados polos seres humanos.

Memorias de sustentabilidade Estanse a desenvolver sistemas e certificacións que pretenden demostrar que o obxectivo principal dunha organización é a sustentabilidade. Para iso fan uso das Memorias de Sustentabilidade, que son o documento onde se reflicten as distintas actuacións e iniciativas levadas a cabo pola organización no último ano para avanzar cara a sustentabilidade social, económica e ambiental.

En xuño do 2000 saíu á luz unha directriz de aplicación internacional para a elaboración destas memorias, elaborada pola Global Reporting Initiative (GRI).

Metais pesados Son un conxunto de elementos químicos, como o berilio, o cadmio, o chumbo, o mercurio e o níquel, que teñen unha clara incidencia ambiental xa que non son degradados, nin química nin bioloxicamente, o que orixina a súa persistencia ao longo do tempo. Isto facilita a súa incorporación ás cadeas alimenticias ou tróficas, e a súa concentración nos membros superiores da cadea, como é o caso humano, podendo provocar problemas de saúde.

Microorganismos Organismos microscópicos, tales como virus, bacterias, fungos e protozoos que poden resultar prexudiciais ou beneficiosos para o ser humano, segundo o caso.

Minimización Conxunto de medidas organizativas, operativas e tecnolóxicas necesarias para diminuír até o menor nivel económico e ambientalmente factíbel a cantidade e grao de toxicidade dos subprodutos xerados dos procesos industriais.

Monocultivo Cultivo reiterado dunha soa especie agrícola ou forestal nun terreo, área ou rexión determinada.

Monumento natural Categoría de espazo protexido que contén unha ou máis características naturais ou culturais específicas de valor salientado ou excepcional pola súa rareza, calidades representativas ou estéticas ou relevancia cultural.

Nn

Natureza Conxunto da realidade tal como é, independentemente da intervención e da acción humana, onde conflúen a vida animal, vexetal e mineral.

Néboa contaminante Tamén coñecida pola palabra inglesa *Smog*, é o fenómeno ambiental polo cal o conxunto de gases e aerosois xerados por fenómenos naturais e a acción antrópica crean unha masa de ar contaminada, que produce danos materiais e na saúde das persoas.

Nicho ecolóxico Lugar ou hábitat que pode ser ocupado por individuos que pertencen a determinadas especies de plantas e animais de esixencias alimentarias e abióticas semellantes na estrutura dunha biocenose.

Nitrato Anión dos sales do ácido nítrico que teñen unha grande influencia no proceso de contaminación e eutrofización das augas, por mor, sobre todo, do uso excesivo de fertilizantes.

Nivel de emisión Concentración de cada contaminante emitido á atmosfera por unha única fonte nun punto e nun período determinado, medido polas unidades de aplicación que corresponden a cada un deles.

Niveis de inmisión Concentración de substancias contaminantes nunha área de-

terminada, aínda que pode ser o resultado da conxunción de varias fontes de emisión distintas.

Nutriente Substancia útil para o metabolismo orgánico, que se atopa nos alimentos e que se incorpora ao organismo por medio da dixestión.

É un elemento esencial para o crecemento e a produtividade dos vexetais. Algúns dos nutrientes son elementos químicos esenciais, como o carbono, o osíxeno, o nitróxeno, o xofre, o fósforo, o magnesio ou o potasio.

Oo

Obxectivos do milenio Están recollidos na Declaración do Milenio, asinada polos países da ONU no ano 2000. Este documento sinala que antes do 2015 os países do mundo terían que acadar a erradicación da pobreza, asegurar unha educación primaria universal, lograr a igualdade de xéneros, reducir a mortalidade infantil, mellorar a saúde maternal, combater a SIDA e outras enfermidades, cooperar eficientemente no desenvolvemento, e asegurar a sustentabilidade ambiental.

Ordenación territorial Planificación oficial, científica e/ou ecolóxica dunha rexión ou zona (terrestre ou mariña), realizada para lograr unha distribución óptima dos distintos usos do territorio, xa sexan comerciais, turísticos, industriais, urbanos, agrícolas ou naturais, que tende a un desenvolvemento adecuado e eficiente do territorio en cuestión.

Organismo Calquera ser vivo, unicelular ou pluricelular, animal ou vexetal, capaz de facer un ciclo vital completo. Isto é, nacer, medrar e reproducirse.

Organización non governamental Tamén coñecidas como ONG, son grupos ou asociacións sen fins de lucro constituídas fóra das estruturas políticas institucionalizadas para acadar determinados

obxectivos sociais (como a protección do medio ambiente) ou servir a intereses de determinados sectores sociais (como os pobos indíxenas).

A gama de actividades das ONGs comprende a investigación, a distribución de información, a capacitación, así como a defensa legal, a promoción de reformas lexislativas e a desobediencia civil.

Organoclorados Clase de biocidas caracterizados pola presenza de radicais clorados cun grupo orgánico. Son de difícil degradación. Un dos organoclorados máis coñecidos é o DDT.

Organofosforados Grupo de pesticidas químicos que conteñen fósforo. Estes compostos de vida curta normalmente non contaminan o medio ambiente se son usados correctamente.

Oxidación Acción ou efecto de oxidar por medio da adición de osíxeno a unha substancia.

Óxido nitroso Óxido de nitróxeno relativamente inerte que se produce como resultado da actividade microbiana no solo, da utilización de fertilizantes nitróxenos, ou da queima de leña, o cal pode contribuír ao efecto inverna doiro e ao esgotamento da capa de ozono. Úsase tamén a fórmula N_2O .

Ozonización Fase do proceso de desinfección na potabilización ou na depuración da auga que consiste na introdución de determinadas cantidades de ozono na mesma mercé á súa capacidade bactericida e funxicida.

Ozono A fórmula do ozono é O_3 , ou sexa é unha molécula de osíxeno, mais en vez de estar formada por dous átomos, como é normal, ten tres.

Na estratosfera, entre os 20 e os 50 Km de altitude, o ozono é quen de captar a radiación ultravioleta que vén do sol, e coa súa enerxía convértese en O_2 ao tempo que libera o outro átomo de osíxeno.

Tamén se produce nos motores de combustión e a súa acumulación nas capas máis baixas da atmosfera pode producir problemas de saúde, especialmente pulmonares.

O ozono é o desinfectante máis potente que se coñece.

Pp

Pacto mundial É outra destas novas iniciativas promovidas pola ONU, tamén chamada The Global Compact. Esta iniciativa foi proposta por Kofi Annan no Foro de Davos de 1999, e que establece un marco de traballo para promover nas empresas un Desenvolvemento Sustentábel á vez que unha boa cidadanía corporativa. En todo o caso este é un instrumento voluntario, e as empresas e organizacións que o implanten deberán ter o compromiso firme de para avanzar polo camiño marcado polos dez principios cos que conta o Pacto.

Paisaxe Contorno xeográfico integrado por compoñentes naturais e complexos de diferente rango taxonómico formado baixo a influencia dos procesos naturais e da actividade modificadora das sociedades humanas.

En realidade as paisaxes posúen elementos definitorios de cada rexión, e son o froito da interrelación, ao longo da historia, das actividades humanas co medio natural. As paisaxes de calidade xorden dunha relación harmónica entre os grupos humanos e o seu medio natural; e polo tanto unha boa paisaxe é sinónimo de protección ambiental, e convértese en fonte directa de satisfacción, harmonía e coñecemento.

Parque nacional Categoría de xestión dunha área terrestre, mariña, ou unha combinación de ambas, que se mantén en estado natural ou seminatural, con escasa ou nula poboación humana permanente, designada para protexer a integridade ecolóxica dun ou máis ecosistemas de importancia internacional, rexional ou nacional. Os obxectivos da súa xestión son a conservación, a divulgación e o turismo da natureza.

Dentro da rede de parques nacionais do estado que son declarados polo *Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino*, no noso país existe un só Parque Nacional, o das Illas Atlánticas.

Parque natural Espazo natural protexido localizado nun territorio pouco habitado e explotado, que presenta valores naturais e paisaxísticos de particular interese científico, educativo e recreativo. A súa declaración correspóndelle, no noso caso, á Xunta de Galiza, que terá que velar por asegurar a permanencia destes valores dunha maneira compatíbel co aproveitamento ordenado dos recursos do parque e a actividade dos seus habitantes.

Partes interesadas Aquelas persoas, grupos ou organizacións que teñan algunha relación cun procedemento, proxecto

ou organización con incidencia no medio, e polo tanto teñen o dereito de ser informados e escoitados ao respecto.

Partículas Parte pequena dun corpo.

As combustións e outros mecanismos naturais e antrópicos poden xerar a aparición de partículas, que terán incidencias negativas na saúde das persoas e do ambiente.

Estas partículas organízanse polo seu tamaño: as que superan as 10 micras e que se depositan de forma rápida reciben o apelativo de sedimentábeis; e as de tamaño inferior a 10 micras, que se denominan partículas en suspensión, e que se comportan como se fosen gases. Algúns tipos de partículas poden ser o po, o pole ou os residuos de combustión incompleta.

Pcb Os Policlorobifenís son hidrocarburos clorados, de elevada toxicidade, que se empregaron fundamentalmente como fluídos hidráulicos ou illantes de aparellos eléctricos. Está demostrado que son probábeis canceríxenos, danan os sistemas inmunolóxico, neurolóxico e reprodutor e teñen efectos negativos sobre o desenvolvemento e sobre o fígado. Por estes motivos a súa comercialización está prohibida no Estado español desde 1986.

Pegada ecolóxica Defínese como a área de territorio produtivo ou ecosistema acuático (entendida como superficie bioloxicamente produtiva) precisos para producir todos os recursos necesarios e ademais asimilar os residuos xerados por parte dunha poboación definida cun nivel de vida específico, onde queira que se atope.

Ou sexa, tal estima a superficie (en hectáreas) de terreo ou mar que sería necesaria tanto para producir todos os produtos que temos ao noso alcance (alimentos, vivenda, transporte, enerxía, roupa...), como para desfacerse de todos os residuos que se xeran nos distintos procesos.

Pirólise Descomposición de substancias en ausencia de osíxeno mediante a aplicación de altas temperaturas.

Poboación Desde o punto de vista ecolóxico é a suma de todos os individuos dun taxon, ou dunha especie, que viven nunha área determinada.

Política ambiental Estratexia trazada por unha entidade científica, gobernamental, empresarial ou doutro tipo, para regular as intervencións que poidan afectar ao ambiente.

Polución Termo equivalente a contaminación.

PNUD Siglas do Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento.

É un organismo establecido en 1965, con sede en Nova York, que traballa en función de promover niveis máis altos de calidade de vida e de crecemento económico en diversas rexións do planeta. Proporciona soporte financeiro e técnico a proxectos de agricultura, industria, medio ambiente, educación, xeración de enerxía, saúde, transporte, comunicacións, vivenda, comercio, entre outros.

PNUMA Siglas de Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente.

Organismo establecido pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 1972, con sede en Nairobi, Kenya. Ten a misión de catalizar, coordinar e estimular o traballo en función do coidado e a preser-

vación do medio ambiente e o uso sustentábel dos recursos naturais. O seu raio de acción abarca tres áreas fundamentais: avaliación ambiental (Sistema Mundial de Vixilancia Ambiental, Sistema Internacional de Referencias de Fontes de Información Ambiental e Rexistro de Substancias Químicas Potencialmente Tóxicas); a xestión ambiental (ecosistemas terrestres, tecnoloxía e medio ambiente, océanos e zonas costeiras e control da desertificación) e medidas de axuda (educación ambiental, información pública, planificación do desenvolvemento e cooperación, e lexislación ambiental).

Praga Forma de vida vexetal ou animal, ou calquera axente patóxeno daniño ou potencialmente daniño para os vexetais e os produtos vexetais.

De maneira máis ampla, é a proliferación dun organismo vivente que provoca a destrución doutros seres vivos.

Praguicida Tipo de biocida químico que combate os axentes que constitúen as pragas.

O seu uso sen control tamén é prexudicial para a saúde humana.

Presión atmosférica É a forza exercida polo peso da atmosfera sobre os corpos que se atopan na superficie da Terra. Mídese co barómetro en hectopascals, milibares ou milímetros de mercurio.

Presión demográfica É a demanda de recursos exercida por unha poboación sobre un determinado ambiente.

Principio de acción preventiva Este principio supón que a organización implicada, for unha administración for unha empresa, debe adoptar medidas de protección do ambiente aínda antes de se

producir un impacto, por mor da constatación científica da existencia dun perigo real de deterioración ambiental.

Unha ferramenta de actuación adaptada a este principio sería a avaliación de impacto ambiental.

Principio de cautela Cando haxa perigo de dano grave ou irreversible, a falta de certeza científica absoluta non deberá utilizarse como razón para postergar a adopción de medidas eficaces en función dos custos para impedir a degradación do medio ambiente.

Principio de corrección na fonte É dar prioridade ás medidas que atallan a contaminación antes da súa emisión ao ambiente, fronte a outras que actúan sobre a contaminación xa producida.

Na meirande parte dos casos, a restauración dos danos ocasionados por calquera actividade é moi custosa e, en ocasións, de difícil solución técnica, polo que a corrección na fonte non só é moralmente máis aceptábel, senón tamén tecnicamente máis eficaz.

Principio de participación e de acceso á

información Este é un principio esencial para a defensa dos dereitos e do benestar da sociedade. A maneira máis eficaz para tratar as cuestións ambientais é contar coa participación de toda a cidadanía interesada. Igualmente, e para poder participar en igualdade de condicións, toda persoa debe ter acceso adecuado á información sobre o ambiente de que dispoñan as autoridades públicas ou mesmo as empresas, especialmente nas actividades que encerran perigo.

Principio de quen contamina paga Os custos producidos pola contaminación deben imputarse ao axente contami-

nante, quen debe aturar as medidas necesarias para eliminar a contaminación ou para a súa redución até un nivel que se considere aceptábel segundo os obxectivos ou estándares de calidade ambiental.

Con este principio preténdese o obxectivo de introducir instrumentos económicos e fiscais para fixar prezos e xerar uns incentivos que incorporen todos os custos ambientais externos habidos durante a totalidade do ciclo de vida do produto.

Principio de responsabilidade compartida Este principio parte da premisa de que a responsabilidade dos problemas ambientais e, en consecuencia, da adopción de solucións eficaces non pode ser cuestión dun só actor, senón que xeralmente necesita da participación dun número amplo de sectores: as distintas administracións, as empresas, os traballadores/as...

Este principio fundaméntase no feito de que o Desenvolvemento Sustentábel só se pode acadar mediante unha acción concertada por parte de todos os actores implicados que deberán cooperar entre si.

Principio de subsidiariedade Ten varias acepcións, unha pode ser que o órgano situado nunha escala superior só actuará cando a súa acción vaia ser máis proveitosa que se se fai por órganos inferiores. No resto de casos serán estes, os máis achegados á cidadanía, os que programen e actúen.

Produción limpa Este concepto sinala que o máximo de eficiencia nun proceso produtivo conseguírase cando se reduzan ao mínimo as perdas por residuos, emi-

sións e enerxía, e ademais, aquelas perdas que irremediabelmente se produzan sexan aproveitadas ao máximo por medio da reciclaxe e da reutilización.

Produtividade biolóxica Produción de biomasa por unidade de tempo dunha especie, poboación, asociación ou ecosistema.

Produtos perigosos Produtos utilizados ou elaborados nun proceso produtivo que poden ser prexudiciais para a saúde das persoas e do ambiente, nomeadamente explosivos, combustíbeis, inflamábeis, irritantes, nocivos, tóxicos, canceríxenos, corrosivos, infecciosos, teratoxénicos, mutaxénicos ou radioactivos.

Programa ambiental Planificación das actividades e dos obxectivos específicos dunha entidade para asegurar a protección do ambiente, que comprende as medidas adoptadas ou previstas para acadar os devanditos obxectivos e, en caso necesario, os prazos fixados para a aplicación de tales medidas.

Programa de acción ambiental Desde 1973 a UE vén publicando programas de acción que definen a súa política ambiental por un período de tempo dado. A Decisión 1600/2000 establece o VI Programa Marco de Acción Ambiental da UE, que terá vixencia deica o 2012, e cuxo lema é O noso futuro, a nosa escolla.

O VI Programa fai fincapé en catro ámbitos de actuación: o cambio climático, a natureza e a biodiversidade, o ambiente e a saúde, e a xestión dos recursos naturais e dos residuos. A fin de levar á práctica estas prioridades, propón como liñas de acción: mellorar a aplicación da normativa medioambiental,

traballar co mercado e coa cidadanía, e aumentar a integración do ambiente no resto de políticas comunitarias.

Protocolo de Kioto Perante o problema do quecemento global foi acordado na Cimeira de Río-92 o Convenio Marco da ONU sobre o Cambio Climático, para tomar medidas a nivel mundial de cara a reducir a emisión de gases produtores do efecto invernadoiro.

Este Convenio orixinou varias conferencias sectoriais para estudar os mecanismos necesarios para reducir as emisións, e en 1997 asinouse o Protocolo de Kioto (Xapón), polo cal o conxunto dos estados comprometéronse a reducir as emisións en polo menos un 5,2% en relación co nivel de 1990, durante o período 2008-2012.

Ora ben, esta redución non era uniforme. Os 33 países máis desenvolvidos terían que facer reducións drásticas, mentres o resto podería incluso incrementar as súas emisións por mor do crecemento das actividades industriais. Así a UE, no seu conxunto ten como obxectivo unha redución do 8%, mais os países menos desenvolvidos en 1990 poderán incrementar as súas emisións, como é o caso do Estado español, ao que se lle permite aumentar un 15%.

O protocolo entrou en vigor en 16 de febreiro de 2005, logo de ser ratificado por 125 países, que emiten máis do 55% dos gases, aínda que o maior emisor, os E.U.A. negáronse a ratificalo.

Qq

Quecemento global Elevación gradual da temperatura xeral no planeta como consecuencia do incremento na atmosfera do dióxido de carbono e outros gases de efecto invernadoiro, como o metano ou os CFCs.

A consecuencia directa deste ascenso das temperaturas é o cambio climático.

Rr

Radiación Emisión e propagación de partículas ou enerxía sen necesidade dun soporte material.

Radiación ultravioleta Radiación electromagnética de lonxitude de onda inferior ao intervalo correspondente á luz visíbel que intervén nos procesos de deterioración das superficies bióticas (ou orgánicas) expostas ao sol.

Empregase tamén como desinfectante.

Radioactividade Desintegración de núcleos atómicos de certos elementos, acompañada de emisión de partículas e radiacións.

A súa perigosidade é elevada por mor da súa capacidade de modificar o material xenético das células.

Raios beta Correntes de electróns. Unha partícula beta é un electrón que sae despedido dun átomo por un suceso radioactivo.

Raios cósmicos Radiación que penetra, desde o espazo exterior, á atmosfera e que eventualmente chega á superficie do noso planeta.

Raios gamma Radiacións electromagnéticas dun tamaño de onda moi pequeno, máis pequeno có dos raios X que son moi penetrantes. Prodúcese durante as transformacións nucleares.

Dada a súa alta enerxía poden causar un grave dano ao núcleo das células.

Raios infravermellos Anaco da radiación electromagnética que está exactamente logo da liña visíbel. O seu efecto físico é producir calor.

RAMINP Son as siglas do Decreto 2414/1961, do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas.

Esta, vixente até datas recentes, foi das primeiras en regular os aspectos relacionados co ambiente no Estado español. Obrigaba ás empresas a solicitaren licenzas e a tomaren medidas para evitaren efectos prexudiciais sobre a saúde pública e sobre o medio natural.

Rango de tolerancia Intervalo entre o nivel máximo e mínimo de condicións que precisa un organismo para manterse vivo, medrar, desenvolverse e funcionar normalmente.

Reach É o sistema europeo de control dos produtos químicos, que nace co Regulamento para o rexistro, avaliación e autorización de substancias químicas (REACH, nas súas siglas en inglés). Esta norma obriga a facer unha avaliación das repercusións ambientais das máis de 100.000 substancias químicas comercializadas en Europa.

Reciclaxe Utilización máis dunha vez do mesmo material ou produtos en iguais ou semellantes procesos produtivos. Isto é, os residuos transfórmanse en materia prima para a elaboración dun produto igual ou diferente (compostaxe, biometanización...).

Recollida selectiva Segundo a normativa, os produtores están obrigados a facerse cargo dos seus residuos e deben metelos en recipientes adecuados, preferentemente separados. Isto é o que se chama recollida selectiva, que vale tanto para o lixo doméstico como para o industrial.

Recuperación Operación a través da cal se tratan os materiais para destinalos á reciclaxe ou á recuperación.

Recurso Materia ou enerxía que serve directa ou indirectamente para o logro do benestar humano.

Existen moitos tipos de recursos, segundo as súas características ou a súa fonte: agropecuarios, biolóxicos, bióticos e abióticos, enerxéticos, faunísticos, fitoxenéticos, florísticos, forestais, hídricos, mariños, minerais, paisaxísticos, pesqueiros, turísticos...

Recursos non renovábeis Aqueles que, unha vez extraídos, non poden rexenerarse mediante procesos naturais, nunha escala de tempo humana (carbón, petróleo, gas, minerais e outros materiais).

Recursos renovábeis Aqueles que, mediante procesos de rexeneración natural, poden continuar existindo a pesar de ser usados pola humanidade. As plantas e os animais reproducense e medran, mentres o ar limpo, a auga fresca ou os solos son reciclados constantemente por organismos vivos, por

medio da fotosíntese, a respiración, ou a descomposición orgánica.

A existencia dun recurso renovábel pode manterse indefinidamente, mais se se supera a capacidade de carga pode esmorecer ou mesmo desaparecer.

Recursos continuos Son inesgotábeis, pois non se ven afectados pola actividade humana (a miúdo son mal denominados “renovábeis”). As fontes principais de enerxía continua son o sol e a gravidade, ás que habería que engadir á enerxía procedente do interior do planeta.

Recursos naturais Conxunto de materiais, ecosistemas ou segmentos da natureza, tanto biótica como abiótica, susceptibles de seren aproveitados polas sociedades humanas.

Rede hidrográfica Conxunto de cursos de auga xerarquizados que inclúe os ríos, os seus afluentes e os tributarios destes.

Reforestación Repoboación forestal, natural ou artificial, dunha zona anteriormente cuberta de bosques.

Rehabilitación Conxunto de accións mediante as cales se persegue restablecer as condicións orixinais alteradas dun ecosistema ou dun dos seus elementos.

Reserva da biosfera Espazo protexido creado polo Programa do Home e a Biosfera da UNESCO (MAB), para protexer ecosistemas de calquera tipo, formado por compoñentes naturais e antropizados, para a conservación da natureza e a formación da xestión ambiental.

Residuo Aquel produto, material ou elemento que logo de ter sido producido, manipulado ou usado non ten valor para quen o posúe e polo tanto rexéitao e tírao. Legalmente é calquera substancia ou obxecto pertencente a algunha das ca-

tegorías que figuran no anexo da Lei 10/1998, do cal o seu posuidor/a se desprenda ou teña a intención ou obriga de desprenderse. En todo o caso terán esta consideración os que figuren no Catálogo Europeo de Residuos (CER), aprobado polas Institucións Comunitarias.

Residuos sólidos urbanos ou municipais

Son os xerados nos domicilios particulares, comercios ou oficinas, así como todos aqueles que non teñan a clasificación de perigosos e que pola súa natureza ou composición poidan asimilarse aos producidos nos anteriores lugares ou actividades, como son os procedentes da limpeza de áreas públicas, mobeis, trebellos ou entullos de obras menores.

Residuos industriais e da construción

Son todos aqueles que, de forma directa ou indirecta, son xerados nas actividades industriais. E isto implica tanto os residuos de produtos químicos, e os restos da produción, como as embalaxes ou os residuos de oficina, entre outros. Polo tanto, os residuos industriais poderían clasificarse en inertes, que non precisen un tratamento previo á súa deposición no medio como chatarras, cinzas e vidros; asimilábeis a urbanos, derivados da limpeza; e especiais, que son os que supoñen un risco para o ambiente e a saúde.

Residuos sanitarios Son aqueles que conteñen axentes patóxenos que polo seu tipo, concentración e cantidade poden causar enfermidades en persoas expostas ou impactos no medio natural. Certamente, os centros sanitarios son o lugar onde máis residuos deste tipo se xeran. Aquí existiría unha variedade

ampla de tipoloxías de residuos, como os asimilábeis a urbanos (limpeza, flores, restos de comida, papeis...), biosanitarios sen perigosidade (bolsas de orriños, sondas, compresas, algodóns...), biosanitarios especiais (tecidos corporais, vacinas vivas, cultivos, residuos de animais infecciosos...), residuos químicos (citostáticos, medicamentos caducados, aceites, residuos con metais, álcalis e bases de analítica), radioactivos (raios X) e mesmo restos anatómicos de entidade (cadáveres e restos humanos recoñecíbeis).

Residuos agropecuarios Proveñen das actividades agrarias en sentido amplo, e divídense en tres tipos segundo o ámbito de actividade en que se orixinan: os agrícolas que non son orgánicos, como os plásticos e as armazóns dos invernadoiros, os praguicidas e adubos, xunto dos seus envases, o aceite da maquinaria, etc.; os residuos forestais, xa sexa para a obtención de madeira, como consecuencia das plantacións forestais (pólas, raíces, restos de tronco, ou cortizas...); e os residuos gandeiros, principalmente esterco, e logo os produtos de limpeza e os restos sanitarios e veterinarios, de especial perigosidade.

Residuos perigosos Legalmente, son os que están incluídos na lista do Decreto 154/1998, así como os recipientes que os conteñan, ou as mesturas con outras substancias. Porén, a tendencia actual é darlle prioridade ao principio de cautela, e tomar as medidas preventivas necesarias en relación a todos os residuos que podan ser cualificados como perigosos no futuro, por descoñecemento das súas caracte-

rísticas. Exemplos de residuos perigosos son aceites minerais, produtos químicos, baterías, pilas e acumuladores, residuos eléctricos e electrónicos, líquidos fotográficos e radiográficos, lodos de depuradora, lámpadas fluorescentes, vehículos fóra de uso...

Residuos non perigosos A definición máis doada é aqueles residuos que non están catalogados como perigosos pola lexislación vixente. Poderíamos incluír aquí a materia orgánica (restos de comida ou materiais biodegradábeis), papeis e cartóns, vidros e botellas, envases (plásticos, botellas, bolsas, tetra-brik e metais como os tapóns e as latas), aceites vexetais, roupas e téxtiles, madeiras e móbeis, e outros residuos voluminosos (colchóns, metais, electrodomésticos...).

Entre todos estes, aqueles que non son solúbeis nin combustíbeis, nin reaccionan física nin quimicamente de ningunha outra maneira, nin son biodegradábeis, nin afectan negativamente a outras materias pódense denominar residuos inertes, caso dos restos de obras e demolicións ou o vidro.

Resiliencia Capacidade dun ecosistema para regresar ao seu estado normal logo dunha alteración ou desastre ambiental.

Responsabilidade Social Corporativa Tamén chamada Responsabilidade Social Empresarial.

Implica o compromiso dunha organización de contribuír ao desenvolvemento económico sustentábel, traballando cos empregados/as, as súas familias, a comunidade local e a sociedade en xeral para mellorar a súa calidade de vida.

Reutilización A reutilización é o emprego dun produto usado para o mesmo fin para o que foi concibido orixinalmente (envases reutilizábeis, doazón de roupa ou calzado,...).

Revolución industrial Proceso histórico que comeza a partir de mediados do século XVIII, e se desenvolve no XIX, e que propiciou un cambio brusco e súpeto das condicións de produción e nas relacións sociais.

Foi unha revolución que tivo o seu cerne no cambio de fonte de enerxía, ao pasarse da madeira ao carbón. O seu maior poder calorífico, xunto dos grandes avances científicos do século XVIII, provocaron o desenvolvemento, en moi pouco tempo, dunha grande mecanización das tarefas industriais, propiciando o aumento do número e da variedade das manufacturas.

Coa Revolución Industrial comézase unha época de consumo desmedido dos recursos naturais, e por conseguinte de alteración intensa do medio natural.

Revolución verde Conxunto de adiantos na tecnoloxía xenética e de cultivos de plantas, producido no terceiro cuarto do século XX, que implicou un brusco aumento dos rendementos e dos insumos agrícolas, e que provocou un impacto negativo nos solos.

Rexistros É o almacenamento dos datos que permiten o seguimento e medición dos requisitos relacionados cun sistema ou un proxecto. Empréganse para proporcionar regularmente as evidencias sobre o grao de implantación do sistema, e indican se se cumpriron ou non os obxectivos e metas así como os criterios de actuación.

Risco ambiental Grao de probabilidade de que se produza un dano ou catástrofe no ambiente debido a un fenómeno natural ou á acción humana.

Ruído Son indesexábel, que produce unha sensación desagradábel e molesta na persoa que o escoita. Posúe un claro matiz de subxectividade.

O ruído é o contaminante máis barato de producir e necesita moi pouca enerxía para ser emitido; é complexo de medir e cuantificar; non deixa residuos, nin ten un efecto acumulativo no ambiente, aínda que si nas persoas; ten un raio de acción moito menor ca outros contaminantes; percíbese só polo sentido do oído, o cal fai subestimar o seu efecto.

Ss

Salinización Aumento da concentración de sales nas augas ou no solo.

Sedimentación Proceso de acumulación excesiva de sedimentos soltos en zonas baixas, redes fluviais ou no océano, que constitúe unha afectación ao solo, ás augas e aos fondos mariños.

Seguridade biolóxica Conxunto de medidas científicas, organizativas e técnicas destinadas a protexer ao traballador/a dunha instalación, á comunidade e ao ambiente fronte os riscos que entraña o traballo con axentes biolóxicos.

Sendeirismo Actividade turístico-recreativa de carácter ambientalista que se realiza visitando por camiños e carreiros determinadas áreas, preferibelmente pouco antropizadas.

Silvicultura Actividade forestal que persegue o uso e a ordenación das terras forestais con fins fundamentalmente económicos. Do mesmo xeito, úsase para definir a explotación racional dos bosques en canto ao seu comportamento vexetal.

Sistema de xestión medioambiental É a parte do sistema xeral de xestión que implementa a política medioambiental da organización, actuando sobre os recursos dispoñíbeis. Nel está incluída a análise ambiental da entidade, o deseño

da súa estrutura, a planificación das actividades a realizar, a súa implantación e a validación final do sistema, de cara a retroalimentalo e melloralo.

Sociedade do risco É un concepto desenvolvido por Ulrich Beck, segundo o cal estamos a vivir nun sistema socioeconómico tan globalizado e tan dinámico, que produce unha perda de control da situación, o cal fai que o risco, en xeral, se incremente. O cambio climático, o burato da capa de ozono, a deforestación, os residuos radioactivos, a proliferación de produtos químicos, a produción masiva de lixo... poden ser bos exemplos desta preocupante situación.

Neste senso Beck considera que a sociedade do risco caracterízase pola complexidade das relacións, a desregulación absoluta, o control do poder e das decisión das grandes corporacións, a inhibición dos poderes políticos ou a súa conivencia co poder económico. Esta sociedade pósmoderna non ten o futuro asegurado, porque os perigos aos que está sometida son incuantificábeis, incontrolábeis, indeterminábeis e inatribuíbeis, o que produce unha situación de irresponsabilidade organizada.

Solo Capa superficial da codia terrestre que serve de substrato a plantas, animais e ás sociedades humanas, e que posúe características de fertilidade, debido ao proceso de meteorización e descomposición das rochas e á adición de materia orgánica durante un tempo xeolóxico determinado.

Son É calquera variación de presión, en calquera medio (ar, líquido ou sólido) detectábel polo oído.

Sumidoiro Ultimamente fálase do proceso, mecanismo ou elemento que propician a eliminación por absorción dun gas de efecto de invernadoiro. Un claro exemplo son os bosques.

Substrato É a superficie sobre a que se apoian ou desprazan os organismos e que lles dá soporte, abrigo e alimento.

Sustentabilidade Capacidade dun sistema para desenvolverse cos seus propios recursos e manter o equilibrio das especies que o conforman, de xeito que o seu funcionamento non dependa de fontes externas.

De igual maneira aplícase ao uso dun recurso por baixo do seu límite de renovabilidade, sen afectar ao equilibrio do ecosistema ao que pertence.

Tt

Técnicos/as de medio ambiente É aquel persoal dunha empresa ou organización que ten como cometido o control da súa xestión ambiental.

Normalmente, nacen da negociación colectiva, e algunhas das tarefas que deberán desenvolver son: promover o respecto ao ambiente, recoller información ambiental e participar nas avaliacións, dar formación básica, elaborar e actualizar os procedementos de actuación ambiental, xestionar e custodiar a documentación ambiental, propor medidas de prevención da contaminación ambiental e de minimización dos impactos negativos, ou participar na planificación e nas urxencias ambientais.

Tecnoloxía limpa Método de produción que ao combinar a obtención dun alto rendemento e o uso múltiple da materia prima, coa conservación da enerxía, evita a contaminación e trata de minimizar a xeración de residuos.

Teledetección Conxunto de técnicas para a obtención e o procesamento de imaxes da superficie do planeta, mediante sensores remotos situados, polo xeral, sobre aeroplanos ou satélites.

Tolerancia Capacidade dun organismo de soportar condicións ambientais desfavorábeis.

Toxicidade Capacidade dunha substancia de provocar efectos tóxicos que producen danos biolóxicos ou a morte en caso de exposición a esa substancia ou de contaminación con ela.

Tóxico Axente ou substancia que actúa como veneno. Substancias ou refugalllos que poden causar a morte ou lesións graves ou danos á saúde humana, se se inxiren ou inhalan ou entran en contacto coa pel. Substancia prexudicial para os organismos vivos.

Toxicoloxía Ciencia que trata da composición química, efectos fisiolóxicos e orixe dos tóxicos ou venenos.

Toxina Substancia de orixe biolóxica que ao ingresar nun organismo produce alteracións celulares graves, moitas veces irreversíbeis.

Transferencia de tecnoloxía Transmisión ou asimilación, dun país ou mercado a outro, da tecnoloxía que posúe o primeiro como resultado da experiencia e da innovación.

Transxénico Tamén coñecido como OGM (organismos modificados xeneticamente).

É un individuo animal ou vexetal cuxo material xenético foi modificado por medio da biotecnoloxía. O grande problema destes produtos é o descoñece-

mento existente sobre a súa evolución e sobre as consecuencias que pode ter a súa presenza no medio natural.

Transnacionalidade Requisito de moitos proxectos europeos que como requisito teñen que ter, polo menos, un socio doutro estado membro ou país candidato.

Transversalidade É a concorrencia de distintas disciplinas no estudo ou o tratamento dun mesmo obxecto ou fenómeno. Serve para incorporar un obxectivo do noso proxecto no resto de actuacións e políticas que se implementen nun organismo.

Tratamento de residuos Operación ou conxunto de operacións destinadas a reducir ou neutralizar as substancias perigosas, nocivas ou doutra natureza, contidas nun residuo, como poden ser a recollida selectiva, o transporte, a reciclaxe, a reutilización, a valorización ou o revertemento.

Uu

Unión Internacional para a Conservación da Natureza A UICN é unha organización internacional e independente fundada en 1948, con sede en Gland, Suíza. Agrupa a 83 estados, e múltiples entidades gobernamentais e diversas organizacións non gobernamentais, co obxectivo de influír, motivar e axudar ás sociedades de todo o mundo para a conservación da identidade e a diversidade da natureza e asegurar o uso sustentábel dos recursos.

Urbanización Proceso de cambios nos servizos e infraestruturas públicas que confire características urbanas a un asentamento de poboación.

Uso Actividade humana que implica unha relación cun organismo, un ecosistema ou un recurso non renovábel beneficioso para a poboación.

Uso sustentábel Utilización dun organismo, ecosistema ou outro recurso renovábel dentro dos límites da súa capacidade de renovación.

Vv

Valorización Procedementos e técnicas nos que se pretende tirar algún proveito dos residuos utilizando os recursos que conteñen, como por exemplo mediante a reutilización, a reciclaxe e a incineración con produción de enerxía.

Vertedoiro Área onde se depositan definitivamente os residuos, de forma controlada ou non.

Vertido ou vertedura Pódese definir como toda aquela actividade de dispersión ou liberación de augas residuais e/ou residuos á rede de saneamento, ríos, lagos, mar ou augas subterráneas, provocando con iso unha degradación da súa calidade.

Vida É un sistema de interdependencias dinámicas entre a materia viva organizada e o ambiente, onde se intercambia materia e enerxía co medio a través dunha multitude de cadeas metabólicas.

Vixilancia Ambiental Medición uniforme e observación do ambiente de forma continuada que ten fins de prevención e control dos impactos negativos.

WWF

WWF Son as siglas do Fondo Mundial para a Natureza (World Wildlife Fund ou World Wide Fund for Nature).

É unha organización conservacionista independente, vinculada á ONU, fundada en 1961, e radicada en Suíza. O seu campo de acción é a loita pola conservación do ambiente natural e dos procesos ecolóxicos esenciais para a vida na Terra. Os seus obxectivos son contribuír á creación dunha consciencia na opinión pública fronte ás ameazas ao ambiente e en dar orixe a un importante soporte moral e financeiro a escala mundial para protexer os seres vivos. Os seus principais eixos son a biodiversidade, as especies en perigo de extinción, a xestión racional dos recursos naturais, a educación ambiental e o control do tráfico ilegal de fauna.

Xx

Xacemento Acumulación natural de substancias minerais no solo que pode ser explotada como fonte de materia prima ou de enerxía.

Xeografía Ciencia que estuda e describe a superficie da Terra, os seus accidentes físicos, climas, solos, vexetación e as múltiples e complexas relacións existente entre o medio natural e os grupos humanos e as súas estruturas sociais.

Xestión Acción e efecto de administrar, organizar ou dirixir algunha cousa. Desde o punto de vista ambiental, son as formas e métodos de administración, conservación e utilización dos recursos dun territorio para lograr o seu aproveitamento.

Xestión ambiental Conxunto de accións das organizacións dirixidas á administración, uso e manexo dos recursos e á conservación, preservación, mellora e control do ambiente sobre a base dunha axeitada información e contando coa participación cidadá.

Xestión de residuos Formas e métodos de administración e utilización dos residuos dun territorio que se aplican co propósito de lograr o seu aproveitamento sustentábel, económica, social e ambientalmente.

A large, stylized calligraphic representation of the letters 'Z' and 'z'. The uppercase 'Z' is on the left, and the lowercase 'z' is on the right. Both letters are rendered in a bold, black, serif font with elegant, flowing curves and a decorative flourish at the bottom of the 'z'.

Zona Demarcación dun territorio ou espazo delimitado que se caracteriza por algún trazo ou circunstancia concreta.

Glosario do mar

Aa

A (Alfa) (. -) A Símbolo designado Alfa. O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra nunha pequena bandeira farpada, tamén coñecida por gallardete, nas cores branca e azul. En calquera parte do litoral en que esta bandeira estea izada, significa: "Mergullador/a en acción. Mantéñase lonxe e manobre con coidado".

Aba Beira, marxe dun río ou do mar.

Abadernar Asegurar con badernas.

Abafar Desfacerse a inchazón ou boxo da vela que o vento provoca. O mesmo que desincharse o pano de encontro coa verga, diminuíndo, así, a superficie mostrada ao vento. **Abafar o pano** É o proceso que consiste en enrolar o pano da vela, apertándoo contra o mastro, á botavara, aos estais ou vergas, reducindo deste xeito o boxo feito na vela polo vento. **Abafa!:** Voz de mando, ordena os mariñeiros/as que deben amarrar as velas.

Abaionar Manter coa forza dos remos un barco pesqueiro e telo á distancia conveniente para que non vaia sobre o aparello, substituindo deste xeito a fateixa.

Abalizamento Acto ou efecto de utilizar a boia ou balizas coa finalidade de sinalar ou demarcar canais, lagos, vaos, etc.

Abalroación Na terminoloxía marítima xeral, significa calquera choque entre dúas embarcacións. En dereito marítimo, abalroación ten significado restrito, sendo definido como "choque entre dous navíos ou embarcacións que navegan ou están en condicións de navegar, dentro ou fóra dos portos". O abalroamento pode implicar culpa, cando existe desidia, negligencia ou culpa do capitán ou da tripulación dun dos navíos ou aeronaves, ou dos capitáns ou comandantes e tripulantes de ambos os navíos ou aeronaves; ou pode ser fortuíto, cando ocorre en consecuencia de caso fortuíto ou forza maior; mixto ou dubidoso, cando non se pode determinar a causa do choque ou determinar a quen cabe a culpa.

Abalroada O mesmo que abalroamento.

/Abalroadela O mesmo que abalroamento, cando as avarías son de pequena monta.

Abalroador Dise dun navío que lanza a balroa ao costado doutro, para atracar, ou facer abordaxe. Refírese tamén ao navío que causa colisión con outro.

Abalroamento Colisión violenta entre dúas embarcacións. Tamén se di abalroada.

Abalroar Colidir unha embarcación, violentamente, con outra embarcación ou

peirao ou un obstáculo calquera. Existen regulamentos establecendo a responsabilidade do propietario/a dunha embarcación que abalroa outra. Dise do ataque con balroa que é unha especie de gancho ligado a cabos, empregándose varios deles para abordar unha embarcación. Dise aínda dun barco que aferra outro con balroas para o abordar.

Abarbado coa terra Dise do navío que ten a terra próxima por sotavento (SV).

Abarrotado Dise dun navío demasiado cargado, até as escotillas.

Abatemento Refírese ao decaimento lateral do navío en relación ao rumbo que segue, baixo a acción do vento non enteiraamente favorábel, cando non sopra de popa.

Abater Acción de desviar, descaír ou afastar o rumbo do navío da rota que seguía, por efecto do vento ou da corrente.

Abatido Dise do navío que navega a alta velocidade.

Abeiramento Achegamento á beira, a un porto ou barco.

Abeiro Lugar protexido. Abrigo.

Aberta Interrupción momentánea de chuva, de vento ou de mar.

Abicar 1. Acto ou efecto do navío encallar ou tocar a praia co bico de proa. 2. Abordar unha embarcación de proa. O mesmo que embicar ou afociñar.

Abocar 1. Acto ou efecto de prender, ou asegurar a boia, ou atala para, no caso de necesidade, poder lanzala á auga. 2. Marcar coa boia o lugar onde hai perigo para a navegación, ou onde se encontra algún obstáculo.

Aboiar 1. Flotar. 2. Pór boias a un obxecto para que se manteña flotando.

Abordar 1. Chegar á beira ou a bordo. Atracar. 2. Chocar unha embarcación con outra. Abalroar.

Abordaxe 1. Acción ou resultado de abordar. 2. Aproximación de dous barcos para o ataque. 3. Asalto a un navío. 4. Abalroación ou Abalroamento.

Abotoar Amarrar ou unir fortemente un cabo a outro ou dúas pernadas do mesmo cabo por medio de botóns.

Abra 1. Designa unha enseada con ancoradoiro para embarcacións. 2. O mesmo que baía, ancoradoiro.

Abrigo de barcos É un lugar coberto; enseada, lago, ..., protexido dos ventos, que se usa para capear os temporais, para resgardar os barcos de paseo ou pesca, e tamén para permitir o embarque e desembarque dos seus ocupantes.

Abrir auga Dise cando entra auga en cantidade, por abalroación, ou por desconxuntamento do casco dunha embarcación.

Abrir velas Expressa a acción de navegar.

Acalmía Bonanza. Período de calma despois da tempestade. Diminución pasaxeira da axitación do mar.

Accidente Expresión que designa naufraxio, auga aberta, varada, incendio, arribada, colisión, encallamento, abalroamento, explosión, avaría ou, aínda, danos nas embarcacións. O asunto é tratado no dereito marítimo. / **Accidente de mergullo** Todo accidente relacionado coa práctica dunha actividade subacuática. / **Accidente disbárico de mergullo** Accidente de mergullo relacionado directamente cos cambios na presión ambiental. Os máis importantes son a enfermidade por descompresión e a síndrome de hipertensión intratorácica ou

de sobrepresión pulmonar. / **Accidente marítimo** Un evento que tivo como resultado: *a)* a morte ou lesións graves dunha persoa, causadas polas operacións dun buque ou en relación con elas; ou *b)* a perda dunha persoa que estivese a bordo, causada polas operacións dun buque ou en relación con elas; ou *c)* a perda, presumíbel perda ou abandono dun buque; ou *d)* danos materiais graves sufridos por un buque; ou *e)* a varada ou avaría importante dun buque, ou a participación dun buque nunha abordaxe; ou *f)* danos materiais graves causados polas operacións dun buque ou en relación con elas; ou *g)* danos graves ao medio como resultado dos danos sufridos por un ou varios buques, causados polas operacións dun ou varios buques ou en relación con elas. / **Accidente marítimo grave** Aquel que sen reunir as características do accidente moi grave entraña incendio, explosión, abordaxe, varada, contacto, avarías por mal tempo, avarías causadas por xeos, fendas no casco ou suposto defecto do casco ou outros, que á súa vez provocan algunha das seguintes consecuencias: *a)* lesións graves ás persoas; *b)* avarías estruturais que fan que o buque non sexa apto para navegar, por exemplo, unha fenda na obra viva, parada das máquinas principais, avarías importantes nos espazos de aloxamento ou outros espazos; *c)* contaminación (independentemente da magnitude); *d)* unha avaría que obrigue a remolcar o buque ou pedir axuda a terra. / **Accidente marítimo moi grave** O sufrido por un buque con perda total deste, perda de vidas humanas ou contaminación grave.

Acertar o compás da nau Expresión que significa colocar correctamente a carga na embarcación, visando a ben navegar, sen pender para un lado ou para o outro.

Achicar 1. Acción de tirar a auga que invadiu un barco. 2. Retirar a auga dunha embarcación cunha vasilla chamada vertedoiro, ou coa bomba de achique, quer sexa manual ou mecánica.

Acimute Dise en Astronomía da distancia angular, medida sobre o horizonte, a partir dun punto orixe, xeralmente o Sur, no sentido dos punteiros do reloxo ou no sentido inverso, até o círculo vertical que pasa por un dado astro. / **Tomar o acimute** Determinar, medir o acimute.

Aclarar 1. Pórse o tempo claro despois de chover ou estar cuberto. 2. Desfacer un nó ou unha coca dun cabo ou apuño. Descocar.

Acostar 1. Dise cando unha embarcación se aproxima da costa; navegar xunto á costa. 2. Atracar o barco no molle ou perto doutra embarcación.

Actos rexistrábeis Aqueles que deben figurar na folla de asento da embarcación. Deberanse rexistrar as transferencias de propiedade ou titularidade, os cambios de motor, de matrícula, de lista, así como calquera outro acto que supoña a creación, modificación ou extinción dun gravame que pese sobre a embarcación.

Acuartelar Marear unha vela para barlovento para obrigar a embarcación a parar ou recuar.

Acuicultura Cría de animais acuáticos que supón intervir dalgún modo para mellorar a produción, por exemplo, mediante a repoboación, a alimentación, a protección contra os depredadores, etc.

Acuicultura mariña: A actividade que,

levada a cabo por medios técnicos e científicos, se realiza para obter e desenvolver especies mariñas nas súas diversas fases de reprodución, desova, crecemento, preengorde e engorde.

Adernado É cando o navío está inclinado. Escorado.

Adernamento Dise da inclinación dun navío para un dos seus bordos. O mesmo que banda.

Adernar Acto ou efecto de inclinar unha embarcación para un dos seus bordos, ficando un lado submerxido. Tamén se di Adornar.

Adormecer Acción de alguén perder o equilibrio sobre a embarcación. Mergullar a proa na auga pondo o barco en risco de naufraxio.

Adornamento É a inclinación para un dos bordos da embarcación; o navío pode estar adornado a babor ou a estribor. O adornamento é medido en graos.

Adornar Dise da inclinación do navío a sotavento (SV) pola forza do vento ou desprazamento de peso. Adernar.

Adriz Cabo que serve para suspender ou arriar as velas e as bandeiras. As velas latinas cadrangulares posúen dúas adrizas, unha da boca (que iza a boca da caranguexa), outra do pique (serve para repicar a caranguexa). **A media adriz** Dise da bandeira izada até 2/3 da distancia vertical que vai do extremo da verga ou do tope do mastro ao lugar de onde foi izada ao medio.

Adrizar 1.Erguer ou izar algo por medio dunha adriz. 2.Endereitar unha embarcación que estivese adernada. 3.Endereitarse unha embarcación despois dun balance ou corremento de pesos.

Aduana O mesmo que alfándega.

Aduaneiro De, ou relativo á aduana ou alfándega. Dise do imposto debido pola importación de mercadorías. É o chamado imposto aduaneiro ou alfandegario.

Aduchar 1.Coller e enrolar un cabo ou amarra. Deixar un cabo ben ordenado, para gardar. 2.Dobrar convenientemente unha vela desenvergada. 3.Dispor en forma correcta un obxecto ou lugar.

Aerodinámica Parte da física que estuda o ar e outros gases en equilibrio ou en movemento, canto ás súas propiedades e características e ás forzas que exercen sobre os corpos sólidos neles inmersos. Un sólido posúe forma aerodinámica cando o ar ofrece pouca resistencia ao seu desprazamento. Así é que o avance dun barco a vela depende, esencialmente, de como el aproveita o ar e a auga en movemento, sendo que a utilización do vento depende da movimentación dada ao leme e da orientación das velas.

Aferrar Acto ou efecto de ancorar. O mesmo que lanzar ferro.

Afirmativa É unha bandeira representada nos códigos marítimos de sinalización, que significa que hai que afirmar ou asegurar algo, como anoar un cabo.

Afocinado Embarcación mergullada de proa, en virtude do balance de popa e proa ou do exceso de carga avante.

Afretador Dise daquel que ten a posesión dunha embarcación a frete, no sentido de aluguer, no todo ou en parte, coa finalidade de transportar mercadorías, persoas ou cousas. Non se debe confundir con fretador, que é a persoa que dá a embarcación a frete. Na maioría das veces, o fretador é o propio propietario.

Agregado Representante do servizo diplomático. Agregado naval é aquel que, pertencendo á mariña de guerra do país que representa, coida das cuestións navais do interese do seu país ou estado no país en que se encontra destacado.

Aguantar 1. Tolerar o navío o vento segundo a forza que este levar. 2. Parar de puxar.

Aguantar sobre volta Prender pasando no cuño mais aguantando na man.

Aguante Porción de velame que o navío pode levar.

Agulla 1. Calquera instrumento que indique ao navegante a dirección do pólo da Terra, aínda que o seu funcionamento non dependa da peza que se asemella a unha agulla. 2. Agulla de marear. O mesmo que compás. / **Agulla de Escaler** Agulla magnética portátil para uso en embarcación miúda. / **Agulla de goberno** Agulla instalada a bordo por diante da proa na roda do leme, por medio da cal o temoneiro goberna o navío no rumbo ordenado. / **Agulla de Marear** Compás propio para a navegación marítima, e que se trata dunha agulla magnética montada sobre unha rosa dos ventos deseñada nunha placa de cortiza e posta a flotar dentro dunha tina con auga. Tamén se di unicamente agulla. / **Agulla de mariñeiro** Agulla coa que os mariñeiros cosen lona, brin e panos grosos en xeral. / **Agulla xiroscópica** Instrumento de navegación cuxo funcionamento se basea na propiedade que ten o eixo de, cando obrigado a permanecer horizontal, orientarse de modo que coincida coa dirección do meridiano verdadeiro local. / **Agulla líquida** Agulla magnética que vai dentro dunha cuba con auga destilada para atenuar as oscilacións da rosa dos ventos, re-

sultantes das guinadas rápidas e dos balanços do navío. / **Agulla magnética** Compás. / **Agulla padrón** Agulla magnética de maior confianza a bordo, e por cuxas indicacións se guían as demais. Tamén se lle chama Agullón. / **Agulla repetidora** Agulla que repite as indicacións da agulla padrón.

Agulleiro Pequeno buraco ou escotilla, circular ou elíptica, destinada ao servizo dun paiol, casa das máquinas, etc.

Alagar 1. Naufragar. 2. Tornar como un lago, encher con auga. Submerxir. 3. É cando o faro esvaece no horizonte por termos saído de seu alcance ou de seu sector de visibilidade.

Alanta Cabo que fai a amura dunha vela triangular denominada Spinnaker. Normalmente a alanta pasa polo pau de palanque e a *escota* fixa no puño oposto.



Alar Levantar ou puxar dun cabo, corda ou rede para executar unha manobra.

Alboios Aberturas no convés para iluminar e ventilar compartimentos da embarcación. Teñen estrutura metálica, tampas estancas, con ou sen vidro, fixos ou non.

Alcatrate Trancanil ou talabardón.

Alcatruz Peza en forma de balde para elevación de pezas longas. O alcatruz é colocado nunha das extremidades da peza ou pezas, e preso ao cabo de suspensión, de forma a non as deixar correr cando son suspendidas por un cabo.

Alefriz Rañura angular que se fai en codaste e roda nas construcións de madeira; o seu obxecto é empalmar as pezas que han formar o casco.

Alleta Zona do costado dunha embarcación entre a popa e o través. O mesmo que alleta.

Alisios Ventos regulares que durante o ano sopran regularmente de NE no hemisferio Norte e do SE no do Sur. A partir dos 30° van diminuindo de intensidade en dirección ao Ecuador até se extinguiren formando aí a zona de calmarías ecuatoriais.

Alma Porción de filásticas reunidas no sentido da lonxitude que forman o centro dun cabo de catro cordóns.

Aloxamentos Compartimentos destinados a aloxar pasaxeiros ou tripulantes.

Altitude dun faro A altitude que ven marcada é do nivel medio (Nm) do mar até ao foco luminoso do mesmo.

Alto mar Entenderase por alto mar a parte do mar non pertencente ao mar territorial nin ás augas interiores dun Estado.

Altura da marea A altura, nun dado momento, do nivel das augas por riba do cero hidrográfico, que é definido polo nivel máis baixo das baixamares rexistradas.

Alza Arranxo feito no seo dun cabo para ser prendido nun trebello ou pasar outro cabo.

Amainar a vela arriar ou apertar o pano, cando a forza do vento fai perigar a navegación e é necesario diminuír a velocidade do navío; dise cando diminúe a velocidade do vento.

Amante Cabo grosso para izar ou arriar parte do aparello náutico ou antena.

Permite modificar o ángulo dos paus de carga, medido na vertical.

Amantillar Aguantar os amantillos para as vergas non arquearen.

Amantillos: Son cabos de laborar cos que se endereitan horizontalmente as velas ou se lles dá un movemento na dirección vertical.

Amarra Cadea de elos especiais con ou sen malletes (nos navíos pequenos pódese usar corrente ou cabo de arame) que une a áncora coa embarcación. Ten a función de aguantar a forza de fondeo da áncora nos fondeadoiros. Nome que con carácter xeral se dá a bordo a todo cabo, e en especial a aquel con que se suxeitan os buques que están fondeados e as súas embarcacións menores. / **Amarra!**, voz con que se ordena atar un cabo.

Amarra ou **Amarre** Operación de amarrar un navío ao peirao ou dique ou a outro barco.

Amarradoira Peza xeralmente de fundición que, encaixada ao bordo dos peiraos, serve para amarrar os buques. A terminación superior desta está inclinada en sentido contrario ao de tracción habitual da amarra que nel se fai firme para evitar que se safe, ao contrario que a bita, no que é simétrico respecto dun eixe vertical tendo só un rebordo. Poste de amarre ou amarre.

Amarradoiro lugar onde se amarra.

Amarrar Atar, facer firme, anoar un cabo. Colocar un barco no seu lugar ao pé do peirao ou dique e fixalo con cabos. / **Amarrar ao aliñamento** Amarrar tomando ao barco só pola proa, dun único morto ou áncora. / **Amarrar en barbas de gato.** Sistema de amarre utilizado en lugares con correntada,

formado por dúas amarras que saen de proa cun ángulo aproximado de 40°. / **Amarrar a pé de galo** Sistema de amarre para días de temporal, que precisa que no barco haxa dúas ancoras, só cando a primeira estiver uñada, trátase de botar a segunda, formando un ángulo en forma de “V”.

Amplitude da marea A diferenza entre as alturas da Preamar e Baixamar ou desta coa próxima preamar. Amplitude **Máxima** é aquela por ocasión das mareas vivas ecuacionais. Amplitude **Media** é aquela por ocasión das mareas vivas medias. Amplitude **Mínima** é aquela correspondente á menor elevación das augas.

Amura Zona do costado dunha embarcación entre a proa e o través. **Amura** (1) O puño por onde se prende unha vela na liña lonxitudinal da embarcación. (2) O rumbo da embarcación en relación ao bordo por onde recibe o vento (amurado por babor ou amurado por estribor). (3) Múdase de amura rodando en dirección ao vento, entrando na zona non vélica, pasando coa proa pola liña do vento e saíndo na nova amura.

Amurada Denominación da parte interna do costado do navío, máis usualmente utilizado para indicar a parte interna na borda falsa do navío. **Amurado a Babor/Estribor** embarcación que recibe o vento por babor/estribor.

Amuras Son cabos de laborar, que nas velas redondas serven para amurar os papa-figos, isto é, rondar o puño da escota de barlovento o máis avante posíbel.

Áncora Peza de formato especial e peso conveniente, e que, presa á extremidade dunha amarra, aguanta a embarcación

no fondeadoiro ou ancoradoiro. **Áncora de capa ou flotante** É un obxecto feito de lona ou plástico, parecido cun saco de café, destinado a axudar a manobrar en condicións de mal tempo. Aguanta a proa da embarcación aprobada ao vento e ao mar. Contraría a deriva dunha embarcación ou lancha pneumática pola acción do vento. Hai outro tipo de áncoras como a de de almirantado; a de arrastre; a sen cepo; a de cogumelo ou a fateixa.

Ancorar É a acción de lanzar áncoras ao fondo, para manter a embarcación segura por medio das súas amarras no ancoradoiro ou fondeadoiro.

Ancoreta É unha especie de barril un pouco achatado, que serve de depósito de auga doce para beber na embarcación.

Ancorote Pequena áncora usada en pequenas embarcacións ou para manobras auxiliares.

Andar á deriva, á toa, ao garette ou á rola Vogar sen goberno, ao impulso das ondas.

Andoriños 1. Son cabos fixos que aguantan polo seo o estribo dunha verga, que serven para soportar tamén o peso dos mariñeiros cando utilizan os estribos. 2. Peza de poleame fixo con 2, 3 aberturas para guía ou retorno de cabos de manobra.

Aneis Cadernas reforzadas continuas, formando aneis cos vaos reforzados do convés e das cubertas. Chámanse tamén **Cadernas gigantes**.

Anemómetro Instrumento para medir a velocidade e a forza do vento. Adóitanse ver no tope do pau dos barcos de regata. Indica tamén a dirección do vento (Anemoscopio ou catavento).

Anemoscopio Instrumento indicador da dirección do vento. Catavento.

Anete Argola ou manilla que vai no fin da hasta da áncora.

Anisakis Especie de verme nematode cuxas larvas parasitan peixes de consumo habitual (arenque, sardiña, pescada,...).

Anisakiase humana: Problema de saúde pública cuxa incidencia está a aumentar debido a unha maior infestación do peixe capturado en todos os mares, mal lavado ou eviscerado, e ao aumento do costume de comer o peixe cru ou pouco cociñado.

Antena 1.Pau de grandes dimensións propio para a fabricación de mastros, vergas, etc. 2.Designación xenérica de vergas e mastareus sobresaíntes. 3.O mesmo que entena.

Anteparas/Anteparos Son separacións verticais que subdividen en compartimentos o espazo interno do casco, en cada pavimento. Tamén serven para manter a forma e aumentar a resistencia do navío. Poden ser transversais ou lonxitudinais, estancas ou non. **Antepara de colisión** A primeira antepara estanca na proa do navío. Nalgúns casos tamén existe na popa.

Aparato de goberno auxiliar do buque É o equipamento provisto para mover o leme fin de gobernar o buque en caso de avaría do aparato de goberno principal. / **Aparato de goberno principal do buque** O conxunto da maquinaria, os servomotores que poida haber en tal aparato e o equipamento auxiliar, así como os medios provistos (cana ou sector) con vista a transmitir o par torsor á mecha do leme, necesario para mover o leme a fin de gobernar o buque en condicións normais de servizo.

Aparello 1.Conxunto de todos os paus, vergas, enxarcias e velas dun buque. Sistema composto de motores e cabos dispostos para vencer resistencias.

2.Conxunto de elementos que conforman a arboradura e manobra dun veleiro. En xeral; mastro, botavara, botaló, enxarcias e velas. / **Estar aparelado de goleta** A expresión aparelado de indica o tipo de barco co que unha embarcación se vai asemellar. Neste caso, o que quere dicir é que o seu mastro de popa é maior ou igual que o de proa. /

Aparello ao tope Aparello no cal o estai proel está encapelado no tope do mastro. / **Aparello de laborar** Cabos usados nas manobras das embarcacións. / **Aparello fraccional** Aparello no cal o estai de proa está encapelado debaixo do tope do mastro, a unha distancia deste que depende do deseño do barco.

Aparellos Ver *artes*.

Aportar Chegar a porto.

Apostura É a parte superior do vau que vai unida ao brazo, parte media, e onde vai asentado o trancanil.

Apuño Lazo que leva a vela no ángulo dianteiro para enganchala á proa.

Área de flotación É a área do casco, definida por unha das liñas de flotación da embarcación.

Área mariña protexida Son espazos naturais designados para a protección de ecosistemas, comunidades ou elementos biolóxicos ou xeolóxicos do medio mariño, incluídas as áreas intermareal e submareal, que por causa da súa rareza, fragilidade, importancia ou singularidade, merecen unha protección especial.

- Ardora** 1.Fosforescencia do mar. 2.Arte de pesca na que as embarcacións son guiadas pola fosforescencia dos peixes no mar.
- Arfar** É a oscilación do navío no sentido de proa para popa, ou sexa no sentido lonxitudinal da embarcación. O mesmo que *Acorar. Arrandear. Cabecear. Caturrar...*
- Arganeu** Argola grande da áncora a que se prende e amarra.
- Argazos** Plantas que, desprendidas do fondo do mar, ben por efectos das ondas ou por outras circunstancias naturais, acaban acumulándose nas praias e noutras zonas do litoral. É unha alga alóctona arrastrada polos navíos mercantes desde o Caribe. Por extensión acabou por denominar todo o tipo de algas que se recollen dos areais para adubar as terras.
- Arinque/Orinque** Cabo que é preso á áncora e a unha boia (boia de arinque ou ancoraxe). Esta boia ten a función de mostrar a localización da áncora cando o navío está fondeado. Nas pequenas embarcacións a boia de arinque ligada ao ancorote pode ser moi útil para tirar o ferro caso este uñar nunha pedra.
- Armador/a** Persoa ou empresa que equipa, mantén e explota comercialmente unha ou máis embarcacións mercantes.
- Armar** Prover o navío de mastros, vergas, cabos, embarcacións e todos os apetrechos necesarios para a navegación.
- Arnés** Cabo de protección ou cinto de seguranza que se fixa na embarcación.
- Arpeu** 1.Gancho de ferro para aferrar ou abordar embarcacións. 2.Arpción pequeno.
- Arpón** O conxunto formado por un ferro en forma de frecha fixado a un cabo, e que se destina principalmente a pesca de peixes de grande porte.
- Arquear, Arqueo** Medir a capacidade dos espazos internos dunha nave. Tonelaxe.
- Arranxo** 1.Distribución xenérica e particular dos espazos e dos equipamentos específicos nos diversos conveses, daccordo coa tipoloxía e o porte da embarcación. 2.Facer un arranxo nalgún cabo.
- Arrastón** 1.Artefacto que se usa para recoller desde as gamelas argazo, que consiste nunha rede que ten unha barra de ferro pola parte de baixo e un pau groso por riba. 2.Redes para pescar angulas.
- Arriar** Baixar. Dependurar. Termo usado cando se baixa unha vela, bandeira, etc.
- Arriba!** Voz de mando para que os mariñeiros suban os mastros dun navío.
- Arribada** 1.Chegada dunha embarcación a un porto. 2.En navíos é afastarse da súa rota para entrar nun porto que non estaba na escala. 3.Voltar unha embarcación ao porto de saída pouco tempo despois de facerse ao mar.
- Arribar** 1.Aportar, tomar terra. 2.Refuxiarse unha embarcación nun abrigo natural ou porto. 3.Nos barcos a vela significa afastar a proa da liña do vento (ou para sotavento). Dar a cana do temón no sentido contrario de onde está a vela.
- Arrincada** 1.Partida, saída. 2.Velocidade que leva a embarcación.
- Arrizor** Pór rizos nas velas de forma que diminúa a súa superficie.
- Arrufe ou Arrufo** Curvatura que padece a embarcación na auga, que se nota máis coa elevación que se dá á popa e á proa.
- Artes de pesca** Calquera medio material que sirva para capturar ou facilitar a captura de individuos das unidades de poboación sometidas a explotación pesqueira. Enumeramos, a seguir, algunhas das artes e/ou modalidades de pesca au-

tóctonas: 1. **Artes de mar** almadraba; angazo ou anciño; arrastre de fondo; artes de cerco; artes de enmalle; artes e aparellos de anzol; betas; boliche ou chinchorro; bou de man ou rapeta; bou de vara; biturón; can ou endeño; cacea ao curricán; claro; fisga; forquita; fouciño ou fouza; liña; mediomundo; miños; nasas; palangre ou pincho; palan-grillo; poteira; racu; raño; resgo; rasquetas ou raspas; rastros; sacho; salabardo; tarrafal; trasmallo; trueiro; volanta; xeito... 2. **Artes de río** anguilleira; biturón; cabaceira; lampreeira; muxileira; peneira ou rapeta; palangre e espinel; solleira ou picadoira; tea; trasmallo; varga de muxe; varga de solla...

Asento Diferenza entre os calados, a proa e a popa.

Atracadoiro Lugar en que atracan embarcacións pequenas.

Atracamento ou atraque É a manobra executada para atracar o navío. Amarre.

Atracar É a acción de manter o navío encostado a un peirao ou dique dun porto, á terra ou a outro navío.

Auga salobre A que resulta da mestura da auga mariña coa auga doce.

Augada Provisión de auga doce. Sitio en terra onde se toma a auga doce.

Augas continentais Todas as augas superficiais, correntes ou estancadas, continuas ou discontinuas, doces, salobres ou salgadas, de titularidade pública ou privada, tanto de orixe natural -incluíndo ríos, regueiros, regatos, lagoas e marismas- coma de orixe artificial -incluíndo encoros, pantanos, canles e presas. Así mesmo, as zonas de desembocadura no mar comprendidas entre o límite superior das augas salobres e as

liñas que se definen regulamentariamente e aquelas outras nas que polo seu interese en especies piscícolas continentais, anádromas ou catádromas, permanentes ou estacionais, sexa preciso establecer medidas para a conservación, a protección e o fomento destas especies. **Augas costeiras** Son augas costeiras, as augas superficiais situadas cara a terra desde unha liña cuxa totalidade de puntos se atopa a unha distancia dunha milla náutica mar adentro desde o punto máis próximo da liña de base que serve para medir a anchura das augas territoriais e que se estenden, se é o caso, até o límite exterior das augas de transición. **Augas do porto** Área marítima ou fluvial na que poden levarse a cabo operacións de ancoraxe, varada ou outras comerciais ou portuarias. **Augas exteriores** Augas marítimas baixo xurisdición do estado español, situadas por fóra das liñas de base, tal e como se contemplan na lei sobre extensión de xurisdición marítima a doce millas, para os efectos de pesca, e na normativa de liñas de base rectas para a súa delimitación en augas xurisdicionais. **Augas interiores** Enténdese por augas interiores as augas marítimas situadas por dentro das liñas de base até o lugar onde se fai sensíbel o efecto das mareas. **Augas marítimas españolas** Aquelas situadas en zonas nas que o Estado español ten xurisdición, estendéndose tamén ás augas das desembocaduras dos ríos e ás augas destes onde se fagan sensíbeis os efectos das mareas, así como aos tramos navegábeis dos ríos até onde existiren portos de interese xeral.

Austro É o vento do Sur.

Autonomía É o tempo máximo e/ou distancia máxima que unha embarcación pode permanecer navegando sen necesidade de reabastecemento de víveres e/ou combustíbel.

Autoridade de protección portuaria Entidade xestora do porto correspondente, podéndose designar unha mesma autoridade de protección para máis dun porto.

Autoridade portuaria Entidade de Dereito Público das previstas na Lei Xeral de Orzamentos, con personalidade xurídica e patrimonio propios independentes dos do Estado, e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Avance Impulso ou marcha da embarcación para a súa frente.

Avante a metade dianteira da embarcación.

Avante ou A vante (AV) Úsase para definir toda e calquera cousa que se sitúe na rexión de proa da embarcación.

Avarías Dise en dereito marítimo dos danos causados á embarcación por actos involuntarios ou voluntarios.

Axente consignatario dun buque A persoa física ou xurídica que actúa en nome e representación do navieiro ou do propietario do buque, facéndose responsable do pagamento das liquidacións que por tarifas ou outros conceptos orixinados pola estada de buques no porto se xan practicadas pola Autoridade portuaria ou marítima. **Axente de navegación** Dise daquel que representa legalmente unha empresa de navegación e goza do privilexio para solicitar os varios servizos portuarios dentro das diversas modalidades do sistema e de servizos dou-

tra natureza, a saber: despachar, recibir e entregar cargas aos seus propietarios ou consignatarios, vender pasaxes, cobrar fretes e axilizar os procedementos necesarios para o afretamento. **Axente marítimo** Persoa natural ou xurídica que actúa como intermediario entre os cargadores e destinatarios do cargamento, por unha parte, e os armadores ou transportistas por mar, pola outra.

Bb

B (BRAVO) (- . . .) B O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra nunha bandeirola farpada de cor vermella. Izada illadamente na costa, ten a seguinte significación: “Estou embarcando, desembarcando ou transportando mercadorías perigosas”. Durante unha regata, esta bandeira izada nunha embarcación simboliza: “Pretendo facer protesta”.

Babuxe Espuma causada en volta do navío polo seu andamento.

Bacalloeiro Navío empregado no transporte ou na pesca de bacallau. Lugre.

Badernas Ganchos para fixar os colledores das velas dunha embarcación.

Baía Accidente xeográfico ou calquera lugar cóncavo do litoral onde se poida aportar. É de grande relevo para a organización e instalación dun porto.

Baixa Parte dun río ou mar con pouca profundidade.

Baixamar O nivel das augas no fin do seu descenso cando se conservan paradas. En mareas semi-diurnas, cando haxa dúas baixamares no mesmo día, á de menor altura leva o nome de baixamar inferior en oposición á de maior altura, a baixamar superior. O mesmo que Devalo ou Marea baixa.

Baixar Acción de navegar no sentido do curso da auga.

Baixío Baixo de area ou pedra en forma de banco, onde se corre o risco de varar.

Baixo Dise da parte exterior da embarcación, abaixo da liña de auga, ou parte onde a auga é pouco profunda, chegando a tocar na quilla.

Balance do navío É o movemento ondulatorio do navío no sentido dun bordo ao outro, ou sexa no sentido transversal da embarcación, de babor a estribor ou ás avesas.

Balandra Embarcación a vela dun só pau con pico e botavara.

Balandro Embarcación maior que a balandra dedicada á pesca nas nosas costas.

Balandro andoriña Tipo de balandro moi veloz.

Balaustrada Equipamento de apoio ou protección dos pasaxeiros e tripulantes nos conveses abertos das embarcacións.

Balaústre Soporte vertical da balaustrada, constituída en regra por tubos de aceiro fixados no convés polas zapatas, onde se apoian os cabos da balaustrada.

Balde É un recipiente cónico que serve para encher e baleirar as augas da embarcación.

Baldear 1. Acción de lavar o convés botando auga cos baldes. 2. Mudar as mercadorías dun navío para outro.

Baldeación 1. Refírese á transferencia de mercadorías dun navío para outro, podendo utilizar ou non embarcacións auxiliares. 2. Lavado que se executa a bordo dos navíos, botando baldes de auga no convés e esfregando co auxilio de vasoiras.

Baleeira 1. Pequena embarcación de proa e popa fina e elevadas utilizada xeralmente con equipamentos salvavidas polas súas boas calidades náuticas, mesmo en mar groso; pola súa durabilidade e resistencia; pola facilidade de arrumación a bordo; pola facilidade nas súas manobras, utilizándose poucas persoas para izala e arrialala cando necesario, e finalmente pola relación tamaño-capacidade para o transporte de pasaxeiros. 2. A barca destinada a auxiliar o labor do barco baleeiro.

Baleeiro Navío de grande porte, común nos mares do Norte, especialmente construído e aparelado para a caza da balea, prohibida desde 1986, a pesar do incumprimento de estados como Noruega ou Xapón.

Baliza(s) 1. Boias, marcas e outros equipamentos de sinalización, que serven de referencia para a navegación. 2. Son as vigas curvas de madeira ou metal que forman o esqueleto da embarcación. O mesmo que vao ou vau.

Balizador Embarcación especial encargada de colocar as balizas, atender ao seu funcionamento, movelas e substituílas cando for preciso.

Balizar 1. Colocar balizas ou vaos. 2. Sinalar un paso, entrada ou río con boias ou sinais.

Balroa Arpeu con fateixa para abordar embarcacións. **Á balroa** 1. Sen rumbo fixo. 2. Sen xeito.

Balsas Equipamentos ríxidos de pequeno porte utilizados como equipamento salvavidas, xeralmente de forma elíptica, construídos en madeira, metal ou goma.

Balso Cabo que se dá a un nó para izar volumes ou se estribar a persoa que traballa no costado do navío, nos mastros, etc.

Babor (BB) Lado esquerdo de quen está na embarcación ollando en dirección á popa. Luz vermella.

Bancadas Son pezas colocadas transversalmente no interior da embarcación, que serven para os tripulantes e pasaxeiros se sentaren.

Banco Rexión cuberta a pouca altura polas augas. Baixío.

Banco cultivado Dise na pesca da zona marítimo-terrestre ou os fondos dos espazos marítimos, sometidos a recolección regulada e a cultivo extensivo en fondo de moluscos ou especies vexetais que por tal actividade perde a súa característica de depósito espontáneo.

Banco natural Lugar ou zona xeográfica onde de forma natural e espontánea se concentran especialmente unha ou varias poboacións de especies mariñas, podendo estar os seus individuos en calquera das súas fases de desenvolvemento e que poidan ser susceptíbeis de explotación.

Banco de goberno Banco existente nas embarcacións, onde se senta o mestre.

Banda Cada unha das metades dun buque contada a partir do plano vertical que pasa polo centro da quilla na dirección proa-popa. (Banda de babor e de estribor).

Bandear Inclinación dunha embarcación para un dos seus bordos, proveniente dunha irregular distribución de pesos.

Bandeira amarela Bandeira que, izada no navío, denuncia que hai epidemia a bordo. / **Bandeira da embarcación** Bandeira que indica a nacionalidade do país onde a embarcación está inscrita, independentemente da orixe da súa carga. Pavillón / **Bandeira de chamaxente** Bandeira vermella, izada nos barcos mercantes, para indicar o recrutamento de mariñeiros. / **Bandeira de combate** Bandeira nacional, izada na popa dos barcos de guerra. / **Bandeira de contra-sinal** Bandeira usada por nacións aliadas a fin de que poidan identificar as embarcacións a distancia. Na mariña mercante, a bandeira do porto de destino obxectiva identificar a embarcación polos armadores ou signatarios. / **Bandeira de cortesía** Bandeira do estado a onde está aportando un barco fóra-neo. / **Bandeira de matrícula** A que indica a provincia marítima en que o barco está rexistrado. **Bandeira de morte** Bandeira negra, a que era izada polos navíos piratas. / **Bandeira de pagamento** Bandeira que, cando izada no navío, indica que o pagamento aos mariñeiros está sendo efectuado. / **Bandeira de pedir práctico** Bandeira axadrezada, nas cores branca e vermella, izada para solicitar práctico/a á entrada dun porto. / **Bandeira de pólvora** Bandeira vermella que é izada nos navíos

que transportan inflamábeis. / **Bandeira de práctica ou corentena** Bandeira que é izada no alto do trinquete dunha embarcación, até que se recuperaren desta epidemia. / **Bandeira de proa** Bandeira que é izada no navío en días festivos. / **Bandeira mercante** Bandeira nacional usada polos navíos da mariña mercante. / **Bandeira parlamentar** Bandeira izada no mastro do navío que se destina a parlamentar co inimigo.

Bandeiras de sinalización Conxunto de bandeiras, en tecido, en cinco cores: branco, azul, vermello, amarelo e negro, usadas no Código Internacional de Sinais. O uso das bandeiras de sinalización para transmisión de mensaxes require persoal especialmente adestrado para tal e é adoptado sobre todo polas mariñas de guerra. Son 26 bandeiras para as letras do alfabeto, unha bandeira-distintivo do código, tres bandeiras repetidoras de letras e dez bandeiras para os numerais, do un ao cero.

Bañeira Désígnase así a parte aberta da cuberta onde se colocan os tripulantes e o temoneiro para o goberno da embarcación. O mesmo que pozo.

Barataría Terminoloxía propia do dereito marítimo. É o crime cometido polo capitán do navío ou súa tripulación, do cal resulta dano á carga do navío. É todo e calquera acto de carácter criminal ou contrario ao cumprimento do deber, practicado polo capitán, no exercicio das súas funcións, ou pola tripulación, ou por ambos, do cal decorra dano ao navío, á carga ou aos pasaxeiros.

Barbeta á barbata: dise da embarcación fondeada con dúas ancoras, unha a cada banda.

Barca 1. Antiga embarcación de un o dous mastros. 2. Embarcación pequena para pescar ou navegar nos ríos, nas rías ou perto da costa. Bote, Lancha, batel.

Barca–Farol Embarcación dotada dun farol e utilizada como faro, fondeada en lugar perigoso en que, por algún motivo, non é posíbel a construción dun faro definitivo.

Barcada 1. Carga transportada por unha barca. 2. Cada unha das viaxes feitas por unha barca.

Barcaxe 1. Cantidade paga por pasar nunha barca dun lado a outro do río, ría ou lago. 2. Aluguer dun barco.

Barcaza 1. Embarcación para os servizos auxiliares de navegación, transporte dunha embarcación a outra, para terra,... 2. Barca grande. Batelón. **Barcaza lash**: O mesmo que batea. Denomínase así a unha embarcación, sen propulsión, de forma rectangular, con fondo chato e modular, utilizada nos servizos de reunión de cargas diversas nun só volume. A utilización desta embarcación permite, tamén, diminuír os custos de embarque e desembarque das mercadorías, reducindo, así, o tempo de espera do navío no porto.

Barco Ten o mesmo significado de Embarcación, ou sexa, calquera construción feita en materiais apropiados de modo a flotar e destinada a transportar pola auga persoas e obxectos. **Barco salvavidas** Embarcación que serve para salvar os náufragos. Algunhas destas embarcacións teñen a propiedade de voltar automaticamente á posición natural, no caso de viraren. **Barco-farol** Tipo de embarcación que fica flotando no porto ou perto da marxe cun farol

aceso, a fin de guiar os navíos que aporten durante a noite.

Barloventear Dirixir a embarcación contra o vento.

Barlovento ou Barlavento Dirección, lugar do espazo ou lado da embarcación de onde sopra o vento. A abreviatura usual é BV.

Barómetro Instrumento que serve para medir a presión atmosférica.

Barosánemo Instrumento para medir a forza da impulsión do vento.

Barqueira/o Aquel que goberna ou posúe un barco, para transportar pasaxeiros e carga.

Barraganete Apoio vertical da amurada colocado sobre a cuberta como prolongación da caderna.

Batea 1. Plataforma de madeira ancorada no mar que ten cabos pendurados en que se crían moluscos. Viveiro de mexillóns. 2. Embarcación de fondo plano como a gabarra ou a barcaza *lash*.

Batel Embarcación pequena sen quilla. Barca.

Batelón Son embarcacións robustas, construídas en madeira ou en aceiro con fondo chato, empregadas para desembarque ou transbordo de carga nos portos. Gabarra.

Bauprés Pau que sae da proa da nave e que serve para suxeitar os estais do trinquete. O mesmo que Gurupés ou Garupa.

Beizo Componente do escobén; parte que sae do convés, feito en chapa de aceiro ou fundido.

Bengala Lume artificial que bota claridade moi viva de diversas cores, utilizada para pedir auxilio.

Bens de dominio público marítimo-terrestre Son bens de dominio público marítimo terrestre a ribeira do mar e das rías que inclúe a zona marítimo-terrestre, o mar territorial, as augas interiores co seu leito e subsolo, e os recursos naturais da zona económica e a plataforma continental, todos eles definidos e regulados pola súa lexislación específica.

Bicheiro Hasta longa cun gancho e punta nun dos extremos; serve nas embarcacións menores para as faenas de atraque e desatraque, tomar obxectos da auga, pescar (polbos ou congros), etc.

Bigotas Peza de poleame fixo. É unha especie de moitón chato sen roldana e cun furo, por onde pasa o colledor das velas.

Bitá Termo usado case sempre no plural, que designa unha peza de madeira ou ferro, en forma de cruz, debaixo do castelo de proa do navío, que serve para fixar a amarra da áncora. Por extensión, os postes de metal que hai no peirao para amarrar as bozas e cadeas. O mesmo que Amarradoira.

Bitácora Armario ou caixa de madeira ou latón, xeralmente de forma cilíndrica, fixa na cuberta por diante da roda ou da cana do temón e na que vai montada a agulla náutica e os correctores dos desvíos desta. Compás.

Bitola Diámetro ou grosura dun cabo ou estropo.

Biturón Saco de rede para pescar.

Blinquer Lámpada ou conxunto delas conectadas a unha chave de telégrafo, e que se utiliza para enviar mensaxes por medio de escintileos luminosos empregando o código morse.

Boca Refire a largura da sección transversal dunha embarcación. Se non se

fai referencia á sección en que foi tomada, significa a maior largura do casco e, por iso mesmo, é a medida da sección mestra. **Manga. Boca Máxima** É a maior largura do casco medido entre as superficies externas do forro exterior, ou sexa, é a largura externa máxima da embarcación. **Boca Moldada** É a maior largura do casco medido entre as faces exteriores da carena, excluindo a espesura do forro exterior, ou sexa, é a largura interna máxima, a boca máxima menos a espesura do chapeado do casco.

Bochechas ou **Amuras** Partes curvas do costado dun e outro bordo, próximas á proa.

Bodega 1.Espazo interior ou oco dos buques, desde o convés máis baixo até a quilla ou o duplo-fondo, se houber. 2.Nos navíos mercantes son grandes espazos estancos situados entre o duplo-fondo e unha cuberta, destinados para a carga.

Boeira 1.É un orificio feito no costado, próximo da quilla, para tirar a auga da embarcación. 2.A primeira e última rede que se deita ao mar na arte de pesca que levan os barcos de motor.

Boiar Aboiar, flotar.

Boias Flotadores de forma cilíndrica, esférica, cónica, etc., utilizadas para diversas finalidades, balizamento, marcaxe do lugar da áncora entre outros. **Boias salvavidas**, son equipamentos salvavidas, utilizadas para o salvamento dunha única persoa.

Bolardo Amarradoira.

Bolboretas ou **Escuadros** Pedazos de chapa en forma de escuadro, que serven de ligazón de dous perfís, dúas pezas

calquera, ou dúas superficies que fan ángulo entre si.

Bolina, Bolinar navegar chegado ao vento, ou sexa, próximo da dirección do vento. *Á bolina* Dise en vela da navegación efectiva nun ángulo apertado coa dirección do vento. Tamén chamada: para gañar barlovento, para o vento ou bordexar.

Bolinas 1.Cabos que serven para tensar cara a proa a relinga de barlovento dunha vela, para que reciba mellor o vento. 2.Sonda ou corda cun peso no extremo para medir a profundidade das augas. 3.Pranca que se mergulla na auga para soste a embarcación cando se navega zigzagueando ou bordeando. 4.Chapa plana e resistente, colocada verticalmente por baixo da quilla, nas embarcacións de vela, para reducir a inclinación e o abatemento do barco cando navega á vela.

Boom Jack o mesmo que burro.

Borda Límite superior do costado que termina na altura do convés. **Borda falsa** Límite superior do costado cando este se prolonga un pouco por riba do convés.

Bordexar Navegar virando de bordo ou rumbo con algunha frecuencia seguindo o vento favorábel.

Bordo 1.O lado ou costado dunha nave considerado exteriormente desde a superficie da auga até a borda. 2.Rumbo do navío. Cada un dos rumbos que segue o barco á vela cando ven o vento de proa. 3.O interior do navío. **A bordo** dentro da nave. / **de alto bordo** de grande tonelaxe. / **Bordo libre** Distancia vertical da superficie da auga ao pavimento principal, medida en calquera punto do navío no costado.

Bordos Son os lados da embarcación. As partes simétricas en que se divide un casco polo plano diametral. A parte da dereita chámase (EB) estribor; a parte da esquerda chámase (BB) babor.

Bóreas o vento do Norte.

Bote Embarcación auxiliar de pequeno tamaño que xeralmente se propulsa a remo, aínda que pode dispor de vela e até un pequeno motor fóra borda, que son utilizadas como equipamentos salvavidas e para servizos leves no porto.

Bote de socorro son embarcacións para o apoio das accións de salvamento no mar. Os navíos ro-ro de pasaxeiros son equipados con botes de salvamento rápidas.

Botalós Paus con ferros de tres bicos para varios servizos a bordo.

Botavara Vara que prende a caranguexa apoiada ao mastro. Espicha.

Bourel Boia composta de moitas cortizas unidas que manteñen as redes flotando.

Boxar Inflar o vento as velas do barco.

Boxo 1.Parte da carena, formada polo contorno de transición entre a parte case horizontal, ou fondo do navío, e súa parte case vertical; parte máis redonda e chea do costado do navío; 2.Conve-xidade ou barriga que forma a vela pola acción do vento.

Bou 1.Procedemento de pesca que consiste en arrastrar entre dúas barcas unha rede polo fondo do mar próximo á costa. 2.Barco utilizado para esta pesca.

Boza É un cabo fixo no ollal da proa e que serve para amarrar a embarcación. O cabo está fixado por un extremo en argola da amurada, costado ou cuberta, e co outro extremo se amarra, por medio dalgunhas voltas, a outro cabo do que se

está a puxar nunha manobra, para que non se escorra mentres se amarra ou se fai outra operación. **Bozas de Amarra** teñen como función aguantar a amarra co navío fondeado ou cando a áncora estiver no escobén, entre outras situacións.

Bracear Puxar dos brazos por unha ou outra banda para situar as vergas no plano ou dirección conveniente, segundo o ángulo que teñan que formar coa do vento.

Bragueiro Cabo que suxeita o cañón á amurada.

Brandal, Brandais Son cabos fixos que serven para aguantar os mastros e mastareus de babor a estribor (transversalmente) a un dos costados do barco.

Braza Antiga medida de lonxitude. Era sobretodo usada para as amarras e as liñas de prumo. A braza marítima entre nós tiña 8 palmos, cerca de 1,76 m. A que hoxe aínda se usa ten dúas iardas, ou sexa cerca de 1,83 m.

Brazo 1.É a parte curva do vau que liga a caderna e apostura. 2.Cabo ou corda que na dorna baixa da parte anterior da verga á inferior da borda, para que a vela reciba mellor o vento.

Brazola (da escotilla) Chapa de aceiro que contorna a boca da bodega onde asenta a escotilla.

Brazos Son cabos de laborar, un en cada extremidade das vergas redondas, que serven para bracealas para avante, ou para popa.

Breu Betume artificial que se emprega no calafetamento dos buques para protexelos da intemperie.

Briol, Briois Son cabos de laborar, que serven para pechar as relingas das velas de cruz para facilitar a operación de fe-

rralas, ou para cargas as esteiras das velas redondas até a testa ou gurutil.

Brisa nome que os mariñeiros dan ao vento fresco e brando.

Broma Moluscos que fican adheridos ao casco dunha embarcación ou buque, causando destrozos nos cascos de madeira.

Buceta Pequena embarcación de remo e vela, moi utilizada nos portos galegos, cuxa popa é igual que a proa.

Bucina 1.Aparello que produce un son co que se dá un sinal de aviso ou presenza, por exemplo en caso de neboeiro. / **Bucina ou Gaiteira:** Tubo por onde pasa a amarra, do convés para o paiol da amarra. É xeralmente de aceiro baleirado, de sección circular, un para cada amarra, con diámetro igual a 7 ou 8 veces a bitola da amarra. Cando posúe roldanas leva o nome de tamanca. 2.Buraco por onde sae o eixo do motor nos barcos.

Buque 1.Buque, barco ou embarcación é o nome que se dá a todo vaso flotante que serve para sucar as augas. 2.Toda nave apta para a navegación marítima e todo artefacto flotante no mar, do tipo que sexa. / **Buque cisterna para gases licuados** Un buque mercante construído para o transporte a granel de gases licuados e que se utilice para a devandita finalidade. / **Buque cisterna para produtos químico** Un buque mercante construído para o transporte a granel de produtos químicos líquidos e que se utilice para dita finalidade. / **Buque civil** Calquera embarcación, plataforma ou artefacto flotante, con ou sen desprazamento, apto para a navegación e non afecto ao servizo da defensa. Ademais do definido anteriormente, consi-

deraranse tamén buques civís aqueles artefactos flotantes sen propulsión que, non sendo construídos coa misión específica de navegar, foran feitos para seren remolcados ou para ficaren ancorados. / **Buque de carga** Todo buque mercante que non sexa buque de pasaxe nin buque para servizos de porto. / **Buque de pasaxe** Aqueles buques mercantes que transporten máis de doce pasaxeiros. / **Buque de pesca** Todo buque equipado ou utilizado para os efectos comerciais para a captura de peixes ou outros recursos vivos do mar. / **Buque de pesca fresca** O buque de pesca que careza da capacidade de conxelación dos recursos extraídos. / **Buque de propulsión mecánica** Todo buque movido por unha máquina. / **Buque de recreo** Todo buque proxectado e destinado a fins recreativos ou deportivos, con ou sen ánimo de lucro. / **Buque de vela** Todo buque que utiliza principalmente a vela para o seu desprazamento, aínda cando, posuíndo maquinaria propulsora, non a estea utilizando. / **Buque ou navío-escola** É un navío especialmente construído en estaleiro propio, de preferencia militar, moitas veces sendo unha réplica histórica e mellorada dunha nave antiga, que brillou en combate nunha parte da historia naval; cuxa principal función é propiciar instrución de mariñaría, combate e náutica, para aspirantes a oficiais das diversas academias ou escolas militares de Mariña / **Buque factoría** O buque a bordo do cal os produtos pesqueiros son sometidos a unha ou varias das seguintes operacións seguidas de envasado fileteado, corte en toros, pelado, picado, conx-

lación e transformación. / **Buque histórico ou de época** Toda clase de buques históricos e as súas réplicas, incluídas as deseñadas para fomentar e promover os oficios tradicionais e a náutica, que serven como monumentos culturais vivos, gobernados conforme aos principios tradicionais da náutica e a técnica. / **Buque mercante** Todo buque civil utilizado para a navegación cun propósito mercantil, excluídos os dedicados á pesca. / **Buque para servizos de porto** Remolcadores, lanchas, gabarras, dragas e demais buques ou embarcacións dedicados a prestar servizos de porto, de salvamento ou outros servizos auxiliares á navegación. / **Buque sen desprazamento** Buque o réxime operacional normal do cal se caracteriza por que o seu peso non está sustentado total ou predominantemente por forzas hidrostáticas. / **Buque sen goberno** Todo buque que por calquera circunstancia excepcional é incapaz de manobrar na forma esixida regulamentariamente. / **Buque tanque químico** Buque de carga construído ou adaptado para o transporte a granel de calquera dos produtos líquidos citados expresamente no Código CIQ. / **Buque Ró-Ró** (Roll On-Roll off) Son grandes navíos para transporte de viaxantes e cargas de grande tonelaxe.

Burro Cabo ou peza que impede a retranca de subir.

Buxa Vela de estai que non supera o mastro para popa.

Buxarrona 1.Vela triangular envergada a proa. 2.Mastareu que se segue ao bauprés ou gurupés. O mesmo que Foque.

Cc

C (CHARLIE) (- . - .) C Símbolo designado *Charlie*. Letra do alfabeto que o Código Internacional de Sinais fai representar nunha bandeira cadrada atravesada por cinco faixas horizontais nas cores branca, azul e vermella. Izada illadamente ten o seguinte significado: “Si”, ou “Grupo que procede debe ser entendido en sentido afirmativo”.

Cabecear 1. Acto ou efecto da embarcación entrar debaixo do vento, batendo a vela, sen poder gobernarse. 2. Desviar a proa na dirección da corrente.

Cabedelo Pequeno cabo ou cabezo de area que se forma xunto á foz dos ríos e prolóngase en dirección ao mar. Insuela.

Cabezada Afundimento da proa na auga, resultante do balance da embarcación no sentido de popa e proa. Topetada.

Cabezo, Cabezos Columnas de ferro, de pequena altura, montadas aos pares e colocadas xeralmente xunto a amurada ou ás balaustradas; serven para darse volta ás espías ou aos cabos de remolque. Tamén se lles chama Bispos.

Cabo 1. Calquera corda utilizada a bordo dunha embarcación. Os cabos, de modo xeral, poden ser clasificadas segundo a materia-prima de que son confeccionados. 2. Dirección da proa do navío en movemento. 3. Punto de terra que se interna no mar.

Cabo da amura Cabo gros empregado para amarrar os navíos ao ancoradoiro ou levalos a remolque. / **Cabo de piñas** Cada un dos cabos fixos por chicotes nas amuras dos navíos e que serven para suspender as embarcacións ao longo do costado. / **Cabo de portalón** Cabo enfiado en baluartes de metal e que serve para sustentar as escadas de portalón. / **Cabo de vaivén** Cabo que os navíos pasan por sitios perigosos e serve de guía aos mariñeiros e pasaxeiros. / **Cabo fixo** Cabo de aparelaxe do navío e que sustenta a mastreación. / **Cabo solteiro** Cabo de navío que non ten aplicación especial, podendo ser empregado en calquera necesidade.

Cabo submarino Cabo utilizado nas transmisións telegráficas ou telefónicas, colocado nos ríos e no océano.

Cabotaxe Navegación de cabotaxe, é a navegación mercante feita de porto a porto ao longo da costa marítima, ou en áreas marítimas limitadas. Debido aos accidentes xeográficos propios da costa, a cabotaxe é considerada máis perigosa que a navegación en alto mar.

Cábrea Embarcación flotante ou puntón sobre o cal existe montado un aparello de manobras de pesos. E utilizada para embarcar ou desembarcar grandes pesos sen necesidade de atracar o navío ao peirao;

para transportar grandes pesos a pequenas distancias; para retirar do fondo do mar obxectos pesados ou embarcacións submerxidas. Pode ser de dous tipos, con propulsión e sen propulsión.

Cabrestante aparello instalado no convés montado sobre un eixo vertical, operado á man, motor ou ambos, que serve para a manobra de lanzar ou levantar áncora, izar as embarcacións de bordo ou para carga e descarga de vultos.

Cabrestos Son cabos fixos á roda de proa e ao bauprés, paus de buxarrona e xiba, que serven para os aguantar no sentido da proa á popa.

Cabuchete de proa Compartimento estreito de navío menor. Piquiño.

Cachola 1. Parte superior do leme onde encaixa a cana do leme. 2. Defensa de pau de navío que se coloca acuñaada por onde se asenta, para evitar a entrada de auga.

Cadaste Peza semellante á roda de proa no prolongamento da quilla, e que pecha na popa o esqueleto do navío. Constitúe a parte externa do navío cara popa e nel se prende o eixo do leme. Codaste.

Cadernas ou **Cavernas** Pezas curvas que se fixan na quilla en dirección perpendicular a ela e que serven para dar forma ao casco e soste o chapeado exterior.

Cadernal, Cadernais Poleame de laborar constituído dunha caixa achatada de madeira ou metal, con dúas ou máis fendas no sentido lonxitudinal, en cada unha delas hai unha roldana móbel en torno dun eixo común. O mesmo que moitón.

Caderno de embarque Documento recoñecido internacionalmente que acredita formación náutica e/ou pesqueira do seu/súa propietaria. Admitido en todos os portos nacionais e internacio-

nais, serve como carné de identidade do mariñeiro/a, polo que é un documento persoal e intransmisíbel que hai que portar en terra. Contén o nome do buque no que está enrolado, así como a súa vida laboral. O mesmo que Libreta de Navegación.

Cadoira Buraco no fondo da lancha para desaugar. Tamén é a tampa coa que se cobre ese buraco.

Caemento 1. Desvío do rumbo orixinal da embarcación e adopción dun andamento lateral, forzado por condicións do vento ou da corrente. 2. Inclinación para a popa do mastro, cadaste, etc.

Caer Abrandar o vento ou o mar. **Caer á ré** Navegar en sentido contrario ao seguido normalmente. **Caer a un bordo** Pór rumbo a babor ou estribor por un período máis ou menos longo. **Caer en calma** Dise así, cando se ten que enfrentar unha calmaría. **Caer sobre** Acción de ter o barco arrastrado, por erro de manobra ou polas condicións do tempo e do mar.

Cala Cabos con que se botan ao mar a xávega e os boliches dos que puxan os mariñeiros até tiraren o copo coa rede. Conxunto dos boureis do xeito que se atan a unha corda de esparto, a sineira, e que se prenden a un cabo dobre. 3. Pequena enseada entre rochedos.

Calado(d) 1. A distancia vertical medida desde a liña de quilla a media altura até a flotación que se considere. 2. É a parte do casco do navío mergullada na auga. Áchase medindo a distancia vertical entre a superficie da auga e a parte máis baixa do navío naquele punto. En xeral, nos navíos, á altura da roda de proa ou no cadaste, encóntrase unha escala de

calado: graduación numérica escrita nos costados das embarcacións (a proa, a popa, a babor e a estribor), para a lectura dos calados. Esa escala comeza (número cero) na liña do fondo da quilla e é expresada en metros con aproximación de 0,5 dm, ou en pés ingleses, con aproximación de 0,5 pés, que indica o calado do navío, que depende do peso da carga e dos outros itens transportados polo navío e da densidade da auga, variando esta última coa salinidade e a temperatura. A liña do calado denomínase, tamén, tirante de auga.

Calado a media-nau É o calado medido na sección a media-nau, isto é, a media lonxitude entre as perpendiculares. Nin sempre corresponde ao calado medio que é a media aritmética dos calados medidos sobre as perpendiculares a proa e a popa. **Calado máximo** Medida do calado da embarcación en condicións de desprazamento a plena carga. O calado máximo co cal unha embarcación pode operar con seguranza depende das condicións de densidade da auga e do clima da rexión onde navega. Verifícase o calado máximo das embarcacións a través de marcas dispostas no casco, chamadas ‘marca de borda libre’ (ou disco de Plimsoll), que indican os calados máximos permitidos en diversas condicións de salinidade da auga e do clima. **Calado medio** Media aritmética entre as medidas de calado de proa e de popa. / **Calado mínimo** Medida do calado en condicións de desprazamento leve, ou sexa: embarcación equipada, mais sen carga, tripulantes etc. O mesmo que calado leve. **Calado moldado**: é aquel

calado que se refire á liña da base moldada do casco. É utilizado no cálculo dos desprazamentos e para as consultas ás curvas hidrostáticas da embarcación.

Calador Mariñeiro que deita a rede no mar e recolle os cabos das redes.

Caladoiro de pesca Área xeográfica suxeita a medidas de xestión ou conservación singulares, baseándose en criterios biolóxicos. **caladoiro nacional** Área xeográfica da costa que delimita as augas marítimas dun país e normalmente baixo a súa xuridición.

Caladura Acto de botar o aparello no mar.

Calafate 1. Persoa que calafeta os navíos. 2. Carpinteiro de ribeira.

Calafetar Tapar os buracos, fendas, xuntas, etc. dun navío con estopa e alcatrán para que non entre auga.

Calar 1. Acto ou efecto de o navío encontrar profundidade. 2. Arriar os mastros ou vergas dunha embarcación.

Calar auga Demandar certa altura de auga que permita á embarcación flotar. **Calmaría** Cesación completa dos ventos ou do movemento das ondas.

Cámara 1. Conxunto dos compartimentos dun navío de guerra onde se aloxan seu comandante ou comandantes de forza naval. Camarote. 2. Sección, a bordo dun navío mercante, encargada do servizo de intendencia e hotelaría. Cámara son determinados compartimentos a bordo. Compartimento no cal traballa, usualmente, o oficial de servizo nas máquinas e que dispón de alarmas, indicadores e doutros medios de comunicación, que permiten a aquel oficial supervisar o funcionamento das máquinas e transmitir ordes ao persoal encargado de operalas. **Cámara de navegación**

Compartimento onde son instalados algúns instrumentos de navegación e gardadas as cartas náuticas. É nel que opera o encargado de navegación do navío. **Cámara de radio** Compartimento onde son instalados os receptores, transmisores, transceptores e demais equipamentos destinados ao servizo de comunicación do navío. O mesmo que estación-radio.

Cámara de descompresión Cámara hiperbárica de dous ou máis compartimentos, utilizada para realizar ou completar períodos de descompresión en superficie, ou ben realizar recompresións formando parte de operacións de mergullo.

Camarote Cuartos destinados a aloxaren os tripulantes ou pasaxeiros dun navío.

Cambar 1.Pegar a vela ao pau. 2.Mudar o rumbo para o lado onde a corrente é menos forte deixando o vento pola popa. 3.Coser os boureis á rede de pesca.

Campá húmida Dispositivo somerxíbel, unido á superficie por un cabo, que leva unha burbulla de mestura respiratoria que permite manter parte do corpo do mergullador en seco e constitúe un abrigo nas paradas de descompresión. Débese poder enviar subministración de mestura xeral desde superficie e dispor dun reservorio desta no artefacto. Debe ter comunicacións, sistemas de control da porcentaxe de osíxeno na burbulla e dos parámetros que afectan os mergulladores/as. Disporá dun sistema de baleirado de auga da burbulla.

Campaña Tempo de duración desde a saída até a volta dun barco de pesca no porto. **Campaña de pesca experimental** Toda operación de pesca con fins

comerciais efectuada nunha zona marítima concreta ou sobre unhas especies determinadas co propósito de avaliar a rendibilidade dunha explotación regular e duradeira dos recursos pesqueiros, mediante técnicas ou artes de pesca ou en zonas ou sobre especies que teñan un carácter innovador.

Cana ou barra do Leme É unha especie de panca que serve para movimentar o leme para babor ou estribor.

Canal 1.Parte navegábel da vía marítima ou a pasaxe estreita, cavada por proceso natural ou artificial, separando dous trozos de costa, illas, rochedos, etc., con largura aínda suficiente para permitir a navegación. 2.Porción de auga entre dúas terras, unindo dous mares; estreito; brazo de mar ou de río, por medio do cal as augas son desviadas para serviren a traballos industriais ou agrícolas.

Canal de acceso Canal que une o alto mar coas instalacións portuarias, podendo ser natural ou artificial e dotado de profundidade adecuada alén da debida sinalización, co obxectivo de dar acceso das embarcacións ao porto.

Canle Sitio angosto por onde segue o fío da corrente. A porción de mar entre dúas terras. **Canal**.

Canoa Son pequenas embarcacións leves a remo, de formas finas con popa chanfrada, utilizada para servizos leves no porto.

Capa Disposición do navío cara proa que se usa no mar nos días de moito vento e temporais. **Capear o temporal** Pór o barco de capa durante un temporal.

Capelo É a parte superior da roda de proa.

Capitán 1.Persoa que exerce o mando dun barco ou dun remolcador que transporte

unha embarcación non tripulada, así como calquera outra persoa, que non sexa o práctico, ao cargo da cal estea a embarcación. 2. Persoa que ostenta o mando dun buque, en virtude da correspondente titulación profesional. **capitán marítimo** O titular da capitania marítima en cuxo ámbito de actuación teña lugar a celebración das concentracións conmemorativas e as probas náuticas, de conformidade co previsto na normativa reguladora dos citados órganos.

Captura por unidade de esforzo Dise na pesca da cantidade de pesca expresada en número ou peso realizada por unha unidade de esforzo pesqueiro en calquera das súas acepcións. **captura total permisíbel:** Captura total de pesca autorizada a extraer dunha unidade de poboación e zona específica por un tempo dado. O mesmo que TAC (Total admisíbel de capturas).

Características dun buque Son os datos principais do buque, entre os que cabe subliñar as dimensións (desprazamento en toneladas, lonxitude fóra-a-fóra ou eslora, boca, calado e altura do mastro principal); propulsión: velame (armazón, cantidade, tipo de velas e superficie en m² destas) e /ou motor (tipo do motor e potencia do mesmo); tripulación (mariñaría, tripulantes e/ou pasaxeiros que hai ou caben no barco).

Caranguexas Son vergontas móbeis que existen a bordo dos navíos ou embarcacións, cuxas armazóns posúan velas latinas cadrangulares e onde enverga o grátil de vela (face superior da vela). As caranguexas divídense en boca (extremidade que encosta aos mastsros) e penol (extremidade oposta á boca).

Caravela Pequena embarcación, lixeira e veloz, de catro mastsros e velas latinas.

Carena 1. Carena é un termo empregado moitas veces en lugar de obras vivas, mais significa con máis propiedade o revestimento do casco nas obras vivas. A superficie da carena sumada a superficie do costado, representa a área total da superficie do casco. 2. Arranxo do casco dunha embarcación. 3. Quilla.

Cargadoiros marítimos Son aqueles nos cales a carga e descarga dos buques-tanque e barcazas se realiza en molles debidamente acondicionados denominados petrolíferos, ou en peiraos, fondeadoiros e boias.

Cargueiro Navío que somente transporta mercadorías. Graneleiro.

Carlinga 1. Peza de madeira na que asenta o mastro grande. 2. Sobrequilla. Parte sobreposta á quilla onde se aloxa a mecha do pé do mastro.

Carneirada Conxunto de pequenas ondas espumantes.

Carneiros Cada unha das ondas dunha carneirada.

Carpintaría de ribeira Oficio especializado na construción e reparación de embarcacións para a pesca no mar ou nos ríos. As e os carpinteiros traballan á beira do mar ou do río, onde dispoñen dun obradoiro e dun amplo terreo para usaren como varadoiro. Antigamente, realizábase todo o proceso construtivo: comprábase a madeira, serrábase, curábase, e despois se armaba o barco peza a peza, facendo casco, paus, áncoras e aparellos de todo o tipo. Produto da súa creación orixinal son embarcacións tradicionais como a gamela, a dorna, a chalana, o bote polbeiro de Bueu ou a lancha xeiteira.

Carta piloto Carta que contén informacións meteorolóxicas, réxime de correntes marítimas e ventos nas diversas épocas do ano.

Cartas de navegación Mapas náuticos.

Cartografía náutica Aquela especificamente deseñada e destinada para satisfacer os requirimentos e prescricións da navegación marítima, representando profundidades, tipos de fondos, configuración e características da costa, perigos, obstrucións, zonas regulamentadas, balizamentos e axudas á navegación.

Casco 1. Esqueleto dun navío. 2. É o corpo do navío sen mastreación, nen aparellos accesorios ou calquera outro arranxo. A súa principal característica de forma é ter un plano de simetría (plano diametral) que se imaxina pasar polo eixo da quilla.

Castañas Son pezas fixas nas escoas, posuíndo uns entalles onde asentan os paus de voga.

Castelo Parte elevada do navío que recibe o nome de castelo de Proa, Popa (a toldilla ou tombadillo) ou de Media Nau, conforme o punto no que se encontra.

Catarina ou **catrina** Especie de moitón que ten só unha roldana. Son de ferro e moi empregadas nas extremidades dos paus de carga.

Catita Pequena vela latina cadrangular que se iza nun mastro curto situado ben á popa de certas embarcacións (chalupa, iole,...).

Castraia Barco pequeno tripulado por un mariñeiro só, normalmente empregado para a pesca con espinel (varios anzois presos na mesma liña).

Caturrar É o movemento do navío no sentido de proa para popa, ou sexa no sen-

tido lonxitudinal da embarcación. É tamén chamado arfaxe, arrandeo,...

Caverna 1. É a parte dun vao que encosta á quilla e termina onde comeza o boxo da embarcación. 2. O mesmo que Caderna.

Cavername É o conxunto de pezas que dan forma ao casco da embarcación, quilla, sobrequilla, vaos, longarinas, roda de proa, cadernas, etc. exceptuándose o taboado nos navíos construídos en madeira ou o chapeado nos navíos construídos en aceiro. É o esqueleto ou osada do navío.

Cavilla Hasta de ferro ou madeira que serve para fixar cabos. Caravilla.

Caza-minas Tipo de barco aparelado para localizar e retirar minas submarinas. O mesmo que navío-varredor.

Cazar Apertar as escotas para puxar as velas o máis posíbel para o eixo lonxitudinal. O mesmo que cobrar. **Caza!** Voz de mando para que os mariñeiros aten as escotas da vela que se pretende cazar.

Cazuletes Peza da dorna por medio da que se amarra un dos moitóns ou cardernais da proa a unha argola de ferro chamada estribeira.

Cazulos Son pezas de poleame fixo cun ou dous furados que son empregados para dar a dirección aos cabos da manobra das velas.

Cear Remar en sentido contrario para retroceder.

Ceavoga Manobra para virar en redondo unha embarcación.

Cebadeira Antiga vela cadrangular que envergaba na verga do mesmo nome por baixo do bauprés.

Cebar as augas Incorporar as augas materias que poidan constituír un alimento para os peixes, ou a fauna acuática en

xeral, co fin de atraelos ou agrupalos en determinada área.

Céfiro Vento suave e fresco de Oeste.

Cénit Punto, en calquera lugar da Terra, onde a vertical prolongada por riba do observador, vai aparentemente, encontrar a esfera celeste.

Censo Nacional de Caza e Pesca Inventario nacional que incluírá en todo caso os datos relativos á distribución xeográfica das especies de caza e pesca, o tamaño das súas poboacións e o volume de capturas, así como ás súas respectivas tendencias.

Centro de acuicultura Todo tipo de instalacións nas que se manteñan vivas especies que habiten ou poidan habitar nas augas continentais, así como os seus ovos ou gametos, con fins de produción, comercialización ou consumo, e nas que se faga uso das augas continentais tanto mediante captación coma mediante vertedura de efluentes líquidos.

Centro de carena, de impulsión, ou de volume (CC) É o centro de gravidade do volume da auga desprazado por un navío. É o punto de aplicación da forza de impulsión. Cando o navío estiver apumado este punto encóntrase na liña definida pola intersección do plano diametral co plano transversal da embarcación. O centro de carena estará nun punto desta liña, sempre abaixo da liña de auga. **Centro de flotación (CF)** É o centro de gravidade da área de flotación dun navío. Para cada área de flotación dun navío, defínese o seu centro de flotación. **Centro de gravidade (CG)** Segundo define a mecánica, centro de gravidade é o punto de aplicación da resultante de todos

os pesos dun corpo calquera. Así, a suma dos momentos de todos os pesos en relación a calquera eixo que pase por el é igual a cero. Nunha embarcación, cando os pesos propios ou engadidos desta estiveren distribuídos igualmente, nas dúas metades simétricas do navío definidas polo seu plano diametral, o centro de gravidade deberá estar nun punto deste plano. Caso os pesos da mesma embarcación tamén estean simetricamente dispostos, ao longo da súa lonxitude, o centro de gravidade deberá estar no plano da sección a media-nau. Así sendo, teórica ou idealmente o centro de gravidade deberá estar colocado na intersección do plano diametral co plano da sección de media-nau. A altura en que se encontra este punto depende do proxecto de cada navío e na distribución e movimentación das cargas a bordo.

Centro de descarga de pesca Instalación fixa ou desmontábel onde se realizan as descargas e desde onde se trasladan as especies aos centros de venda, despois de se efectuaren os controis oportunos.

Centro de expedición de pesca Establecemento dotado dos medios necesarios no que se reciben, acondicionan, lavan, clasifican e envasan especies mariñas nas condicións sanitarias establecidas oficialmente para a súa comercialización e consumo.

Centro de investigación de cultivos mariños Establecemento destinado exclusivamente ao desenvolvemento da investigación podendo versar esta total ou parcialmente sobre as actividades propias da acuicultura mariña.

Cepo Barra perpendicular á hasta que se segura no extremo da áncora e que evita que esta se deite por completo no fondo, antes de uñar.

Cero hidrográfico É o plano de referencia a partir do cal se define a Altura da Marea e tamén para a contaxe das sondas indicadas nas cartas. Variábel xeograficamente, normalmente é definido polo nivel da máis baixa das baixamares rexistradas durante un dado período de observación maregráfica.

Certificado de embarque Documento expedido polo capitán do buque que acredita o embarque dun/dunha tripulante.

Certificado de especialidade A habilitación realizada por unha administración marítima conforme ás disposicións internacionais ou nacionais, que faculta á persoa titular para desempeñar determinadas funcións e especialidades previstas neste, de acordo co tipo de buque e responsabilidade a bordo. **Certificado de rexistro-permiso de navegación** Documento integrado, expedido pola Administración marítima española, que acredita a inscrición da embarcación no Rexistro de matrícula de buques. O permiso de navegación é o documento que substitúe a licenza de navegación e que deben levar todas as embarcacións, de acordo co establecido por real decreto. Neste documento figurarán as características principais da embarcación e os datos do seu propietario e será exixible para as embarcacións sen tripulación profesional. As embarcacións con tripulación profesional usarán o modelo oficial de rol que lles corresponda de acordo co previsto no Regulamento aprobado sobre despacho de buques.

Cesto da gabia Plataforma asentada nos vaos dos mastros para espallar os cabos da mastreación. **Cesto do xoanete** Cesto asentado no xoanete grande (mastro grande).

Champiñón ou cogomelo Áncora sen cepo que en vez de brazos ten unha calota esférica na extremidade da hasta. É usada en amarres fixos.

Chaveta Calquer peza que serve para prender unha cavilla ou caravilla.

Chicote 1. Cabo con que se amarra algo. 2. Extremidade dos cabos ou das cordas.

Chicote de risón o primeiro que se larga na arte do xeito. **Chicote da cua** aquel con que se suxeita á proa do barco o aparello do xeito.

Chirlos-mirlos Chíos ou ruídos leves das ondas do mar que se desfán no areal en borbullas.

Chubasqueiro Impermeábel que se utiliza en borrasca.

Chumaceira Arco de bronce ou ferro galvanizado que teñen os botes de bancada sinxela na borda, onde está o punto de apoio ou onde descansa o remo, ou o eixo da hélice, como canoas e baleeiras.

Chumbo Contrapeso para facer afundir un aparello de pesca.

Chusma Tripulación.

Chusmar Gabear.

Ciclón 1. Movemento xiratorio de grandes masas de ar, nunha depresión barométrica, combinado cun movemento de translación. 2. Perturbación atmosférica constituída pola asociación dunha fronte quente, dunha fría e un sector quente intermedio, tanto no solo como en altitude. 3. Torbeliño de vento, furacán.

Cisterna Recipiente con capacidade superior a 450 litros, dotado de dispositivos

e equipos necesarios para o transporte de líquidos perigosos, cuxa extensión de vapor non exceda de tres bares -absoluta- á temperatura de 50° C; que non estea fixado a bordo do buque de forma permanente; que non poida encherse ou baleirarse en tanto o devandito tanque permaneza a bordo; que se poida encher ou baleirar sen necesidade de remover o seu equipo estrutural, e que se poida izar e arriar do buque cando estea cargado.

Clamshell ou Grab Equipamento dotado de dúas ou máis garras, que funciona co auxilio do guindastres e destinado ao cargamento e descargamento de graneis sólidos das embarcacións. As súas garras péchanse automaticamente ou semi-automáticamente cando collen a porción de graneis.

Clase de idade Denominación que se utiliza na pesca para os individuos dunha poboación natural que nacesen nun período determinado.

Cliper Navío de vela de grande tonelaxe, de formas esguías á proa e popa, de moitos mastros e velas, que lle imprimen grande velocidade. Usábanse para cruzar o atlántico.

Coca Volta ou torcedura indesexábel que un cabo toma, en sentido contrario ao da súa cocha, o que acontece con maior frecuencia nos cabos novos ou de pouco uso.

Codaste Cadaste.

Código Acuático Para os efectos de sanidade pecuaria, este termo designa o Código Sanitario para os Animais Acuáticos da OIE, Organización Mundial para a Sanidade Animal.

Código CIQ Código internacional para a construción e o equipamento de buques

que transporten produtos químicos perigosos a granel.

Coferdán Espazo de separación situado entre dous tabiques ou cubertas consecutivos de aceiro. Pode ser un espazo perdido ou para lastre.

Cogomelo Tipo de ánchora que semella un champiñón.

Coirazado Barco de guerra de grande tamaño cunha blindaxe externa contra os proxectis.

Colledor Cabo co que se tesa un estai, un ovén, etc. e que se fixa nun par de biogotas, unha das cales é presa no chicote do cabo a tesar, e a outra nun punto apropiado do convés, do costado, dun mastro, etc

Comisión Estatal de Salvamento Marítimo Órgano de coordinación para facilitar a cooperación e participación das Comunidades Autónomas competentes na materia, así como das cidades de Ceuta e Melilla, na planificación do salvamento da vida humana na mar e dos seus programas de desenvolvemento, e o seguimento dos obxectivos comprendidos en todos eles.

Compartimento estanco Son espazos no interior do casco limitados polo chapeado impermeábel á auga, e que poden ser usados para mellorar a flotabilidade do barco.

Compartimento ou tanques de colisión Son compartimentos estancos, nalgúns casos conservados baleiros, localizados nos extremos na popa ou na proa do navío.

Compás 1. Agulla náutica chamada tamén, entre a xente de mar, compás magnético ou náutico ou simplemente compás; a bordo é máis usual a voz agulla. 2. Agu-

lla imantada que, posta en equilibrio nun soporte, se coloca paralela ao meridiano magnético do lugar

Comportas Porta móbel que sustén a auga dunha represa, dique, etc.

Confrarías de pescadores Corporacións de dereito público, dotadas de personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos fins e o exercicio das funcións que lles están encomendadas, que actúan como órganos de consulta e colaboración coa Administración na promoción do sector pesqueiro e representan intereses económicos e corporativos dos profesionais do sector, sen prexuízo da representación que posúen as organizacións de empresarios e traballadores/as da pesca.

Conservación dos recursos vivos do alto mar Entenderase por tal o conxunto de medidas que permitan obter un rendemento óptimo constante destes recursos, de maneira que aumente até o máximo o abastecemento de alimentos e doutros produtos mariños. Ao formular os programas de conservación terase en conta a necesidade de asegurar en primeiro lugar o abastecemento de alimentos para o consumo humano.

Consignatario A persoa física ou xurídica que actúa en nome e representación do navieiro ou do propietario do buque.

Contaminación mariña A introdución de residuos ou outras materias no mar, resultante directa ou indirectamente de actividades humanas, que teña ou poida ter efectos prexudiciais tales como causar danos aos recursos vivos e aos ecosistemas mariños, entrañar perigos para a saúde do ser humano, entorpecer as actividades marítimas, incluídas a pesca

e outros usos lexítimos do mar, deteriorar a calidade da auga do mar no que se refire á súa utilización e menoscabar as posibilidades de espaxamento.

Contra-adriza É unha nova adriza de apoio á adriza principal.

Contra-amura Cabo con que se facilitan as manobras da amura.

Contra-arco Parte da quilla dun navío, por baixo dos mastsros.

Contra-bordo Forro de madeira ou de metal que resgarda a carena do navío.

Contrabracear Bracear verga en sentido oposto a aquel en que antes fora braceada.

Contrabrazo Cabo que pousa no peirao.

Contracadaste Peza do navío que reforza interiormente o cadaste.

Contra-dique Dique para reforzar outro.

Contra-escota Cabo co que se facilitan as manobras da escota.

Contra-estais cabos que serven para reforzar os estais.

Contramalla Rede de pesca usada no tras-mallo.

Contra-mesana Mastro que fica entre o mastro grande e o mastro da mesana.

Contra-puño Cabo fixo na na punta da vela e do trinquete para auxiliar a manobra.

Contra-quilla Peza de madeira que reviste a quilla por dentro do navío.

Contra-trinquete Mastro que fica entre o mastro da proa e o mastro do medio.

Contra-vento Navegación que fai un buque con vento de proa.

Contrato Fretamento.

Control de avarías Todas aquelas medidas con vista a reducir os efectos prexudiciais que poidan ocasionarse por calquera avaría do buque.

Convención sobre o Dereito no Mar A

Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar (CNUDM ou UNCLOS), foi celebrada en Montego Bay, Xamaica, en 1982, e é un tratado multilateral celebrado baixo os auspicios da ONU que define conceptos herdados do dereito internacional do mar habituais, como mar territorial, zona económica exclusiva, plataforma continental e outros, e establece os principios xerais da explotación dos recursos naturais do mar, como os recursos vivos, os do solo e os do subsolo. A Convención tamén creou o Tribunal Internacional do Dereito do Mar, competente para xulgar as controversias relativas á interpretación e á aplicación do tratado.



Convencio MARPOL O convenio internacional para previr a contaminación dos buques (1973) e o seu protocolo de 1978, na súa versión actualizada.

Convencio SOLAS O Convenio internacional para a seguridade da vida humana no mar, 1974, emendado.

Convés 1.Designación común aos pavimentos de bordo. 2.O piso deses pavimentos, especialmente o dos pavimentos descubertos, ou cubertos con toldo.

3.Espazo entre o mastro grande e o do trinquete, no pavimento superior da embarcación. Estes espazos tamén poden ser denominados cubertas.

Coral, Corais Son pezas que ligan a sobrequilla ao contracadaste e á contraroda de proa. **Coral de roda** Forte peza de madeira, curva, que reforza a unión da roda de proa á quilla, en embarcación de casco de madeira. **Coral do cadaste** Forte peza de madeira, curva, que reforza a unión do cadaste á quilla, en embarcación de casco de madeira. Curva do cadaste.

Corda 1.Pedazo de cabo ligado ao badalo do sino de bordo. 2.Medida de lonxitude usada nas armazóns de atún.

Cornamusa 1.Peza de madeira ou metálica, en forma de T, que afirmada en lugares adecuados serve para tomar volta aos cabos. 2.Utensilio que levan as dorñas e outras embarcacións a ambos os lados para a protección do casco do barco.

Coroa Cabo mariño, situado na extremidade dun mastro con dúas poleas nas que se introducen unhas sogas para reforzaren a ovenzadura.

Corveta Antigo navío de guerra á vela, moi lixeiro, con tres mastros, semellante á fragata, mais máis pequeno.

Costado En xeral, a parte lateral do casco do navío. Especificamente, é a parte do casco por riba da liña de auga. En arquitectura naval, durante a construción do navío, cando aínda non está trazada a liña de auga, costado é o revestimento do casco por riba do boxo. A superficie da carena sumada a superficie do costado, representa a área total da superficie do casco.

Costeira 1.Costa, litoral. 2.Navegación de porto a porto, sen se afastar moito da costa. Cabotaxe. 3.Época de pesca na que os bancos de peixe se achegan á costa, como o bonito ou a sardiña.

Costura Traballo feito nos chicotes de dous cabos para os unir definitivamente ou nun cabo unicamente para facer un arranxo. Arranxo.

Cota Tope Captura máxima de pesca permitida ao titular dun permiso de explotación (persoa ou embarcación) dunha especie ou especies mariñas determinadas nunha zona ou banco en particular e por un período determinado de tempo.

Cote Volta que se dá como a lazada, mais despois, en vez de o chicote ficar na posición que permite apertalo, púxase por el na dirección do vivo do cabo, ficando así mordido.

Couto de pesca Aqueles acoutados nos que se exerza un especial control sobre o esforzo de pesca, de forma que o aproveitamento se optimice de acordo cuns obxectivos de xestión predeterminados. **Coutos de pesca intensiva:** Aqueles acoutados que están sometidos a un aproveitamento piscícola de forma continuada e nos que se poderá recorrer a repoboacións sucesivos para manter os niveis de aproveitamento.

Coxía 1.Pranha de madeira presa entre dúas bancadas consecutivas de embarcación miúda, na medianía cunha abertura, enora, por onde vai o mastro. 2.En certas embarcacións, é a pranha que serve para dar pasaxe da proa á popa.

Crepúsculo A claridade na transición do día para a noite ou da noite para o día, despois do Sol mergullar no horizonte ou antes que naza. Así se consideran os

dous crepúsculos: o da tarde ou vespertino e o da mañá, ou matutino. **Crepúsculo astronómico** Cando, de mañá ou de tarde o centro do sol está a 18° por baixo do horizonte. Xa non o chamamos mañá ou tarde mais si noite, pois a escuridade é total. **Crepúsculo civil** O crepúsculo que comeza de mañá ou o que acaba de tarde, en calquera dos casos cando o centro do sol está a 6° por baixo do horizonte. Nesta ocasión, o horizonte está ben definido e son visíbeis as estrelas máis brillantes. **Crepúsculo náutico** O crepúsculo que comeza de mañá ou o que acaba de tarde, en calquera dos casos cando o centro do sol está a 12° por baixo do horizonte. Nesta ocasión comeza a definirse o horizonte.

Croque Vara cun gancho, que serve para auxiliar nas manobras de atraque e para puxar e suspender calquera obxecto flotante. Bicheiro.

Crucetas Brazos de madeira ou ferro colocados a babor e estribor das caras laterais do pau. O mesmo que Vaus.

Cualidades esenciais dunha embarcación Características que debe presentar o casco de todo navío: solidez, flotabilidade, estanquidade. **Cualidades militares** Características que deben presentar os navíos de combate potencia ofensiva, protección, velocidade e autonomía. **Cualidades náuticas** Conxunto de requisitos técnicos que a embarcación debe ter como garantía dunha navegación segura e eficiente. **Cualidades técnicas** Nome xenérico que abrangue as calidades esenciais e as calidades náuticas dun navío.

Cuarta unha das 32 partes en que a rosados-ventos está dividida. Corresponde a 11°15'.

Cuberta É calquera espazo abaixo do convés principal utilizado para localizar camarotes e/ou aloxamentos destinados a abrigar pasaxeiros e/ou tripulación. **Cuberta de traballo** En xeral, é a cuberta completa máis baixa das que fican por enriba da máxima flotación de servizo, desde a cal se realizan as faenas de pesca. Nos buques que teñan dúas ou máis cubertas completas a administración marítima poderá aceptar como cuberta de traballo unha cuberta inferior, a condición de que dita cuberta estea situada por riba da máxima flotación de servizo.

Cultivos mariños As actividades que, levadas a cabo por medios técnicos e científicos, son realizadas para obter e desenvolver especies mariñas nas súas diversas fases de reprodución, desova, crecemento, preengorde e engorde. **Cultivo mariño extensivo** Actividade exercida en zona marítima ou marítimo-terrestre que, por medios técnicos, produce especies mariñas, sen que sexa necesaria achega de alimento para elas. **Cultivo mariño intensivo:** Actividade exercida en zona marítima, marítimo-terrestre ou terrestre que, por medios técnicos, produce especies mariñas en condicións de alta densidade, con achega de alimento para elas.

Cuño Peza de metal en forma de bigorna que se fixa nas amuradas do navío, nos turcos, ou nos lugares por onde poidan pasar os cabos de laborar, para darse a volta neles.

Dd

D (DELTA) (- . .) D Símbolo designado Delta. O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra por unha bandeira de formato rectangular atravesada horizontalmente por dúas faixas nas cores amarela e azul no centro. Esta bandeira izada illadamente significa: “Manteña distancia, estou manobrando con dificultade”.

Dala Tubo ou canle que partindo dun embornal, atravesa o costado na altura do convés ou baixa polo interior do navío até próximo á liña de auga, servindo para escoar augas do convés sen suxar o costado.

Dano de avaría Toda e calquera redución de valor que sofre a mercadoría, desde o recebemento en depósito pola administración do porto até a estibaxe na embarcación, ou desde a desestiba na embarcación até a súa entrega ao dono ou consignatario.

Danos á riqueza piscícola Calquera lesión, enfermidade, malformación ou mortalidade ocasionada ás especies ou poboacións acuáticas en calquera fase do seu desenvolvemento, así como calquera alteración das condicións químicas, físicas ou biolóxicas das masas de auga continentais.

Dar bordo Dise cando unha embarcación tende a inclinarse acentuada e perigosamente.

Darse por navegado Dise de calquera cousa que saíu dun perigo que se podía temer, marítimo ou terrestre. **Dársena** Parte resgardada artificialmente nos portos para facilitar a carga e descarga de mercadorías.

De bolboreta Navegación á popa utilizando as dúas velas con amuras opostas.

De mar en/para fóra Dise cando se está navegando para o alto mar ou mar dentro.

De mar en mar Dise cando se navega dun continente a outro ou de lado a lado da terra.

Defensas Son proteccións das embarcacións, dispostas ao longo do casco nos puntos máis salientes deste, de modo a impedir que ocorran danos ao mesmo e á súa pintura cando o navío estiver atracado. Existen varios tipos de defensas, apropiadas a cada tipo de embarcación ou mesmo uso.

Deitar carga ao mar Acción de vomitar provocada polo mareo marítimo.

Depuradora de moluscos bivalvos O establecemento homologado que dispón de estanques alimentados con auga de mar limpo de xeito natural ou depurada mediante un tratamento ade-

cuado, nos que se manteñen os moluscos bivalvos vivos durante o tempo necesario para que poidan eliminar a contaminación de orixe microbiana, co fin de convertelos en aptos para o consumo humano.

Deriva Separación ou desprazamento da derrota do barco, producida pola corrente. Aínda que é o mesmo que abatemento, en xeral aplícase cando este efecto é producido por unha corrente.

Plano de deriva é a posición mergullada do plano lonxitudinal do buque.

Derivar 1. Dise cando a embarcación se desvía da rota previamente establecido, por acción da corrente marítima. 2. Acción de navegar ao sabor dos elementos circunstantes como o vento, as vagas e a corrente. Andar á deriva.

Derrelito Buque abandonado ou á deriva, que constitúe un perigo para a navegación.

Derrota 1. Rumbo ou dirección que seguen os navíos en viaxe. 2. O informe e itinerario dun cruceiro marítimo. 3. Viaxe por mar.

Desacelerador calquera dispositivo utilizado para retardar o movemento do navío durante o lanzamento, coa finalidade de diminuír o seu percorrido dentro da auga, após deixar a carreira.

Desaparellar Desarmar. Desmastrear o navío.

Desarmar Retirar todo o aparello de manobra do navío, como mastareus, vergas, cabos,... porque se deixa de navegar por calquer motivo.

Desarborar Acto ou efecto de partir o mastro accidentalmente por condicións de mal tempo, ocasión en que se debe improvisar unha mastreación provisoria

coa cal se poida atinxir o ancoradoiro máis próximo.

Desatraque Acto ou efecto de afastar a embarcación do cais ou de calquera local en que ela estexa atracada. O desatraque pode ser realizado coa utilización ou non de remolcadores, de tal forma que poida ser manobrada polos seus propios medios.

Desatracar 1. Desatracar é desencostar e afastar a embarcación do peirao ou dique ou doutro navío a que este estea atracado. 2. Largar ou desarmar a embarcación.

Descampar Acto ou efecto de guiar unha embarcación para o largo.

Descarga Abertura feita no costado da embarcación para descargar augas dos seus diferentes servizos, tomando o nome do servizo a que se destina.

Descarga de container Operación que consiste na retirada de carga do interior do colector.

Descargador Equipamento utilizado na descarga de graneis, como: minaría de ferro, carbón, millo, trigo, fertilizantes, etc.

Descochar Destorcer ou desfacer as cochas dun cabo; separar os cordóns dun cabo para o desfacer e para facer costuras. Tamén se di Descocar.

Descontaminación Acto de limpar un compartimento, área ou roupas, de gases venenosos, materiais radioactivos ou xermes.

Desembarazo Acto ou efecto de retirar as cargas ou facer saír os pasaxeiros dunha embarcación ou calquera outro vehículo.

Desencallar Acción de tirar o navío do lugar onde encallou.

Desenrole Entenderase por desenrole a formalización administrativa do desembarque.

Desestiba Operación que consiste na desarrumación da carga da bodega dun navío, cando vai se realizar a descarga.

Desfraldar Largar, izar ou hastear vela ou bandeiras dun navío expóndoas ao vento.

Desgarrar 1.Desviar ou apartar o rumbo da embarcación. 2.Desviarse do rumbo, perder o rumbo. **Desgarrar do porto:** Dise cando a embarcación sae do porto, levantando a áncora.

Despachante Axente que trata do desembarazo das mercadorías xunto aos órganos alfandegarios.

Despacho de embarcacións O despacho da embarcación é a comprobación, por parte da Administración Marítima, de que os buques e embarcacións civís cumpren con todos os requisitos esixidos polas normas legais para poderen navegar.

Desprazamento Peso da auga desprazada por un navío flotando en augas tranquilas, sendo que, dacordo co principio de Arquimedes, o desprazamento é igual ao peso do navío e todo o que el contén, na condición actual de flotación. Conforme o mesmo principio, considérase que a densidade da auga, o peso ou desprazamento da embarcación é igual ao volume submerxido do casco multiplicado polo peso específico da auga que, en media, na auga do mar, é igual a 1.026 toneladas por metro cúbico, a saber: desprazamento = peso do navío = peso da auga desprazada = volume mergullado + peso específico da auga. No sistema métrico inglés, o desprazamento

é expresado en toneladas longas, isto é, cada unha equivalente a 2.240 libras, ou 1.016 quilogramos.

Detector Aparello de radar, sensíbel aos ruidos de motores e máquinas, que asinala a presenza dos submarinos en determinadas augas e marca a posición en que se encontran.

Diario de Bordo É o libro onde se anotan e rexistan diversos factores que ocorren nunha viaxe: a) porto e hora de largada; b) porto e hora estimada da chegada; c) cantidade de auga e combustíbel a bordo; d) horas de motor; e) millas do conta-millas; f) rol de tripulante.

Diario de navegación Libro destinado ao rexistro das ocorrencias normais e extraordinarias verificadas durante a navegación e atraque a un porto. Tal diario, que ten seu uso regulamentado por lexislación, rexistra alteracións de rota, temporais, avarías e ocorrencias da singradura, podendo mostrar causas de avarías e outros accidentes.

Días de campaña ou de pesca Son aqueles nos que, independentemente do tempo, se utilizan as artes de pesca ou de marisqueo co fin de levar a cabo as actividades extractivas correspondentes.

Dique 1.Compartimento escavado xunto a portos, á beira do mar, propio para recibir embarcacións que necesitan de limpeza ou reparación. 2.Construción destinada a represar augas correntes.

Dique de construción Dique seco onde o navío é construído no plano horizontal ou reparado, e posto a flota, despois de ficar acabado ou reparado, por alagamento do dique. **Dique seco** Grande puntón rectangular, de madeira ou ferro, para servizos de limpeza e reparación.

ción das embarcacións. É unha construción que altera en forma considerable a súa liña de flotación, levantando os barcos para carenalos ou reparalos.

Dique de evolución Lugar instalado previamente nas proximidades do peirao, dotado de dimensións e profundidades adecuadas, cuxa finalidade é fondear e manobrar as embarcacións.

Dereito comercial marítimo Conxunto de normas que regulan a navegación e o comercio marítimo e os contratos de transportes de mercadorías, e persoas, por vía marítima, fluvial e lacustre, e os dereitos, deberes e obrigacións do armador, dos capitáns e demais interesados nos servizos de navegación privada, ben como a situación xurídica dos navíos a seu servizo. **Dereito do Mar** É aquel constituído por un corpo de normas de Dereito internacional que regula as relacións xurídicas entre Estados, e non entre particulares. / **Dereito marítimo ou Dereito da Navegación** É un conxunto de normas que regula a actividade navegatoria acuática de institucións, suxeitos, contatos, contratos, responsabilidades, etc. Contén normas de Dereito público e de Dereito privado, así como de Dereito nacional e internacional.

Dereitos Denominación dada aos tributos que unha carga estranxeira sofre para entrar no país. **Dereitos de porto** Dereitos que un navío paga para poder facer desembarque nun porto.

Disco da borda-libre Disco pintado no costado das embarcacións mercantes, en ambos os bordos, cuxo diámetro horizontal indica a liña de flotación máxima de verán. Nos dous extremos dese diámetro están pintadas as letras que

designan as sociedades clasificadoras en que o navío foi clasificado. (Exemplo: LR - Lloyd's Register, BV - Bureau Veritas, etc... Ver disco de Plimsoll).

Disco de Plimsoll Círculo atravesado por unha liña, que marca a liña de flotación a plena carga, pintado sobre o costado do navío, en ambos os bordos, á medianau. O mesmo que disco da borda-libre.

Dominio público marítimo-terrestre Son bens de dominio público marítimo terrestre a ribeira do mar e das rías -que inclúe a zona marítimo-terrestre, o mar territorial, as augas interiores co seu leito e subsolo, e os recursos naturais da zona económica e a plataforma continental, todos eles definidos e regulados pola súa lexislación específica. **Dominio público portuario** Considérase dominio público portuario o dominio público marítimo-terrestre afecto aos portos e instalacións portuarias.

Dorna 1. Embarcación de pesca provida dun só pau onde se enverga unha vela latina. 2. Lancha sen quilla, de forma de grande gamela, que se emprega en doados labores marítimos e fluviais.

Dormentes Cada unha das fortes vigas de madeira que van da proa á popa, sobre o extremo dos vaos, un pouco abaixo das falcas, onde asentan as bancadas dos remadores ou os propios vaos.

Draga 1. Aparello co que se tira area, entullo, lodo, etc. do fondo dos ríos ou do mar. 2. Aparello que os navíos oceanográficos arrastran no fondo do mar para obter mostros de material xeolóxico ou biolóxico.

Duplo Fondo Robusto fondo interior no fondo da carena, ten como fin resistir á presión da auga no caso de avaría no furo exterior do casco.

Ee

E (ECHO) (.) E Símbolo designado Echo. O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra por unha bandeira dividida nun formato horizontal por dúas faixas, unha azul, superior, e outra vermella. Izada illadamente significa: “Estou virando á dereita”.

Eco Sinal reflectido por un obxecto destino e que volta á antena de radar ou ao mostrador dun ecobatímetro.

Ecobatimetría Medición das profundidades submarinas co ecobatímetro. O mesmo que Ecosondaxe.

Ecobatímetro Indica a profundidade por baixo do punto do casco onde está instalado o sensor.

Elevación da marea É a altura de auga, en preamar, por riba do nivel medio.

Emballo 1. Axitación da auga que fai cabecear o barco. 2. Procedimento empregado sobretodo na pesca da sardiña, consistente en bater na superficie da auga e/ou provocar un grande barullo a bordo para tentar que as sardiñas muden o seu rumbo e se enmallen na rede.


Embandeirar 1. Rexistrar un navío na respectiva capitanía. 2. Izar bandeiras a bordo, para a sinalización ou identificación, só no alto dos mastros ou en toda a extensión do plano diametral, de popa

a proa, en forma de arco. 3. Ornamentar con bandeiras o barco. Abandeirar.

Embandeiramento Acto administrativo polo que, despois da correspondente tramitación prevista regulamentariamente, se autoriza que unha embarcación enarbore o pavillón do seu país e se inscriba no Rexistro de matrícula de buques da capitanía marítima correspondente á súa matrícula.

Embarcación 1. Calquera construción que se destina á navegación marítima, fluvial ou lacustre. A embarcación é un navío, barco ou calquera feita en materiais apropiados de modo a flota cuxa finalidade é a navegación e a transportar pola auga persoas e cousas. 2. Buque cuxa lonxitude de popa a proa sexa inferior a 24 metros. **Embarcación a motor** Aquela embarcación na que un ou varios motores constitúen o modo principal de propulsión. **Embarcación a vela** Aquela embarcación na que o aparello de vela constitúe a súa forma principal de propulsión. **Embarcación con cuberta** Buque provisto de polo menos unha cuberta estrutural corrida de proa a popa e estanca á intemperie. **Embarcación de recreo** Embarcación civil de calquera tipo, con independencia do seu medio de propulsión, cuxo casco teña unha eslora

comprendida entre 2,5 e 24 metros e esta destinada á realización de actividades de recreo ou ocio sen ánimo de lucro ou para a pesca non profesional. **Embarcación de supervivencia** As provistas na embarcación para acoller as persoas que se atopan a bordo se hai que abandonar o buque; a expresión comprende botes salvavidas, balsas salvavidas e toda aquela embarcación que fora aprobada como idónea para a protección e a preservación de persoas en tales circunstancias. **Embarcación especial de alta velocidade** Consideranse todas aquelas que, ademais de ser capaces de ter unha sustentación dinámica, cumpran algunha das seguintes condicións: a) estean provistas dun equipo propulsor que conste de máis de dous motores, ou que con independencia do número de motores desenvolvan determinadas potencias efectivas especificadas regulamentariamente; b) que pola súa estrutura, características dos seus motores ou relación desprazamento-potencia efectiva, estean diferenciadas claramente das restantes embarcacións deportivas e sexan susceptibles de representaren un risco para a navegación.



1.Arganeu; 2.Castelo; 3.Carlinga; 4.Bancadas; 5.Cadernas; 6.Forquetas ou Gallas; 7.Sobrequilla; 8.Escoas; 9.Paneiro; 10.Garda-patrón; 11.“O can” e 12.Cana do leme.



1.Leme; 2.Quilla de Bolina; 3.Bañeira ou Pozo (cockpit); 4.Escotillas de Entrada; 5.Escotilla para ventilación e iluminación interna; 6.Púlpito de proa; 7.Retranca; 8.Balaustrada; 9.Púlpito de popa.

Embarcadoiro Lugar destinado ao embarque de persoas e efectos.

Embarcar Meter efectos nunha embarcación. Aplicábel a persoas e á auga que puidese alcanzar a borda.

Embarque Acto ou efecto de embarcar, lugar onde se embarca.

Embicar 1.Encallar coa proa durante a chegada á praia; o mesmo que abicar (v. abicado). 2.Dise cando o casco do navío mergulla maior superficie á proa do que á popa, debido ao balance longitudinal ou ao exceso de peso a vante; dise tamén afociñar.

Emblema Sinal distintivo, letra ou alegoría fixada na proa dunha embarcación.

Embocar 1.Meter un chicote por un buraco. 2.Facer entrar a embarcación pola foz ou embocadura dun río, canal ou barra.

Embornal Buraco feito no convés ou no trinquete por onde escoa a auga.

Embotixar cubrir completamente un cabo cun entranzado de fío ou cun merlín.

Empopada cando se vexa con vento a favor, vindo por atrás da embarcación.

Empresa estibadora Persoa xurídica de dereito privado que, aínda que non estexa incluída nunha das categorías de entidades estiba, contrata a execución dos servizos de estibaxe, fornecendo a man-de-obra e o equipamento esixido polo servizo. O armador, ou o seu axente, pode organizar unha entidade estibadora, ou celebrar contrato coas entidades ou empresas de estiba existentes, non se confundindo, no primeiro caso, a persoa xurídica do armador, ou o seu axente, con entidade estibadora.

Empresa navieira Persoa física ou xurídica que, utilizando buques mercantes propios ou alleos, estea dedicado á explotación dos mesmos baixo calquera modalidade admitida polos usos internacionais, mesmo cando tal non constitúa a súa actividade principal.

Emproar Abordar, aportar nalgures. Voltar a proa, aproar, prolongarse unha embarcación con outra, levando as proas ao mesmo rumbo.

Empurrador Dise do pequeno navío de grande robustez, e alta potencia, dispoñendo dunha proa de forma e construción especiais, destinado a puxar dun barco de maior porte ou a empurrar unha barcaza ou conxunto de barcazas que forman un comboi. O mesmo que remolcador.

Encallar 1. Bater a embarcación nun banco de area ou na praia ou chocar con outros impedimentos ou obstáculos. 2. Prender o casco co fondo, inmovilizando a embarcación. Ese accidente ocorre en xeral por falta de previsión das baixas de marea, descoñecemento da profundidade local, por perda de control da embarcación baixo condicións climáticas ou por exe-

cución incorrecta das manobras. 3. Como accidente de navegación, ten diferentes causas determinantes: colisión con pedras, con paus submerxidos, imprudencia do capitán, desgobierno debido ao vento en lugar de pouca profundidade... / **Encallar de proa** O mesmo que embicar. / **Encallar de popa** Encodar.

Encargado/a de Operacións portuarias

Persoa que traballa nunha administración portuaria, responsábel polo supervisión, coordinación, control e fiscalización da execución das operacións programadas, cargamento e descargamento dunha embarcación, como os servizos de ataque e desataque, manobra, limpeza dos molles, etc.

Encepar Colocar o cepo perpendicular á hasta fixándoo por medio da chaveta, normalmente nunha áncora do tipo almirantado.

Enchente Movemento ascensional das augas, con duración aproximada de seis horas, entre a baixamar e preamar; o contrario de devalo.

Encher Navegar coas velas inchadas polo vento.

Encodar Encallar coa popa dunha embarcación durante a chegada á praia. Ese termo é o contrario de embicar.

Enora É o orificio por onde entra o pé do mastro ou eixo dun cabrestante, tanto na media-coxía como no convés. O mesmo que a Fura do mastro.

Enque Cabo do navío co que se reforza o estai do trinquete.

Enrole Entenderase por enrole a formalización administrativa do embarque nun buque dos membros da tripulación e/ou das persoas alleas á tripulación e á pasaxe.

Enseada Recodo de terra que entra no mar servindo de abrigo ás embarcacións.

Entena Pau longo e curvo que funciona como percha para se envergaren as velas latinas.

Entidades colaboradoras as autorizadas polo Ministerio de Fomento para realizar actividades de inspección e control das embarcacións de recreo, que reúnan as condicións exixidas no artigo 6 do Real decreto 1434/1999, do 10 de setembro, polo que se establecen os recoñecementos e inspeccións das embarcacións de recreo para garantir a seguranza da vida humana no mar e se determinan as condicións que deben reunir as entidades colaboradoras de inspección.

Entreponete Pasaxe construída entre a ponte e o convés onde son dirixidas as manobras do navío.

Enxarcias Son o conxunto de obéns, colledores (cabos que terman no poleame fixo para tesaren os obéns), enfrechaduras (especie de degraos feitos de cabos ou madeira que serven para os mariñeiros subiren e baixaren), zapatas ou bigotas (pezas de poleame fixo).

EPIRB Abreviatura de radiobaliza para localización dos sinistros. Ver *radiobaliza*.

Equipamento persoal do servizo de navío É o conxunto de homes e mulleres colocados ás ordes do capitán para aasegurar polas manobras a marcha regular do navío. Nos grandes navíos de mar, componse de tres elementos: oficiais, mestranza e mariñeiros. Tripulación.

Equipar 1. Abastecer o navío co necesario para a manobra, defensa e sustentación do persoal. 2. Prover a embarcación do necesario para navegar.

Escada de portalón Dispositivo para embarque e desembarque no navío, a partir de terra ou doutra embarcación. Ten dúas pequenas plataformas en cada unha das súas extremidades.

Escada de quebra-costas: Son escadas penduradas do lugar que estas dan acceso, con degraos construídos en madeira ou metal amarrados por cabos.

Escada vertical Escadas verticais fixas, son escadas colocadas verticalmente no costado, nunha antepara, nun mastro etc., con degraos construídos en vergallóns de ferro e sen corrimáns.

Escala de Beaufort Escala que cuantifica a intensidade dos ventos, tendo en conta a súa velocidade e os efectos resultantes das ventanias no mar e en terra. Foi deseñada polo meteorólogo anglo-irlandés Francis Beaufort no inicio do século XIX. Na década de 1830, a escala de Beaufort xa era amplamente utilizada pola *Mariña Real Británica*.

Escala de Douglas Escala que cuantifica o estado da mar tendo en conta o tamaño das ondas.

Velocidade do Vento (km/h)	Designación
0	Calm
1-3 (1-3)	Very Light
4-6 (4-6)	Light
7-10 (7-10)	Breeze
11-16 (11-16)	Fresh
17-21 (17-21)	Strong
22-27 (22-27)	Very Strong
28-33 (28-33)	Gale
34-40 (34-40)	Storm

Escala de Beaufort

Forza	Velocidade do vento en nós	Descrición	Símbolo meteorolóxico	Aspecto do mar	Altura da onda (metros)	Posibilidades de navegación
0	0 - 1	Calma	☉	Mar de leite, aceite, ..	0	Non se pode manobrar, cae a corrente descanso total.
1	1 - 3	Brisa	└─○	En rugas na auga en forma de escamas, sen cristas de espuma.	0 - 0.10	Xa non se pode manobrar, largar un "spinnaker".
2	4 - 6	Fraco	└─○	Pequenas ondas curtas máis marcadas; cristas translúcidas, mais non rebentán.	0.10 - 0.25	O "spinnaker" dá para o largo e aumentáse de velocidade.
3	7 - 10	Bonanza	└─○	Pequenas vagas máis alongadas, as cristas comezan a rebentar, espuma vítrea; algúns carneiros.	0.25 - 1.0	O barco adema, o mar molla o convés e os pequenos barcos regresan ao porto.
4	11 - 16	Moderado	└─○	Pequenas vagas alongadas, máis carneirada.	1.0 - 1.50	O vento puxa, a tripulación está atenta ás manobras, pénsase en amarra o pano nos barcos pequenos.
5	17 - 21	V. fresco	└─○	Vagas medias de forma alongada, aumenta a carneira.	1.50 - 2.50	Os veleiros maiores reducen pano, as tripulacións dos pequenos barcos teñen todo o interese en voltar para terra.
6	22 - 27	Moi fresco (Frescallón)	└─○	Vagas grandes en formación; cristas espumantes.	2.50 - 4.0	Os veleiros reducen case todas as velas; a tripulación enverga a palamenta de salvación e prepáranse para o mal tempo.
7	28 - 33	Forte	└─○	As vagas acumúlanse, a espuma alongase en fíos esbrancuxados na dirección do vento.	4.0 - 5.50	Se nada de urxente houber a facer no mar é mellor ficar no porto; se se navega, é con estaí de tempo.
8	34 - 40	Moi forte	└─○	Vagas medianamente altas máis longas; as cristas rebentán en remuíño; a espuma esténdese en fíos nitidos na dirección do vento.	5.50 - 7.50	Toda a xente se pon ao abrigo, caso contrario arránxase marea para correr co tempo.
9	41 - 47	Tempestuoso	└─○	Vagas altas, fíos densos, omar enrola, diminúe a visibilidade.	7.50 - 10.0	Sentado á lareira pénsase naqueles que están no mar dexandolles boa sorte.
10	48 - 55	Temporal	▲─○	Vagas moi altas, de longas cristas e pendentes, superficie da auga esbrancuxada, o rolo é violento e caótico, má visibilidade.	10.0 - 12.0	Convérsase sobre barcos e deséxase, de novo, boa sorte aos que están no mar.
11	56 - 63	Temporal desfeito	▲─○	Vagas excepcionalmente altas, mar cuberto de faixas de espuma, ospicos das cristas son poeira de auga, má visibilidade.	12.0 - 16.0	O vento asubía, aí de quen estea no mar!
12	> 64	Furacán	▲─○	O ar está saturado de espuma, mar completamente branco, pésima visibilidade.	>16.0	Navegar é bonito, mais hoxe é máis bonito estar en terra!

Escaleres Son embarcacións de pequeno porte coa popa en panel, utilizadas como equipamentos salvavidas e para servizos leves no porto.

Esclusa Canal con dúas comportas, que permite a pasaxe dunha embarcación dunha represa para outra, situadas a diferentes cotas.

Escoas Son pezas grosas ligadas no esqueleto interior do navío, destinadas a consolidar a unión dos brazos ás cadernas. Están pregadas xeralmente entre a sobrequilla e o principio do encolemento da embarcación.

Escora 1.Poste con que se sustenta un buque. 2.Cada un dos paus que se poñen á dorna para que non se incline cando está en seco.

Escorarse Inclínarse un barco cara un lado.

Escotas Son cabos usados na manobra das velas, amarrados no ángulo inferior da proa da vela que suxeita a verga, que serven para lle dar a posición máis conveniente seguindo a dirección do vento. / **Escota da grande** Cabo que controla o maior ou menor afastamento da retranca da vela grande da liña lonxitudinal do barco.

Escotillas Aberturas xeralmente rectangulares, feitas no convés e nas cubertas, para pasaxe de ar, luz, persoal e carga (p.ex: escotillas das bodegas).

Escotillóns Pequenas aberturas no convés usadas para a pasaxe de persoas. De dimensións menores que unha escotilla. Nos navíos mercantes as aberturas que

serven para a pasaxe do persoal chámanse escotillóns. Tamén se chaman así as aberturas feitas na parte da proa da dorna, patache, etc. que permiten baixar ao interior da embarcación.

Escovén Tubo de chapa de aceiro que serve de pasaxe para a amarra e de aloxamento para a áncora.

Escuna Antigo navío á vela, de mastreação constituída de bauprés e dous masts: o de vante, mastro de escuna, o cal enverga tamén vela latina cadrangular, mentres no mastro de proa costuma ter velas redondas.

Esfuerzo pesqueiro Calquera medida que indique simultaneamente o grao de actividade pesqueira e o seu efecto nas unidades de poboación. As citadas medidas poderán combinar datos tales como número de días de pesca, días de caladoiro, tipos e dimensións das artes, características das embarcacións ou calquera outra circunstancia ou característica que inflúa na efectividade da explotación pesqueira.

Eslora Lonxitude do navío tomada de proa a popa (de fóra-a-fóra), do extremo da roda ao extremo do cadaste. **Eslora entre perpendiculares** a medida do extremo anterior da roda ao extremo posterior do cadaste. **Eslora en flotación:** a medida nos extremos da liña de flotación. **Eslora total** (Lt) Distancia medida paralelamente á liña de auga de proxecto, entre dous planos perpendiculares á liña de coxía; un deles que pase pola parte máis saínte a popa do buque, e o outro pola parte máis saínte a proa do mesmo. **Eslora total para embarcacións de recreo** Distancia medida paralelamente á liña de auga do proxecto, entre dous pla-

nos perpendiculares á liña de coxía; un deles que pase pola parte máis saínte á popa da embarcación e o outro pola parte máis saínte a proa da embarcación. Inclúense todas as parte estruturais ou integrais como son proas ou popas metálicas ou de madeira, amuradas e unións de casco con cuberta. Exclúense todas as partes desmontábeis que se poidan retirar de forma non destrutiva e sen afectar á integridade estrutural da embarcación, por exemplo paus ou tangóns, baupreses, e outros extremos da embarcación, elementos de goberno, lemes, motores fó-raborda incluído soportes e reforzos, transmisións de motores dentro/fóra-borda e propulsión jet, plataformas de mergullo, plataformas de embarque, bandas de goma e defensas.

Espadela O mesmo que bolina.

Especie alóctona Especie mariña orixinaria dunha zona diferente ás augas de Galiza, segundo o acervo científico e cultural, e que non estea adaptada, desde tempo atrás, ao equilibrio ecolóxico mariño da Galiza. **Especie anádroma** Especie acuática que se reproduce nas augas continentais e reside no mar durante outras fases do seu ciclo vital. **Especie autóctona** Especie mariña orixinaria das augas de Galiza, segundo o acervo científico e cultural, ou que sendo introducida polo ser humano tempo atrás voluntaria ou involuntariamente, acabe adaptándose sen consecuencias negativas ao equilibrio ecolóxico mariño do noso país. **Especie catádroma** Especie acuática que desova nas augas continentais mais que vive no río durante outras fases do seu ciclo vital. **Especie de esteiro** Especie

acuática que pode habitar tanto en augas doce como en auga salobre ou salgadas. **Especie mariñas** Aquela pertencente á fauna e flora que de forma permanente e temporal vive no mar ou que pode ser cultivadas en augas mariñas ou salobres. **Especie migradora** Especie que realiza desprazamentos, polo xeral periódicos e regulares, na busca de masas de auga específicas para cumprir determinadas fases do seu ciclo biolóxico. **Especie piscícola continental** Peixes que realizan toda ou algunha parte do seu ciclo biolóxico nas augas continentais. **Especie residente** Especie que completa a totalidade do seu ciclo biolóxico nas augas continentais. **Especie sedentaria** Aquela que no período de explotación están inmóviles no leito do mar ou no seu subsolo ou só poden moverse en constante contacto físico co leito ou o subsolo.

Espías Cabos que amarran un navío a un peirao ou dique ou a outro navío. Deben ser leves, flexíbeis e resistentes á tensión; poden ser feitos de aceiro, nailon, fibras ou mixtos.

Espicha 1.Pau de madeira que se dispón transversalmente nunha vela tamén chamada de espicha, entre o puño da amura e o puño da pena, para mantela aberta ao vento. Botavara. 2.Instrumento para traballar cabos. Úsase para alargar os cordóns. 3.Peza de madeira que tapa a cadoira.

Esporón Protuberancia forte e resistente que certos navíos tiñan na parte exterior da roda de proa feita para bateren e romperen a carena doutros barcos.

Estabelecemento de acuicultura Estabelecemento no que se crían ou conservan

peixes, moluscos ou crustáceos con fins de reprodución, de repoboación ou de comercialización.

Estabelecemento de cultivos mariños

Calquera artefacto flotante, fixo ou de fondo, extensións de auga de mar ou salobre e os seus fondos, mergullados e intermareais, que teñan acoutada ou pechada parcial ou totalmente por accidentes naturais ou procedemento artificial, así como as instalacións en terra firme cuxa finalidade sexan os cultivos mariños ou o seu estudo, investigación ou experimentación.

Estacha Cabo grosso, de cinco polegadas ou máis xeralmente utilizado para amarras e remolques.

Estai 1.Cabo de aceiro que fixa os mastros e mastareus no sentido de proa á popa. 2.Tamén é corrente denominar de estai a vela que enverga neste cabo.

Estaiamento Conxunto de cabos (estais e brandais) que manteñen o mastro en pé.

Estaleiro: Instalación onde se constrúen e/ou reparan embarcacións.

Estanco Sen fendas ou aberturas por onde entren ou saian líquidos. **Convés estanco** É o convés construído de modo a que este sexa perfectamente estanco á auga, tanto de riba para baixo, como de baixo para riba.

Estanquidade Calidade de estanco. É a propiedade que debe posuír o casco do barco de ficar intransponíbel pola auga en que flota, calquera que sexa o estado desta.

Esteira 1.Bordo inferior da vela desde o puño da amura ao puño da escota. Puxame. 2.Sulco que a embarcación deixa na auga cando navega. Ronsel.

Esteirar Navegar por algún rumbo.

Esteiro A zona de transición na desembocadura dun río, entre a auga doce e as augas costeiras.

Estiba É a colocación conveniente e ordenada de pesos no buque, para que este teña a estabilidade máis axeitada, o asento máis idóneo para a clase de navegación que se vai efectuar e que as mercadorías incompatíbeis entre si vaian separadas. Conxunto de pesos colocados a bordo para dar estabilidade ao buque. Arte de colocar a bordo a carga, manobra que se coñece por facer a estiba, ben trincada para evitar que se movan, e colocadas na orde inversa do seu uso; isto é, primeiro colócanse as menos utilizadas, e despois o máis usado, para que estea máis a maó.

Estibador/a Persoa física ou xurídica ao cuxo cargo se encontra a operación de estiba, desestiba, carga, descarga, traslado, transbordo, recepción, entrega ou calquera outra operación de manipulación da mercadoría.

Estingues Son cabos de laborar, que serven para cargar os puños das escotas aos extremos ou aos terzos das vergas.

Estreito A angostura ou canal por onde se comunican dous mares.

Estribeira Especie de tolete fixado na proa da dorna e no que se prende a vela pola súa parte inferior.

Estribor (EB) Lado dereito de quen está na embarcación ollando en dirección á proa. / Luz verde.

Estribos Son cabos fixos que prenden aos terzos das vergas un para cada extremidade, formando seo, que serven para os mariñeiros andaren por riba deles, ou para se apoiaren cando dobran o pano.

Estrinca Especie de escotilla por onde sae a amarra.

Estrincar 1. Amarrar a vela 2. Subir a vela nunha embarcación.

Estrobos 1. Cabos ligados á embarcación por onde esta é izada. Estropos. 2. Cabos que se usan para fixar o remo ao tolete. 3. Conxunto de cordas da xávega coas que se puxa da rede para terra.

Ff

F (Foxtrot) (..-.) F Símbolo designado Foxtrot. O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra por unha bandeira constituída dun rombo vermello sobre fondo branco. Izada illadamente significa: "Sufrín avaría. Comuníquese comigo".

Facho Farol de guía para navíos.

Factor de estiba Volume en metros cúbicos ocupado por unha tonelada métrica dunha mercadoría, na súa embalaxe normal para embarque. No sistema inglés de medidas e volumes, en pés cúbicos ocupados por unha tonelada polo alto mar.

Faena Todo e calquera traballo a bordo. Faina.

Falcaza Traballo feito nos chicotes dos cabos para non se desfaceren.

Falcas Son as táboas superiores do costado dos dous bordos que encostan aos trancañís.

Falsa amura Navegación á popa en que a retranca da vela grande vai na mesma amura en que o barco recibe o vento.

Falúa Embarcación semellante a un bote, con casco de boca larga, popa e proa afiladas, e remos opcionais. É empregada, xeralmente, para o transporte de persoas e cargas nos portos.

Faro ou farol Construción notábel nun punto da costa ou portos con luz na súa parte superior para para aviso e prevención á navegación.

Farol de borda Designa un farol verde colocado a estribor e outro de luz vermella a babor proxectando luz nun arco de horizonte de 112°30' colocados de forma a mostrar a luz desde a proa até 22°30' para popa do través do bordo respectivo.

Faro de navegación ou alcance As luces de navegación dunha embarcación. Visíbeis de fronte, vermello a babor e verde a estribor. Branca vista pola popa.

Fateixa Ancorote, sen corpo, con 4 brazos dotados de patas e uñas. Este ferro é normalmente usado por pescadores por agarrar ben en fondos de rocha. Usanse tamén en embarcacións pequenas polo feito de algunhas poderen recoller os brazos.

Ferro O mesmo que áncora.

Fibra de vidro Material que, combinado con resinas apropiadas, permite a construción de cascos e elementos mediante o seu moldado.

Filame 1. Cabo de armazón. 2. É a lonxitude da amarra que está sendo usada en determinado momento. Vai da proa até a áncora e debe ser de 5 a 7 veces a profundidade do lugar.

Firme É a parte máis longa ou principal dun cabo ou amarra.

Flotabilidade É a propiedade de poder permanecer na superficie da auga, mesmo coa súa carga completa. **Flotabilidade, reserva de** É o volume da parte do navío por riba da superficie da auga e que pode ser tornada estanca. Na maioría dos navíos, é o volume comprendido entre a zona de flotación e o convés principal, mais nalgúns refírese tamén ás superestructuras como o castelo de proa e a toldilla, que poden ser estancos. A reserva de flotabilidade exprésase en porcentaxe do volume desprazado polo navío. Para un navío mergullar por completo, é necesario cargalo cun peso igual ao peso da auga necesaria para encher o volume definido como a reserva de flotabilidade.

Flotación Acto ou efecto de flotar. Movemento oscilatorio, ondulación. Ver Liña de flotación.

Folgar Soltar as escotas para andar máis arribado. Deixar que as velas fiquen máis soltas cando o vento entra no través para a popa. O obxectivo é gañar velocidade.

Folla de asento documento de carácter físico ou electrónico que contén toda a información relativa á embarcación de que se trate. A folla de asento ábrese co embandeiramento da embarcación; anótanse nela todas as vicisitudes que a afecten ao longo da súa vida útil e cérrase coa súa desaparición ou desmantelamento.

Fondear O mesmo que ancorar. Largar para o fondo unha áncora de modo a embarcación ficar segura. Amarrar unha embarcación ao fondo mediante un cabo ou cadea, xa sexa utilizando unha áncora ou un morto.

Fondeo Fixar unha embarcación nun lugar mediante unha áncora. Tamén se denomina a acción de deixar caer a áncora ao fondo.

Fondo A parte da códia terrestre cuberta por augas. Segundo sexa a súa composición, selecciónase o tipo de áncora adecuado.

Forquetas ou forquitas Son pezas de ferro ou latón, onde asenta o forro do remo. O mesmo que gallas.

Forrar Cubrir completamente un cabo cunha capa de voltas redondas de fío ou merlín.

Fortuna do mar 1. Todo e calquera risco fortuíto que atinxe o navío e as mercadorías, polas cales o armador debe responder. 2. Todo acontecemento imprevisíbel ou inevitábel que acarreta a perda ou dano dun navío ou da súa carga. 3. Risco marítimo, contra o cal o armador se prevén facendo o seguro marítimo. 4. Todo acontecemento ou todo o feito inerente á navegación marítima susceptíbel, neste particular, de causar dano á expedición marítima.

Foz Boca dun curso de auga; punto onde un río desauga noutro ou nun lago ou nun mar. Desembocadura.

Forzar os mastros Aumentar o número de velas, para dar mellor andadura ao navío.

Fragata Navío de guerra superior á corveta, mais inferior á nau, xeralmente con dúas cubertas e máis de trinta bocas-de-fogo.

Fretador Persoa que dá a embarcación a frete.

Fretamento Contrato polo cal alguén, mediante prezo axustado, se obriga a transportar nunha embarcación, dun porto para outro, mercadorías ou cousas alleas.

Frete 1. Aquilo que se paga polos servizos de transporte de mercadorías, cuxo valor é resultante da aplicación dunha tarifa. 2. Aluguer dun navío ou calquera outro vehículo. 3. Prezo pago ao condutor polo fretamento ou transporte de cousas ou mercadorías, por calquera vía, dun lugar para outro. O frete pode ser pago ou a pagar:

Frota Conxunto de embarcacións pertencentes á mesma clase.

Frota de pesca interior Enténdese por frota de pesca interior as embarcacións pesqueiras que operan exclusivamente nas augas interiores. / **Frota de pesca exterior** Enténdese por frota de pesca exterior as embarcacións pesqueiras que operan exclusivamente nas augas exteriores. Ver augas.

Furacán Vento repentino e impetuoso de orixe ciclónica.

Gg

- G (GOLFO)(—.) G** Símbolo designado Golf. O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra por unha bandeira atravesada por seis faixas verticais, amarelas e azuis, alternadamente. Izada illadamente significa: “Preciso dun/dunha piloto”. Izada por un ou máis barcos pesqueiros quere dicir: “Estou recollendo as redes a bordo”.
- Gabarra** Embarcación de construción sólida e fondo plano que se usa para carga e transporte, de características moi variábeis.
- Gabear** 1.Subir ao cesto e pau da gabia. 2.Subir a un sitio alto empregando as mans e os pés. Chusmar.
- Gabia** 1.Especie de plataforma situada a certa altura do mastro dun navío. Lugar onde vivía o gaxeiro. 2.Vela inmediatamente superior á vela grande do mastareu maior e dos outros dous mastareus do navío. 3.Cada un dos mastareus colocados por riba dos tres mastros reais.
- Gabia-tope** Vela latina que arma no mastareu do mesmo nome.
- Gabias** Son o conxunto de todas as vergas, velas ou mastareus que cruzan por riba dos papa-figos. Velas que se envergan nas vergas de gabia, as segundas a contar desde abaixo.
- Gabiaxe** Servizo feito nos cestos de gabia ou concernente a eles.
- Gafetope** Nome dado ao mastareu que non cruza vergas de pano redondo e en cuxo mastro real arma pano latino de caranguexa, podendo este contar tamén con retranca. A vela latina que nel enverga adquire idéntica designación, asumindo forma triangular ou cadrangular. Provédo do anglicismo gaff-top, sendo tamén este tipo de pano coñecido como vela latina caranguexa.
- Gaio** Cabo que aguanta o pau de palanque (ou de spi) de modo a este non subir.
- Gaiola** Artefacto flotante usado na acuicultura, a medias augas ou de fondo, no que, por medio de rede, reixa, barras ou sistema de calquera clase, se reteñen especies da fauna mariña para o seu cultivo.
- Galear** Balance natural da embarcación no sentido de popa a proa. Cabecear.
- Galeota** 1.Pequena embarcación movida a remos. 2.Barco alongado, empregado en navegación fluvial, particularmente para recreo.
- Galeón** 1.Antigo navío mercante de grande tonelaxe e alto bordo con que se facía o comercio entre a península e as colónias españolas ou portuguesas. Nau de guerra. 2.Aparello de pesca de cerco empregado xunto á costa.



1. Amurada; 2. Esporón; 3. Foque ou buxarrona; 4. Castelo de popa; 5. Castelo de proa; 6. Convés; 7. Cesto de gabea; 8. Cesto de xoanete; 9. Cebadeira; 10. Enxarcia; 11. Escovén da áncora; 12. Estai; 13. Gata; 14. Gabea; 15. Bauprés; 16. Xoanete grande; 17. Xoanete da proa; 18. Leme; 19. Mastro grande (ou real); 20. Mastro da mesana; 21. Mastro do trinquete; 22. Pavillón; 23. Penol; 24. Portiñola; 25. Toldilla ou tombadillo; 26. Vela grande; 27. Vela da mesana; 28. Vela do trinquete; 29. Velacho; 30. Verga.

Galera 1. Barco antigo de vela e remo, con dous ou tres mastros e quilla alongada e estreita. movido xeralmente a remos, ou tamén, nas outras veces, a vela. 2. Chámase tamén Galé.

Galerna Vento forte e tempestuoso do Este ou Noroeste.

Galla Peza de metal que remata nun dos dous extremos en dúas puntas que forman un semicírculo no que se enganchan o remo ou o rastro impedindo que estes caian. Tamén se utiliza nas embarcacións tradicionais para apoiar o mastro e a percha cando non navegan a vela. O mesmo que Forquita.

Gallardete Tea ou bandeira longa e estreita que vai en diminución até acabar en punta e que se pon nos mastros das embarcacións como adorno ou sinal.

Gamela Pequena embarcación tradicional de fondo plano, proa larga e afiada e popa plana utilizada para mariscar ou na pesca de baixura. Con estas características pode ser tamén denominada Chalana.

Garabeta Pau longo provisto nun extremo dun gancho usado na pesca do polbo ou lura.

Garatea O mesmo que fateixa, mais sen patas. Serve para recuperar (“rocegar”) obxectos que se perden no fondo do mar.

Garbino Vento que sopra de Sudoeste.

Garda-Costas: 1. Embarcación dotada de alta velocidade e grande mobilidade, destinada a patrullar augas costeiras. 2. Navío destinado a percorrer a costa marítima dunha nación ou estado para evitar o contrabando. 3. Navío de guerra para a defensa costeira.

Garda-Mancebos Son cabos fixos existentes no bauprés, paus da buxarrona e xiba, que serven para os mariñeiros se aseguraren.

Garda-Patrón É unha táboa colocada de babor a estribor, entre os locais onde se sentan os pasaxeiros e o patrón.

Gardín 1. Cabos ou cadeas que moven o leme. 2. Cabo de manobra do pau de carga. Permite colocar o pau nunha determinada prumada. Os gardíns son constituídos por brazalotes (cabo que liga directamente ao pau de carga e por tallas (tallas dos gardíns). As tallas permiten estirar o gardín para manter o pau de carga fixo na posición.

Garete *Ir ao garete;* ir á deriva.

Garra Cada un dos ganchos do arpeu. *Á garra:* Estar a barlovento. Navío á mercé da marea, corrente ou vento.

- Garrar** Dise cando a áncora non está presa ao fondo do mar ou se teren partido as amarras, e portanto o barco non estar asegurado, sendo este arrastrado pola corrente. *Garrar o porto* Pasar máis alá do mesmo.
- Garruncho** Peza de fixación dunha vela ao estai.
- Garupa** Pau que sobresaia da proa. Bauprés ou Gurupés.
- Gata** Vela redonda que se arma por riba da mesana.
- Gateira** Abertura no convés, por onde a amarra baixa para o paiol da amarra.
- Gato de escape** Gato no cal o bico rebata e pode soltar rapidamente un cabo ao final da manobra de remolque ou nunha emerxencia.
- Gato** Gancho ou ollal.
- Gaxeiro** Mariñeiro que tiña ao seu coitado un mastro e era o encargado de subir (gabear) até a gabia para vixiar.
- Gaza** Especie de ollo ou anel que se fai no chicote dun cabo e que serve para facer firme o cabo ou amarrar algo nel. Lazo.
- Gobernaduras** Pezas semellantes ás dobradizas que serven para prender o leme ao codaste.
- Gobernar** Dirixir unha embarcación.
- Gola** Compoñente do escovén; con saliente do costado, feita en aceiro fundido. **Goleta** Buque a vela de dous paus e con vergas só no trinquete.
- GPS** Sistema de navegación que utiliza sinais emitidos por satélites xeo-estacionarios, dá lecturas de posición a calquera momento, é extremadamente preciso e de dimensións bastante reducidas.
- Grada** Bancada dun estaleiro. Do inglés Global Position System (GPS).
- Graneleiro** o mesmo que Cargueiro.
- Grátil** Extremo dunha vela. O mesmo que testa e gurutil.
- Grumete** Mariñeiro no inicio da súa carreira. Mozo de convés, de bordo, de cámara,...
- Gualdropes** Cabos ou correntes que accionados pola roda de leme movimentan a porta do mesmo.
- Guincho** 1. Pequeno guindastre. 2. Máquina constituída por un ou dous tambores presos a un eixo horizontal movido a electricidade ou vapor, empregada a bordo para a manobra de cabos ou amarras.
- Guinda ou Guinada/Guiñada** 1. É a altura dos mastros ou mastareus. 2. Desvío que unha embarcación fai do seu rumbo.
- Guindastre** Equipamento que é xeralmente usado para a movimentación de carga xeral. Hai moitos tipos de guindastre; estes son divididos en: fixos e móbeis. Alguns deles dispoñen do movemento da lanza vertical e horizontal, outros tan sómente vertical, dependendo de a que se destinan. Denomínanse guindastre de peirao ou molle. **Guindastre de bordo** (en oposición aos de peirao, en terra) Guindastes existentes no propio navío.
- Guión** Puño polo que se terma o remo.
- Gurupés** Nos veleiros, mastro que se lanza do bico da proa para diante, no plano lonxitudinal do navío ou embarcación, cunha inclinación de cerca de 35° por riba do plano horizontal. Entre o gurupés e o mastro do trinquete, en estais, envérganse o foque, a xiba e outras velas de proa. Pódese considerar até un mastro real. Os mariñeiros antigos chamábanlle a chave da mastreación. *Garupa. Bauprés.*
- Gurutil** Ver *testa*.

Hh

H (HOTEL) (. . .) H Símbolo designado Hotel. O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra por unha bandeira dividida en dúas faixas verticais iguais: unha branca e outra vermella. Izada illadamente significa: “Teño piloto a bordo”.

Haliéutica Arte da pesca. Todo o relativo á pesca.

Hasta 1.Pau ou ferro, dereito, longo e levantado no que se coloca, pendura ou apoia algunha cousa. 2.Parte longa e central da áncora entre a cruz e o anete.

Hastear Izar, arborar, facer subir (normalmente sinais).

Hélice Aparello propulsor do navío que substituí as rodas. É en xeral, colocada na popa. **Hélice presa** Dise cando un cabo, arame, rede etc. enrola na hélice.

Higrómetro Mide a humidade relativa do ar.

Hipotermia É o estado do corpo por baixo da súa temperatura normal.

Horas paralizadas Considérase a cantidade de horas de paralización verificada durante a operación de embarque ou desembarque das mercadorías no porto. Tal ocorrencia, para fins de control operativo, deberá rexistrar o seu motivo na orde de servizo ou no boletín. **Horas requeridas** Considérase a

cantidade de horas solicitadas polo armador ou quen ocupar o seu posto, obxectivando a realización da operación de embarque ou desembarque de mercadorías no porto. **Horas utilizadas** Refírese ao sumatorio das horas utilizadas no mes, por cada tipo de equipamento, excluíndose, entretanto, as horas da paralización rexistradas por calquera motivo.

Ii

I (INDIA) (. .) I Símbolo designado Índia.

O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra por unha bandeira de fondo amarelo, cun círculo negro ao medio. A bandeira izada illadamente significa: "Estou virando á esquerda".

Ianque Vela latina de proa con puño da escota moi alto, envergada cando o mar está quebrando á proa, o que evita a ser rasgada a vela.

Iate 1.Navío a vela, de mastreación constituída de bauprés e dous mastros, en xeral enteirizos, con velas latinas cadrangulares e gafetopes. 2.Embarcación a vela ou a motor destinada a recreo ou regata. 3.Toda embarcación luxosa, para transporte de persoas en recreo.

Iceberg Masa de xelo á deriva procedente dun glaciar.

Idade da marea Intervalo de tempo entre o instante da pasaxe da Lúa polo meridiano do lugar (en que a Lúa é nova ou chea), e aquel en que se dá a marea de maior amplitude.

Imbricar Proceso de construción que consiste na sobreposición das chapas do costado en vez de axustalas unha a unha.

Impulsión Presión que acciona normalmente á superficie emerxida do casco.

Imposto de tonelaxe Imposto pago por un navío nos portos, en proporción co número de toneladas que representa.

Incidente marítimo Acontecemento debido ás operacións dun buque, ou relacionado con elas, a causa do cal o buque ou calquera persoa se ve en perigo, ou a causa do cal se producen danos no buque, na súa estrutura ou no medio.

Incineración no mar A queima de residuos ou outras materias a bordo dun buque, dunha plataforma ou doutra construción no mar para a súa eliminación deliberada por destrución térmica.

Indicador de posición Un dos medios utilizados para a busca e salvamento. Os comandantes deben, polo tanto, facer o pleno uso dos sistemas e dispositivos de indicación de posición, onde quer que eles existan.

Indicador náutico Instrumento con que se determinan a latitude, a lonxitude e a variación do compás no mar.

Indicativo de matrícula Conxunto alfanumérico no que, ademais de figurar o porto de matrícula, se identifica e individualiza todas as embarcacións de recreo. O indicativo de matrícula deberá figurar en ambas as dúas amuras.

Ex: **3^a Co-1-2455. 3^a.**- Refire a Lista ou actividade da embarcación. / **Co.**- Refire o Dis-

trito Marítimo da embarcación. / **1**.- Refire o porto base da embarcación. / **2455**.- Refire o rexistro na folla de asento da embarcación.

Índice de rotatividade Relación entre o tempo de singradura e o tempo total gasto nunha viaxe redonda, ou sexa: $K = \text{Índice de rotatividade} = T_m$. Onde: $T_m = \text{Tempo total en días feitos no mar (singradura)}$. $TP = \text{Tempo total en días despendidos nos portos}$. $T_m + TP$.

Inmovilización dun buque A prohibición oficial de que un buque se faga ao mar debido á comprobación de deficiencias que, illadamente ou en conxunto, determinan que o buque non estea en condicións de navegar.

Inscrición É un requisito básico necesario para utilizar barcos de deporte e recreo. A inscrición pode ser feita nas capitánías, administracións ou axencias dos portos da circunscrición en que for domiciliado o propietario do barco ou seu representante legal.

Inspección en portos Visita a bordo do buque para comprobar tanto a validez dos certificados regulamentarios e doutros documentos, das condicións do buque, do seu equipamento e tripulación, así como as condicións de vida e de traballo da tripulación.

Instalación de alto mar Calquera estrutura de alto mar, tal como plataforma de perforación, de produción, etc., que poida representar un perigo á navegación.

Instalacións marítimas Son instalacións marítimas os embarcadores marítimos, as instalacións de varada e de reparación naval, e outras obras ou instalacións similares que, ocupando espazos de dominio público marítimo-terrestre, non incluídos nas zonas de servizo dos

portos, destínanse ao transbordo de mercadorías, pasaxeiros ou pesca, sempre que non cumpran cos requisitos establecidos legalmente para ser considerados como portos marítimos.

Instalación portuaria Zona do porto situada dentro dos límites determinados pola Autoridade de protección portuaria xestora do porto no que está situada, onde ten lugar unha interface buque-porto, incluíndo, segundo se considere necesario, zonas tales como fondeadoiros, atracadoiros de espera e accesos desde o mar.

INTERCO Siglas do Código Internacional de Sinais.

Iole: Embarcación estreita, leve e rápida usada nos deportes náuticos. Termo adaptado do inglés Yawl.

Ir á Garra (ou Garrar) Arrastrar sen que consiga uñar. **Ir á pique** afundirse. **Ir á Rola** Ir ao sabor do vento e do mar...

Isóbaras Liñas imaxinarias que unen puntos que nun determinado momento teñen igual presión atmosférica. Atópanse indicadas nas cartas meteorolóxicas.

Isóbata Liña que nas cartas hidrográficas une puntos de igual profundidade.

Isobático 1. Relativo a isóbata. 2. De profundidade constante, invariábel.


Isobatimétrica O mesmo que batimétrica, secuencia de curvas de igual profundidade, semellante ás curvas de nivel.

Isocarenas Dise de dúas ou máis condicións de flotación dunha embarcación, que desprazan o mesmo volume de auga. É o caso de flotacións dun navío que se inclina lateralmente en consecuencia dunha movimentación de pesos a bordo, sen ter habido a retirada ou aumento de peso nengún.

Isofase cando a duración da luz é igual á da escuridade.

Isotermas Liñas que unen puntos de igual temperatura.

Izar Facer subir un obxecto, puxando dun cabo ou corda no que está suxeito.

The image shows the letters 'Jj' in a large, elegant, black calligraphic font. The uppercase 'J' has a long, sweeping tail that curves under the letter. The lowercase 'j' is smaller and also features a similar tail, ending in a small dot above it.

J (JULIETT) (. - - -) J Símbolo designado Juliet. O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra por unha bandeira atravesada horizontalmente por dúas faixas azuis e unha faixa branca central. Izada illadamente a bandeira significa: “Enfrento un incendio a bordo e transporte produtos perigosos: manteña distancia”.

Kk

K (KILO) (- . -) K Símbolo designado Kilo. O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra por unha bandeira dividida verticalmente nunha faixa amarela e outra azul. Izada illadamente a bandeira significa: “Desexo comunicarme convosco”. Cando esa transmisión é feita por estacións de terra para embarcacións en perigo, significa: “Este é o mellor lugar para aportar”.

Kapok Fibra resistente á auga que se coloca dentro dos salvavidas para darlle flotabilidade.

Ketch embarcación de recreo de dous masts en que a roda de leme fica atrás da mesana.

Kevlar Moderno material sintético de grande resistencia e pouco peso que se utiliza na filástica da confección de velas.

Ll

L (LIMA) (. - . .) L Símbolo designado Lima. O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra por unha bandeira dividida en catro cadrados, dous amarelos e dous negros. A bandeira, izada illadamente, significa: “Pare inmediatamente a súa embarcación”. Cando presentada en regata, quere dicir: “Aproximarse ao alcance da voz” ou “Sígame”.

Lambareiro Gato (gancho) ligado a un cabo para suspender a áncora polas uñas. Úsase para non perder a áncora en fondos rochosos.

Lampexo Cando nun mesmo período a duración da luz é menor do que a obscuridade.

Lancha Embarcación de pequeno porte de propulsión a motor usada para navegación costeira de recreo, ou no transporte de persoas e/ou obxectos e para outros servizos dentro dos portos. A maior das embarcacións miúdas empregadas en servizos a bordo dos grandes navíos, usada para transportar obxectos e persoal do navío para o porto e vice-versa, espíar os ferros e outras actividades. calquera embarcación miúda con propulsión a motor.

Lanza 1.As lanzas ou paus de cargas son vergas de madeira ou de azo instaladas

nos navíos mercantes para a carga e descarga de mercadorías. Ocasionalmente, algúns navíos de guerra tamén empregan paus de carga para a manobra de embarcacións, avións, torpedos etc. 2.Verga dun guindastre, que ten unha extremidade apoiada na súa columna e a outra servindo de punto de aplicación para o aparello de izar.

Lanzamento Acto de mover o navío do lugar de construción do casco, facéndoo flotar. O lanzamento pode ser feito por deslizamento en carreira ou por alagamento do dique de construción.

Lanzar a áncora: Acto ou acción de ancorar unha embarcación.

Largada Acto de largar ao mar a áncora ou a rede na pesca.

Largar 1.Afrouxar, soltar pouco a pouco unha corda ou cabo dunha embarcación. 2.Botar as artes de pesca ao mar.

Largar Ferro soltar a áncora e deixala caír para o fondo ficando ligada ao barco pola amarra.

Largo 1.Mar alto. 2.Toda porción de mar que está fóra da vista da terra. Dise que unha embarcación nesa situación está ao largo. 3.Cabo de amarre que vai de proa ou popa ao porto.

Largura do Barco Boca ou Manga.

Lastrar Lastrar ou facer o lastro dun navío é colocar un certo peso no fondo da embarcación para aumentar a estabilidade ou traelo á posición de flotación dereita, mellorando as condicións de estabilidade e inmersión da hélice.

Lastro Todo o que se coloca no fondo dos bodegas dun navío para lle dar estabilidade, xeralmente, cando este estiver vacío. Lastro é o peso que lastra o navío. É común en navíos de carga, que ao saíren dun porto leves, usaren lastro a fin de tornalo máis pesado, para mellorar súa estabilidade.

Latitude As liñas de latitude que dividen o globo horizontalmente desde o ecuador até os polos. Cada grao de latitude representa 60 millas mariñas. Os bordos verticais das cartas náuticas calíbranse en graos de latitude que, ao ser de valor constante, se empregan para medir as distancias. As liñas de lonxitude que dividen o globo en sentido vertical estréitanse no polo, así que a súa escala non pode empregarse como unidade de medida. O seu símbolo é I. / **Latitude estimada** A latitude do punto onde se encontra o navío, avión etc., determinada pola estimativa feita.

Lazo O mesmo que gaza.

Legua marítima Medida de lonxitude que entre nós corresponde aproximadamente a 3,2 millas ou 5,9 km.

Lei de Pesca de Galiza (LPG), Anteprojecto A pesca é un sector estrutural básico na economía do noso país. Con esta premisa, a LPG é unha norma que pretende regular nun único texto legal todo o relacionado coa pesca no noso país naquilo que temos competencia exclusiva.

Leme É o dispositivo destinado ao goberno dunha embarcación. O leme é constituído, no mínimo, polas seguintes partes: madre (parte do leme que encosta ao codaste), cabeza ou cachola (parte de riba da madre) e porta do leme (parte máis larga que actúa sobre a auga).

Leme a man Aparello de goberno máis simple, empregado comunmente nas embarcacións pequenas. Consta da roda do leme, cuxa manobra é feita polo esforzo muscular do temoneiro, sen axuda do servo-motor. **Leme horizontal** Leme destinado a gobernar o submarino en profundidade.

Lestada Vento que sopra forte de Leste.

Leva 1.O levantar da áncora para zarpar. 2.Cabo delgado que pasa por unha abertura no costado da embarcación e vai prenderse nunha zapatía dos arganéis das portas.

Levante Vento quente e seco que sopra de Leste no Mediterráneo e que chega até o Algarve principalmente durante o Vero.

Liame 1.Cordame de barco a vela. 2.Madeira das curvas con que se ligan e atan as pezas do costado dos navíos.

Libra Unidade de medida inglesa, equivalente a 453,6g.

Libre cambio Principio segundo o cal o comercio internacional debe ser libre, exento de impostos aduaneiros e prohibicións para as mercadorías que constitúen obxecto de permuta.

Libre a sotavento Significa estar afastado de boias, rochas, costa e demais perigos que estan a sotavento. Ter espazo de manobra suficiente. / **Libre pola popa** Situación de manobra entre dous barcos, cando un deles, co seu casco e equipamento en posición normal, está por ante-

popa dunha liña imaxinaria proxeitada polo través do punto máis cara a popa do casco e equipamento en posición normal con respecto doutro barco.

Libreta de identidade marítima / *seaman book* A Libreta Marítima é un documento oficial que ten unha dobre función, por un lado é o documento de identidade do mariño, aceptado internacionalmente, e por outra, mantén un rexistro dos embarques e desembarques do seu posuidor. **Libreta de inscrición marítima** Documento persoal individual, que acredita a inscrición marítima do seu titular, expedido pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, xa sexa a través dos seus órganos centrais ou periféricos.

Libro de bordo Rexistro onde se anotan con minuciosamente todas as ocorrencias diarias a bordo dunha embarcación.

Licenza Documento necesario para o uso da embarcación. **Licenza de Estación de Barco (LEB)** é o documento acreditativo que lle permite a un particular ou entidade instalar ou explotar unha estación transmisora conforme as disposicións do Regulamento de radiocomunicacións da Unión Internacional das Telecomunicacións (U.I.T) e as do país do cal dependa esa estación. **Licenza de navegación** É un dos documentos específicos comprendidos na definición xenérica de rol.

Licenza de pesca 1) Documento administrativo de carácter persoal e intransferíbel, que habilita o seu titular para poder pescar nas augas continentais galegas. 2) Documento expedido pola autoridade pesqueira, polo que se autoriza ao buque a faenar, determinando a

arte ou modalidade de pesca, as datas, o tipo de captura e/ou o caladoiro. **Licenza de pesca marítima de recreo** O documento administrativo, nominal, individual e intransferíbel que autoriza o seu posuidor a practicar esta modalidade de pesca.

Linga Aparello feito de vara de ferro, corrente ou cabo, con que se prenden obxectos pesados que se queira izar ou arriar.

Liña Medida de lonxitude que correspondía a 1/12 polegada, 21mm aproximadamente.

Liña de auga Liña determinada polo plano de flotación, que separa as obras vivas (parte submerxida do barco) das obras mortas (parte emerxida). Liña de auga é tamén a faixa pintada ao longo do casco, indicando até onde el fica submerxido, en condicións normais de cargamento. O mesmo que liña de flotación.

Liña de bolina Dise na vela da liña para alén da cal non é necesario navegar para alcanzar un destino á bolina. É tamén chamada layline.

Liñas de base Dise en dereito marítimo das liñas a partir de onde se mide o mar territorial, a zona próxima ou contigua, a zona económica exclusiva e a plataforma continental. Nacen co obxecto de determinaren a extensión dos distintos espazos marítimos dun Estado costeiro, xa que é fundamental determinar previamente desde onde se miden estas zonas e daí a súa funcionalidade. As augas interiores son as que se achan no interior das liñas de base, nas que o Estado ribeirego goza de soberanía, mentres que nos demais espazos marítimos, os demais Estados gozan de certos dereitos.

As liñas de base poden ser "normais", "rectas" ou "arquipeláxicas". Foron establecidas na Convención sobre o Dereito do Mar. / **Liña de base normal** É a liña de baixamar ao longo da costa que aparece marcada nas cartas recoñecidas polo Estado ribeirego. / **Liña de base recta** No caso de costas moi desmembradas, ou cando existen deltas, o mar territorial pode medirse consoante ás chamadas liñas de base rectas que unen diversos puntos do continente e das illas e illeus próximos do mesmo. Estas liñas non seguen a a liña da costa senón a dirección xeral dela. / **Liñas de base arquipeláxicas** Son as liñas de base rectas que poden trazar os Estados arquipeláxicos que unen os puntos extremos das illas e recifes emerxentes máis afastados do arquipélago.

Liña de costa A liña que segue o contorno xeral da costa, salvo nos casos de abras e baías de menos de 30 millas mariñas de ancho, en que a liña pasará directamente a través da abra ou baía para cortar o contorno xeral no lado oposto.

Liña de vida Cabo que se fixa ao arnés e a un punto da embarcación de modo a que un tripulante non sexa levado polo mar.

Liña de flotación É a liña que divide as obras vivas das obras mortas. Son as liñas en que o navío flota. / Liña de flotación, ou simplemente flotación, é a intersección da superficie da auga co contorno exterior do navío. Un navío a plena carga define unha liña de flotación cargada ou flotación en plena carga. Un navío leve define unha flotación leve e un navío no desprazamento normal define unha flotación normal.

Listas de buques Rexistro que refire e caracteriza a actividade ou procedencia de cada embarcación. O número total de listas é nove, e son as que seguen: **Lista primeira** "Plataforma de extracción (aún no redactado)" Plataformas de extracción, os remolcadores de altura, os buques de apoio e os que subministran ás plataformas e que non estean inscritos noutra lista. / **Lista segunda** Os buques construídos no propio país ou Estado, ou os importados dedicados ao transporte de mercadorías, de pasaxe ou ambos. / **Lista terceira** Os buques construídos no propio país ou Estado, ou os importados dedicados á pesca con fins comerciais. / **Lista cuarta** Os buques auxiliares de pesca ou de actividades de acuicultura. / **Lista quinta** Remolcadores, embarcacións e artefactos navais dedicados a servizos de baías. / **Lista sexta** Embarcacións de recreo ou deportivas que se exploten con fins lucrativos. / **Lista sétima** Os buques construídos no propio país ou Estado, ou os importados dedicados á práctica deportiva ou a pesca sen ánimo de lucro. / **Lista Oitava** Buques e embarcacións de organismos públicos. / **Lista Novena ou de Rexistro Provisorio** Buques en construción, salvo as embarcacións deportivas construídas en serie.

Liteira Cama para uso en embarcacións. Catre

Longarinas Cada unha das vigas estruturais do casco da embarcación, colocadas de proa a popa, na parte interna das cadernas, amarrándoas entre si. Vigas lonxitudinais.

Longo curso Dise da navegación que proporciona contacto entre países. Por iso,

costúmase dicir: mercadorías de longo curso, tarifas de longo curso, transporte de longo curso etc.

Lonxa pesqueira Centro de contratación e comercialización en primeira venda das especies mariñas.

Lonxitude Calquera círculo máximo que pasa polos dous polos. Mídese en graos oeste ou leste, tomando como referencia o meridiano de Greenwich cuxa lonxitude é 0°. O seu símbolo é L. Arco do ecuador comprendido entre o meridiano que pasa polo punto considerado e o de referencia.

Lonxitude do Barco *Eslora*. Lonxitude de fóra (popa) a fóra (proa).

Lonxitude alagábel É a lonxitude máxima permitida dun compartimento, de modo que cando este for alagado pola auga, o navío aínda continúe flotando en seguranza. É unha regra que define a lonxitude máxima dos espazos entre as anteparas transversais estancas, regra esta establecida polas Sociedades Clasificadoras para as embarcacións mercantes. Por esa regra a lonxitude alagábel dunha embarcación varía coa lonxitude desta.

Lonxitude de roda a roda É a distancia entre a roda de proa ou codaste da popa, e é medida paralelamente á liña de auga de proxecto. Pezas como o leme, cando este se estender para popa, o bauprés se existir, ou pezas similares, non serán considerados nesta medida.

Lonxitude entre perpendiculares É a distancia medida entre as perpendiculares para proa e para popa. Nesta medida levamos en consideración a liña de auga de proxecto. Cando nos referirmos á lonxitude do navío e non for especi-

cado como este foi medido, debemos entender esta como a lonxitude entre perpendiculares.

Lonxitude na flotación É a lonxitude na liña de auga, medida en cada nivel de flotación. A lonxitude na flotación varía, dependendo se a embarcación estiver leve ou cargada. A lonxitude na flotación coincide coa lonxitude entre perpendiculares cando, a liña de auga de proxecto for a mesma para o nivel de flotación adoptado.

Lonxitude total Esta medida é importante pois se refire á lonxitude máxima do navío, as dimensións necesarias para o conter nun peirao ou dársena ou nun dique seco. É medido paralelamente á liña de auga de proxecto, das partes máis salientes do navío, levando en conta as partes submerxidas ou emerxidas do mesmo.

Lote A cantidade de produtos pesqueiros obtida en circunstancias practicamente idénticas.

Luces de navegación As regulamentarias para a navegación. A súa descrición figura no Regulamento Internacional para previr as abordaxes no mar. / **Luces alternadas ou farol combinado** Cando un mesmo farol exhibe luces de máis dunha cor. / **Luces de situación** Luces verde e vermella que empregan os buques en navegación, a verde a estribor e a vermella a babor.

Lugre Embarcación de vela latina, xeralmente con tres mastros e que é normalmente empregada na pesca do bacallau

Luz branca (soa) Buque fondeado ou luz de alcance de buque en marcha. Manobramos nós. / **Luz vermella (soa)** Babor. / **Luz verde (soa)** Estribor.

Mm

M (MIKE) (- -) Símbolo designado Mike. O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra por unha bandeira cadrada, de fondo azul, cortada en cruz por dúas faixas diagonais brancas. Izada, illadamente, a bandeira significa: “Dispoño dun médico a bordo”.

Madre do leme Peza do leme onde se fixan as gobernaduras e a porta.

Mallette Anaco de ferro atravesado no elo das cadeas, para darlles máis resistencia e impedir que den volta ou fagan torción.

Man ou Manciña Especie de alza nun chicote.

Manga (B) Boca. Largura máxima do buque medida na sección media deste, até a liña de trazado da caderna nos buques de forro metálico, ou até a superficie exterior do casco nos buques con forro doutros materiais. A manga (B) medírase en metros. **Manga máxima** (Bmax) É a máxima largura do casco coas estruturas fixas.

Manilla Peza metálica en forma de “U” en cuxos topes abertos pasa unha caravilla de forma a poder ser pechada. Serve para unir correntes, etc.

Manobra Todo o traballo desenvolvido a bordo quer para a largada, quer para navegar.

Mar 1.Masa de auga salgada que cubre, aproximadamente, tres cuartos da superficie terrestre. 2.Cada unha das grandes partes en que se dividen os océanos. 3.Maresías ou ondulacións elevadas que se moven no mar cos ventos fortes ou tempestades. Ao principio, designáronse por ‘mar’ todas as grandes extensións de auga salgada. Consagrouse, porén, o uso do termo “océano“ para designar as extensións maiores, pasando a palabra “mar” a se aplicar, sobre todo, ás extensións menores de auga que dependen dos océanos... Desde o punto de vista do dereito internacional, distingúense o **alto mar**, o **mar territorial**, **mar litoral ou xurisdiccional**, e os **mares interiores ou pechados** (*Ver Augas*). O alto mar non forma parte do territorio de calquera Estado e a súa liberdade de navegación é completa para todos os pobos. Esa liberdade ten sido respectada, polo menos en tempo de paz. O mar territorial, xurisdiccional ou litoral é a porción de mar que cerca o territorio dos Estados. A maior parte das convencións internacionais fíxao en tres millas de distancia da costa, mais Estados diversos teñen proclamado, ocasionalmente, a súa soberanía sobre extensións ben máis considerábeis de mar.

Os Estados Marítimos teñen dereito a soberanía e xurisdición sobre o mar territorial. Os mares interiores ou pechados fican encravados no territorio dun Estado e non teñen saída para o océano, como é o caso do mar Aral, situado no territorio da extinta URSS. Outros mares, xeograficamente pechados, bañan, porén, territorios de máis dun Estado, como é o caso do mar Caspio.

Mar alto 1. Punto do mar onde xa non se avista terra. 2. Mar axitado.

Mar baixo Mar que ten pouca profundidade

Mar de leite, Mar de rosas O que está sereno e manso, sen ondas. Mar calmo, Mar bonanzoso, Mar chao O que está calmo, sosegado, manso.

Mar banceiro Aquel cuxas augas se moven e se axitan branda e vaporosamente, sen levantar grandes vagas.

Mar rizado, Mar de vaga curta O que se presenta con ondas de pequena lonxitude. O que está un tanto axitado e revolto.

Mar groso ou de carneirada Aquel cuxas ondulacións se presentan espumantes, semellantes a rebaño de carneiros.

Mar de leva Mar axitado, a punto de arrastrar os bañistas ou embarcacións.

Mar de rebentación O que presenta ondulacións que rebentan contra a praia ou unhas contra as outras.

Mar enorme O que presenta ondulacións en dúas direccións contrarias.

Mar encrespado, Mar Crespo, Mar encafelado, Mar cavado Mar de ondas grandes, altas, e espazos fondos entre elas.

Mar arborado, Mar Bravo, Mar Picado, Mar Teso, Mar de fondo, Mar duro O que está moi axitado, moi tempestuoso.

Marca Termo xeral para unha marca de auxilio á navegación, por exemplo, boia, estrutura ou punto topográfico que pode ser usado para determinar a posición do navío.

Marcación O ángulo medido pola agulla de marear entre a dirección dun destino e o rumbo da embarcación.

Marcar Observar a dirección do rumbo dun obxecto en relación ao navío. **Marcacar derrota** Indicar na carta marítima o rumbo a seguir.

Marcas de borda libre Marcas no costado de navíos mercantes, en ambos os bordos, indicando as liñas de flotación máximas permisíbeis nas varias rexións navegadas. Estas marcas obedecen aos límites mínimos de borda-libre establecidos pola convención internacional de liñas de carga e posúen os símbolos IAN - Inverno no Atlántico Norte; I - Inverno; V - Verán; T - Tropical; AD - Auga Doce; e ADT - Auga Doce Tropical. Tamén chamadas de marcas de Plimsoll ou, impropriamente, marcas do seguro.

Marcas de calado Números que son colocados en cada bordo do navío, na proa, na popa e algunhas veces, á media-nau, para indicar a distancia da marxe inferior de número á liña-base ou outro punto de referencia fixo. No noso sistema métrico están en decímetros (dm), isto é, os números miden dez centímetros de altura e están espazados cada dez centímetros. No sistema inglés de medidas, miden seis polegadas e están espazados, tamén, cada seis polegadas.

Marchar Velocidade progresiva de embarcación baixo o impulso de remos, do vento ou do maquinismo.

- Marea** Movemento alternativo de fluxo e refluxo do mar. **Mareas-mortas** Ocorren durante os cuartos crecentes e cuartos minguentes e caracterízanse por preamares de fraca elevación e baixamares pouco baixas. **Mareas-vivas** Ocorren durante a lúa nova e lua chea e caracterízanse por preamares de grande altura e baixamares moi baixas.
- Marear** 1. Gobernar e pór en movemento un navío. Manobrar. Gobernar. 2. Pescar no mar. 3. Pór o aparello a un veleiro e oriental. 4. Enxoar a bordo. Emarrear. **Marear as velas** Regulasas co auxilio das escotas, de acordo coa dirección dos ventos. Un dos factores máis importantes para aumentar a velocidade da embarcación. **Agulla de marear** Compás.
- Mareaxe** 1. Conxunto das manobras para dar movemento a un navío. 2. Toda a aparelaxe con que se move o navío. 3. Rumbo que segue o navío.
- Mareagrafo** Aparello para medir a altura do nivel do mar sobre un plano de referencia.
- Mareira** 1. Leve axitación das ondas. 2. Temporal no mar.
- Mareiro** 1. Dise daquilo que é propio ou procede do mar como o vento e a chuvia. 2. Vento favorábel que sopra do mar para terra.
- Maremoto** Axitación violenta das augas do mar, producindo ás veces ondas enormes, por mor dos movementos tectónicos do fondo.
- Mareorama** 1. Representación óptima dos mares e da navegación. 2. Panorama marítimo.
- Maresía** 1. Axitación do mar que provoca grandes ondas e fai ben difícil e perigosa a navegación. 2. Cheiro característico da baixamar. Tamén se di Mareira, Marullada, Maruxía.
- Mareta** 1. Onda pequena. Marola. 2. Onda de río.
- Marexar** 1. Marear. Navegar. 2. Soprar do mar.
- Mariña** 1. Arte de navegar. 2. Profisión de mariñeira/o. 3. Administración marítima. 4. Conxunto dos navíos e mariñeiras/os dun país. / **Mariña mercante** Conxunto dos navíos e tripulacións aplicados ao comercio.
- Mariñar** 1. Prover os barcos do persoal náutico. 2. Gobernar a manobra dun navío. 3. Saber a arte de navegar, ser mariñeira/o. 4. Tregar coas mans e as pernas como fan as mariñeiras/os. *Gabear. Chusmar.*
- Mariñaría** 1. Arte ou profisión de mariñeira/o. 2. Conxunto de mariñeiras/os. 3. Persoal de bordo, empregado na manobra dun navío. 4. Coñecemento das manobras náuticas.
- Mariñeira/o** 1. Relativo á mariñaría. 2. Que gosta do mar e da vida marítima. 3. Dise da embarcación propia e pronta para navegar. 4. Muller ou home empregado na manobra dun navío. 5. Aquela ou Aquel que coñece a arte de gobernar un navío. Mareante. **Mariñeira/o feito** Aquel/Aquela ben desenvolvida e experiente na súa profisión. **Mariñeira/o matalote** aquela ou aquel que é torpe e rude polo que fai as cousas de menos importancia no navío. **Mariñeira/o popel** ou proel o que fai as faenas de popa ou de proa.
- Mariña/o** 1. Do mar ou a el relativo. 2. Que vive no mar. 3. Persoa exercitada na náutica. 4. Aquel que traballa ou serve na mariña.

Marisqueo Modalidade específica de pesca consistente na actividade extractiva dirixida á captura de animais invertebrados mariños, susceptíbeis de comercialización para o consumo. **Marisqueo a pé** Actividade exercida na zona marítimo-terrestre e na parte da zona marítima na que se poida exercer a actividade marisqueira sen necesidade de embarcación ou con apoio de embarcación auxiliar dentro dos límites considerados pola lei.

Marítimo 1. Relativo ao mar ou á navegación nel. 2. Situado á beira-mar. 3. Que vive no mar ou á beira-mar. 4. Que se dedica á navegación. 5. O mesmo que mariñeira/o.

Mastareus 1. Mastro suplementario fixado ao mastro real para aumentarlle a guinda. 2. Cada unha das vergóntas que espigan por riba dos mastros ou doutros mastareus, a través das aberturas circulares das asas respectivas. Nos navíos de tres mastros e pano redondo hai os seguintes, a contar desde proa e de abaixo para riba: mastareus de gabia (velacho, gabia e gata), mastareus do xoanete (xoanete de proa, xoanete grande e sobregata) e mastareus de sobrexoanete (sobrexoanete de proa, sobrexoanete grande e sobregatiña).

Mastreación O conxunto de mastros dunha embarcación. É o conxunto de mastros, mastareus, vergas, cestos das gábeas, vaos e antenas dun navío. Nos veleiros, os mastros teñen a función primordial de soportar as velas (aparello propulsor do navío) e, por iso, constitúen partes vitais do navío. Nos navíos de propulsión mecánica, os mastros teñen diversas funcións, servindo de so-

porte para: adrizas e vergas de sinais, antenas de radar, paus de carga nos navíos de carga, instrumentos de control e postos de observación de tiro nos navíos de guerra.

Mastro Peza de madeira ou metal, de sección circular, colocada no plano diámetro, en dirección vertical ou un pouco inclinada para a popa, que se arbora nos navíos. Serve para que nel sexan envergadas as velas (nos navíos de propulsión a vela) ou para aguantar as vergas, antenas, paus de carga, luces indicadoras de posición ou de marcha, alén de diversos outros accesorios como bandeiras ou gallardetes. O mesmo que Pau.

Mastros Reais Son vergonteas fixas que existen a bordo, colocadas na posición aproximadamente vertical, destinadas a aguantaren o impulso das velas, cando largadas ao vento.

Material de Seguridade no Mar É todo aquel material do que teñen de estar provisto obrigatoriamente todas as embarcacións para estaren precavidas perante as inclemencias do estado do mar. Podemos referir: 1 compás de goberno con iluminación, Prismáticos, Cartas de Navegación, Bucina de neboeiro, Bandeira de Pavillón, Lanterna estanca, Espello de sinais, 1 reflector de radar naquelas embarcacións de casco non metálico, Chalecos salvavidas, Boías e aros salvavidas con luz, Foguetes e bengalas, Balde e Bomba de achique, unha caixa de urxencias e equipamentos de radio-transmisión e localización vía satélite.

Máxima flotación de servizo É a flotación correspondente ao calado máximo de servizo admisíbel.

Mecha Parte inferior do mastro por onde se encaixa a carlinga.

Media-Coxía É unha táboa fixa xeralmente para as dúas bancadas de proa cun orificio por onde o pé de mastro entra.

Media Nau É a parte do casco comprendida entre a popa e a proa. As palabras Popa, Proa e Media nau non definen unha parte determinada do casco, mais si unha rexión do mesmo. O mesmo que Medio-Navío.

Media Volta Cabo que circunda unha única vez.

Membro da tripulación Toda persoa contratada e enrolada efectivamente para desempeñar a bordo labores en relación co funcionamento ou o servizo do buque, e que debe figurar na lista de tripulantes.

Mergullo O feito de manterse baixo a auga co auxilio de aparatos ou técnicas que permitan o intercambio de ar co exterior, ou ben de calquera sistema que facilite a respiración, co obxecto de conseguir unha permanencia prolongada dentro do medio líquido.

Meridiano Unha liña de lonxitude que pasa por ambos os lados e que corta o ecuador en ángulo recto. O meridiano dun astro é o punto máis alto da súa órbita. O meridiano de Greenwich é o punto de partida dos cálculos da lonxitude 0°.

Merlín Cabo fino, de confección esmerada, empregado nos labores de mariñaría onde for preciso un bon acabamento.

Mesana 1. O último mastro, cara popa, nos navios a vela de catro mastros, que enverga unha vela latina (a mesana), con caranguexa. 2. En navíos de tres mastros, o último a contar pola proa, se armar pano redondo (vela da mesana). Tamén se lle chama mezana ou mecena.

Metacentro Punto cuxa posición determina a estabilidade dos corpos flotantes. En relación ás embarcacións é necesario definir dous conceptos básicos de metacentro, o Metacentro transversal (M) e o Metacentro lonxitudinal (M'), que din respecto, respectivamente ao equilibrio transversal e ao equilibrio lonxitudinal dunha embarcación.

Milla náutica Medida de distancia que corresponde aproximadamente a 1850 metros. É a lonxitude do arco de 01 (un) minuto do perímetro medio do globo terrestre. Como a terra non é rigorosamente esférica, o seu valor varía se a medida for adoptada nun meridiano ou no ecuador. A milla náutica é igual a 1.853,55 metros ou 6080 pés, que é a media da medida de 01 (un) minuto no meridiano e 01 (un) minuto no ecuador.

Mistral Vento seco e frío dos cadrantes do Norte que sopra no Sur de Franza. Faise sentir entre esta rexión, as Baleares e a Córsega.

MMSI (Número de identificación do servizo móbil marítimo) Número de nove cifras que serve para identificar a cada buque para os efectos de radiocomunicacións e debe ser programado nos equipos automáticos e as radiobalizas por satélite, de acordo co previsto no Regulamento de Radiocomunicacións da Unión Internacional das Telecomunicacións.

Moitón Peza de poleame de laborar, só cunha roldana, por onde desliza un cabo empregado en moitos servizos do navío. O mesmo que Cadernal.

Molle Zona de embarque para os pasaxeiros e tamén para a carga dos vultos.

Monzón Vento periódico soprando por longo período de tempo nas rexións do Océano Índico.

Mordedor Peza usada para prender adrizas, amantillos, escotas, etc.

Mordente Aparello fixado no convés e colocado na liña de traballo da amarra, entre o cabrestante e o escobén. Ten por fin aguantar ou soste a amarra.

Morder Entalar ou apertar o cabo para impedir que corra.

MORSE Combinación internacional de sons, escintileos, etc., curtos e longos, para se comunicaren entre reparticións e buques.

Mortos Bloques de ferro, pedra, cimento, áncoras, etc. que descansan ou están firmes no fondo do mar, onde se amarran as boias ou balizas.

Mosquetón Peza metálica de abertura rápida aplicada nos chicotes dos cabos, para que estes se poidan fixar nos puños das velas.

Moto náutica Vehículo acuático de menos de catro metros de eslora que utiliza un motor de combustión interna cunha bomba de chorro de auga como medio principal de propulsión e proxectado para ser manexado por unha ou máis persoas, quen, dado o seu deseño, non van acomodadas dentro do seu casco senón de pé ou sentadas sobre el.

Nn

N (NOVEMBER) (- .) N Símbolo designado November. O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra por unha bandeira que reúne 16 pequenos cadrados de cores alternadas (oito brancos e oito azuis). Izada illadamente significa a palabra ‘non’, dada como resposta a algunha outra mensaxe.

Nadir Punto onde a vertical que pasa por un lugar na terra encontra a esfera celeste no lado oposto ao cénit.

Nacemento do Sol É xeralmente definido como o instante en que o limbo superior do Sol toca no horizonte do observador.

Nasas Artes de pesca, de fondo, que están construídas en forma de cestos ou gaiolas de diversos materiais que se recobren con rede. Están provistas dunha ou máis aberturas ou bocas de extremos lisos, non punzantes, que permiten a entrada das distintas especies ao interior do habitáculo que forma a arte, atraídas polo cebo colocado dentro del.

Nau ou Nave Expresións anticuadas para definir unha construción de grande porte, feita en materiais apropiados de modo á flotar e destinada a transportar pola auga persoas e cousas.

Naufregar Ir a embarcación a pique. Sufrir naufraxio (os tripulantes e/ou os pasaxeiros).

Naufraxio Acto ou efecto de naufragar. Perda dunha embarcación en virtude de encalle ou de outro accidente marítimo.

Nauta Aquel que navega; navegador, mariñeiro.

Náutica Ciencia e arte da navegación sobre a auga. **Náutico:** Relativo a náutica ou navegación. Dise do individuo versado en náutica.

Naval Relativo a navío ou a navegación.

Construción Naval Arte ou efecto de construír navíos. / **Sector Naval** Na economía do noso país é unha industria estratéxica que posúe un potencial enorme en todos os campos que abrangue: deseño, tecnoloxía, investigación, ma de obra cualificada,...

Navegación 1. Acto ou efecto de navegar. Arte de conducir con seguranza unha embarcación, no mar; en lagos ou lagoas; en ríos ou canais, dun punto a outro da superficie do globo terrestre. 2. A viaxe que se fai co barco. 3. O tempo que dura unha viaxe. **Navegación costeira** É a que se fai tomando puntos en terra como guía, farois, torres, picos, illas, puntas e outras referencias xeográficas, constantes das cartas náuticas. **Na-**

vegación de cabotaxe É a navegación mercante realizada en augas costeiras dun só país, ou en augas marítimas limitadas. **Navegación exterior** É a que se efectua entre portos ou puntos situados en zonas nas que un país ou Estado ten xurisdición e portos ou puntos situados fóra das devanditas zonas. **Navegación lacustre** É a que se fai en lagos, lagoas e represas. **Navegación interior** É a que se efectúa no interior dos continentes, utilizándose ríos, lagos e canais interiores, e comprende a navegación fluvial e a navegación lacustre. Permite o tráfico de pasaxeiros, mercadorías ou excursións turísticas entre dous puntos das augas do mesmo porto ou baía, sen saír delas. **Navegación extranacional** É a que se efectua entre portos e puntos situados fóra das zonas nas que un país ou Estado ten xurisdición. **Navegación fluvial** É a que se fai en ríos e canais interiores. **Navegación de longo curso** É a navegación mercante realizada en alto mar, através dos océanos, unindo portos de diversos países e continentes. **Navegación marítima** É a que se fai nos mares e océanos. **Navegación marítima internacional** A realizada partindo do ámbito territorial interno e que conclúa fóra deste ou viceversa. Así mesmo se considera navegación marítima internacional a realizada por buques afectos á navegación en alto mar que se dediquen ao exercicio dunha actividade industrial, comercial ou pesqueira, distinta do transporte, sempre que a duración da navegación, sen escala, exceda de corenta e oito horas. **Navegación privada de recreo** A realizada mediante a utilización dunha embarcación, que non sexa de ti-

tularidade pública, polo seu propietario ou pola persoa que poida utilizala, mediante arrendamento ou por calquera outro título, para fins non comerciais e, en particular, para fins distintos do transporte de pasaxeiros ou mercadorías ou da prestación de servizos a título oneroso. **Navegación próxima á costa** As navegacións realizadas ao longo da costa dentro da zona abranguida entre esta e a liña de 60 millas paralela a esta.

Navegador 1. Que navega. Que sabe navegar. Perito ou encargado, nunha aeronave ou navío, dos cálculos de navegación. 2. Dispositivo GPS.

Navegar Percorrer o mar en navío, embarcación, ou outro vehículo apropiado.

Navegar de ló Navegar contra o vento, case á bolina. **Navegar nas augas de** Ter un navío o mesmo rumbo doutro barco, seguir na popa deste.

Naveta Navío ou embarcación pequena.

Navío É toda construción náutica, de grande porte, dotada de medios propios de propulsión, sempre destinada a navegación de longo curso; de grande ou pequena cabotaxe, apropiada ao transporte marítimo ou fluvial.

Nivel medio Plano horizontal que pasa polo punto de altura media dunha serie de Preamares e baixamares sucesivas.

Nó 1. Medida de velocidade equivalente a unha milla marítima (1.853 m) por hora. 2. Operación que se fai cos cabos para axustalos entre si.

Nordés Vento que sopra do NE.

Nortada Vento forte e áspero do Norte ou de direccións próximas, que sopra no litoral atlántico galego-portugués especialmente durante o Verao.

Nota de mercadorías perigosas Documento que constitúe unha síntese da declaración de mercadorías perigosas e do certificado de arrumazón aos que pode substituír.

Notos Vento do Sur.

Oo

O (OSCAR) (- - -) O Símbolo designado Oscar. O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra por unha bandeira cadrada dividida en dous triángulos rectángulos, un amarelo e outro vermello. Izada illadamente transmite o alarma de: “Persoa ao mar”.

“**O can**” Compartimento na popa dunha embarcación pequena, destinado a gardar material, mantimentos ou levar o can.

Obras Designación xenérica de todos os cabos do aparello fixo e de laborar. Poleame.

Obras mortas parte do casco dunha embarcación que non está submerxida.

Obras vivas parte submerxida do casco dunha embarcación. Carenas.

Ocaso é xeralmente definido como o instante en que o limbo superior do Sol toca no horizonte do observador.

Oceánico Relativo ao océano.

Oceanismo 1.Predominio dos caracteres oceánicos, como feitos xeográficos. 2.Gosto polas cousas marítimas ou oceánicas. 3.Visión especial do mundo, tomando como factor principal os fenómenos económicos e políticos derivados da existencia dos océanos.

Océano Grande extensión de auga.

Oceanografía Ciencia que estuda e describe o océano e seus animais, produtos e vexetais.

Oceanólogo O que é perito en oceanoloxía.

Odómetro Aparello que indica a distancia aproximada percorrida pola embarcación, considerándose as fraccións, unidades ou decenas de millas marítimas. Hai dous tipos principais de odómetro: o de fondo, cuxo rexistro se basea na presión hidrostática e hidrodinámica rexistrada no percorrido, e o de superficie, con rexistro baseado no movemento dunha hélice.

Oficiais de náutica Son denominados oficiais de náutica os capitáns de longo curso e de cabotaxe, os primeiro e segundo pilotos e os capitáns e pilotos fluviais.

Ollal Argola fixa nun punto das vergas do aparello do navío.

Olo de boi 1.Abertura practicada nun convéis ou antepara, pechada con vidro grosso, para dar claridade a un compartimento. 2.Buraco na parte anterior do navío por onde pasan os cabos.

Olo de Plimsol Marca de Plimsol. Marca que vai debuxada no costado dos buques mercantes para indicar as profundidades de carga permisíbeis.

OMCI. Sigla da Organización Marítima de Consultas Intergubernamentais, órgano especializado da ONU, Organización das Nacións Unidas, para asuntos marítimos.

O.M.I (Organización Marítima Internacional) A OMI é un organismo especializado das Nacións Unidas que promove a cooperación entre Estados e a industria de transporte para mellorar a seguridade marítima e para previr a contaminación mariña. Recentes iniciativas da OMI incluíron reformas ao Convenio Internacional para a Seguridade da Vida Humana no Mar (SOLAS) e ao Convenio Internacional para previr a contaminación polos Buques (MARPOL 73/78). Ten a súa sede en Londres, Reino Unido.

Onda 1.Porción de auga do mar, lago ou río, que se eleva e se despraza. 2.Cada unha das elevacións sucesivas da auga do mar, producidas en xeral pola acción do vento. A parte máis elevada dunha onda é chamada de crista e a máis baixa, que se interpón a súas ondas consecutivas, cavado. **Onda-marea:** Onda decorrente do fenómeno xeral da marea, e que en alto mar se despraza de leste para oeste a unha velocidade estimada en 864 nós, circundando a terra en 24 horas. **Onda-mariñeira** Onda máis alta do mar, en enchente e devalo.

Operador de molle / terminal de mercadorías perigosas Persoa física que está profesionalmente capacitada e baixo cuxa dirección a entidade implicada efectúa a manipulación de mercadorías perigosas. A súa designación será comunicada previamente en cada caso ao director e ao capitán do porto.

Orza 1.Peza suplementaria plana que se axusta na parte baixa central do casco. Serve para dar máis estabilidade, e conter a deriva, xeralmente nos buques de vela. Pode ser fixa ou móbil. 2.Cabo náutico que sostén a vela, dándolle a oblicuidade conveniente. Bolina. / Orza a popa cabo con que se leva a popa o cabo da antena.

Orzar 1.Pór o leme a barlovento, obrigando o navío a aproximarse da liña do vento. 2.Apertar a vela contra o mastro. 3.Dirixir o leme na mesma dirección que a vela.

Osada Conxunto de pezas estruturais que dan forma e resistencia ao casco. O mesmo que esqueleto do navío.

Ovéns Son os cabos que aguantan os mastros de babor a estribor e fan parte das enxarcias. O conxunto de ovéns forma a enxarcia. É o mesmo que os amantillos.

Ovenzadura Conxunto de ovéns.

Pp

P (PAPA) (. - - .) P Símbolo designado Papa. O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra por unha bandeira azul cun pequeno rectángulo branco ao centro. Izada illadamente significa: “Todos a bordo: a embarcación está prestes a saír”.

Paio Calquera dos compartimentos que se fan en diversos lugares do buque, para estibar obxectos. Toman cada un a denominación de acordo ao que gardan no seu interior: alimentos, bagaxes, armas, aparellos,...

Pairar Flota no mesmo punto, coa áncora levantada, ás veces co motor parado ou as velas amainadas.

Países terceiros Estados que non son membros da Unión Europea.

Palamenta Conxunto de obxectos accesorios que son considerados indispensábeis para a navegación, debendo ter presenza obrigatoria a bordo. Abranxe, entre outras pezas, o leme, a cana-do-leme, as bandeiras e paus de bandeira, os estrobos, os salvavidas, os ancorotes, as defensas, as lanternas e os cabos de atraque.

Paletes Denominación dada a un estrado de madeira usado na movimentación e apiñamento de mercadorías; tableiro. Caracterízase tamén como un accesorio de dimensións definidas, dotado de dispo-

sitivo de apoio para o garfo das máquinas apiñadeiras e conexión cos lingados, utilizado para o acondicionamento de diversos tipos de cargas, posibilitando o seu manexo de forma unitizada.

Palla É a espesura dos mastros, mastareus, verga ou entenas.

Palmear 1. Meter a rede no barco pasándoa de man en man. 2. Virar a rede para que seque.

Paneiro Bancada na popa dos barcos pequenos destinada á pasaxe.

Panel de Popa É o forro exterior (corte de-reito) que reveste o esqueleto da popa.

Pano 1. Designación xenérica das velas dunha embarcación. 2. Cada unha das tiras de tecidos que, xustapostas e cosidas, compoñen as velas. A expresión "a todo o pano" quere dicir navegando con todas as velas abertas.

Pantalán Pasarela flotante que permite o acceso aos buques amarrados.

Papa-figos A vela redonda maior do mastro do trinquete ou do mastro grande.

Papoilas Son pezas de poleame de laborar só cunha roldana, sendo a caixa en forma alongada, e son empregadas xunto dos mastros reais dos navíos de vela para dar pasaxe aos cabos da manobra das referidas velas.

Paquete 1. Navío grande, xeralmente movido a vapor, para transporte de pasaxeiros (turismo), correspondencia e mercadorías. O mesmo que Paquebote e Trasatlántico. 2. Antigo veleiro de pequenas dimensións que transportaba mercadorías, pasaxeiros e, principalmente, correspondencia.

Paralización Tempo de interrupción da operación portuaria por un motivo determinado. A paralización pode ser: 1. por conta do axente: espera de atraque; de camións; espera de carga; de vagóns; abertura e peche de bodegas, ...; 2. por conta do porto: retirada de guindastre; defecto no guindastre; na apiñadeira, na máquina apiñadeira de containers; no guindastre baixo rodas; no grab, ...; 3. por conta mutua: chuva; axitación das augas; falta de enerxía, etc.

Patache ou Patacho Antigo navío a vela de mastreación constituída de bauprés e dous mastros, un na popa e outro na proa.

Patarrás Son cabos fixos que serven para aguantar o bauprés, paus da buxarrona e xiba de babor a estribor.

Pasteca/Patesca Peza de poleame de laborar, só cunha roldana, e cuxa alza posúe unha abertura para dar entrada ao seo dos cabos. Son moi empregadas para retornos dos cabos. Roldana.

Patillón Aumento aplicado na quilla para aumentar a estabilidade e a resistencia ao abatemento nunha embarcación á vela.

Patolas Pezas de aceiro para mellorar a suspensión de cargas.

Patrón Grao outorgado pola Autoridade Naval, superior ao de temoneiro e inferior ao de piloto. Habilita para navegar en ríos e lagos interiores, e até 12 millas de costa en mar aberto.

Pau Mastro. Son os mastros (de madeira ou metálicos) onde se afirman as velas do buque. Cada un dos elementos da arboradura que vai máis ou menos perpendicularmente á quilla e destinado a soste as vergas. **Pau botaló:** É unha pequena vergóntea que espiga para fóra da popa de algunhas embarcacións, que serve para cazar a escota da vela chamada catita. **Pau do foque ou buxarrona** É unha vergóntea correspondente ao mastareu da gabia, coa diferenza que espiga para fóra do bauprés. **Pau de palanque** Vara onde amura o spi. **Pau de pica-peixe** É unha pequena vergóntea colocada na posición vertical, que fica por debaixo do bauprés e que se destina a dar espallo aos estais do foque e da xiba. **Pau seco** dise do buque que ten todas as súas velas apagadas. **Pau trinquete** o que se arbora inmediato a proa, diante do maior. **Pau maior** pau máis alto do buque e que sostén a vela principal. **Pau mesana** pau que se arbora a popa do maior. **Pau macho** o que vai desde a sobrequilla até o primeiro mastro menor. **Pau da xiba** É unha vergóntea correspondente ao mastareu do xoanete, coa diferenza que espiga para fóra do pau da buxarrona. **Pau de carga** Mastro semellante a un guindastre, preso a outro mastro do navío, destinado á manobra de carga e descarga da bodega. **Paus de coitelos** Son vergóntees que espigan para fóra dos extremidade das vergas dos navíos redondos, só nos papa-figos e gabias. **Paus de voga** Son pezas de madeira que se colocan nas castañas e que serven para os remadores fixaren os pés cando reman.

Pavillón A bandeira do navío izada no mastro da mesana; tamén a insignia do armador izada no alto do mesmo mastro.

Pé 1. Medida linear inglesa usada nos medios marítimos aínda hoxe en uso. Ten 12 polegadas e equivale aproximadamente a 30,5 cm. 2. Profundidade da auga en relación coa altura dunha persoa. Úzase na expresión dar pé ou facer pé. **Pé-de-amigo** Pau de apoio que se pon debaixo dos bancos das embarcacións para que non abranden. **Pé-de-can** Puntal dunha embarcación. **A Pé de Galo** Cando alén dun ferro co que está fondeado, se bota outro de modo a tocar o fondo, pronto a uñar. **Pé-de-polo** Nó mariñeiro. **Pé-da-roda** Peza con que se unen a quilla e roda dunha embarcación. **Pés de Carneiro** Son unhas pezas que asentan na sobrequilla e ao medio das bancadas, servindo para as reforzar.

Peño Quilla e parte inferior do navío.

Penol 1. Ponta da verga dos navíos. 2. Ángulo superior da vela en que se amarra a verga.

Peirao Muro construído na beira dun río ou ao redor dunha dársena, para que atraquen os barcos.

Percha 1. Cada unha das molduras colocadas como enfeite de proa do navío. 2. Vigas.

Periscopio Instrumento óptico usado para observar a un nivel por enriba do nivel dos ollos, normalmente empregado nos submarinos.

Permiso de actividade Título administrativo que recoñece a actividade de posta en funcionamento e explotación dos establecementos de cultivos mariños e auxiliares a empresas de produtos da

pesca, do marisqueo e da acuicultura en terreos de dominio público ou privado que non sexan marítimos ou marítimo-terrestre.

Permiso de explotación Título administrativo que recoñece a capacidade para exercer actividades de explotación a particulares, sexan persoas físicas ou xurídicas, dos recursos mariños.

Permiso de navegación Documento integrado, expedido pola Administración marítima española, que acredita a inscrición da embarcación no Rexistro de matrícula de buques.

Permiso de pesca Documento administrativo de carácter persoal e intransferíbel, que -ademais da licenza- habilita ao seu titular para poder pescar en tramo acoutado ou sometido a réxime especial de pesca.

Persoa allea á tripulación e á pasaxe A persoa embarcada legalmente e que figura na lista de tripulantes como persoal alleo á tripulación por non ser nin tripulante nin pasaxeiro.

Pesca con arte de cerco A pesca con artes de cerco é a que se realiza dentro do caladoiro nacional -excluídas as augas interiores- con rede de forma rectangular que envolve, mediante rodeo, a pesca e que se pecha en forma de bolsa pola parte inferior para proceder á súa captura. Esta arte nos seus extremos remata en puños. **Pesca costeira** A exercida polos titulares das embarcacións que reúnan as seguintes características: Ter unha eslora entre perpendiculares inferior a nove metros; estar inscrita no censo da frota pesqueira operativa e no rexistro de buques de pesca comunitarios; ter unha actividade que represente

como mínimo o 60% dos ingresos do pescador ou unha actividade mínima de cen días de pesca por ano. Pesca de altura A que levan a efecto buques e embarcacións fóra da liña de 60 millas e na zona comprendida entre os paralelos 60° N e 35° S e os meridianos 52° E e 20° W. **Pesca de baixura** A que se efectúa por pequenas embarcacións nas proximidades da costa. **Pesca de arrastre a remolque / pesca de arrastre de fondo** A que se exerce por unha ou varias embarcacións que remolcan en contacto co fondo, unha arte de rede co obxecto de capturar peixes ou outras especies mariñas. **Pesca de grande altura** A que exercen buques e embarcacións sen limitación de mares nin distancias á costa fóra das zonas delimitadas para outro tipo de pesca. **Pesca litoral** A que efectúan buques e embarcacións dentro da zona abranguida entre o litoral e a liña de 60 millas paralela a este e entre os paralelos 52° N e 20° N. / Pesca local A que efectúan buques e embarcacións sen afastarse da costa máis de 10 millas. **Pesca marítima** A actividade de extraer, con fins comerciais ou non, calquera animal mariño non mamífero, mediante calquera tipo de medio. **Pesca marítima de recreo** Aquela que se practica por lecer ou deporte e sen ánimo de lucro. As capturas obtidas non poden ser obxecto de venda nin transacción, e terán que ser destinadas a consumo propio ou entregadas para fins benéficos. **Pesca marítima de recreo desde embarcación** É a que se practica utilizando cana, liña ou poiteira a bordo de embarcacións da lista sétima (de uso privado). **Pesca marí-**

tima de recreo desde terra É a que se practica con cana montada cos seus correspondentes aparellos desde terra firme, molle, diques e pequenos embarcadoiros. **Pesca marítima de recreo en superficie** A que se practica desde terra ou desde algunha embarcación con calquera instrumento ou arte de pesca autorizada, a excepción das artes de redes. **Pesca marítima de recreo submarina** 1. A que se practica nadando ou mergullando, a pulmón libre, sen utilizar equipos de mergulladores, escafandro ou equipos autónomos que permitan a respiración en inmersión. 2. É a que se practica a man ou utilizando calquera utensilio de pesca debidamente autorizado, en apnea mediante inmersión ou nadando en superficie. A súa práctica só pode realizarse a pulmón libre, quedando prohibida a utilización de equipos autónomos, semiautónomos ou calquera outro sistema que permita a respiración en inmersión.

Pescador 1. Toda persoa que exerza a súa actividade profesional principal a bordo dun buque de pesca marítima en activo. 2. Persoa que pesca.

Pescante Especie de guindastre de a bordo que se pode virar cara fóra dos costados e que se usa para izar e arriar os botes e pesos; polo xeral veñen en pares.

Pescar Sacar ou intentar sacar da auga peixes e outros animais acuáticos.

Peso do buque baleiro Enténdese -expressado en Tm.- o desprazamento dun buque sen carga, combustíbel, aceite lubricante, auga de lastre, auga doce, auga de alimentación de caldeiras nos tanques nin provisiones de consumo, e sen pasaxe, tripulantes nin efectos duns

e doutros. **Peso morto** Diferenza en peso entre o desprazamento máximo e o desprazamento mínimo dun navío de guerra, tales como o peso da munición, do combustíbel, da auga de reserva das caldeiras, da auga potábel e para baño e sanitarios; dos mantementos, do material de consumo e das gornicións e as súas pertenzas.

Pesqueira O exercicio da actividade pesqueira dirixida á captura dunha especie ou grupo de especies nunha zona ou caladoiro determinado.

Pesqueiro de Arrastro Navío pesqueiro que opera arrastrando unha rede para a captura do peixe.

Petroleiro Un buque mercante construído para o transporte a granel de petróleo e produtos derivados do petróleo que se utilice para esa finalidade.

Pestana Cada unha das extremidades dos brazos dunha áncora.

Piano Aparello múltiple que impide un conxunto de cabos de correr.

Picadeiro Conxunto de pezas que serven para asentar o navío en dique seco.

Piloto Grao outorgado pola Autoridade Naval, superior ao de patrón. Habilita para navegar en calquera curso de auga, mar ou océano.

Piña Especie de cabeza de cordóns entrelazados xeralmente nos chicotes.

Pique a vento pique; sen vento. **Baixar a pique**; baixar a prumo, verticalmente.

Ir a pique Afundirse o navío.

Piqueiro/a Aquela persoa que dirixe a embarcación desde a proa.

Piquiña Peza de madeira de tres buracos onde se introduce o pau da vela e vai amarrada a quilla.

Piquiño Cabuchete de proa.

Piscicultura mariña Rama da acuicultura que atende ao cultivo ou semicultivo de peixes, tanto en augas mariñas como salobres.

Piscifactorías Instalacións dedicadas ao cultivo e/ou recría de peixes e mariscos mariños e continentais.

Pitada curta Son de bucina, sirena, pito, etc., dun segundo de duración aproximadamente. **Pitada longo** Son de bucina, sirena, pito, etc., dunha duración aproximada de 4 a 6 segundos.

Plan de continxencias das rías Plans deseñados e elaborados para facer fronte ás verteduras que poidan afectar ás rías e que deben incluír os plans interiores e portuarios.

Plan xeral de ordenación marisqueira Conxunto de normas e orientacións destinadas a regular e programar a extracción de marisco e recolección de algas con carácter xeral.

Plan territorial de continxencias por contaminación mariña de Galiza Instrumento mediante o que a Xunta de Galiza determina o protocolo de actuación dos distintos departamentos da Comunidade Autónoma que teñen competencia directa en cada unha das actuacións que a activación deste plan contempla, así como a intervención ou participación que a outras administracións lles corresponde neste tipo de sucesos.

Plano de arranxo xeral Plano mostrando a subdivisión interna do navío, tendo para isto representados todos os pavimentos coas subdivisións neles existentes, os nomes dos compartimentos e a localización dos accesos.

Plano de capacidade Plano contendo as informacións importantes para a estiba e

manexo da carga a bordo, tal como: desenhos mostrando os compartimentos do navío; cubaxe de todos os compartimentos de carga e tanques; capacidade de carga no convés; táboa mostrando os efectos de variacións lonxitudinais de peso sobre o compás; escala de desprazamento, mostrando no mínimo a interrelación entre calado, desprazamento e carga bruta; capacidade e arranxo dos aparellos de manuseo de carga.

Plano de flotación Plano horizontal polo cal o casco é cortado pola superficie do mar. Este plano corta o costado segundo unha liña que se chama liña de flotación ou liña de auga.

Plano inclinado Obra de madeira destinada a construción e arranxos de embarcacións.

Plataforma continental A expresión plataforma continental designa: a) o leito do mar e o subsolo das zonas submarinas adxacentes ás costas máis situadas fóra da zona do mar territorial, até unha profundidade de 200 metros, ou máis alá deste límite até onde a profundidade das augas supraxacentes permita a explotación dos recursos naturais da devandita zona; b) o leito do mar e o subsolo das rexións submarinas análogas, adxacentes ás costas de illas.

Plataforma de hidrocarburos Calquera unidade que, ou ben apoiada no fondo mariño ou ben flotando sobre o nivel do mar, sexa utilizada para fins de perforación ou explotación de depósitos de hidrocarburos líquidos ou gasosos.

Poa Cabo de embarcación pesqueira que se prende nas relingas dunha vela para amarrar as bolinas.

Pozo Nunha embarcación de recreo, o desnível no convés onde habitualmente se comanda o barco.

Polaca Vela latina triangular que se enverga á proa en ocasións de mal tempo.

Polea Roldana que serve para unir e facer correr os cabos.

Poleame O poleame é o conxunto de pezas de madeira ou metálicas que, a bordo, serven para a pasaxe dos cabos. Son os que seguen: cadernais, patescas, catrinas, papoilas, bigotas, zapatas, cazulos e poleas. Divídese en poleame de laborar e poleame fixo ou xordo. Para facilitar a utilización, o poleame é alceado, isto é, ven provisto de alza de cabo ou de metal. **Poleame de Laborar** É todo aquel que posúe roldanas, tales como: cadernais, patescas, catrinas e papoilas. O poleame de laborar componse sempre de tres pezas: caixa, perno e roda; a caixa dispón dunha ou máis aberturas, gornes (gornir un cabo é metelo nos gornes do poleame), onde traballan as rodas en torno de eixos, e pernos. A roda ten unha gola ou goibadura na periferia, onde labora o cabo. A caixa ten unha cavidade ou goibado que a abraza e onde se pasa a alza. O moitón é poleame dun só gorne e o *cadernal* ten de dous até o máximo de catro. A patesca difire do moitón por ter unha abertura lateral, pechada con dobradiza e chaveta, para recibir o cabo polo seo. Serve, en especial, para *retorno* de cabos, isto é, para os desviar dunha dirección para outra. **Poleame Fixo** É todo aquel que non posúe roldanas, tais como: bigotas, zapatas, cazulo e poleas.

Poleas Son pezas de poleame fixo, aínda actualmente empregadas en navíos á vela e tamén para suspensión dos toldos.

Polegada Medida de lonxitude que corresponde a 2,54 cm. Polés: Son pezas de poleame fixo, aínda actualmente empregadas en navíos á vela e tamén para suspensión dos toldos, tomando estas o nome de polé do prigallo.

Polisión Persoa que viaxa clandestinamente nunha embarcación.

Ponente ou Poente Vento de oeste.

Popa Parte posterior dunha embarcación.

Á **popa** Navegación a favor do vento. Tamén se aplica na navegación que se faga recibendo o vento para atrás do través. En popa redonda: dise do veleiro que navega recibindo o vento pola popa.

Pór de capa Amainar o pano e dar ao navío unha posición que o faga recibir unha vaga ou onda grande pola amura a fin de resistir a un temporal. O mesmo que capear.

Portalón Abertura feita na borda ou no costado do navío por onde entran e saen de bordo os pasaxeiros ou a carga.

Porto É o lugar ou zona marítima que reúne condicións físicas, naturais ou artificiais para a realización de operacións de tráfico portuario de buques, incluíndo os buques de pesca e as embarcacións de recreo, e que sexa autorizado para o desenvolvemento destas actividades pola Administración competente.

Porto base Aquel desde o cal o buque desenvolve a maior parte das súas actividades de inicio das mareas, despacho e comercialización das capturas. Se o buque pesca fóra do caladoiro nacional, o porto base será aquel co que mantéña

unha vinculación socioeconómica destacábel, de acordo co que se estableza regulamentariamente.

Porto complementario ou de refuxio

Considéranse portos complementarios ou de refuxio aqueles que sirven de base o resguardo das frotas pesqueiras locais.

Porto comercial O que en razón das características do seu tráfico reúne condicións técnicas, de seguridade e de control administrativo para que neles se realicen actividades comerciais portuarias, entendendo por tales as operacións de estiba, desestiba, carga, descarga, transbordo e almacenamento de mercadorías de calquera tipo, en volume ou forma de presentación que xustifiquen a utilización de medios mecánicos ou instalacións especializadas.

Porto de interese xeral Son aqueles que foron clasificados de acordo cos indicadores xeográficos de infraestrutura e socioeconómicos, establecidos nos datos previos do Plan Especial de Portos e que se planifican con base en proporcionar os servizos axustados á frota pesqueira e á comercialización das capturas, e aqueles nos que se realice tráfico de mercadorías e posúan para isto portos de calado en baixa mar vivo equinoccial igual ou superior a catro metros e zona de depósito destas. Así mesmo poderán ser considerados os complementarios, de refuxio ou outros que pola súa vocación, ámbito xeográfico ou perspectivas de desenvolvemento requiran esta clasificación, e os de interese xeral do Estado que sexan transferidos á Comunidade Autónoma Galega.

Porto de matrícula Porto onde se atope a capitania marítima na que se pre-tenda rexistrar ou estea rexistrada a embarcación.

Portulano É unha carta náutica moi detallada dun porto.

Pousamastro Pau forte, a modo de cuña sobre a quilla en que descansa o mastro da vela cando está oblícuo.

Poutada 1. Aparello formada por unha pedra alargada, perpendicular a unha táboa e suxeita a ela entre dúas varas, que se usa como áncora de pequenas embarcacións. 2. Pedra que se bota ao mar amarrada a un cabo ou corda para mover as augas a fin de producir o balo ou embalo para dirixir o cardume até a rede.

Pozo O mesmo que bañeira ou cockpit.

Práctico/a Piloto que toma o goberno das naves perto da costa polo coñecemento que ten desta e das paraxes marítimas próximas do porto.

Preamar O maior nivel atinxido polas augas no fin da enchente. Tal como na baixamar os termos preamar inferior e preamar superior aplícanse da mesma forma.

Proa Parte da frente dunha embarcación. Ten forma de cuña para poder “cortar” a auga.

Produto de acuicultura Todas as especies mariñas obtidas por medios técnicos e científicos, nas súas fases de reprodución, desova, crecemento, preengorde e engorde, así como as capturadas no seu medio natural durante a fase de xuvenís e cultivadas até que alcancen o tamaño comercial apropiado para o consumo.

Produto da pesca fresco O produto da pesca sen transformar, enteiro ou pre-

parado, incluídos os produtos de atmosfera modificada, que non se sometesen a ningún tratamento distinto da refrixeración para garantir a súa conservación.

Produto da pesca preparado Os produtos da pesca sen transformar que se sometesen a unha operación que afecte como evisceración, descabezado, corte en torros, fileteado e picado.

Produto da pesca transformado Produtos transformados resultantes da transformación de produtos da pesca ou dos citados produtos transformados.

Produto pesqueiro conxelado Os produtos pesqueiros que fosen sometidos a conxelación até alcanzar unha temperatura no seu interior de polo menos “-18 graos centígrados”, despois da súa estabilización térmica.

Proeiro Mariñeiro que traballa, vixía ou rema na proa da embarcación.

Provisións de bordo Os produtos destinados exclusivamente ao consumo da tripulación e os pasaxeiros.

Púlpito Partes reforzadas e destacadas na balastrada de proa ou popa.

Prumada 1. Acción de botar o prumo á auga. 2. Profundidade da auga en determinado punto do mar.

Prumo 1. Dispositivo ou aparello usado destinado a determinar a profundidade das augas nas que se encontra a embarcación, bem como, nalgúns casos, a natureza do leite mariño. 2. Regra xeralmente de metal destinada a medir a altura dun líquido almacenado nun tanque ou acumulado na bodega do navío.

Prumo de mao ou chumbo Dispositivo constituído por unha peza de chumbo en cuxa base menor existe unha

alza onde se fixa unha liña graduada en metros ou brazas (liña de prumo), na que se le o punto da graduación da liña que aflora na auga. **Botar ou Largar o prumo** Medir a profundidade da auga por medio da liña de prumo. Tamén se di aprumar.

Puño da amura Canto da vela que fica inferiormente xunto ao mastro ou ao estai. **Puño da adriz** Canto superior da vela formado pola testa e pola valuma. **Puño da boca** Nunha vela cadrangular, é o puño superior situado xunto ao mastro. **Puño da escota** Canto da vela onde fixa a escota. **Puño da pena** Nas velas triangulares é o puño polo cal é izada a vela. Nas cadrangulares é o puño superior e exterior. **Puño da testa** Nas velas redondas fica nos extremos da testa ou grátil.

Puxame Bordo inferior da vela maior fixada á botavara. O mesmo que esteira.

Qq

Q (QUEBEC) (- - . -) Q 1.Símbolo designado Quebec. O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra por unha bandeira amarela que, izada illadamente, significa: “Meu barco está ileso; pido práctica libre”. 2.Letra usada como prefixo nas mensaxes de radio para transmisión máis rápida; é introducida como primeira letra en cada grupo de tres, a que se reducen os compoñentes da mensaxe abreviada.

Quebra de estiba Espazo da bodega non ocupado pola carga, por ser inadecuado ao tipo de embalaxe, ou por ser necesaria á ventilación ou á separación da carga. Dise, tamén, quebra de espazo e vaos de carga.

Quebra-mar Chapa ou taboa vertical, ou pouco inclinada para vante, colocada sobre o convés, na proa, a fin de diminuír a violencia das augas e impedir súa pasaxe para popa.

Quebra-xelos Navío aparelado para abrir camiño nos mares glaciais.

Quilla É unha peza de madeira ou de ferro, conforme a construción da embarcación, colocada no sentido lonxitudinal, para a posterior fixación do esqueleto. É considerada a peza máis importante da embarcación. **Quilla de balance**

Cada unha das pezas lonxitudinais e saíntes da obra viva paralelas á quilla, que serven para amortecer os balances.

Quilla de bolina Chapa plana e resistente colocada verticalmente baixo da quilla, para reducir a inclinación e o abatemento cando se navega á vela.

Quilla limpa Dise da medida de lonxitude dun buque, contada soamente pola súa quilla. **Falsa quilla** Reforzo exterior da quilla, onde vai fixada a sobrequilla. **Quilla chata** Tipo de quilla preferido para os barcos modernos de calquera clase.

Quina Calquera mudanza brusca de dirección na superficie externa do casco, nun chapeado, nunha antepara, nunha caverna ou doutra peza calquera da estrutura do navío.

Quiñón 1.Reparto, división equitativa da pesca. 2.Anaco de rede que unido a outros iguais forma unha rede de pesca.

Rr

R (ROMEO) (. - .) R Símbolo designado Romeu. O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra por unha bandeira cadrada vermella, cortada en cruz por dúas faixas amarelas, a partir do medio comremento de cada lado. Izada illadamente en regata, esa bandeira significa: “Faga o percorrido prescrito polas instrucións de regata, mais no sentido inverso”; cando exposta sobre unha marca do percurso, quere dicir: “Faga o percorrido indicado, mais no sentido inverso”.

Rabanada Raxada de vento.

Rada Baía ou enseada que se usa como abrigo para os barcos.

Radar Técnica, ou equipamento radioeléctrico, para localizar obxectos móbiles ou estacionarios, medirilles a velocidade, determinarlles a forma e natureza, e que utiliza a emisión e pulsos de microondas e a detección e análise do eco reflectido polos obxectos. Proporciona información acerca de distancia, acimut e/ou elevación de obxectos.

Radiobaliza É un transmisor de radio flotante instalado na obra morta, alimentada por baterías, e que en caso de sinistro se activa automaticamente ou de forma manual. Xeralmente, as radio-

balizas van montadas en soportes de maneira que poidan liberarse automaticamente en caso de naufraxio, e actívanse ao entraren en contacto coa auga. Non obstante, hai pequenas balizas que se poñen en marcha e sostéñense na man. A maioría de modelos levan, unha luz piloto que avisa da súa activación e, con frecuencia, tamén do estado das baterías. Os **tipos** principais de equipos que se utilizan e as frecuencias en que traballan son: **EPIRB** (*Emergency Position Indicating Radio Beacon*, é dicir radiobaliza de localización de sinistros), para utilizar a bordo dos buques e dalgunhas aeronaves; **ELBA** (*Emergency Locating Beacon Aircraft*, ou sexa, radiobaliza da bordo para localización en caso de emerxencia), para ser instalada a bordo das aeronaves; **PLB** (*Personal Locator Beacon*, ou sexa, radiobaliza de localización persoal); ... As radiobalizas transmiten vía satélite automaticamente sen necesidade de que interveña ningún operador, a seguir, o satélite capta os sinais, determina a posición da baliza activada e ponse en andamento o plan de rescate, comunicándose coa estación terrestre de salvamento máis próxima. Normalmente, as radiobalizas sitúanse na zona

máis elevada do barco e merecen unha comprobación periódica, debéndose cambiar tan pronto mostren sinais de debilidade (a súa duración oscila de 2 a 10 anos, segundo os modelos).

Radiofarol Estación transmisora de sinais especiais de radiotelegrafía emitidos a intervalos regulares en Código Morse, que axudan os navegantes a determinaren a posición da embarcación.

Raio de acción Maior distancia que un navío pode navegar coa súa capacidade de combustíbel.

Rafa Raxada de Vento.

Rancho Lugar na proa da embarcación onde dormen os mariñeiros.

Raxada Vento que, de cando en cando, sopra con maior intensidade.

RDT Sistema rexistrador de datos da travesía instalado no buque a fin de, entre outros, facilitar a investigación de accidentes e incidentes.

Ré Parte de trás dunha embarcación, entre a popa e o mastro grande. **A ré** (AR) Expresión usada para definir toda e calquera cousa que se sitúe na rexión de popa da embarcación.

Recife Rochedos de constitución arenítica ou coralínea, situados a pequena profundidade, perto da costa ou a ela directamente ligados, que constitúen un perigo para a navegación.

Recorrer É a acción de deixar correr nun cabo as voltas dadas sen as desfacer, folgándoas ou aliviandoas.

Recrutamento Dise na pesca da achega periódica de novos individuos ás unidades de poboación ou que sexan susceptíbeis de seren capturados na primeira oportunidade polas artes de pesca existentes.

Recurso pesqueiro Os recursos mariños vivos, así como os seus esqueletos e demais produtos daqueles, susceptíbeis de aproveitamento.

REDLER Equipamento transportador de corrente, moi utilizado nos portos para a movimentación de graneis sólidos.

Reembarque Dise do acto ou efecto de embarcar de novo, en calquera vehículo ou para calquera destino, as mercadorías que foran descargadas en tránsito.

Refacho Golpe de vento brusco que se produce debido ao cambio de dirección ou intensidade do vento.

Refrega, refega ou rafega Vento forte de fraca duración, menos forte que a raxada.

Refugallos xerados por buques Todos os refugos, incluídas as augas residuais e os residuos distintos dos de carga, producidos polo buque e que están regulados polo Convenio internacional para previr a contaminación ocasionada polos buques, de 1973, modificado polo seu Protocolo de 1978, na súa versión vixente (MARPOL 73/78), así como os residuos relacionados coa carga segundo se definen nas directrices para a aplicación do referido convenio. Os refugallos xerados por buques consideráranse residuos no sentido que os define a lexislación específica.

Regala Táboa a xeito de corrimaos que remata a parte superior da amurada, sendo unha prolongación do casco na cuberta.

Relinga 1.Corda coa que se atan as velas das embarcacións. 2.Corda que leva a vela en toda a súa marxe para maior consistencia. Chámase tamén tralla.

Remadoira: O mesmo que chumaceira

Remo Peza de madeira cilíndrica, con parte plana nun dos seus extremos, que se

emprega como medio de propulsión nas embarcacións.

Remolcador Embarcación de grande potencia que ten como función puxar ou empurrar outros navíos para entrar ou sair de porto. Empurrador.

Remos Son pezas de madeira que serven para dar andamento á embarcación e divídense en: pá (parte do remo que mergulla na auga), forro (parte do remo que asenta na forqueta ou toleira) e puño (parte do remo onde o remador agarra cando rema).

Rendemento Cantidade de pesca obtida nun período determinado de tempo dunha unidade de poboación ou dun conxunto delas.

Rendemento de equilibrio Dise na pesca do rendemento medio obtido dunha unidade de poboación ou dun conxunto delas, cando esta(s) están en equilibrio cun esforzo pesqueiro real dunha determinada magnitude e a biomasa media da poboación non cambia de ano en ano.

Rendemento máximo sostíbel Dise na pesca do rendemento de equilibrio maior que se poida obter dun stock para unhas determinadas condicións ambientais e de pesca, e que se corresponda cun determinado nivel de esforzo pesqueiro real.

Repique/ Repiquete Salto de vento para outro rumbo.

Resaca 1.Refluxo dunha vaga despois de se espraiair ou encontrar un obstáculo que a impede de avanzar libremente. 2.Investida vigorosa contra o litoral, das ondas do mar moi axitado.

Reserva piscícola Aquelas masas de auga con ecosistemas, comunidades ou elementos biolóxicos que pola súa rareza,

fraxilidade, importancia ou singularidade deban de ser dotadas dunha protección integral.

Retorno Designa calquera peza que serve para mudar a dirección dun cabo sen permitir cambio forte.

Retrancas: Son vergontees móbeis, existentes a bordo dos navíos ou embarcacións, colocadas na posición horizontal, onde envergan as esteiras das velas. As retrancas divídense en boca (partes que encostan aos mastros) e extremidade (extremidades opostas ás bocas).

Rexistro de stock Rexistro que ten por fin dar unha idea permanente das entradas e saídas dos produtos. É un rexistro moi importante nas grandes organizacións, de modo que o estoque poida ser controlado por produtos e valores, pola propia sección de contabilidade, sen prexuízo dun outro control de uso do propio almacén.

Rexistro de matrícula Rexistro de inscrición obrigatorio para todos os buques e empresas marítimas que explotan buques. O rexistro baséase nun sistema de Listas, de xeito que cada buque, embarcación ou artefacto naval só poderá estar matriculado nun único Rexistro de Matrícula e a súa inscrición farase na lista que corresponda segundo sexa a súa actividade ou procedencia. Existe un Rexistro de Matrícula en cada Distrito Marítimo e un Rexistro Central levado pola Dirección Xeral da Mariña Mercante. / **Rexistro de navío** Rexistro que debe ser feito por todo propietario/a de navío que estexa destinado á navegación en alto mar. O referido rexistro é obrigatorio e debe ser feito na Capitanía dos

Portos en cuxa circunscrición o propietario tiver domicilio.

Rezón/Rizón 1. Áncora pequena de tres ou catro brazos terminados en uñas que só é segura en chans rochosos. 2. Nó mariñeiro. *Embulsar o rizón* Amarrar un cabo a un dente do rizón para que este se solte facilmente cando queda prendido no fondo do mar.

Ría Entrada do mar na terra pola curso da desembocadura dun río.

Risco marítimo Dise dos perigos a que se achan expostas as embarcacións e mercadorías por danos que lles poidan sobrevir, en consecuencia de accidentes no mar. O mesmo que fortuna do mar.

Rizar Reducir o pano das velas.

Rize/Rizo Cordel ou cordeis que van desde a metade da vela para baixo. Uníndose entre eles serven para encurtar o tamaño exposto da vela.

Robaletes Son Pezas pregadas exteriormente no sentido proa-popa na altura do encolamento, servindo para amortecer o balance de babor a estribor.

Roda Temón. Leme.

Roda de proa ou talla-mar Peza de madeira ou metal que pecha coa quilla a construción do navio á proa. Parte que corta o mar.

Rol O rol de despacho e dotación ou, no seu caso, licenza de navegación son os documentos que deben levar os buques, segundo a súa clase, de acordo coa regulación sobre o despacho de buques e a normativa sobre abandeiramento, matrícula de buques e rexistro marítimo.

Rondar Puxar o cabo dunha talla ata tirar a folga.

Ronsel Esteira que a embarcación deixa no mar após a súa pasaxe.

Rosa-dos-ventos Mostrador da búsola en que aparecen marcados os puntos cardiais (norte, sur, leste, oeste), os puntos cadrantais ou colaterais (nordeste, sudoeste, noroeste), e os sectores intermedios, divididos en cartas e cartos, formando un total de 128 divisións.

Roteiro 1. Publicación voluminosa, con grande cantidade de datos sobre os portos, réximes, obstáculos, etc. 2. Rota. Rumbo.

Roza. *Á roza* Ferro cando pronto para ser lanzado para o fondo.

Rumbo 1. Dirección que segue un barco. Rota. Derrota. 2. Abertura no casco dunha embarcación.

Ss

S (SIERRA) (. . .) S 1.(Símbolo designado ‘Sierra’.) O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra por unha bandeira branca cun rectángulo azul, ao centro; izada illadamente, resume unha mensaxe de atraque: “Vou para atrás con toda a forza das máquinas”. 2.Letra usada como abreviatura do punto cardeal sur. 3.Segundo a Convención Internacional para a Salvagarda da Vida Humana no Mar, a letra S, cando compón a sinalización de atraque de embarcacións que teñan persoas en perigo a bordo, significa: “É extremadamente perigoso o atraque neste lugar”.

Saída de auga Abertura feita na parte máis baixa da borda falsa, para permitir o escoamento da auga que se acumula no convés. Algunhas posúen tampas articuladas para evitaren a entrada de auga do mar, só permitindo a pasaxe de auga nun sentido.

Sala da máquina do leme É o compartimento onde ficán os equipamentos de goberno do navío. A máquina do leme é comandada a distancia polo telemotor do leme. Nos navíos de grande porte, este compartimento fica por baixo da liña de auga e é protexido por chapa reforzada, debido a importancia vital que repre-

senta este equipamento para a seguranza da embarcación. **Sala de máquinas** Compartimento onde ficán situadas as máquinas principais e auxiliares.

Salvamento marítimo ou SASEMAR Sociedade Estatal de Salvamento e Seguridade Marítima, SASEMAR ou Salvamento Marítimo, entidade estatal creada para dar resposta a todas as emerxencias que poidan xurdir no mar: rescates, buscas, evacuacións médicas, remolcamentos, loita contra a contaminación, difusión dos avisos á navegación, potenciamento da seguridade do tráfico marítimo e, sobre todo, a recepción e a inmediata resposta aos chamamentos de socorro desde o mar.

Salvavidas 1.Chalecos ou boias de material flotante, preferibelmente cortiza. Conforme recomenda o regulamento en salvamento marítimo, o salvavidas debe ser macizo, nunca granulado ou en fitas; e a súa flotabilidade non debe depender de compartimentaxe de ar e si do propio material que o constitui. 2.Embarcación especial para operacións de salvamento e rescate de náufragos. Dispón de caixas de ar e quilla lastrada con chumbo, que lle permiten flotar mesmo chea de auga e endireitarse baixo o maior ángulo de inclinación.

Salseiro 1. Son pingas moi finas ou escuma da auga do mar que se forman ao bater as ondas contra as rochas ou contra algún obstáculo. 2. Pinguíñas finas do mar que se levantan co vento e forman unha especie de néboa.

Sarretas Son táboas colocadas por riba do esqueleto do casco e no sentido da proa á popa, que serven tamén para protexer, o fondo da embarcación e xeralmente son tres por cada bordo. Dise tamén sarretas.

Sarrillo Tambor horizontal manobrado á man, no cal dan volta as espías para se conservaren collidas e ben acondicionadas.

Sat Nav Sistema de navegación que utiliza sinais emitidos por satélites. Bastante preciso e de dimensións reducidas. Fornece lecturas de posición aproximadamente de hora en hora. Actualmente está sendo totalmente substituído polo equipamento GPS.

Sección a Media-nau Sección transversal do casco tirada a medio lonxitude entre as perpendiculares de proa e de popa.

Sección mestra Chámase sección mestra a maior das seccións transversais dun casco. A sección mestra sitúase coincidentemente coa sección a media-nau, ou moi próximo desta, na maioría dos navíos modernos, calquera que sexa o tipo. **Sección transversal** Chámase sección transversal calquera sección que sexa determinada por un plano transversal no casco dunha embarcación.

Seguridade no mar Conxunto de procedementos, coñecementos que se destinan a garantir a integridade física dos navegantes. Comprenden, xenericamente, a conservación dun equipa-

mento mínimo a bordo; a práctica de manobras propias para a navegación, en caso de mal tempo, emborcamento, encalle, abalroamento, etc.; os coñecementos que anticipan a necesidade de realizar esas manobras, como os que se refiren á meteoroloxía e á previsión do tempo; a capacidade de determinar a propia localización, mediante o uso de cartas náuticas, de coñecementos de navegación astronómica etc.; a comunicación, por medio de sinalización óptica e visual e do uso de aparellos radiotelegráficos. Esas medidas son recomendadas ou, simplemente, difundidas polas autoridades internacionais -xeralmente con base en regulamentación mundial, como a Convención Internacional para a Salvagarda da Vida Humana no Mar.

Sentina Partes interiores baixas do barco onde se deposita a auga que se filtra.

Seo A parte do medio dos cabos.

Servidume de protección Zona de centos metros medida terra dentro desde o límite interior da ribeira do mar. A extensión desta zona poderá ser ampliada pola Administración do Estado, acorde coa Comunidade Autónoma e Concello correspondentes, até un máximo doutros centos metros, cando sexa necesario para asegurar a efectividade da servidume, en atención ás peculiaridades do tramo de costa de que se trate.

Servidume de tránsito Franxa de seis metros, medidos terra dentro a partir do límite interior da ribeira do mar. Esta zona deberá deixarse permanentemente libre para o paso público peonil e para os vehículos de vixilancia e salvamento, salvo en espazos especialmente

protexidos. En lugares de tránsito difícil ou perigoso, dita largura poderá ampliarse no que resulte necesario até un máximo de vinte metros.

Serviola 1. Cada unha das pezas que sae do castelo de proa e que serven para izar e suspender a áncora, afastándoa do costado do navío. **2.** Vixía que pola noite se establece perto da serviola.

Servizos básico do porto Son servizos básicos aquelas actividades comerciais que permiten a realización das operacións de tráfico portuario.

Servizo de amarre de buques Enténdese por servizo de amarre aquel servizo portuario cuxo obxecto é recoller as amarras dun buque, portais e fixalas aos elementos dispostos para este fin, seguindo as instrucións do capitán do buque, no sector de amarre designado pola Autoridade portuaria, na orde conveniente para facilitar as operacións de atraque, desamarre e desatraque. **Servizo de desamarre de buques** Enténdese por servizo de desamarre aquel cuxo obxecto é o de largar as amarras dun buque dos elementos de amarre seguindo as instrucións do capitán.

Servizo de busca e salvamento Execución, en situacións de socorro, das funcións de vixilancia, comunicación, coordinación e busca e salvamento, incluída a consulta médica, a asistencia médica inicial ou a evacuación por razóns de saúde, utilizando recursos públicos e privados, con inclusión das aeronaves, buques e outras naves e instalacións que cooperen.

Servizo de practicaxe Enténdese por practicaxe o servizo de asesoramento a capitáns de buques e artefactos flotantes

para facilitar a súa entrada e saída, as manobras náuticas dentro dos límites xeográficos da zona de practicaxe en condicións de seguridade e nos termos que se establezan legal e regulamentariamente. Este servizo prestarase a bordo dos buques, incluíndose neste as instrucións impartidas polos prácticos desde o momento en que partan da estación de practicaxe para prestar o servizo.

Servizo de recepción de residuos xerados por buques Servizo que inclúe as actividades de recollida de residuos xerados polos buques e, no seu caso, de almacenamento, clasificación e tratamento previo dos mesmos na zona de servizo do porto, e o seu traslado a unha instalación de tratamento autorizada pola Administración competente.

Servizo de remolque portuario Enténdese por servizo de remolque portuario aquel cuxo obxecto é a operación náutica de axuda aos movementos dun buque, denominado remolcado, seguindo as instrucións do capitán do buque, mediante o auxilio doutro(s) buque(s), denominados remolcadores, que proporcionan a súa forza motora ou, no seu caso, o acompañamento ou a súa posta a disposición dentro dos límites das augas incluídas na zona de servizo do porto.

Servizo de sinalización marítima O servizo de sinalización marítima ten como obxecto a instalación, mantemento, control e inspección dos sistemas destinados a mellorar a seguridade da navegación polo mar litoral, confirmar a posición de buques en navegación e facilitar os seus movementos. Enténdese por axuda á navegación marítima o dispositivo visual, acústico, electrónico ou

radioeléctrico destinado a facilitar a seguridade da navegación e os seus movementos, permitindo confirmar a posición de buques en navegación.

Servizo de tráfico marítimo O que se establece para mellorar a seguridade e a eficacia do tráfico marítimo e para protexer o medio mariño, con capacidade de actuar sobre o tráfico e de responder ás situacións que en relación con este se formulan na zona.

Servizo xeral do porto Son servizos xerais do porto aqueles servizos comúns de titularidade da Autoridade portuaria dos que se benefician o persoal usuario do porto sen necesidade de solicitude.

Servizos portuarios Son servizos portuarios as actividades de prestación de interese xeral que se desenvolven na zona de servizo dos portos, sendo necesarias para a correcta explotación destes en condicións de seguridade, eficacia, eficiencia, calidade, regularidade, continuidade e non discriminación.

Servomotor Aparello mecánico gobernado pola roda do temón e que á súa vez acciona a cana do temón nos buques grandes. **Servomotor do aparato de goberno do buque** No caso dun aparato de goberno eléctrico, é un motor eléctrico co seu correspondente equipo eléctrico; no caso dun aparato de goberno electrohidráulico, é un motor eléctrico co seu correspondente equipo eléctrico e a bomba á que estea adaptado; e, no caso doutros tipos de aparato de goberno hidráulico, é o motor impulsor e a bomba á que estea adaptado.

Setentrión Vento que sopra do Norte.

Sicordas Trabes colocadas de proa a popa nun convés ou nunha cuberta, ligando os vaos entre si.

Simular bandeira Navegar coa bandeira doutra nacionalidade para gozar das mesmas vantaxes dos barcos da bandeira que arbora.

Sinalización Conxunto dos símbolos ou sinais e dos equipamentos visuais, sonoros ou electrónicos que os transmiten, destinado a vehicular mensaxes indicativas de emerxencia, de percorrido, de orientación, de previsións meteorolóxicas, etc. que garanten a seguranza da navegación. Comprende boias, bandeiras, lanternas, farois, radiofarois e bucinas, entre outros elementos.

Sinal Calquera medio que permite aos barcos comunicarensen entre si ou coa terra a distancia.

Singradura Camiño percorrido nun único rumbo durante 24 horas.

Sirena Aparello do navío, instalado na chaminé, para a emisión de sinais sonoros.

Sloop: Embarcación dun só mastro e aparello latino.

Sobreestadía Demora do navío entre fondeamento, atraque e saída do porto debido a conxestionamento ou problemas con equipamentos.

Sobrequilla É unha peza semellante á quilla, colocada en riba desta, e asentada sobre as cadernas. A sobrequilla prolóngase de proa a popa, e serve para reforzar a estrutura do barco unindo as cadernas coa quilla.

Sobres Son o conxunto de todas as vergas ou velas máis altas que cruzan por riba dos xoanetes.

Socar Apertar con forza e ben un nó ou unha volta.

Solidez: 1. Propiedade do navío que debe ter toda a estrutura a fin de resistir aos esforzos producidos polas vagas no balance e na arfaxe, polos pesos transportados a bordo e pola propulsión. 2. Resistencia á quebra e aos embates do mar axitado.

Solitaria Dise da navegación na cal a pilotaxe dun barco é feita por unha soa persoa, en recreo ou en competición, cumprindo percorrido oceánico.

Soluzar Movemento lonxitudinal da embarcación ao levantar e mergullar alternadamente a proa e a popa. O mesmo que arfar ou cabecear.

Sonar Dispositivo con que se detectan e localizan, mediante o eco de ultra-sons, obxectos no interior do mar. É constituído por unha fonte de ultra-sons que emite pulsos convenientemente dirixidos. O eco da onda sonora é recibido e rexistrado, posibilitando a localización do obxecto reflector. O espectro do pulso emitido polo dispositivo está na maior parte na rexión dos ultra-sons, pois en xeral opérase nunha faixa de frecuencia entre 5.000Hz e 50.000Hz. Sonda: Instrumento usado para medir a profundidade das augas ou recoñecer a natureza do fondo, e que en xeral consta dun peso de chumbo preso a unha liña. Sotavento: O punto ou bordo do navío para onde sopra o vento. O lado oposto ao de barlovento. A súa sigla é SV.

Sonda Instrumento usado para medir a profundidade das augas ou recoñecer a natureza do fondo, e que en xeral consta dun peso de chumbo preso a unha liña. / Sondas de Alarma Sondas electrónicas que avisan cando a profundidade é menor da esperada.

Sotavento O punto ou bordo do navío para onde sopra o vento. O lado oposto ao de barlovento. A súa sigla é SV.

Spi ou **spinnaker** Vela triangular esférica.

STCW Normas internacionais que rexen a formación e titulación da mariñaría. Unha Directiva Comunitaria, a 2001/25/CE, amplia estas normas STCW. Así, cada mariñeiro/a debe ser titular dun certificado de competencia emitido e autenticado pola autoridade competente dun Estado-Membro, que demostre a súa formación profesional, e que habilita á persoa titular deste a ocupar o posto especificado e a exercer as funcións correspondentes ao nivel de responsabilidade determinado.

Stock Dise na pesca da parte de poboación dunha especie mariña que por motivos biolóxicos poida ser ou sexa considerada como unha unidade de xestión, desde o punto de vista da súa utilización ou potencial.

Subpesca Estado no que se atopa unha pesqueira ou unidade de poboación cando o esforzo de pesca real exercido nela é inferior a aquel que produce o rendemento máximo sostíbel. Os rendementos de equilibrio existentes son polo tanto inferiores a aquel, mais pódense aproximar a el mediante un incremento do esforzo de pesca real.

Submarino Embarcación capaz de navegar inteiramente mergullada na auga, e xeralmente empregada como arma de guerra, para lanzamento de torpedos, minas, etc.

Sucar Acto ou efecto de cortar as augas, navegando. Sucar.

Suón Vento quente e calmoso soprando entre leste e sueste.

Superestrutura Construción feita sobre o convés principal.

Suspende Levantar a áncora traéndoa para riba.

Suspiro 1. Accesorio instalado nunha canalización, compartimento, recipiente ou tanque dunha embarcación para permitir a drenaxe de ar ou gases. 2. Accesorios instalados na parte superior dun tanque para permitir a saída do ar, cando o tanque da embarcación é cheo con líquido.

Tt

T (TANGO) (-) T (Símbolo designado ‘Tango’). O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra por unha bandeira rectangular con tres faixas verticais nas cores vermello, branco e azul. Izada illadamente significa: “Mantéñase afastado, estou facendo remolque en paralelo”.

Táboas náuticas Táboas con auxilio das cales se calcula a posición do navío no mar, resolvendo determinadas fórmulas trigonométricas do triángulo da posición.

Talabardón Cada un dos pranchóns colocados de proa a popa sobre o extremo das aposturas do cavername, e que serve de remate dos revestimentos interno e externo do casco. *Trancanil* ou *Alcatrate*.

Talingar acción de unir a amarra á áncora.

Tallamar Aresta externa da proa do navío que corta o mar.

Tamancas Pezas de aceiro fundido compostas de rodetes, usadas na borda falsa e dimensionadas de acordo coas espás.

Tambuche Caseta que protexe un zapón ou outras partes das embarcacións.

Tangón Percha móbil que se afirma a cara de proa do mastro para levar fóra da borda a vela de spinnaker.

Tanques de colisión Compartimentos situados na proa e na popa, limitados po-

las anteparas que lle dan a propiedade de seren estancos, ou sexa, non permiten que a auga que talvez veña a inundalo, pase para os compartimentos veciños. Estes compartimentos deben ser conservados vacíos.

Tanque 1. Compartimento estanco dunha embarcación destinado a almacenar fluídos. 2. Depósito das tinas de baldeación.

Tara Peso correspondente á embalaxe dunha mercadoría ou o peso do vehículo.

Tarifa portuaria Pauta de prezos pola cal a administración do porto cubre os servizos prestados aos usuarios.

TD (*Deadweight tonnage*) Significa o peso total ou capacidade de carga que o navío pode desprazar, incluíndo cargas, combustíbeis, pasaxeiros, provisións etc.

Telégrafo de bordo Aparello instalado na ponte do mando, en conexión directa coa casa de máquinas, para transmitir ordes sobre a velocidade a dar á máquina.

Temón ou roda de leme Peza plana e larga que suxeita ao cadaste en sentido vertical na popa das embarcacións permite virar e gobernar o buque. Acciona o leme, permitindo manobrar a embarcación. Pode ter accionamento mecánico, hidráulico ou pneumático. En pequenas embarcacións de recreo ou pesca é, ás

veces, substituído pola cana de leme que é ligada directamente á madre do leme.

Temoneiro / Temoeiro O tripulante que traballa co temón. É o responsábel polo goberno do barco.

Tempo atracado Diferenza entre a data de desatraque e a data de atraque da embarcación no porto.

Tempo corrixido Resultado do aumento ou subtracción dun intervalo de tempo ao tempo real gasto por diferentes embarcacións para cubrir un mesmo percorrido de regata, de modo a permitir que o desempeño de cada unha sexa xulgado baixo un único criterio, neutralizando as diferenzas técnicas.

Tempo de carga e descarga É o tempo que leva facer as operacións de carga e descarga dunha embarcación.

Tempo de espera Tempo medido entre o momento en que a embarcación entra no porto - data da entrada - e o momento en que ela atraca - data da atraque.

Tempo de estadia total Tempo correspondente ao sumatorio dos tempos de espera e atracado das embarcacións, isto é, comprende o tempo desde a data da entrada da embarcación no porto até o seu desatraque.

Tempo traballado Espazo de tempo que levou a operación de embarque ou descarga das mercadorías.

Temporal Estado de mar con vento e chuvias de grande forza. Borrasca. / **Capear o temporal** Aguantar o temporal de proa cara el até que pase. / **Correr o temporal** Se o temporal é tan forte que non se pode capear, darase popa ou aleta ao mar e correrase o temporal, facendo a manobra rapidamente para evitar ficar atravesado, tentando procurar

un abrigo natural, botando unha áncora tipo cogumelo que evita ficarmos atravesados e réstanos velocidade,...

Tesar Puxar dunha vela no sentido de aumentar a tensión.

Testa 1.Nas velas redondas e nas latinas cadrangulares, o lado superior da vela. 2.Nas velas que envergan en estai e nas velas latinas triangulares clásicas o lado que se prende ao estai ou ao mastro. O mesmo que *Grátil* ou *Gurutil*.

Tifón tempestade ciclónica no Mar da China, con grandes mares levantados por ventos de enorme violencia. Formados xeralmente na rexión das Carolinas e Marianas.

Tipo de navegación da mercadoría Tipo de navegación utilizada para rexistrar a carga. Pode ser de longo curso, de cabotaxe, fluvial, lacustre e de alto mar. A mercadoría, polo tanto, é caracterizada de acordo coa súa orixe e destino.

Tipo de operación Define a maneira pola cal as mercadorías son descargadas ou embarcadas no navío, sendo caracterizada polos tipos de equipamentos empregados na mesma.

Título profesional É un título profesional de Mariña Mercante expedido pola Administración dun Estado que é asinante da Convención Internacional sobre Normas de formación, titulación e garda de cuartos para a xente do mar (STCW).

Tolda 1.Convés superior. 2.Espazo do convés superior entre o mastro grande e a popa, ou o tombadillo, destinado aos oficiais do navío e convidados de honra.

Toldado Dise do céu cando cuberto.

Toldilla *Tombadillo*.

Tolete Pau vertical metido na remadoira, onde se coloca o ollado do remo para remar.

Toleteira Abertura semicircular onde xiran os remos.

Tombadillo Superestrutura por enriba da zona alta de cuberta. Toldilla.

Tonel Medida de capacidade de carga usada na antiga construción naval.

Tonelada de Arqueación Medida de volume usada na Mariña Mercante fixada en 100 pés cúbicos, para medir a capacidade total dos espazos internos dun barco mercante.

Tornado Tempestade ciclónica non excedendo en xeral unha hora. Fórmase con máis frecuencia de mediados de Maio a mediados de Novembro na costa occidental de África, entre o Trópico de Cáncer e o Ecuador.

Tornel ou destorcedor Peza formada por un ollal, un parafuso con ollal, porca cilíndrica e unha caravilla atravesada no eixo para manter no lugar a porca. O parafuso constitui un eixo en torno do cal xira o ollal. Permite á amarra xirar en relación á áncora.

Tráfico portuario As operacións de entrada, saída, atraque, desatraque, estada e reparación de buques en porto e as de transferencia entre estes e terra ou outros medios de transporte, de mercadorías de calquera tipo, de pesca, de avituallamentos e de pasaxeiros ou tripulantes, así como o almacenamento temporal das devanditas mercadorías no espazo portuario.

Traíñeira 1.Aparello para a pesca da sardiña. Traíña. 2.Embarcación de doce bancadas usada na pesca da traíña. 3.Embarcación usada nas regatas de-

portivas de remo, de feitura longa e estreita, de banco fixo, un temoneiro/a e trece remeiros/as.

Tralla 1.Cabo cosido na orla dunha vela, toldo, rede de pesca, etc., para reforzala. 2.Cabo cosido nunha bandeira, insignia,... por onde se prenden a unha adrizza que permite izalas nun mastro ou verga.

Tramos protexidos Dise na pesca daqueles tramos nos que polos seus especiais e intrínsecos valores en relación coa fauna ou a flora acuática ou de ribeira, procede a súa catalogación e protección, o establecemento de medidas tendentes a súa conservación e mellora así como a regulación daquelas actividades recollidas no correspondente plan de xestión.

Trancanil Fiada de chapas máis próximas aos costados que trancan os vaos entre si e ás cadernas.

Transferencia da titularidade Todo cambio na propiedade dunha embarcación acreditado documentalmente por calquera medio válido en dereito e anotado no rexistro de buques.

Trapa Aparello que serve para manter unha percha en posición baixa.

Trapecio Un sistema feito con alzas de escora que serve para facer contrapeso cando o barco navega moi adernado. O trapecio permite que o proeiro fiquenteiramente fóra do barco, preso polo chaleco salvavidas e apoiando os pés nos bordos.

Traquete Vela redonda que enverga no mastro de proa. O mesmo que trinquete.

Través Rexión que fica a medio navío da embarcación formando coa liña de proa a popa un ángulo de 90° para EB ou para BB, e que é usada para suspender, izar ou arriar as embarcación de bordo.

Traveses Cabos de amarre colocados perpendicularmente ao navío.

Trebello 1. Pequena peza de madeira cunha canaladura na parte media, por onde amarra ao chicote dunha tralla, e destinada a prender esta a unha alza feita nun dos chicotes dunha adrizza. 2. En xeral calquer arranxo ou dispositivo para prender un cabo a unha adrizza ou outra parte.

Tubo Acústico Sistema de comunicación interna constituído por un tubo metálico.

Turco Aparello situado nas bordas do navío que serve para suspender, arriar ou izar áncoras, embarcacións miúdas auxiliares ou de salvación, así como outros pesos.

Uu

U (UNIFORM) (. . -) U Símbolo designado Uniforma. O código Internacional de Sinais establece a representación desta letra por unha bandeira dividida en catro rectángulos, dous brancos e dous vermellos. Izada illadamente significa: “Vostede está navegando en dirección ao perigo”.

U.I.T, Unión Internacional das Telecomunicacións Entidade que define, no plano técnico e regulamentario, as liñas orientadoras de utilización do espectro radioelétrico e das comunicacións por satélite. Abrangue todos os sistemas de seguridade e seguimento marítimo por medio das telecomunicacións, como por exemplo: a radionavegación por satélite; a harmonización global de faixas de frecuencias para utilización en situacións de protección pública e auxilio a desastres (PPDR); a implementación do sistema mundial de socorro e seguranza marítima (GMDSS); a revisión das planificacións dos canais e das frecuencias nas faixas do servizo móbil marítimo, ...

UNCLOS A Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do mar, Montego Bay, Xamaica, 1982. Ver CONVENCIÓN DO MAR.

Unidade estrutural Subdivisión do casco do navío adoptada para facilitar a construción de súa estrutura, permitindo que o traballo de montaxe sexa feito en lugar abrigado e de fácil acceso.

Uña Vértice superior das patas da áncora.

Uñar 1.A acción dunha uña da áncora a enterrarse no fondo. 2.Ficar presa a áncora ao fondo pola uña.

Urdir Construír unha piña nun cabo.

Uso de aparello de goberno O aparello de goberno é un órgano vital do navío, e o persoal encargado debe estudar ben seu funcionamento e conservación. Débese adestrar ben a tripulación a pasar do leme a motor para o leme a man. En canais ou entradas e saídas de portos, débese determinar que o leme a man estea listo para o uso.

Usuario/a Toda persoa distinta do propietario, autorizada por este para o uso e gozo da embarcación, sempre que o seu uso ou gozo non se realice baixo calquera modalidade de arrendamento dela.

Vv

V (VICTOR) (. . . -) **V** Símbolo designado Victor. O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra por unha bandeira rectangular branca atravesada diagonalmente por unha cruz vermella. Izada illadamente significa: “Solicito auxilio”.

Vaga 1. O mesmo que onda. 2. Onda grande, propia do mar axitado e producida en xeral pola acción do vento. A súa altura (distancia entre a crista e o cavado) aumenta en proporción directa ao aumento de intensidade do vento, e chega a atinxir vinte metros. As cristas rebentan en espuma, formando “carneiros”, cando o vento é forte en alto mar ou cando as vagas se elevan en augas rasas, como é o caso da rebentación típica das proximidades da costa.

Vaivén 1. Cabo que se usa para unir un barco encallado ou acidentado á terra ou, en caso de remolque, para unir dúas embarcacións, permitindo o traslado de persoas e equipamento leve. 2. Cabo pasado transversalmente, pouco por riba do convés, para seguranza da tripulación, en caso de mal tempo. 3. Cabo pasado entre os amantillos das vergas ou xunto ao bauprés e ao pau de serviola, para servir de apoio á tripulación nas manobras.

Valuma Nunha vela latina cadrangular ou triangular é o lado voltado para a popa da embarcación.

Vante Metade dianteira da embarcación. Avante.

Vaos/ Vaus Son as vigas curvas de madeira ou metal perfilado colocadas transversalmente á quilla de EB a BB en cada caderna, servindo para soste os chapeados dos conveses e das cubertas, formando o esqueleto da embarcación. O mesmo que balizas. Os vaos son elementos estruturais do navío, poden ser enteiros ou divididos en tres partes: caderna, brazo e apostura.

Vaos dereitos Son os vaos situados na zona do corpo paralelo da embarcación e que se desenvolven nun plano perpendicular ao plano diametral. **Vao-Mestre** É o vao con máis boca e colocada a medio da embarcación. **Vao revirado** Son os vaos situados máis ás zonas da proa ou da popa e que non se desenvolven nun plano perpendicular ao plano diametral.

Varadoiro Lugar apropiado para sacar as embarcacións a terra, co obxecto de reparalas, pintalas, etc. / **Varadoiro da áncora** Prancha de ferro con que se defende o costado do buque no sitio en que descansa a áncora.

Varenga Peza curva que reforza a base da caderna.

Vela Peza en lona, brin ou outro tecido natural ou sintético apropiado, destinada a mover as embarcacións cando recibe o sopro do vento. **Vela de spi, spinnaker, boxo ou globo** Vela triangular, tamén chamada spinnaker, de grande superficie para ventos de popa. Normalmente de tecido leve e colorido. **Vela de Estai** É a vela da proa máis común. **Vela de xenoa** É un estai maior que ultrapasa o mastro. **Vela Grande** Vela maior dunha embarcación. É envergada no mastro grande. **Vela Redonda** É aquel tipo de vela que é envergada transversalmente de babor a estribor ao barco como as velas das caravelas. Teñen catro lados: a parte da vela que enverga na verga chámase grátil, aos lados son testas e a parte inferior a esteira. Os ángulos das velas redondas (cantos), toman o nome de puños. O papa figos, a gabea, o xoanete e a gata son velas redondas. **Velas Latinas** Son as que se envergan de proa á popa e poden ser cadrangulares e triangulares. As velas cadrangulares envergan as testas (lado de proa) nos mastros, o grátil (lado superior) nas carangueixas, a esteira (lado inferior) nas retrancas, e a valuma (lado da popa da embarcación). O trinquete e a mesana son velas latinas.

Velacho 1. Mastareu que espiga do mastro real do trinquete. 2. Verga que cruza no mastareu do velacho. 3. Vela que enverga na verga do velacho.

Velame É o conxunto de todas as velas existentes a bordo dun navío e divídese en dúas clases: redondo e latino.

Veleiro Navío á vela. Embarcacións movidas pola acción do vento nas súas velas.

Velocidade Distancia percorrida polo navío na unidade de tempo. É expresada en nós, que é o número de millas navegadas nunha hora. A velocidade depende da potencia da máquina propulsora, do desprazamento do navío e da forma exterior do casco; ela permite ao navío de guerra evitar ou procurar o combate conforme a súa conveniencia e, neste último caso, escoller a posición máis favorábel para o emprego do armamento. É o camiño percorrido polo navío durante unha hora.

Vendaval 1. Un vento forte con pesados augaceiros e mar alterado. 2. Tamén Vento do Sur.

Vento 1. Corrente de ar producida na atmosfera por causas naturais. Os rumbos dos ventos veñen indicados nas rosados-ventos até en cartas. Usado xa polos gregos o seu número foi sucesivamente ampliando, de 2, 4, 8 e 12 até 32. 2. Cabos de aceiro que suxeitan o botaló por ambos os costados. **Ao vento:** posición do barco na cal a proa apunta directamente contra o vento. **Vento aparente** Vento resultante do movemento da embarcación e do vento verdadeiro. **Vento verdadeiro** Vento que se sente coa embarcación parada.

Verdugos Son pezas de madeira boleadas, colocadas de proa á popa e por debaixo das falcas; serven para protexer o costado da embarcación cando se encontra atracada.

Verga Peza de madeira ou metal, cilíndrica ou fusiforme, que cruza nun mastro ou mastareu (verga redonda), ou que se prende por un dos extremos nun mastro

(verga latina ou caranguexa). **Verga de cebadeira** Verga que cruzaba por baixo do bauprés, e onde envergaba a cebadeira. **Verga de sinais** Pequena verga que aguanta adrizas para izar sinais de bandeiras, de marcha, etc. **Verga seca** Verga de papafigo do mastro real da gata, en navíos de tres mastros, así chamada porque nela non se enverga vela, servindo só para prender as amuras da vela que lle fica por riba. **Vergontes** Ramos tenros das árbores.

Vergontes Ramos tenros das árbores destinados á feitura de mastreus, vergas, etc.

Vergueiros Corrente ou cabo de arame que se mete na balaustrada da borda para resguardo da tripulación.

Vertedura Toda evacuación deliberada no mar de refugallo ou outras materias feita desde buques, aeronaves, plataformas ou outras construcións no mar; todo afundimento deliberado no mar de buques, aeronaves, plataformas ou outras construcións no mar; todo almacenamento de escouras ou outras materias no leito do mar ou no subsolo deste desde buques, aeronaves, plataformas ou outras construcións no mar; e, todo abandono ou derrubamento in situ de plataformas ou outras construcións no mar, co único obxecto de desfacerse deliberadamente delas.

Viñateiras Son cabos fixos aos vergueiros das vergas con cerca de 0,5m de lonxitude, con piña de boza nun dos chicones, servindo para os mariñeiros se agarraren cando manobran as velas.

Virador Cabo do cabrestante para izar vultos.

Virar 1. Mudar de rumbo. 2. Dar voltas ao cabrestante para levantar as áncoras ou suspender outras cousas de moito peso.

Virar en roda Mudar de bordo cruzando a liña do vento coa popa.

Viraxe Manobra para mudar de rumbo ou dirección.

Viveiro Instalación ou artefacto flotante, a medias augas, de fondo ou de armazón fixa ao fondo, que soporta os elementos necesarios para realizar un cultivo mariño.

Viveiro de mariscos Estación en comunicación co mar ou alimentada coas súas augas, dedicada ao mantemento de crustáceos vivos con fins de regulación comercial.

Vixías Abertura no costado ou na antepara dunha superstrutura, de forma circular, para dar luz e ventilación a un compartimento.

Voga Remador situado máis á popa.

Vogar 1. Remar. 2. Navegar. 3. Flotar, boiar.

A large, black, serif font representation of the uppercase letter 'W' and the lowercase letter 'w'. The letters are bold and elegant, with a classic, slightly calligraphic feel. The 'W' is composed of three distinct vertical strokes, and the 'w' is a smaller, lowercase version of the same style.

W (WHISKEY) (.-.-) W Símbolo designado Whiskey. O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra por unha bandeira con tres rectángulos concéntricos azul, branco e vermello, respectivamente, a partir do maior. Izada illadamente significa: ‘Solicito asistencia médica’.

Xx

X (XRAY) (- . . -) X Símbolo designado X-ray. O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra por unha bandeira branca cunha cruz azul. Izada illadamente significa: “Suspenda o que está facendo e observe os meus sinais”.

Xaveco Barco vello e desfigurado.

Xávega 1. Rede usada na pesca de arrasto.
2. Barco en que se leva esa rede.

Xarouco Vento terral.

Xeira Faena.

Xeito 1. Sardíñeira, arte de pesca para a sardiña. 2. Lancha de pesca para a sardiña.

Xenoa ou Xénova Vela foque co puño de escota máis baixo, puxame máis longo e de maior superficie utilizada con ventos frouxos ou moderados.

Xerfa Superficie espumosa no mar que se estende por faixas nas proximidades da costa por efecto dos escollos.

Xiba Última vela da proa, triangular que enverga ante avante da buxarrona, e semellante a esta.

Xoanetes Son o conxunto de todas as vergas ou velas que cruzan por riba das gabias.

Xoula Calor con vento seco.

Xusante Baixamar, devalar.

Yy

Y (YANKEE) (- . - -) Y Símbolo designado Yankee. O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra por unha bandeira cortada por faixas transversais, altemadamente, amarelas e vermellas. Izada illadamente significa: "Miña áncora está garrando".

Yawl Embarcación deportiva semellante ao ketch, mais con mastro de popa. O mesmo que Iole.

Zz

Z(ZULU) (- - . .) Z Símbolo designado Zulif. O Código Internacional de Sinais establece a representación desta letra por unha bandeira dividida en catro triángulos, de cores negra, amarela, azul e vermella. Izada illadamente significa: “Solicito remolcador”.

Zapata 1 Táboa grande que se crava na cara inferior da quilla para protexela das varadas. Táboa grande composta dunha ou varias pezas, que se afirma á quilla polo seu lado exterior, como reforzo ou recheo para baixar máis o lastre. 2. Anaco de madeira que se pon na uña da áncora, para protección doutros efectos ao estibala.

Zapón Abertura grande, xeralmente rectangular, practicada en varios puntos das cubertas dun buque con obxecto de introducir e extraer a carga das bodegas, así como para establecer comunicación con algún departamento.

Zarpar Levantar áncora para partir; deixar o porto.

Zona contigua É zona contigua a que se estende desde o límite exterior do mar territorial até as vinte e catro millas náuticas contadas desde as liñas de base desde as que se mide a anchura daquela.

Zona de flotación É a parte das obras vivas, comprendida entre a liña de flotación da

embarcación cargada e a liña de flotación da embarcación leve. O desprazamento da zona de flotación define, en peso, a capacidade total de carga do navío.

Zona de tráfico costeiro Determinada área entre a parte máis próxima da terra dun esquema de separación de tráfico e o litoral adxacente, destinada ao tráfico costeiro.

Zona franca Área de libre-comercio de exportación e importación que goza de incentivos fiscais especiais, que é establecida coa finalidade de instalar, en determinados puntos do país, centros comerciais e industriais.

Zona de navegación Zona limitada a unha determinada distancia da costa na cal se autoriza a navegar a unha embarcación, asignada polo capitán marítimo en función das características da embarcación e dos equipos de seguridade a bordo destas.

Zona Económica Exclusiva Dacordo coa Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar, os países costeiros teñen dereito a declarar unha Zona Económica Exclusiva (ou ZEE) de espazo marítimo para alén das súas augas territoriais, no cal teñen prerrogativas na utilización dos recursos, tanto vivos como non-vivos, e responsabilidade na súa xestión. A ZEE

é delimitada por unha liña imaxinaria situada a 200 millas marítimas da costa. A ZEE separa as augas nacionais das augas internacionais ou comúns. Dentro da súa ZEE cada estado goza de dereitos. Algúns exemplos: Dereito á explotación dos recursos marítimos; Dereito á investigación científica; Dereito a controlar a pesca por parte de barcos estranxeiros.

Zona estanca do buque Aquela constituída polo casco até a cuberta de traballo e todas as superestruturas pechadas situadas sobre ela.

Zona litoral de servizos É a determinada en cada caso para executar as operacións de carga e descarga, depósito e transporte das mercadorías e circulación das persoas e vehículos.

Zona marítima Espazo marítimo comprendido desde alto mar até a liña de baixamar máxima escorada ou máxima viva equinoccial.

Zona marítimo-terrestre Espazo comprendido entre a liña de baixamar escorada ou máxima viva equinoccial e o límite até onde alcanzan as ondas nos maiores temporais coñecidos ou, cando o supere, o da liña de preamar máxima viva equinoccial.

Zona non vélica Zona dos rumbos posibles onde un barco á vela non é capaz de veler. Aproximadamente un ángulo de 90 graos, coa bisectriz indicando a dirección do vento.

Zona ou liña de separación Zona ou liña que separa unha vía de tráfico marítimo dunha zona de tráfico costeiro adxacente.

Zona portuaria É aquela que comprende as augas do porto e os terreos da zona litoral de servizo.

Zorra 1. Tipo de carro baixo, con estrado largo asentado en catro rodas, usado para o transporte de volumes pesados e ligados. 2. Pedra cadrangular, de superficie plana, que se fai mover sobre area, en riba do convés da embarcación, no alto da baldeación, con auxilio de cabos presos en ollais ou arganéis fixos na pedra.

Zunchos Cintas de bronce ou cobre que levan as pás dos remos para que non se partan.

biocidade apartamans
orelleira versidade toxixia
quecemento
cabrestante toxicidade
alérxeno sendeirismo furoxoxia
tendinite varanilla luxómetro
Periostite fibrosidade gundastre
aborrecemento conleira
queimadura urxencia
desentolo garabeta
carangueixas cornamusá
chumacera bragueira
flotabilidade etibicar
natureza transversalidade
seguridade emerxencia
wwf mantemento emprego
cuidadosos servizos reciclaxe
blindaxe negligencia
devunadeira poboación
benestar amábel osteocurrite
requerimento caldeira
teratóxica fibrosidade hixiene

natureza transversalidade emergência
segurança produtividade emprego
www manutenção reciclar
oculose envolvimento
blindaxe negligencia
devanadeira poboación
benestar mábel osteoartrite
requerimento caldeira
ferralla sensibilidade hixiene
traveses velocidade
onda sofá vento peirao
luzte mestrado
unbricar robaletes
biodiversidade apartamans
orelleira toxicidade
quecchento
cabrestante toxicidade
alerno xenofobia
tendinte vixencia luxómetro
perigo futilidade gándastre
aborrecermento emissividade
que madura xordeira
curtumeira xencia

